locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.

5. As obras, servizos, axudas, adquisicións ou subministros de emerxencia, a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.
6. A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que puidesen formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997.
7. O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997.
8. Os premios que se outorguen sen solicitude previa do beneficiario.

4.2 Requisitos materiais aos que se suxeita o exercicio de competencias distintas das propias ou atribuídas por delegación

O exercicio destas “novas competencias impropias” non se prohíbe senón que se suxeita ao cumprimento dos requisitos materiais e formais establecidos no artigo 7.4 da LRBR.

Os requisitos materiais do artigo 7.4, que se reproducen no artigo 3.1 da lei galega, son²⁶: que non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.

En relación ao concepto de sustentabilidade financeira, a lei galega remite ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria, polo tanto, tal e como establece o artigo 5 da Lei 5/2014, entenderase que o exercicio das novas competencias, actividades e servizos pon en risco o conxunto da Facenda local cando a súa realización poida superar a capacidade da entidade local para financiar os seus compromisos de gasto presentes e futuros.

É o concepto duplicidade sen dúbida o que xera máis confusión. Tal e como advirte o ditame do Consello de Estado este termo “*é vago e impreciso, sen un contido xuridicamente delimitado, cuxa inclusión no Anteproxecto, desprovista de ulteriores criterios que acousten o seu significado, produce un efecto perturbador da seguridade xurídica que debe de evitarse*”, por iso a lei galega perfila máis este concepto identificándoo coa “execución simultánea dos mesmos servizos ou actividades por outra Administración pública” ao que se engade que para determinar se existe ou non duplicidade débese atender aos concretos

²⁶ Debemos lembrar que o Anteproxecto da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establecía tres requisitos materiais “que non se poña en risco financeiro a realización das competencias propias, que non haxa duplicidades coas competencias autonómicas, e se garanta a sustentabilidade financeira das novas competencias”.

servizos ou actividades que se pretenden realizar, en atención aos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e ás súas características e alcance, atendendo en particular á satisfacción da demanda non cuberta plenamente polos servizos existentes.

Aínda cando o artigo 4 pode servir de guía ao intérprete da norma para identificar un suposto de duplicidade de actuación entre dúas administracións públicas podería terse establecido un concepto directo e claro como o que ofrece o artigo 5.3 do Decreto-lei 7/2014, de 20 de maio, polo que se establecen medidas urxentes para a aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local da Comunidade Autónoma de Andalucía, que considera que *“ existe execución simultánea do mesmo servizo público ou duplicidade cando conflúen a Administración da Xunta de Andalucía e a entidade local sobre unha mesma acción pública, actividade ou servizo, proxectados sobre o mesmo territorio e sobre as mesmas persoas, sen que teñan as actuacións e servizos que pretenda levar a cabo a entidade local a consideración de complementarios dos que realice a administración autonómica”*.

Á vista da definición de duplicidade é obvio que en moi raras ocasións estaremos ante un suposto de execución simultánea de competencias polo que se se cumpre cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira cumpriranse os condicionamentos aos que se suxeita o exercicio de competencias distintas das propias ou atribuídas por delegación.

4.3 Requisitos formais aos que se suxeita o exercicio de competencias distintas das propias ou atribuídas por delegación

Os requisitos procedementais para o exercicio da nova competencia que garanten a inexistencia de duplicidades e a sostenibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal son dous informes previos e vinculantes:

- Da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sostenibilidade financeira da nova competencia. Este corresponde á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas.
- Da Administración competente por razón de materia no que se sinala a inexistencia de duplicidades, que no caso de que sexa a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, será emitido pola consellería competente en materia de administración local, previa consulta á consellería competente por razón da materia.

4.3.1 Procedemento de emisión dos informes preceptivos para o exercicio de competencias distintas das propias ou atribuídas por delegación

Con carácter previo á implantación do servizo, á modificación substancial dos servizos xa establecidos para a realización de novas actividades prestacionais ou á aprobación do plan estratéxico de subvencións, os municipios deberán presentar solicitude destes informes dirixida á consellería competente en materia de administración local; a esta solicitude acompañaráselle a seguinte documentación:

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

1. Memoria de alcaldía na que se xustifique: o interese da entidade local na actuación por afectar directamente ao círculo dos seus intereses, a capacidade de xestión da entidade local en relación coa forma concreta prevista da prestación do servizo ou a realización da actividade.

Así mesmo, debe de xustificarse neste documento a relación de prestacións e actividades previstas en aplicación dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e a estricta suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Por último, deberá facer referencia ás características proxectadas na actividade, réxime xurídico previsto para o servizo, alcance das prestacións previstas en favor da cidadanía e á futura regulación dos aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo da prestación do servizo.

2. Para a xustificación da sostenibilidade financeira deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Liquidación consolidada do exercicio inmediato anterior, xunto co respectivo informe de intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.
- Situación actual da débeda viva, con desagregación das operacións vixentes e soletas de amortización.
- Orzamento do exercicio vixente xunto co informe de intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.
- Informe de intervención sobre cumprimento da estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira coas novas competencias. Resulta chamativo que o lexislador autonómico incorpore novamente a necesidade deste informe de intervención esixido polo Anteproxecto da Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local e que se suprimiu seguindo a recomendación do Consello de Estado²⁷.
- Desagregación e importes das aplicacións orzamentarias correspondentes á futura competencia ou servizo.
- Calquera outra documentación que se solicite pola consellería de Facenda, necesaria a efectos de emitir o informe sobre sostenibilidade financeira.

Recibidas as solicitudes de informe, a consellería competente en materia de administración local, remitirallas á consellería competente por razón da materia, no caso de tratarse dunha competencia da Comunidade Autónoma Galega, para que emita a consulta relativa á existencia ou non de duplicidade e á consellería competente en materia de facenda.

27 O Consello de Estado sinala no seu informe 567/2013 que “Finalmente, debería reconsiderarse a existencia de que o interventor da entidade local emita un informe sobre a sostenibilidade financeira das novas competencias, habida conta de que o ámbito no que naturalmente van a desenvolverse as competencias improprias é o que en cada caso definirá o lexislador sectorial autonómico, ou o que resulte do que previamente establecera, o que aconsella que sexan as Comunidades Autónomas as que deban en tales casos determinar se se dan as condicións precisas para garantir o cumprimento do mencionado principio de sostenibilidade financeira”.

A lei galega establece un prazo máximo de tres meses para a emisión destes informes, non obstante prevé a posibilidade de tramitación dos mesmos mediante un procedemento urxente, cando concorran razóns de interese público que o aconsellen, que suporá a redución destes prazos á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 30/1992, de 26 de novembro. Vencido o prazo máximo sen resolución expresa o silencio previsto pola norma é negativo a efectos de impugnación do acordo presunto en vía contencioso administrativa.

Os informes terán carácter vinculante, polo que a entidade local non poderá proceder ao exercicio da competencia, ou establecemento do novo servizo ou a prestación da nova actividade se os informes son negativos.

A norma galega prevé a posibilidade de que os informes establezan condicións para o exercicio das actividades ou a prestación de servizos, condicións que se establecerán co fin de garantir a sostenibilidade financeira e a inexistencia de duplicidades. Esta previsión obedece a que, como nos lembra o Consello de Estado no seu ditame 567/2013, *“na concepción da Lei Orgánica 2/2012, a sostenibilidade financeira non é algo que vaia referido a actuacións particulares senón ao conxunto da Facenda da entidade de que se trate; e non é algo estático que caiba garantir ex ante, senón que máis ben se refire a unha situación dinámica á que se debe tender e que ha de manterse. Por iso, non é correcto desde o punto de vista técnico esixir que se garanta a sostenibilidade financeira como condición previa a unha determinada actuación, senón que debería imporse a obriga de verificar que tal actividade non pon en risco a sostenibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal”* durante todo o período no que se exerzan as “competencias impropias”, xa que non debemos esquecer que o novo réxime competencial impón unha prelación na actuación municipal debéndose atender en primeiro termo aos servizos mínimos e competencias atribuídas polo lexislador e unha vez que estea garantida a viabilidade financeira das mesmas poderá prestar novos servizos cumprindo os condicionamentos do artigo 7.4 da LRBRL²⁸.

A norma autonómica pecha a regulación deste procedemento exonerando de responsabilidade, fronte a todos, á Comunidade Autónoma nos supostos nos que a entidade local decida, por calquera circunstancia, voluntaria ou involuntaria, deixar de prestar os servizos nos que se manifestaba o exercicio da competencia sometida a avaliación previa por ela mesma, ou altere a calidade dos mesmos.

Como unha manifestación ou concreción desta exención de responsabilidade establécese que para o suposto de que por parte do Concello, en exercicio da súa autonomía, decidise desenvolver unha actividade ou prestar un servizo no espazo competencial autonómico, ao abeiro do disposto no artigo 7.4 da LRBRL, e polo tanto, en virtude do mesmo, a Comunidade Autónoma emitise informe de duplicidade, a desatención da “competencia impropia” ou o abandono do servizo non implicará o cambio de titularidade da responsabilidade a favor da Comunidade Autónoma, preservando a súa potestade de autoorganización e autonomía para decidir sobre a planificación e exercicio das súas competencias.

Parte da doutrina entendeu que o procedemento que deseña a norma galega limita aínda máis a iniciativa municipal para o exercicio de competencias impropias mediante a esixencia

28 Sobre este extremo pode consultarse o traballo de José Manuel Díaz Lema *El Anteproyecto de Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local: ¿cambio de rumbo en la Administración local española?* Anuario del Gobierno Local, núm. 1, 2012 páxs. 47-91.

de documentación desproporcionada e inustificada, tendo en conta o obxecto dos informes preceptivos, o que daría lugar a un verdadeiro control de oportunidade²⁹. É certo que a documentación que debe acompañar a solicitude se regula descendendo a un nivel “case regulamentario” pero parece necesario que a memoria bote todos os datos precisos para un atinado pronunciamento sobre a existencia ou non de duplicidade co alcance que á mesma outorga o artigo 4, definindo e concretando as características, alcance e réxime xurídico das prestacións, servizos ou actividades proxectadas, pero en caso ningún poderá exercerse con ocasión da emisión destes informes preceptivos un control xenérico ou indeterminado, debendo de ampararse este control na necesaria preservación dos intereses xerais que aquí se identifican cos principios de non duplicidade e a preservación da sostenibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal cuxa tutela se encomenda á Comunidade Autónoma³⁰.

5 Cooperación e colaboración entre a administración autonómica e local

Durante a tramitación parlamentaria introdúcese un artigo, o 12, como peche da norma autonómica, que resulta chamativo xa que o seu contido parece innecesario pois reproduce principios que deben de presidir as relacións entre a Administración Autonómica e Local que se recollen tanto na LRX-PAC, nos seus artigos 4 e seguintes, como na Lei de Bases de Réxime Local nos seus artigos 55 e seguintes.

Este artigo vén en realidade a lembrarnos que máis alá do reparto competencial entre os distintos niveis territoriais do Estado atopámonos ante un sistema único que debe ser coherente e que malia todas as medidas de racionalización introducidas no sistema non debe perder de vista o obxectivo final que xustifica a súa propia existencia que non é outro que o servizo ao cidadán, principio que prima sobre o eslogan da lei básica “Unha Administración, unha competencia” impondo a “*coordinación e colaboración efectiva entre a Administración autonómica e a local de cara á prestación e mantemento dos servizos fronte á cidadanía, así como a obriga de promover a súa mellora e garantir a súa prestación efectiva e o traballo en común para a solución daqueles problemas que puidesen presentarse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública*”.

29 Neste sentido o profesor Manuel Zafra Víctor, no seu estudo, *Sorprendente normativa autonómica para el desarrollo de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local*, manifiesta que “*desta longa enumeración de procedementos e requisitos a cumprir polo municipio que queira exercer unha competencia impropia, ao meu xuízo, a única condición sería a observancia do último inciso do artigo 4: acreditar o carácter complementario e non simultáneo do servizo. Unha comprobación que fai innecesaria unha memoria tan exhaustiva; por exemplo, non parece imprescindible concretar a forma prevista para a prestación en relación á capacidade de xestión; tampouco o interese no exercicio da competencia pois a solicitude exprésao suficientemente e, porén, a súa esixencia avoga ao municipio a un control de oportunidade se a consellería competente enténdese infundada as razóns esgrimidas pola presidencia na memoria. Ademais, con carácter imperativo, a memoria debe motivar a correspondencia entre as prestacións e actividades programadas e os principios de descentralización, proximidade, eficiencia e eficacia. Queda a dúbida da emisión favorable do informe se a consellería valorase ineficiente a prestación por incorrer nun custo desmesurado que, malia conseguir o obxectivo proposto, e acadar eficacia, puxese en risco a sostenibilidade ou xulgase a irrelevancia da proximidade na prestación do servizo. Costa traballo tamén entender a necesidade de xustificar o alcance das prestacións previstas en favor da cidadanía... a elaboración da memoria non conxura a natureza dun control indeterminado e xenérico. Calquera das esixencias previstas concede á consellería competente por razón da materia unha ampla marxe de valoración que fai imprevisible e adoece de inseguridade xurídica a solicitude municipal*”

30 En relación á compatibilidade da autonomía local coa existencia de controis de legalidade sobre o exercicio das competencias municipais vécase a STC de 2 de febreiro de 1981, no seu FX 4º.

6 A cooperación mediante consorcios e convenios administrativos

A adaptación da regulación das relacións interadministrativas de cooperación entre a Administración Autonómica Galega e a Administración Local abórdase nas Disposicións Adicionais Segunda e Terceira da norma galega.

A norma autonómica comeza o desenvolvemento legislativo indicando que o marco básico destas relacións se establece polo artigo 57 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o que supón que non lles é de aplicación o réxime establecido polo artigo 7.4 da LRRL para o exercicio das coñecidas como “competencias impropias”³¹, xa que non afectan a un plano competencial senón que están por enriba do mesmo, transcenden deste plano, ao ser consecuencia da directa do modelo de Estado que implanta a Constitución Española, un estado descentralizado e complexo no que se debe manter o equilibrio entre os principios de unidade da nación e autonomía dos distintos niveis territoriais, que se sustenta no apoio e auxilio mutuo³², no que as relacións interadministrativas son consecuencia do principio de lealdade institucional e operan no plano organizativo e funcional co obxectivo de optimizar os resultados da acción pública no seu conxunto e en beneficio do cidadán.

Agora ben, esta cooperación interadministrativa, en asuntos de interese local ou común que se instrumenta mediante a formalización de convenios ou a constitución de consorcios deberá de “racionalizarse” suxeitándose, ao igual que o exercicio das competencias, aos principios de eficiencia, non duplicidade, estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e como mecanismo de garantía destes principios incorporarán a cláusula de garantía do cumprimento dos compromisos de financiamento a que se refire o artigo 57 bis da LRRL.

A segunda e derradeira das discrepancias formuladas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas respecto do texto da Lei galega, que no caso de non resolverse podería derivar nun recurso de inconstitucionalidade, é a suposta colisión entre o apartado primeiro da Disposición Adicional Novena da LRSAL³³ e a Disposición Adicional Terceira da norma galega, que curiosamente reproduce, practicamente de forma literal, a anterior.

É na concreción de en que consiste esa necesaria adaptación dos convenios existentes no momento da entrada en vigor da LRSAL onde xorde a fricción. Para o Ministerio a mesma pasa necesariamente pola emisión dos informes previstos no artigo 7.4 e a inclusión da

31 Por esta razón a formalización dun convenio ou a constitución dun consorcio, como instrumento de cooperación non precisa os informes preceptivos regulados por esta norma.

32 O apartado cuarto da Disposición Adicional Segunda exemplifica os supostos destas relacións de cooperación e colaboración que exclúe do ámbito de aplicación do artigo 7.4 da LRRL:

- a) *A asistencia técnica, que se concretará na elaboración de estudos e proxectos, prestación de servizos ou calquera outra actividade propia ou común.*
- b) *A axuda financeira a unha das partes para o exercicio de actividades da súa competencia ou para o exercicio polas entidades locais de competencias distintas das atribuídas como propias ou delegadas.*
- c) *Executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes.*
- d) *Compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento das súas competencias.*
- e) *Desenvolver actividades de carácter prestacional.*

33 O apartado primeiro da Disposición Adicional Novena LRSAL establece: “Os convenios, acordos e demais instrumentos de cooperación xa subscritos, no momento da entrada en vigor desta Lei, polo Estado e as Comunidades Autónomas con toda clase de Entidades Locais, que leven aparelhada calquera tipo de financiamento destinado a sufragar o exercicio por parte destas últimas de competencias delegadas ou competencias distintas ás enumeradas nos artigos 25 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, deberán adaptarse ao previsto nesta Lei a 31 de decembro de 2014. Transcorrido este prazo sen terse adaptado quedarán sen efecto”.



cláusula de garantía do artigo 57 bis da LRBRL e para o lexislador galego esta adaptación consiste na análise polas partes intervinientes do cumprimento destes principios, e só cando se apreciase risco de afección á sostenibilidade da facenda local se requirirá informe da consellería competente en materia de facenda, o que parece coherente co carácter irretroactivo da reforma que esta norma predica. Cando a avaliación fose positiva efectuarase a adenda ao convenio na que se incluíra a garantía aos referidos principios, o que por outra parte non exclúe a incorporación á mesma da cláusula 57 bis da LRBRL, ao que obrigaría a interpretación sistemática desta disposición co establecido tanto pola Disposición Adicional Segunda da Lei 5/2014³⁴ como pola norma básica.

7 Asunción pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais

Un dos aspectos máis polémicos tanto desde o punto de vista constitucional, competencial, como de técnica lexislativa, da reforma operada pola LRSAL, foi a supresión das competencias municipais en materia de educación, saúde e servizos sociais, sen entrar nestas cuestións que merecen un fondo estudo, abordaremos a reacción da nosa Comunidade Autónoma ante este recorte ao dereito de autonomía local e invasión do espazo competencial autonómico, amparado nas competencias atribuídas polo Estatuto de Autonomía en base ao cal se estableceu un sistema prestacional atribuíndo ás entidades locais competencias nestas materias cuxa titularidade lle corresponde en función do bloque de constitucionalidade.

A actitude do lexislador galego é menos belixerante que a doutras comunidades autónomas que formularon recurso de inconstitucionalidade fronte a reforma cuestionando a lexitimidade desta invasión á súa autonomía ante o Tribunal Constitucional, pero tampouco pode ser cualificada como sumisa, xa que interpreta a norma estatal, que debe ser aplicada en tanto non haxa un pronunciamento sobre a súa constitucionalidade, de maneira pragmática, intentando dar solución aos múltiples interrogantes desta traslación competencial.

A LRBRL suxeita estas transferencias á concorrencia de dous tipos de condicións: temporais, diferentes para cada ámbito material (educación, na que non se fixa data; saúde, 5 anos e servizos sociais, 31 de decembro de 2015), e materiais, dentro dos cales estarán: a elaboración dun plan de avaliación, reestruturación e implantación; que a xestión pola Comunidade Autónoma Galega de tales servizos non supoña un maior gasto para o conxunto das administracións públicas; e finalmente, a aprobación por parte do Estado do novo sistema de financiamento autonómico e local anunciado pola mesma. Pois ben, a Lei 5/2014 deixa claro que en tanto non se cumpran as condicións establecidas pola LRSAL, tanto temporais como materiais, esas competencias continuaránse prestando polos municipios.

Esta interpretación apártase da ofrecida pola FEMP no seu informe sobre *“As competencias dos concellos en materia de servizos sociais tras a entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade das Administración Local”* que entende que antes do

34 Non esquezamos que a Disposición Adicional Segunda da lei autonómica establece a obriga de incorporación da cláusula do artigo 57 bis nos convenios de cooperación.

31 de decembro de 2015, as Comunidades Autónomas deben asumir a titularidade das competencias en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social, e no caso de que expirado este *prazo máximo* non se tivese cumprido con este mandato os municipios continuarán prestándoos a costa da Comunidade Autónoma á que se lle detraerán as cantidades que procedan das transferencias estatais, interpretación que bate coa literalidade da reforma.

En relación ás competencias relativas á participación na xestión primaria da saúde a lei galega remite aos termos pactados no Acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), polo que se establece o contido do Pacto Local asinado o 20 de xaneiro de 2006, asumindo o 20% anual de forma progresiva, comezando en todo caso no ano 2014.

A asunción da xestión dos servizos levarase a cabo mediante a cesión gratuita ao Servizo Galego de Saúde da titularidade dos edificios e terreos dos centros de saúde e a subrogación do organismo autónomo nos correspondentes contratos de servizos e subministros contratados polos municipios para os devanditos centros.

8 Conclusións

A última reforma da lexislación básica de réxime local tivo como resultado a máis intensa estatalización do sistema operada desde a entrada en vigor da LBRL. Ante esta nova concepción do título competencial estatal, que faculta ao mesmo para a definición das bases de réxime local, de maneira tan esgotadora que chega a poñer en cuestión o seu carácter bifronte³⁵, a reacción das comunidades autónomas, entre as que se atopa a galega, non se fixo agardar, defendendo o seu espazo competencial mediante unha interpretación que se aparta claramente do espírito da reforma estatal.

Se ben é certo que non faltan detractores á mesma que lle achacan, s sús falta de sistemática, de técnica normativa, a desatención dos problemas das entidades locais priorizando a resolución dos da Administración Autonómica coa blindaxe das competencias autonómicas sobre réxime local, ou a suxeición da autonomía local a un férreo control de oportunidade. O certo é que a norma permitiu minimizar os efectos da reforma estatal mediante a “reinterpretación” da mesma desde un prisma constitucional e conforme o carácter bifronte do réxime local, realizando unha función case regulamentaria, dogmática, suplindo lagoas e definindo conceptos, que permitiu manter o *status quo* preexistente, clarificando, que a verdadeira reforma do réxime local non entrou en vigor o 31 de decembro de 2014 senón que novamente se pospón e supedita ao necesario desenvolvemento do artigo 142 da Constitución Española que aborde de maneira definitiva a suficiencia financeira que sosteirá a minguada autonomía local mediante a dotación dos recursos financeiros non condicionados e a estabilización e incremento das porcentaxes de participación nos tributos estatais e autonómicos, cuestión que segue a ser a gran tarefa pendente e a principal deficiencia do sistema.

35 VELASCO CABALLERO FRACIASCO, *op. cit.*



9 Bibliografía

- CARRILLO DONAIRE J.A E NAVARRO RODRÍGUEZ P, *La Reforma del Régimen Jurídico de la Administración Local. El nuevo marco regulatorio a la luz de la Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local*. Primeira edición, El Consultor de los Ayuntamientos, La Ley, Las Rozas, 2014.
- CARRO FERNÁNDEZ-VALMAIOR J.L, *La cláusula general de competencia municipal* Anuario del Gobierno Local, núm. 1, 2001.
- DÍAZ LEMA J.M, *El Anteproyecto de Ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local: ¿cambio de rumbo en la Administración local española?* Anuario del Gobierno Local, núm. 1, 2012.
- ESTUDI CONSULTORIA SECTOR PUBLIC S.L.P. Federación de Municipios de Cataluña. *Vademécum sobre la Ley de Racionalización y Sostenibilidad Local* 2014, Disponible na web: <http://www.dival.es/sites/default/files/oficina-de-informacion/VADEMECUMCOMPETENCIAS MUNICIPALES.pdf>
- MEDINA GUERRERO, MANUEL. *La reforma del régimen local*. Primeira edición, Valencia, Tirant lo Blanch, 2014.
- QUINTANA LÓPEZ, TOMAS E CASASES MARCOS ANABEL. *La reforma del régimen local, Comentario a la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local*. Primeira edición, Valencia, Tirant lo Blanch, 2014, páx. 95.
- VELASCO CABALLERO FRANCISCO *El Régimen Local en la reforma de los Estatutos de Autonomía: Límites constitucionales*. Disponible na web: <http://www.dpz.es/diputacion/areas/presidencia/asistencia-municipios/municipia/congreso/ponencias/franciscovelasco.pdf>
- ZAFRA VICTOR, MANUEL, *Sorprendente normativa autonómica para el desarrollo de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local*, La Administración al día, INAP. Disponible na web: <http://laadministracionaldia.inap.es/noticia.asp?id=1503475>

As retribucións dos membros
das corporacións locais
tras a reforma local

Las retribuciones de los miembros de las corporaciones locales tras la reforma local

The retributions of the members
of the local corporations
after the local reform

47
Regap

PEDRO BOCOS REDONDO

Secretario de Administración local (España)

Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional
pedro.bocos@gmail.com

Recibido: 26/11/2014

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Índice: 1 A Carta Europea da Autonomía local e a protección por desemprego aos membros das corporacións locais. 2 Antecedentes e evolución do réxime retributivo dos corporativos. 3 As percepcións dos membros das corporacións locais no exercicio do seu cargo. Formulación. 4 As novidades na Lei 27/2013. 5 Retribucións dos concelleiros non adscritos

1 A Carta Europea da Autonomía local e a protección por desemprego aos membros das corporacións locais

O punto de partida do estatuto dos cargos electos é o artigo 7 da Carta Europea da Autonomía local que contén tres previsións:

- a garantía da liberdade dos cargos electos no exercicio do seu mandato;
- o dereito a unha compensación financeira axeitada e
- a cobertura social correspondente e a determinación do réxime de incompatibilidades por lei ou principios xurídicos fundamentais.

Será obxecto deste artigo o réxime retributivo dos membros das corporacións locais, pero antes queremos abordar o tema da cobertura por desemprego, recoñecida non hai moito tempo. Efectivamente, unha Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de outubro de 2005 (sala do social) estableceu que os Alcaldes e Concelleiros non tiñan dereito a cobrar o subsidio de

desemprego cando cesan ou son cesados nos seus cargos, malia estar incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Anteriormente, algúns Tribunais pronunciáranse sobre a cuestión. Así, o Tribunal Superior de Castela-A Mancha, en Sentenza de 20 de xaneiro de 1999 e o Tribunal Superior de Madrid noutras dúas ditadas o 10 de setembro de 1996 e 11 de abril de 1991 pronunciáranse en contra da posibilidade de que os membros das Corporacións Locais puidesen percibir o subsidio de desemprego. Segundo estes tribunais, as notas de dependencia e remunerabilidade que configuran unha relación de traballo ou emprego en sentido xurídico, son alleas ao desempeño das funcións de representación dos Alcaldes e Concelleiros.

O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local establece que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumendo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda. Pero isto non significaba —entón— o dereito á percepción do subsidio de desemprego, tal e como as anteriores Sentenzas deixaran claro.

Porén, outro Tribunal Superior de Xustiza, neste caso de Castela e León, nunha sentenza ditada o 15 de xullo de 2004, mudou de criterio e recoñeceu o dereito a cobrar a prestación contributiva de desemprego a un ex alcalde computando o tempo que foi rexedor da localidade. Neste fallo condenouse ao Instituto Nacional de Emprego (en adiante, INEM) a pagar durante 480 días ao ex rexedor a porcentaxe correspondente a unha base reguladora diaria de 81,46 euros.

O INEM recurriu ao Tribunal Supremo alegando que o artigo 205 da lei xeral da Seguridade Social non incluía aos Alcaldes e Concelleiros na relación de persoas protexidas polo desemprego. Decía tamén que nin na Lei da Seguridade Social, nin na Carta Europea de Autonomía Local, nin na Lei de Bases de Réxime Local, se deduce que os Alcaldes con dedicación exclusiva teñan dereito a percibir prestacións por desemprego, xa que o feito de estar dados de alta na Seguridade Social e ter cotizado durante o desempeño da función constitúen condición suficiente para iso. No seu recurso, cita unha Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid á que aludimos, a cal denegou a prestación a unha ex alcaldesa.

O Pleno da Sala do Social do Alto Tribunal, ao examinar o recurso para a unificación de doutrina, analiza o antes citado artigo 205 da Lei Xeral da Seguridade Social, e indica que este precepto non é excluínente de que colectivos que non menciona teñan dereito á prestación por desemprego. No devandito artigo recoñécese o subsidio aos traballadores por conta allea incluídos no Réxime Xeral, o persoal contratado en réxime de dereito administrativo, e os funcionarios de emprego ao servizo das Administracións Públicas. A esta lista, posteriormente, o Goberno engadiu aos socios de cooperativas de traballo asociado, a traballadores eventuais agrarios e ao persoal de tropa e marinería, entre outros colectivos. Pero só se reconece o dereito a percibir o subsidio de desemprego aos incluídos neste artigo 205.

A cuestión a decidir é se, de acordo á normativa entón en vigor, podía aceptarse ou non que a un alcalde se lle poida recoñecer o dereito a percibir prestacións por desemprego cando cesa no exercicio da devandita función e cotizou á Seguridade Social durante o tempo en que desempeñó ese cargo. O Tribunal Supremo entende que esta prestación por desemprego está concibida exclusivamente para aqueles que perden un traballo e como prestación

substitutiva de rendas salariais, «o que constitúe un inconveniente para pensar que tales conceptos poidan atribuírse aos que desempeñan unha función tan característica como a de Alcalde, que dificilmente pode ser cualificado de empregado». Di así: «Os Alcaldes, que non son nin traballadores por conta allea, nin persoal contratado en réxime de dereito administrativo, nin funcionarios de emprego, non poden, en principio, ser acredores da protección por desemprego».

O Alto Tribunal pregúntase de quen é empregado o corporativo, indicando que a súa retribución non pode cualificarse de renda salarial. Os alcaldes e concelleiros están incluídos no Réxime da Seguridade Social, pero non poden considerarse «suxeitos protexidos pola normativa específica do desemprego». Di que «non pode aceptarse —sobre os corporativos— que teñan dereito a percibir prestacións por desemprego cando cesan ou son cesados» no exercicio do seu cargo.

O Tribunal Supremo sinalaba que a normativa española si recoñecía aos alcaldes e concelleiros que sexan dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e recibir todas as prestacións cubertas polo devandito réxime. Pero a continuación di: «Existen importantes dificultades para aceptar que o devandito colectivo de persoas poida, polo mero feito de atoparse no citado réxime, gozar das prestacións por desemprego».

E iso é así, segundo o Alto Tribunal, porque «a prestación por desemprego está concibida para aqueles que perden un emprego e como prestación substitutiva de rendas salariais», o cal «constitúe un inconveniente para pensar que tales conceptos poidan atribuírse a aqueles que desempeñan unha función como a de Alcalde, que dificilmente pode ser cualificado de empregado».

Isto era o que ocurría no ano 2006. Fai oito anos os membros das corporacións locais non cobraban o paro.

Todo mudou coa Lei 37/2006, de 7 de decembro, relativa á inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social e á extensión da protección por desemprego a determinados cargos públicos e sindicais.

Tras a Sentenza de 25 de outubro de 2005, quedaba claro que faltaba unha norma que expresamente recoñecese o dereito a esta prestación para os corporativos locais. Esta situación, así o lembra o Supremo, é idéntica á que viven colectivos tan importantes e tan asimilables como o dos alcaldes como son os deputados e senadores, ou os membros dos parlamentos autonómicos, os cales teñen expresamente excluídas das súas prestacións as correspondentes ás contingencias do desemprego.

Esta norma que faltaba e saíu publicada no Boletín Oficial do Estado de 8 de decembro de 2006. Na súa exposición de motivos, di que o artigo 205 do Texto da lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de xuño (TRLSS), o cal determina as persoas que están protexidas ante a contingencia de desemprego, non inclúe entre elas a aqueles que desempeñan cargos públicos, electos ou por designación, e iso malia que os devanditos cargos públicos foran incluídos legalmente, de forma expresa, no ámbito de aplicación do Réxime Xeral da Seguridade Social e non se previra na correspondente norma a exclusión da protección de ningunha das contingencias a que acada a acción protectora do indicado réxime da Seguridade Social».

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

«Estámonos referindo, en concreto —seguimos coa exposición— dunha parte aos cargos electos das corporacións locais que desempeñan a súa función con dedicación exclusiva ou parcial e percibindo unha retribución e que foron incluídos, na forma indicada, no ámbito de aplicación do Réxime Xeral da Seguridade Social en virtude do disposto no número 1 do artigo 75 da LRBRL, inclusión que posteriormente foi recollida no apartado j do número 2 do artigo 97 do TRLSS; aínda que non foi aínda actualizada ás modificacións posteriores da propia Lei de Bases de Réxime Local...».

Noutro momento da exposición de motivos dise que a exclusión dos membros das corporacións locais, ademais doutros cargos públicos e sindicais, da protección por desemprego obedece máis a razóns formais que materiais. En efecto, dinos, «aínda que os indicados cargos non poden ser considerados propiamente traballadores por conta allea, é o certo, non obstante, que a situación en que se atopan os mesmos cando perden o cargo é bastante similar á que se atopa un traballador por conta allea cando perde o seu traballo; en ambos os dous casos, a consecuencia inmediata que se produce é que se perde a retribución que levaba aparellada a actividade que se viña realizando e déixase de realizar».

Por iso, conclúe, «as razóns que sistematicamente se esgrimiron para non recoñecer a protección por desemprego aos indicados cargos públicos e sindicais é que os mesmos non estaban incluídos expresamente entre as persoas ás que legalmente se lles recoñecía a protección por desemprego e así mesmo, que a perda dos devanditos cargos non estaba contemplada entre as situacións legais de desemprego que se recollían na lei».

A estudada Exposición de Motivos desta Lei fai unha especial mención aos membros das corporacións locais —é aplicable a outros colectivos—, sinalando que «se incorpora á definición do ámbito de aplicación da Lei Xeral da Seguridade Social o que xa estaba previsto na Lei de Bases de Réxime Local, isto é, inclúese expresamente no Réxime Xeral a aqueles que desempeñen eses cargos tanto con dedicación exclusiva como parcial. Para evitar calquera dúbida, menciónase expresamente, tanto respecto á súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social como no ámbito da protección por desemprego, xunto aos membros das corporacións locais, aos membros das Xuntas Xerais dos Territorios Históricos Forais, Cabidos Insulares Canarios e Consellos Insulares Baleares que desempeñen os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial».

As características desta Lei referidas aos membros das corporacións locais son as seguintes:

1. Estarán incluídos no réxime xeral da Seguridade Social (artigo 97.2 TRLSS).
2. Expresamente recoñéceselle a protección por desemprego nas condicións previstas para os traballadores por conta allea (artigo 205.4 TRLSS).
3. Quedan en situación legal de desemprego cando se produza o cesamento involuntario e con carácter definitivo nos correspondentes cargos ou cando, aínda mantendo o cargo, se perda con carácter involuntario e definitivo a dedicación exclusiva ou parcial (artigo 208.1 apartado 6).
4. A acreditación da situación legal de desemprego indicada no punto anterior acreditarase por certificación do órgano competente da corporación local, Xunta Xeral do Territorio Histórico Foral, Cabido Insular, Consello Insular ou Administración Pública

ou Sindicato, xunto cunha declaración do titular do cargo cesado de que non se atopa en situación de excedencia forzosa, nin en ningunha outra que lle permita o reingreso a un posto de traballo (Disposición Adicional Cuadraxésima segunda, parágrafo 2 do TRLSS).

5. Impónselles a obriga de cotizar pola continxencia de desemprego a aqueles para os que serán de aplicación as obrigas e dereitos establecidos para os traballadores e os empresarios respectivamente.

O tipo de cotización por desemprego será o establecido en cada momento con carácter xeral para a contratación de duración determinada a tempo completo ou parcial (artigo 2 da lei 37/2006).

2 Antecedentes e evolución do réxime retributivo dos corporativos

Nun principio, ser Alcalde ou Concelleiro non estaba retribuído, en gran medida porque eses cargos non dedicaban moito tempo a estas tarefas deixando en mans dos funcionarios—sobre todo os Secretarios— as tarefas de xestión.

A Lei de Bases de Réxime Local, Texto Refundido de 24 de xuño de 1955, estableceu no seu art. 64.2, que será gratuito o desempeño da función de Alcalde. Só nos municipios de máis de 10.000 habitantes poderá asignarlle o Concello, para gastos de representación, unha cantidade fixa, inherente ao exercicio do cargo, e que non excederá do 1% do orzamento ordinario de ingresos dentro dos límites que se sinalen regulamentariamente.

O art. 11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais de 17 de maio de 1952 regulaba a percepción dos devanditos gastos de representación no seu art. 14, reiterando o dito no art. 64, e dicindo que nos municipios cuxo número de habitantes sexa inferior a 10.001, o Alcalde non recibirá gastos de representación, agás as compensacións e indemnizacións que, a proposta do Concello e en casos excepcionais autorice o Ministerio da Gobernación.

Nos municipios de máis de 10.000 habitantes os Concellos poderán sinalar a cantidade fixa que o Alcalde teña que percibir, sen que exceda o 1% do orzamento ordinario de ingreso nin dos límites da seguinte escala que damos aquí por reproducida ao non ter especial interese.

Permitíase aos Deputados Provinciais percibir dietas por asistencia a sesións, na contía que acorde a Corporación.

Aqueles que residan fóra da capital serán indemnizados dos gastos que por viaxes e estancias se lles orixine.

O Texto articulado parcial da Lei 41/1975 de Bases do Estatuto de Réxime Local, aprobado por Real Decreto de 6 de outubro de 1977 establecía na disposición adicional única: os Alcaldes e os Presidentes das Deputacións Provinciais percibirán as asignacións que se establezan nos orzamentos das correspondentes Corporacións Municipais e Provinciais nos respectivos orzamentos, dentro dos límites que, en todo caso, se determinen nos regula-

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

mentos de execución da presente Lei, ou mediante Real Decreto aprobado a proposta do Ministro do Interior.

Xa en democracia o Real Decreto 1531/1979, de 22 de xuño, estableceu que as Corporacións Locais poderían sinalar asignacións aos Alcaldes e Presidentes das mesmas, así como os gastos de representación e dietas aos seus membros electivos, por asistencia a sesións, e reunións das Comisións informativas.

Os correspondentes acordos das Corporacións inseríranse no Boletín Oficial da Provincia respectiva.

Tras a aprobación da lei de réxime local tomouse conciencia da necesidade de que algúns cargos estivesen retribuídos.

Na regulación inicial dos dereitos económicos dos membros electivos das Corporacións Locais, contida nos arts. 75 LRBRL e 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (BOE de 22 de decembro), estes limitábanse ás retribucións ou soldos fixos e periódicos para os que desempeñaban cargos con dedicación exclusiva e ás indemnizacións, nas que se incluían tanto as derivadas de gastos ocasionados polo exercicio do cargo, sempre que fosen efectivos e previa xustificación documental (dietas e gastos de desprazamento en comisións de servizo), como as asistencias por concorrencia a sesións dos órganos colexiados de que formasen parte.

Non estaba prevista percepción ningunha para aqueles que se dedicaban só parcialmente ao cargo (unhas horas ao día ou á semana), malia o cal veu sendo unha práctica habitual asignar unha cantidade a tanto alzado, de carácter fixo e remuneración periódica, en concepto de indemnización, gastos de representación, asistencia ao despacho ou outras denominacións que se viron coñecendo como «soldos menores». Estes acordos de soldos menores, por non estar previstos no desenvolvemento regulamentario, sempre que chegaron aos Tribunais de Xustiza foron anulados, e diso faise eco a sentenza do Tribunal Supremo de 18 de xaneiro de 2000 que veu aclarar a cuestión permitindo estas indemnizacións a tanto alzado, que non necesariamente responden a un gasto efectivo, vindo a dar cobertura ao que, como dixemos, era práctica habitual.

A situación mudou, con posterioridade ao suposto contemplado polo Tribunal Supremo, como consecuencia das modificacións introducidas na LRBRL pola Lei 11/1999, de 21 de abril, froito do chamado «Pacto Local», que ao dar nova redacción ao art. 75.1 establecendo a dedicación exclusiva e parcial coa afiliación, alta e cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social e a incompatibilidade para o desempeño doutros postos nas Administracións Públicas. Con iso os chamados «soldos menores» perfectamente teñen na actualidade cobertura legal como retribucións por dedicación parcial, cos condicionantes apuntados de alta e cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social e loxicamente suxeición ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas en canto retribucións por rendemento do traballo persoal.

Por tanto, as compensacións polo tempo traballado non teñen, hoxe, un apoio legal e o seu sustento na xurisprudencia.

3 As percepción dos membros das corporacións locais no exercicio do seu cargo. Formulación

Entenderemos por remuneracións calquera tipo de retribución ou compensación polo cargo que se exerce. Os conceptos polos que se perciben son (artigo 75 da Lei 7/1985, de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL):

- Dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais. A súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades (Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas).
- Dedicación parcial. Os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas (funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, etc.), en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social. As Corporacións asumirán as cotas empresariais. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.
- Indemnizacións por asistencia a sesións. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

Sobre este punto formulouse nalgũa ocasión a posibilidade de establecer diferentes asignacións económicas pola asistencia a sesións, discriminando entre os membros do equipo de goberno do resto dos corporativos. A STS de 1 de decembro de 1995, en síntese, estableceu que a asignación de diferentes cantidades como dietas pola asistencia aos órganos colexiados —máximas para o Alcalde, menores para os tenentes de Alcalde e Concelleiros de área ou presidentes de comisións informativas e menores aínda para os demais Concelleiros—, dado que a devandita asistencia non supón necesariamente maior traballo pola preparación das sesións para quen exerce cargos de maior responsabilidade, pois a conduta esixible dos membros da Corporación, tanto os que forman parte do equipo de goberno municipal como os demais, é unha dilixencia extrema no estudo dos asuntos examinados polos órganos colexiados, é contraria a Dereito por contravir o art. 13.6 ROF.

En definitiva, non é correcto discriminar aos Concelleiros na contía das asistencias a sesións dos órganos colexiados de que formen parte. Non cabe establecer diferenzas entre eles. Todos son iguais, equipo de goberno e grupos de oposición.

- Indemnizacións por gastos efectivamente producidos. Os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo; percepcións que poden ser percibidas por calquera, sexa cal for o réxime de dedicación que teña.

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Como xa se indicou anteriormente, está absolutamente prohibido percibir «indemnizacións» polo desempeño de funcións de presidencia ou polo exercicio de delegacións ou outras responsabilidades a tempo parcial; e desde logo o cobro de cantidades fixas e periódicas por tal concepto, que constituirían verdadeiros salarios ilegais encubertos, xeradores no seu libramento e na súa percepción das pertinentes responsabilidades. En efecto, o concepto de indemnización usado pola doutrina das Sentenzas do Tribunal Supremo de 18 de xaneiro de 2000 e de 10 de xullo de 2000, que xa era dificilmente sostible en situacións posteriores á Lei 11/1999, é absolutamente inaplicable ao novo sistema legal, que sinxelamente mudou radicalmente o concepto de indemnización, pronunciándose polo restrinxido (a cambio de ampliar notablemente as posibilidades de obter retribucións pola dedicación parcial).

Como pode observarse, as normas anteriores á reforma establecían que debe haber un límite que se fixe na Lei de Orzamentos; límite que non se establecera. Agora ben, como manifestou a STS de 20 de decembro de 1990, o lexislador e o titular da potestade regulamentaria dotaron ás Corporacións Locais dunha marxe de liberdade para remunerar aos seus membros, liberdade que non pode entenderse como absoluta senón limitada aos termos xenéricos das normas xurídicas de carácter xeral.

A verdade é que a normativa quedaba niso e non existía un límite legal, polo cal déronse casos de corporativos que percibían unha cantidade considerable de diñeiro nalgúns supostos con soldos superiores á media das Administracións Central e autonómica.

4 As novidades na lei 27/2013

Como di o preámbulo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (LRSAL), a reforma local, entre outros obxectivos, prevé unha ordenación responsable das retribucións do persoal ao servizo das Corporacións locais, calquera que sexa a natureza xurídica da súa relación coa Administración.

En aplicación do anterior, o artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, di que os membros das Corporacións Locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos establecidos no artigo anterior (dedicación exclusiva ou parcial, e asistencias a órganos colexiados). Os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación segundo a seguinte táboa:

Habitantes	Referencia
Máis de 500.000	Secretario de Estado
300.001 a 500.000	Secretario de Estado –10%
150.001 a 300.000	Secretario de Estado –20%
75.001 a 150.000	Secretario de Estado –25%
50.001 a 75.000	Secretario de Estado –35%
20.001 a 50.000	Secretario de Estado –45%
10.001 a 20.000	Secretario de Estado –50%
5.001 a 10.000	Secretario de Estado –55%
1.000 a 5.000	Secretario de Estado –60%

Di tamén o precepto que os membros de Corporacións locais de poboación inferior a 1.000 habitantes non terán dedicación exclusiva. Excepcionalmente, poderán desempeñar os seus cargos con dedicación parcial, percibindo as súas retribucións dentro dos límites máximos sinalados ao efecto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

No seu apartado 2 dise que no caso das retribucións dos Presidentes das Deputacións provinciais ou entidades equivalentes, terán un límite máximo por todos os conceptos retributivos e asistencias que será igual á retribución do tramo correspondente ao Alcalde ou Presidente da Corporación municipal máis poboada da súa provincia.

No caso dos Cabidos e Consellos Insulares, os seus Presidentes terán un límite máximo por todos os conceptos retributivos e asistencias referenciado á retribución do tramo correspondente ao Alcalde ou Presidente da Corporación municipal máis poboada da súa provincia, segundo a seguinte táboa:

Habitantes	Referencia
Máis de 150.000	Alcalde ou Presidente da Corporación municipal máis poboada da súa provincia
25.000 a 150.000	70% do Alcalde ou Presidente da Corporación municipal máis poboada da súa provincia
0 a 25.000	50% do Alcalde ou Presidente da Corporación municipal máis poboada da súa provincia

Os concelleiros que sexan proclamados deputados provinciais ou equivalentes deberán optar por manter o réxime de dedicación exclusiva nunha ou outra Entidade Local, sen que en caso ningún poidan acumularse ambos os dous réximes de dedicación.

O Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas, introduciu na Lei de Orzamentos Xerais do Estado os límites das retribucións dos membros das Corporacións Locais, indicando que de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, de 1985, segundo a redacción dada pola Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado debe fixar o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e

REGAP



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

asistencias, excluidos os trienios aos que no seu caso teñan dereito os funcionarios de carreira, será o que se recolle a continuación, atendendo á súa poboación:

Habitantes	Referencia
Máis de 500.000	100.000 euros
300.001 a 500.000	90.000 euros
150.001 a 300.000	80.000 euros
75.001 a 150.000	75.000 euros
50.001 a 75.000	65.000 euros
20.001 a 50.000	55.000 euros
10.001 a 20.000	50.000 euros
5.001 a 10.000	45.000 euros
1.000 a 5.000	40.000 euros

No caso de Corporacións Locais de menos de 1.000 habitantes, resultará de aplicación a seguinte escala, atendendo á súa dedicación:

Dedicación	Referencia
Parcial ao 75%	30.000 euros
Parcial ao 50%	90.000 euros
Parcial ao 25%	15.000 euros

En consecuencia, a través da Disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, determínase o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións locais por todos os conceptos retributivos aludidos no seu art. 22.Dos —soldo, complemento de destino, complemento específico e produtividade, máis dúas pagas extraordinarias—.

Na introdución desta norma, tras lembrar o establecido no artigo 75 da LRRL, indícase que resulta necesario que a Lei de Orzamentos conteña os límites retributivos. Dentro dos criterios considerados para fixar o límite tiveronse en conta todos os conceptos retributivos previstos relativos aos Secretarios de Estado.

Resulta imprescindible incorporar, segue dicindo, este límite na Lei de Orzamentos para que poida ser efectivo desde a primeira nómina a aboar no mes de xaneiro, polo que dados os calendarios de elaboración de nóminas das entidades locais, a súa entrada en vigor debe resultar inmediata.

Para completar esta normativa queremos salienta a nota de 4 de marzo que publicou o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Destacamos as seguintes características:

- A data e fonte para determinar o límite de poboación ao que alude o art. 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, vai referida ás cifras oficiais de poboación aprobadas anualmente por Real Decreto do Consello de Ministros e que correspondan ao ano de inicio do mandato corporativo, en base ás cales se

determina o número de concelleiros de cada corporación local de acordo co disposto no artigo 179 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral.

Deste modo, para as corporacións locais xurdidas das eleccións celebradas en maio de 2011 haberá que estar ao disposto no Real Decreto 1612/2010, de 7 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2010 (BOE, núm. 311, de 23 de decembro).

- A declaración do réxime de dedicación parcial dos membros das Corporacións locais presenta dúas limitacións. En primeiro lugar, non todos os membros da Corporación local poden ser declarados nesta situación, na medida en que, por expreso mandato legal, queda reservada para os cargos representativos locais que realicen funcións de presidencia ou vicepresidencia de órganos colexiados municipais, os que ostenten delegacións ou aqueles que desenvolvan responsabilidades que así o requiran (art. 75.2 LRBRL).

En segundo lugar, en canto aos límites das retribucións para concelleiros en dedicación parcial, hai que distinguir entre municipios con poboación inferior a 1.000 habitantes e municipios con poboación superior a esa cifra.

No primeiro caso, de acordo coa Disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, os límites das retribucións por dedicación parcial fíxanse en función da porcentaxe de dedicación con relación á xornada laboral, segundo a táboa que figura na devandita Disposición adicional.

No caso de municipios con poboación igual ou superior a 1.000 habitantes, haberá que entender que o límite máximo total que poden percibir por todos os conceptos retributivos os que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación parcial vén determinado pola aplicación da porcentaxe de dedicación parcial —75%, 50%, 25%— que corresponda á contía máxima de referencia por tramos de poboación prevista no parágrafo primeiro da citada Disposición adicional da LPXE 2014.

- Só os membros das Corporacións locais que non teñan dedicación exclusiva nin parcial poderán percibir asistencias pola súa concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte.

Sobre este punto a nota informativa di que o art. 75 bis 1 da LRBRL dispón que “os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias...”. De acordo con iso, a citada anteriormente Disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 fixou tal límite máximo total por todos os conceptos retributivos e asistencias de acordo cunha escala que conxuga poboación e un límite máximo.

Neste sentido, *cómpre sinalar a aplicación dun criterio de proporcionalidade en canto á determinación da contía das asistencias no exercicio da potestade de autoorganización local, tendo como marco de referencia a táboa incluída na reiterada Disposición adicional*

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

nonaxésima da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

- En canto á data e fonte para determinar o límite de poboación ao que alude a táboa do art. 75 bis 1 LRBRL e a Disposición adicional nonaxésima LPXE 2014 o Ministerio contesta que se trata das cifras oficiais de poboación que se aproban con carácter anual. De modo que para o ano 2014 trátase das contidas no Real Decreto 1016/2013, de 20 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2013 (BOE, núm. 311, de 28 de decembro).
- Polo que respecta ás entidades locais aplícanse estas previsións, o art. 75 bis sitúase sistematicamente no capítulo V, relativo ao “Estatuto dos membros das Corporacións Locais”, do Título V da LRBRL rubricado “Disposicións comúns ás Entidades Locais”.

En virtude do anterior, as limitacións previstas no devandito precepto resultan de aplicación a todas as Entidades Locais previstas no art. 3 da LRBRL—municipios, provincias, illas, comarcas, áreas metropolitanas e mancomunidades—.

5 Retribucións dos concelleiros non adscritos

Non queremos rematar sen tratar o tema de legalidade das retribucións dos concelleiros non adscritos.

Segundo o apartado 3 do artigo 75 da LRBRL, a efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

O Pleno da corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles tivesen correspondido de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación.

Dado que non se deixaba claro na norma formulouse se un concelleiro non adscrito podería desempeñar o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Está claro que a condición de concelleiro non adscrito leva consigo a perda dos dereitos económicos vinculados aos grupos políticos municipais, resulta obvia; e así, o Tribunal Supremo, en Sentenza de 3/xullo/2012, afirmou que “Esas compensacións económicas destínanse aos órganos de Goberno e con carácter fixo aos grupos municipais e por tanto non

poderán ser percibidas por concelleiros non adscritos que conservan todos os seus dereitos políticos e económicos pero que non os poden percibir no caso destes últimos a través de ningún grupo municipal xa que non pertencen a ningún. Os seus emolumentos serán persoais e polas tarefas que desempeñen no seo da Corporación e así se lles recoñezan”.

O art. 75 LRBRL tantas veces citado indica que os membros das Corporacións Locais —ob-sérvese que non exclúe aos membros non adscritos— percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

Á luz destes preceptos podería darse a entender que o feito de que o Concelleiro figure como non adscrito non lle impide desempeñar unha delegación e exercela con dedicación exclusiva.

O Tribunal Constitucional, en Sentenza 185/1993, de 31 de maio, vixente a anterior normativa, afirmou que «a Constitución Española protexe aos representantes que optan por abandonar un determinado grupo político e que do devandito abandono non pode en forma ningunha derivarse a perda do mandato representativo (entre outras, SSTC 5/1983, 10/1983, 16/1983 e 20/1983)».

O Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria en Sentenza de 20 de abril de 2007 di «nun caso en que non se deixou formar grupo mixto no Concello a aqueles concelleiros que se desligaron dos seus respectivos partidos políticos, que estimando que a actual redacción do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, tras a reforma operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, non permite a formación de Grupos Mixtos nos consistorios, quedando os concelleiros que abandonen a súa formación política como membros «non adscritos e limitados os seus dereitos económicos, por non poder percibir “asignacións” superiores ás que recibían como membros activos do Grupo».

Se se observa ben, subliñase a palabra asignación e non retribución. Efectivamente non se lles permite aos Corporativos formar grupo pero non se fala da imposibilidade de percibir retribucións se exercen o cargo con dedicación exclusiva.

Por outra parte, podería considerarse que o recoñecemento da retribución por dedicación exclusiva obedece a un feito que pode mudar co tempo, pois o concelleiro que inicia o seu mandato dedicando o seu esforzo profesional a continuar co seu anterior traballo, pode ao longo da lexislatura abandonar este para dedicar todo o seu esforzo ao labor municipal. En tal sentido, o edil non adscrito, se tivese mantido a súa pertenza ao Grupo polo que concorreu, podería na metade da lexislatura ter visto recoñecida a dedicación exclusiva, polo que o actual recoñecemento non ha ser por forza un dereito económico ao que lle puidese ter correspondido como membro do seu Grupo de orixe. O que si está querendo prohibir o actual art. 73.3 LRBRL é que a retribución por dedicación exclusiva obedeza realmente a un interese en «comprar» a vontade política do concelleiro, pero tal intención deshonesto non se pode presumir, se non que debe ser acreditada.

Polo tanto, nun principio podería entenderse que o concelleiro non adscrito pode ser nomeado concelleiro Delegado de Área e percibir dedicación exclusiva así como as retribucións correspondentes ao seu novo cargo.

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Tras novos pronunciamentos xudiciais non parece esa a percepción.

A xurisprudencia di que para analizar o alcance do art. 73.3 LBRL, debe lembrarse que o art. 67.2 CE establece que os membros das Cortes Xerais non estarán ligados a mandato imperativo ningún, precepto este que o TC estendeu aos parlamentarios autonómicos e aos concelleiros de Concellos, e entendeu que o escano pertence ao elixido e non ao partido (STS 10/1983, de 21/febreiro), de maneira que unha vez elixido, o representante éo de todo o corpo electoral e non unicamente do partido que o propuxo.

Pero doutra parte, o protagonismo electoral do partido político (art. 6 CE) fai que a relación representativa estea integrada por tres elementos: elector-partido-concelleiro, e subordina a este último directamente ao partido, malia o claro mandato constitucional.

Desde estas perspectivas, a actuación tráfuga vén presidida pola vontade de desligarse da disciplina do partido polo que se concorreu ás eleccións, ignorando así a vontade dos electores que, por exteriorizarse a través dun sistema de listas pechadas, só pode interpretarse en clave partidista. O transfuguismo levaría consigo o efecto de falsear a representación política.

Para evitalo adoptouse un Acordo sobre un Código de conduta política en relación co transfuguismo nas Corporacións Locais, asinado en Madrid de 7/xullo/1.998 polo Ministro das Administracións Públicas e os representantes dos Partidos Políticos do arco parlamentario español (renovado por novos acordos de 26 de setembro de 2000 e de 23 de maio de 2006), e advírtese das funestas consecuencias do chamado transfuguismo político na vida política, en particular en canto á utilización desta vía para suplantar a vontade do corpo electoral. Nas Cortes Valencianas adoptouse outro acordo similar de 17/febreiro/99, Para o logro dos obxectivos previstos, aquel acordo propón a adopción de diversas regras, entre outras a 3ª que literalmente dispón: "En canto aos criterios para establecer procedementos regrados que dificultan o transfuguismo os partidos asinantes propiciarán as reformas regulamentarias nas Corporacións Locais onde ostenten representación, coa finalidade de aislar aos concelleiros tráfugas. Os novos regulamentos establecerán que os concelleiros que abandonen os partidos ou agrupacións en cuxas candidaturas resultaron elixidos non pasen ao Grupo mixto, senón que se organicen a partir da creación da figura dos "Non inscritos" ou do "Concelleiro Independente", coa creación, no seu caso, do correspondente grupo de "non inscritos", e actúen na corporación de forma illada, sen que poidan percibir ou beneficiarse dos recursos económicos e materiais postos a disposición dos grupos políticos da corporación".

A iso responde a reforma do apartado 3 do artigo 73 da LBRL, que nega a constitución de grupos políticos a aqueles membros das corporacións locais que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, de modo que non poderán formar parte do Grupo mixto, senón que terán a consideración de membros non adscritos.

O TC en Sentenza do Pleno, núm. 30/2012 de 1/marzo (rec. 5277/2011), rexeita a cuestión de inconstitucionalidade promovida polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Alicante nun procedemento no cal estimaba o Xulgado que o art. 73.3 LBRL puidese vulnerar o art. 23 CE, na medida en que impide ao concelleiro non adscrito ser elixido membro

da Xunta ou comisión de goberno e Tenente de Alcalde, cando o resto de concelleiros da corporación si que poden optar aos devanditos cargos.

O Tribunal rexeita a dúbida de inconstitucionalidade e remítese á doutrina da súa Sentenza 9/2012, de 18/xaneiro, na que se afirmaba que non calquera acto que afecte ao status xurídico aplicable ao representante político lesiona o dereito fundamental invocado, “pois só posúen relevancia constitucional a estes efectos os dereitos ou facultades atribuídos ao representante que pertencen ao núcleo da súa función representativa (SSTC 38/1999, 107/2001, 208/2003, 141/2007 e 169/2009), isto é, a de participar na actividade de control do goberno local, a de participar nas deliberacións do Pleno da corporación, a de votar nos asuntos sometidos a votación neste órgano, así como o dereito a obter a información necesaria para poder exercer as anteriores”. Por iso conclúe que o nomeamento para cargos relacionados co goberno e a administración do municipio non se integra no núcleo esencial das funcións representativas do concelleiro, senón que se trata de ámbitos alleos ao exercicio da función representativa atribuída ao mesmo, o que determina que o art. 23 CE non se vexa vulnerado.

Doutrina esta que se reproduce na STC núm. 117/2012, de 4/xuño (rec. 325/2007), lembrando que “.....entre as funcións que pertencen ao núcleo inherente á función representativa que constitucionalmente corresponde aos membros dunha corporación municipal atópanse a de participar na actividade de control do goberno municipal, a de participar nas deliberacións do Pleno da corporación e a de votar nos asuntos sometidos a votación neste órgano; así como o dereito a obter a información necesaria para poder exercer as anteriores funcións. Ningunha destas facultades vese necesariamente comprometida, como consecuencia da imposibilidade de constituirse en grupo mixto ou de integrarse nalgún outro grupo político (STC 169/2009, FJ 3). En efecto, a consideración dos recorrentes como concelleiros non adscritos non lles impediu exercer as funcións de control do goberno municipal (puideron presentar as mocións e escritos que tivesen por conveniente), nin tampouco a súa plena participación no Pleno da corporación (puideron participar nas deliberacións na quenda de intervencións e exercer o dereito ao voto, que é un dereito individual de todos os membros da corporación)”.

En definitiva, a prohibición que a Lei 57/2003 introduciu no art. 73.3 LBRL, ten un alcance que só cabe interpretar atendendo á finalidade da referida norma, conforme se recolleu nos fundamentos xurídicos precedentes, e a alteración do resultado electoral prodúcese non só cando un representante político abandona a formación pola que foi elixido, apoiando cos seus votos os plans políticos doutra formación distinta, senón igualmente cando, mantendo a súa pertenza no grupo político de pertenza, québrase a disciplina do partido, poñendo os seus votos a disposición dun adversario político para, a través do mecanismo da moción de censura, desposuír do seu cargo de Alcalde a quen o ostentaba como membro do seu grupo político, que obviamente tiña a vontade de mantelo; e acto seguido atribuírse uns dereitos políticos que non se posuían con anterioridade á moción e as correlativas vantaxes económicas vinculadas aos novos cargos e funcións, obtidos por mor da nova maioría resultante.

Polo tanto, se un concelleiro pertencente a un determinado grupo político que non ocupaba cargo ningún respecto do cal se tivese previsto un réxime específico de dedicación exclusiva ou parcial, ao abandonar o mesmo e adquirir a condición de concelleiro non

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

adscrito, non poderá pasar a exercer un cargo cun réxime de dedicación exclusiva ou parcial retribuído, por canto a norma é clara ao respecto e podería entenderse que, con motivo do abandono do grupo político, o devandito concelleiro viuse “recompensado” cunha tenza de alcaldía retribuída, obtendo así máis dereitos dos que xa tiña pertencendo ao grupo político de orixe.

Nese sentido, resulta interesante a lectura da Sentenza do TC de 18 de xaneiro de 2012, na que, ante a cuestión de inconstitucionalidade en relación co art. 73.3 LRBRL, que se entendía que restrinxía os dereitos económicos e políticos dos membros das corporacións locais non adscritos ao impedir que os devanditos dereitos sexan superiores aos que lles terían correspondido de permanecer no grupo municipal de procedencia, impedíndolles ser elixidos como membro da comisión de goberno e Tenente Alcalde, cando non ostentase esa condición antes de abandonar o grupo municipal, a diferenza do resto de concelleiros da corporación, que si poden desempeñar os devanditos cargos, o TC desestima a cuestión ao considerar que o nomeamento para cargos relacionados co goberno e a administración do municipio non se integra no núcleo esencial das funcións representativas do concelleiro, senón que se trata de ámbitos alleos ao exercicio da función representativa atribuída ao mesmo, o que determina que o art. 23 CE non se vexa aquí vulnerado.

En fin, está complicado que un concelleiro non adscrito poida ostentar o cargo con dedicación absoluta.

O mapa competencial tras a reforma:
da autonomía local á racionalización

El mapa competencial tras la reforma: de la autonomía local a la racionalización*

The competence map after the
reform: of the local autonomy
to the rationalization



M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

Concello de Vigo (Galicia, España)
concepcion.campos@vigo.org

Recibido: 17/11/2014

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

Resumo: *A entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade Financeira da Administración Local produciu un importante impacto no sistema competencial das entidades locais, con maior incidencia nas competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. No presente estudo analizaranse as condicións esixibles para o seu desenvolvemento no actual marco normativo e dentro do escenario deseñado polas Comunidades Autónomas.*

Palabras clave: *local, reforma, competencias, financiamento, Comunidades Autónomas.*

Resumen: *La entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad Financiera de la Administración Local ha producido un importante impacto en el sistema competencial de las entidades locales, con mayor incidencia nas competencias distintas de las propias y de las atribuidas por delegación. En el presente estudio se analizarán las condiciones exigibles para su desarrollo en el actual marco normativo y dentro del escenario diseñado polas Comunidades Autónomas.*

Palabras clave: *local, reforma, competencias, financiación, Comunidades Autónomas.*

Abstract: *The coming into force of Law 27/2013, of the 27th of December, of Rationalization and Financial Sustainability of the Local Administration caused an important impact in the competence system of the local entities, with biggest incidence in the competences different from the own ones and from the ones attributed by delegation. In the present study the requirable conditions will be analyzed for his development in the current normative frame and in the scenario designed by the Autonomous Communities.*

* O presente estudo utiliza como base o Relatorio presentado no “V Congreso Internacional en Gobierno, Administración e Políticas Públicas GIGAPP-IUIOG”, co título “O exercicio de competencias impropias polas Entidades Locais. Todo segue igual?” e que é a orixe para a redacción do presente traballo, que se completou co debuxo de todos os ámbitos competenciais derivados da LRSAL, significativamente respecto ás transferencias das CCAA e as Deputacións Provinciais, e o impacto da nova regulación na autonomía local.

Key words: *local, reform, competence, financing, Autonomous Communities.*

Índice: 1 *Introdución: da autonomía local á racionalización. 1.1 Configuración constitucional das EELL como entidades dotadas de autonomía. 1.2 Plasmación legal do réxime local: unha misión bifronte con impacto no sistema competencial. 2 Unha nova categoría: competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. 2.1 O novo mapa competencial: unha visión das competencias propias e das competencias delegadas. 2.1.1 A disxuntiva interpretativa das competencias propias: solución de mínimos ou de máximos. 2.1.2 As competencias delegadas: garantía de financiamento vs control de oportunidade. 2.2 Competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación: principais vectores na súa regulación. 2.2.1 Xustificación do exercicio de competencias impropias: Duplicidade e sustentabilidade económico-financieira. 2.2.2 O dies ad quo das competencias distintas das propias e das delegadas e o ausente réxime transitorio. 2.2.3 A adaptación dos convenios, acordos e instrumentos de financiamento. 3 O papel das Comunidades Autónomas e provincias no deseño do réxime competencial local. 3.1 A transferencia de competencias ás Comunidades Autónomas: unha incógnita por resolver. 3.1.1 Asunción de competencias relativas á educación. 3.1.2 Asunción de competencias relativas á saúde. 3.1.3 Asunción de competencias relativas a servizos sociais. 3.1.4 Asunción de competencias relativas aos servizos de inspección sanitaria. 3.2 O fortalecemento institucional das Deputacións na LRSAL. A diversidade nas súas competencias. 3.2.1 As competencias de coordinación e as economías de escala. 3.2.2 Ampliación das competencias propias. 3.2.3 Competencias instrumentais. 3.2.4 Custo efectivo dos servizos e a súa relación coa intervención provincial. 4 A resistencia autonómica á reforma como vía de solución. 4.1 Leis autonómicas e outras fórmulas de desenvolvemento da modificación da normativa básica estatal. 4.2 Regulacións autonómicas interpretativas da reforma: innovando o sistema normativo. 4.2.1 Leis e Decretos-Leis autonómicos. 4.2.2 Solucións metaxurídicas: as Circulares. 5 Punto e seguido: Diagnóstico inicial da racionalización. 6 Bibliografía. 7 Outros documentos referenciados*

1 Introducción: da autonomía local á racionalización

O presente traballo pretende expoñer as principais liñas do debate arredor do novo sistema de competencias deseñado pola Lei, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade Financeira da Administración Local (LRSAL). Partindo da intrínseca relación existente entre autonomía local e o núcleo de competencias atribuídas ás Entidades Locais (EELL) podemos entender as resistencias que xurdiron desde o primeiro momento ao entón anteproxecto de reforma. Como se analizará esta conexión foi posta de manifesto tempranamente polo Tribunal Constitucional tendo como resultado a construción da garantía institucional da autonomía local, na súa concepción tradicional como técnica de protección de certas institucións¹, cuxa esencia se vería afectada pola lei a través dunha restrición material, que non formal, do seu núcleo competencial.

A articulación do novo sistema competencial xirará fundamentalmente arredor de tres eixes: a delimitación das competencias propias fronte ás competencias distintas das propias e das exercidas por delegación; as competencias delegadas e as que son obxecto de transferencia ás Comunidades Autónomas (CCAA), para pechar co fortalecemento institucional das Deputacións Provinciais. A sistemática empregada para motivar a reforma local, vinculándoa directamente a unha situación conxuntural de crise económica e ao cumprimento dos obxectivos de déficit orzamentario², afasta de facto a posibilidade

1 Schmitt, C. *Teoría de la Constitución*. Madrid. Alianza Editorial. 2011.

2 Aínda que debemos lembrar que as Corporacións Locais no seu conxunto acabaron o ano 2012 cun déficit de 2.148 millóns de euros, o 0,20% do PIB, o que supón unha mellora de 0,10 puntos porcentuais respecto ao obxectivo do 0,30% do PIB. A comparación entre os tres niveis administrativos amosa, dentro da evolución positiva xeral, un resultado máis que favorable para a Administración máis próxima ao cidadán. Mentres que o Estado rematou o ano cun déficit do 3,83% sobre o PIB e as Comunidades Autónomas co 1,73%, as Entidades Locais quedaban co 0,20% mencionado antes. Así, o conxunto das Administracións pechou o pasado exercicio cun déficit de 70.822 millóns, o que representa o 6,74% do PIB. Fte. Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

de dar cumprimento aos obxectivos tradicionalmente formulados arredor das demandas históricas das EELL³.

Desde esa óptica abordarase a asimétrica recepción polas CCAA do novo escenario local, fortemente condicionado pola prohibición, con carácter xeral, de exercicio das competencias distintas das propias e as delegadas, e o establecemento dun procedemento excepcional no artigo 7.4 da LRBR para lexitimar a súa continuidade, problemas estruturais da reforma aos que a normativa autonómica pretende dar resposta.

1.1 Configuración constitucional das EELL como entidades dotadas de autonomía

A nosa Constitución dedica o seu Título VIII á “Organización Territorial do Estado”, no cal as EELL ante o esforzo na construción do Estado autonómico, non adquiren gran protagonismo, limitándose a súa configuración ao disposto no artigo 137 e no seu Capítulo II, con tan só tres preceptos. Tras recoller o citado precepto a autonomía para a xestión dos seus intereses das entidades que integran a organización territorial do Estado, o artigo 140 garante especificamente a autonomía municipal, co significado e alcance que a posterior xurisprudencia constitucional foi conformando.

A protección que ás EELL outorga a Constitución a través da coñecida como garantía institucional da autonomía local forma parte dos tradicionais debates arredor da configuración do réxime local, garantía institucional que, porén *“non asegura un contido concreto ou un ámbito competencial determinado e fixado dunha vez por todas, senón a preservación dunha institución en termos recoñecibles para a imaxe que da mesma ten a conciencia social de cada tempo e lugar”*, tal e como sinala tempranamente o Tribunal Constitucional (TC) na súa sentenza 32/1981.

Serán, entre outras, as sentenzas do TC 32/1981, 27/1987, 214/1989, as que inicialmente contribúan a delimitar a configuración das EELL no noso modelo de estado constitucional e en base ao reparto de competencias, correxen nos artigos 148 e 149, e a interpretación da competencia estatal ex artigo 149.1.18º en relación co réxime xurídico das administracións públicas, as que determinen tamén a configuración institucional da autonomía local⁴.

Así, tras fixar a competencia estatal para o establecemento das bases do réxime local, incluíndo os principios ou criterios básicos en materia de competencia dos EELL, corresponderá ás CCAA, que estatutariamente así o asumiran, a competencia para o desenvolvemento e execución das bases. Todo iso sen prexuízo do recurso a outros títulos competenciais recollidos nos citados preceptos. Se ben tras esta primeira xurisprudencia constitucional debemos revisar a devandita configuración á luz dos coñecidos como Estatutos de nova xeración, que proceden á denominada “interiorización” do réxime local e especialmente da

3 Así o afirmaron, entre outros, Embid Irujo, A. “Crisis económica y reforma local”, en Cosculluela Montaner, L., Medina Alcoz, L. *Crisis económica y Reforma del Régimen Local*. Navarra Civitas, 2012. Font i Llovet, T. e Galán Galán, A. “Gobierno Local y reorganización territorial: ¿la reforma vendrá de Europa?”. *Anuario del Gobierno Local*, Fundación Democracia y Gobierno Local, 2011.

4 Sánchez Morón, Miguel. “La distribución de competencias entre el Estado y las Comunidades Autónomas en materia de Administración Local”, en Muñoz Machado, S. *Tratado de Derecho Municipal*, vol.1, 3ª edición. Madrid. Iustel. 2011.



sentenza 31/2010⁵, na que tras manter a constitucionalidade da devandita interiorización se matiza que será sempre que se produza dentro do respecto á lexislación básica estatal⁶.

A ratificación, en 1988, polo Reino de España da Carta Europea, de 15 de outubro de 1985, da Autonomía Local, representou un paso máis na configuración do noso réxime local⁷, por canto recolle a concreción da autonomía local a través do dereito e a capacidade efectiva das Entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes (artigo 3.1) ao tempo que lles atribúe dentro do ámbito da Lei, liberdade plena para exercer a súa iniciativa en toda materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade (artigo 4.2).

En canto á conformación da administración local a nosa Constitución no seu artigo 137.1, garante a existencia de municipios e provincias, non así a doutras EELL, xa que se ben no seu artigo 141.3 recolle a posibilidade de creación de agrupacións de municipios diferentes da provincia, estes non gozan da protección da garantía institucional da autonomía local. Respecto á devandita distinción entre unhas e outras, xa fixada en sentenza 214/1989, é reiterada pola sentenza TC 31/2010. En canto ás illas, a STC 132/2012, de xuño, reafirma expresamente a garantía constitucional das illas.

Resulta necesario poñer de relevo como malia a devandita configuración como entidades dotadas de autonomía constitucionalmente garantida, as EELL presentan unha casuística completamente allea ao que sucede cos outros dous niveis da organización territorial, estatal e autonómica, e é unha certa percepción, tanto lexislativa como socialmente, de que nos atopamos unicamente ante unha instancia de administración e non dun goberno democrático e lexítimo a través do cal exercer as funcións de dirección da política municipal inherentes ao mesmo, que constitúe o primeiro chanzo da administración e que en aplicación dos principios de proximidade e subsidiariedade se erixen na administración que maior presión social recibe para dar resposta ás demandas existentes.

1.2 Plasmación legal do réxime local: unha misión bifronte con pacto no sistema competencial

Coa aprobación da LRBRL dotábase ás EELL dun marco básico uniforme para o conxunto do Estado, sen prexuízo das competencias asumidas estatutariamente. Norma que, segundo a interpretación inicialmente dada polo TC se integraba no bloque de constitucionalidade das normas, en sentenza 27/1987 situando á norma nunha pretensión de superioridade ordinal⁸. Deste xeito pretendíase cumprir unha función constitucional: integrar o bloque de

5 Sentenza 31/2010, de 28 de xuño de 2010 (BOE núm. 172, de 16 de xullo de 2010), ditada en recurso de inconstitucionalidade contra a Lei Orgánica 6/2006, de 19 de xullo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Cataluña.

6 Jiménez Asensio, R. "Informe sobre la reforma local: ¿Reforma o "deconstrucción" del gobierno local en España?". 2013.

7 Parejo Alfonso, L. "La autonomía local en la Constitución española" en Muñoz Machado, Santiago, *Tratado de Derecho Municipal*, vol. I. Madrid. Iustel. 2011.

8 Sosa Wagner, F. "Los principios del régimen local" en Muñoz Machado, Santiago, *Tratado de Derecho Municipal*, vol. I. Madrid. Iustel. 2011.

constitucionalidade⁹ e condicionar ao lexislador sectorial, mais tendo en conta que a propia LRBRL ten natureza ordinaria, os seus efectos neste sentido foron escasos.

Porén, a LRBRL non esgota a definición do modelo de administración local, no devandito sentido o TC en sentenza 32/1981 establecía que *“a fixación destas condicións básicas non pode implicar en caso ningún o establecemento dun réxime uniforme para todas as entidades locais de todo o Estado, senón que debe permitir opcións diversas, xa que a potestade normativa das Comunidades Autónomas non é nestes supostos de carácter regulamentario”*. Tanto polo consabido carácter bifronte das EELL, como polo feito de que a súa regulación se encomende a unha norma de carácter básico, mais ordinaria, a complexa situación non contribúe a un escenario normativo estable, pois é común observar como normas sectoriais modifican substancialmente o réxime competencial e a lista de servizos mínimos municipais, de tal modo que se incide directamente nos servizos municipais e na forma e prestación dos mesmos, con clara incidencia económica.

Precisamente a distribución constitucional de competencias en materia de réxime local foi obxecto de pronunciamento polo Tribunal Constitucional na súa sentenza 84/1982, confirmando así a sentenza 32/1981, ao cimentar unha liña xurisprudencial que serviu de soporte ao desenvolvemento do nivel de goberno e administración local, afirmando o carácter bifronte das EELL, como resultado da súa definición sobre a base da concorrencia da actividade normativa do Estado e das CCAA e sen prexuízo do seu carácter básico recoñecible con independencia do territorio autonómico. A súa articulación prodúcese basicamente a partir do título competencial do artigo 149.1.18 CE, en relación coas bases do réxime xurídico das administracións públicas, sen prexuízo da existencia doutros títulos que acompañan ao citado, como son o réxime estatutario dos funcionarios públicos, eleccións locais, o recorrente de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre a Facenda Xeral entre outros¹⁰. A súa asunción polas CCAA producírase a través dos respectivos Estatutos de Autonomía, cobrando maior relevancia a partir dos denominados Estatutos de nova xeración e a súa interiorización das competencias en materia de réxime local¹¹.

En relación coas críticas que se realizan ao modelo da LRSAL pola subtracción de competencias aos municipios¹², temos que lembrar que o modelo establecido na LRBRL non é intocable, pero si debe ser obxecto de máximo respecto na súa modificación en relación coa garantía institucional da autonomía local. Así estableceuse polo TC na súa sentenza 32/1981 *“o lexislador pode diminuír ou acrecentar as competencias hoxe existentes, pero non eliminalas por enteiro, e, o que é máis, o debilitamento do seu contido só pode facerse con razón suficiente e nunca en dano do principio de autonomía, que é un dos principios estruturais básicos da nosa Constitución”*. Na devandita liña podemos establecer un paralelismo co sucedido en Alemaña coas reformas iniciadas desde os Lander e a sentenza do Tribunal Constitucional que anulou a división proposta pola Lei de Modernización da Administración do Land de Mecklemburgo-Pomerania, de 23 de maio de 2006, que dispón que ante calquera reforma territorial é necesario ponderar todas as alternativas posibles que

9 García Roca, J. “El concepto de autonomía local según el bloque de la constitucionalidad”, *Revista de Administración Local y Autonómica*, núm. 282, 2000.

10 Sánchez Morón, M. op cit.

11 Jiménez Asensio, R. op cit.

12 Velasco Caballero, F. “Nuevo régimen de competencias municipales en el Anteproyecto de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local”. *Anuario de Derecho Local*, 6. IDLUM. páxs. 2012.

sexan menos gravosas para a autonomía local e fai primar a dimensión democrática sobre consideracións de eficacia ou racionalización administrativas¹³.

A regulación do réxime local, cunha competencia compartida entre Estado e CCAA, articulada a través dunha lei de bases, norma de rango ordinaria, mais que integra o bloque de constitucionalidade e a complexa distribución de competencias de carácter sectorial, ao que hai que engadir a consabida autonomía local, resulta significativa da situación existente e como esa configuración incide directamente nun dos principais problemas diagnosticado ás EELL, como son as coñecidas como competencias impropias e a duplicidade na prestación de servizos.

Como mostra da percepción doutrinal sobre a incidencia da LRSAL na autonomía local afirmouse que *“a nova lei reflicte un entendemento pouco ambicioso da autonomía local”*, pouco conciliable coa concepción que da mesma imperara no noso sistema. Chegouse a falar de *“xibarización”* da acción dos entes locais a través das seguintes liñas¹⁴:

- Limitacións competenciais na nova listaxe do artigo 25 LRBRL.
- Eliminación das competencias complementarias.
- Regulación moi limitativa das competencias *“impropias”*.
- Marco global máis limitado para o exercicio de competencias municipais que provinciais.
- Degradación da autonomía local a través dos mecanismos de delegación.

2 Unha nova categoría: competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación

A entrada en vigor da LRSAL supuxo un punto de inflexión no exercicio polos municipios das coñecidas tradicionalmente como competencias impropias, agora baixo a denominación de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, positivizando a terminoloxía proposta polo Consello de Estado no seu Ditame 567/2013, emitido ao Anteproxecto da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Realizando un bocexo da modificación do réxime competencial podemos sintetizalo nas seguintes liñas¹⁵

- Modificación da cláusula xeral de atribución competencial recollida no artigo 25.1 LRBRL.
- Supresión de determinadas competencias no artigo 25.2 LRBRL.

13 Ortega Álvarez, L. “Las competencias propias de las Corporaciones Locales” en Muñoz Machado, Santiago, *Tratado de Derecho Municipal*, vol. I. 3ª edición. Madrid. Iustel. 2011.

14 Boix Palop, A. “Sentido y orientación de la Ley 27/2013 de racionalización y sustentabilidad de la Administración local: autonomía local, recentralización y provisión de servicios públicos locales”. *Revista de Estudios de la Administración Local y Autonómica*. REALA núm. 2, xullo-diciembre 2014.

15 Velasco Caballero, F. d. “Títulos competenciales y garantía constitucional de autonomía local en la Ley de Racionalización y Sustentabilidad de la Administración Local” na *Reforma de 2013 del régimen local español*. 2ª edición. Barcelona, Fundación Democracia y Gobierno Local. 2014.

- Supresión das competencias complementarias coa eliminación do artigo 28 LRBRL.
- Nova configuración das novas competencias delegadas no artigo 27 LRBRL.
- Ampliación das competencias provinciais nos artigos 26, 36 e 11 LRBRL.

Tal e como se recolle na Exposición de Motivos da LRSAL a reforma local pivota sobre tres eixes: clarificación das competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalización da estrutura organizativa da Administración local de acordo cos principios de eficiencia, estabilidade e sostenibilidade financeira, e garantía dun control financeiro e orzamentario máis rigoroso. De entre eles adquire especial relevancia o tema competencial, erixido en leitmotiv da reforma co lema de “unha administración, unha competencia” que nunha interpretación hermenéutica do réxime xurídico aplicable ás EELL atravesa transversalmente a aplicación dos preceptos reguladores das competencias locais (artigos 2, 7, 25, 26, 27) sen prexuízo dos atributivos de competencias á entidade provincial.

Non faltan aquelas visións críticas que, fronte aos que censuran a reforma por limitar a autonomía local, no lado oposto, consideran tímida a reforma efectuada ao entender como ínfimo o retoque efectuado na cláusula xeral do artigo 25.1 LRBRL, ao tempo que afirman que a lei contradi a súa propia esencia ao permitir a continuidade no exercicio de competencias impropias, considerando insuficientes as medidas adoptadas para frear os tradicionais problemas de financiamento locais, e mesmo amparar novas situacións de endebedamento¹⁶.

2.1 O novo mapa competencial: unha visión das competencias propias e das competencias delegadas

Outra das novidades que se introduce é a composición do órgano de goberno do novo municipio, en cuxa regulación, ao meu xuízo, se peceu de certo temor ás protestas que puidesen vir desde o mundo local, xa que estará constituído pola suma dos concelleiros dos Concellos fusionados. E aínda que está previsto que a devandita composición sexa transitoria o certo é que durará todo o que quede de mandato ata as seguintes eleccións locais. Ata agora o Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais establecía que en caso de fusión de dous ou máis municipios limítrofes cesaban todos os alcaldes e concelleiros, debendo designarse unha Comisión Xestora pola Deputación Provincial ou, no seu caso, polo órgano competente da Comunidade Autónoma, integrada por un número de Vogais Xestores igual ao que correspondese de concelleiros segundo a poboación total resultante do novo municipio. As designacións efectuaríanse entre os concelleiros cesados e en favor dos que obtiveron maiores cocentes nas eleccións municipais, seguindo para iso o sistema D'Hont, segundo o disposto no artigo 180 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, en concordancia co 163,1, o cal parece moito máis razoable que manter a todos os electos. Poñamos por caso que ao principio do mandato dous ou tres Concellos de 2.000 habitantes se fusionan entre si. Coa lexislación que había ata agora nomearíanse aos 11 ou 13 vogais xestores, respectivamente, que obtivesen maiores cocentes nas eleccións nas súas respectivas circunscricións, que parece o lóxico. Pero con esta nova regulación constituiríase un Pleno composto por 22 ou 33 concelleiros, segundo o caso, cando a poboación equivalente para semellante composición sería a de Concellos con máis de 20.000 habitantes e non de ata 6.000 como os deste exemplo. E como digo, se se produce ao principio do mandato manteríase semellante órgano de goberno absolutamente desproporcionado durante toda a lexislatura.

E curiosamente, o que non se regula en parte ningunha é quen será o Alcalde, porque o que é evidente é que non poden ser todos os dos Concellos fusionados, e a elección por un órgano tan desproporcionado pode ter como consecuencia que a súa composición non se corresponda realmente co nivel de representatividade que debería ostentar cada Grupo Municipal, e se se me apura cada concelleiro. É dicir, por culpa desa falta de valentía nesta regulación pódese xerar un problema dunhas dimensións e repercusións moito maiores que se se segue coa actual, moito máis lóxica e que non trae consigo problemas nin de interpretación, nin de aplicación, nin de representatividade.

1.4.3 Nova maioría para a aprobación das fusións

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local esixía na súa redacción orixinal a maioría capacitada de dous terzos do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros das Corporacións afectadas. Isto cambiou con motivo da entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, rebaixando ese quórum á maioría absoluta do número legal de membros das Corporacións afectadas. E coa aprobación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local mantense esta maioría para a creación e supresión de municipios e para a alteración de termos municipais, como ata agora, pero excluindo expresamente os acordos sobre fusión de Concellos, que segundo o novo apartado 6 do artigo 13 serán por maioría simple de cada un dos Plenos dos municipios fusionados. É evidente que esta modificación vai na liña de favorecer as fusións de Concellos, aínda que desde a miña perspectiva creo que non vai na dirección correcta. Non porque se rebaixe o quórum vai haber máis fusións cando se trata dun asunto de suficiente calado, transcendencia e importancia como para que se seguise esixindo a maioría absoluta, como se fai para figuras tan afíns como a creación e supresión de municipios ou a alteración de termos municipais. Ou como se dá para supostos como a aprobación da delimitación do termo municipal, a alteración do nome ou a capitalidade do municipio, para os que, se non se trata dunha fusión, se esixe maioría absoluta e se se trata desta, maioría simple, o cal parece algo rebuscado, engoroso e difícil de asimilar xuridicamente, por canto o obxecto e a transcendencia dos acordos é a mesma.

Toda esta regulación das fusións que fai a nova Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local rezuma, ao meu xuízo, bastante descoñecemento da realidade local. Precisamente a maioría simple para a aprobación das fusións, lonxe de fomentalas como pretende pode ser un elemento distorsionador. Unha fusión de Concellos non é nada doado e moitas veces trae consigo procedementos longos, duros e problemáticos. Intentar que por unha maioría simple, e polo tanto case desde a imposición dun grupo, se poidan levar a cabo non é máis que provocar, con toda seguridade, un aluvión de recursos contra a mesma así como abrir feridas na convivencia dos veciños afectados. Unha fusión, desde o meu punto de vista, debe ir precedida dunha negociación e os acordos que se adopten deben ser o colofón dun proceso de consenso ou, como mínimo, dunha maioría capacitada, que faga que se produza dunha forma natural e sen repercutir na devandita convivencia. Por iso creo que o mellor sistema é ir cara unhas fusións programadas, baixo criterios de verdadeira «racionalización» e «sostenibilidade», e polo tanto obrigatorias, co conseguente proceso transitorio que leve consigo a implantación de ámbitos territoriais para a prestación de servizos, de forma que se poidan comprobar os seus efectos antes de que se produzan realmente, facendo que ao final devengan dunha forma natural e polo tanto non se consideren nin impostas nin traumáticas.

1.4.4 A fusión como sanción por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

Sen prexuízo de todo o exposto anteriormente, e como contraposición a ese carácter de incentiación e voluntariedade das fusións de Concellos, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, incorpora un novo artigo 116 bis que establece que cando por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, as corporacións locais incumpridoras

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

formulen o seu plan económico-financeiro farano de conformidade cos requisitos formais que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e adicionalmente ao previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, deberán incluír, entre outras, unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

É evidente que esta volve ser unha mostra máis do descoñecemento da Administración Local por parte dos redactores desta nova Lei, porque algo tan importante e transcendente como é unha fusión de Concellos non pode incluírse como unha medida por incumprimento dun plan de axuste e ademais dunha forma tan inconexa e sen sentido.

O apartado 2, letra f) do citado artigo 116 bis da nova redacción da Lei de Bases de Réxime Local fala desa proposta de fusión que, loxicamente, terá que ser cun Concello lindeiro da mesma provincia para non contradicir a regulación xeral contida no artigo 13, pero sen concreción ningunha, porque se ese terceiro Concello afectado cumpre perfectamente co obxectivo de estabilidade orzamentaria, por que vai ter que verse inmerso nun proceso de fusión cun Concello incumpridor?, ¿en a posibilidade, dentro da súa autonomía local, de negarse a tal proceso, sobre todo tendo en conta o carácter voluntario establecido pola propia Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local?. Evidentemente si. E no suposto de que ningún Concello limítrofe da mesma provincia estea disposto a fusionarse voluntariamente con ese Concello incumpridor, e polo tanto non poida presentar nin sequera un proxecto de convenio de fusión, que lle vai suceder a este? A solución, desde o meu punto de vista, é tan absurda como a mesma norma, e non será outra que aplicar *literalmente* esta, é dicir: ao Concello incumpridor co obxectivo de estabilidade orzamentaria abondaralle con presentar unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia (*este precepto non fala do convenio de fusión*), sen necesidade ningunha de presentar tamén a conformidade ou disconformidade deste nin de levar a cabo ningún trámite máis para a devandita fusión. É dicir, en realidade non se trataría máis que dun paripé. Calquera outra cousa contraviría o carácter voluntario das fusiones establecido no artigo 13 da mesma Lei así como co principio de autonomía municipal do resto de Concellos afectados.

E se o anterior resulta sorprendente, a cousa non remata aquí. A nova disposición adicional décimo sexta, introducida por esta Lei 27/2013, establece que, excepcionalmente, cando o Pleno da Corporación Local non acadara, nunha primeira votación, a maioría necesaria para a adopción de acordos prevista nesa Lei, a Xunta de Goberno Local terá competencia para aprobar, entre outros, os plans económico-financeiros, os plans de reequilibrio e os plans de axuste aos que se refire a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira. É dicir, se en aplicación do artigo 116 bis, apartado 2, letra f), un Concello incumpridor co obxectivo de estabilidade orzamentaria presenta un plan económico-financeiro no que se inclúe unha proposta de fusión cun municipio lindeiro e non obtén o apoio do Pleno da Corporación, en virtude desta disposición adicional poderá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local. Xa non estamos nin sequera ante a discusión de se é atinada ou non a maioría simple introducida pola nova regulación da Lei de Bases de Réxime Local para aprobar un convenio de fusión entre Concellos ou é mellor unha maioría capacitada, senón que, mesmo, podería aprobarse por unha Xunta de Goberno Local. E se estamos ante un mero paripé, como expusen no parágrafo anterior, non tería maiores consecuencias máis alá do propio absurdo, pero que pasaría se efectivamente o Concello lindeiro está disposto a fusionarse co incumpridor e polo tanto o proceso vai adiante?,

poderíase iniciar un expediente da envergadura, a transcendencia e a importancia como é unha fusión de Concellos co simple acordo dunha Xunta de Goberno Local?

Sinceramente insisto en que en toda esta materia non só existe un descoñecemento absoluto sobre ela dos redactores desta nova norma senón que se denota un auténtico desinterese por esta figura e o convencemento de que non vai ser algo frecuentemente empregado. O cal segue a condear a todos os microconcellos existentes neste país a seguir na súa condición de tal, e o máis grave, aos seus veciños a seguir privados duns servizos que doutra maneira terían garantidos e xeralizados para toda a poboación, así como desviándose do xeral proceder da maior parte dos nosos socios europeos, tal e como expoño brevemente no punto seguinte.

1.5 Breve comparativa con Europa

1.5.1 Reestruturacións feitas en Europa

Non pretendo facer aquí un tratado sobre o sistema local europeo senón que, para que se entenda mellor a nosa situación, o que intento é facer unha foto fixa da Administración Local con que contan os nosos socios europeos para comprobar que fixeron eles e que nos falta por facer a nós.

Para comezar a gran maioría de países de Europa acometeron as fusións dos seus Concellos na segunda metade do século XX, reducindo os seus entes locais en máis do 62% de media, aínda que nalgúns deles se superou ata o 80%, así:

- Alemaña fixo unha fonda reforma do seu mapa local entre 1960 e 1978, na entón República Federal, pasando de 24.371 municipios (dos que 10.760 tiñan menos de 500 habitantes) a 8.514, cunha poboación media de entre 5.000 e 6.000 habitantes.
- Dinamarca durante a década dos 70 reduciu a unha quinta parte o número dos seus municipios, pasando de 1.387 a 285, ningún con menos de 1.000 habitantes. E en 2007 reduciunos aínda máis, e polo tanto con maior poboación cada un, pasando aos 98 actuais.
- Grecia pasou en 1998 de 5.343 a 1.034 e despois, en 2010, en aplicación do «*Plan Kallikrates*», eliminou todos os de menos de 10.000 habitantes, reducíndoos a 325.
- Italia acordou a fusión das súas localidades con menos de 1.000 habitantes de maneira que case 2.000 Concellos (e ata 36 provincias) poderían desaparecer.
- Portugal acometeu unha drástica redución xa en 1836, pasando dos seus máis de 800 municipios a tan só 308, dos que só uns 40 teñen menos de 5.000 habitantes.
- Suecia iniciou o seu proceso de reforma do mundo local, constituído por 2.281 entidades, en 1952, continuando despois no decenio 1962-1973 para rematar nas actuais 286.
- Outros casos similares producíronse en Bélxica, que seguindo un procedemento de fusións obrigatorias pasou de 2.269 a 586 municipios; Holanda, que pasou de 1.014

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

a 647; Austria, de 3.999 a 2.301; Noruega, de 744 a 439; Bulgaria, de 2.178 a 255; Chequia, de 11.051 a 6.196; Islandia, de 7.200 a 76; ou Letonia, de 500 a 118.

- Mesmo o Reino Unido, mediante complexas reformas realizadas durante o bienio 1974-1975, pasou de 1.549 a 484 entidades locais.

Porén non todos os países europeos realizaron unha política activa de fusións de Concellos:

- Finlandia é o único dos países escandinavos que non optou por elas, mantendo uns municipios moi pequenos nos que a maioría dos servizos son prestados por organismos supramunicipais de carácter técnico, tipo mancomunidades, seguramente condicionado pola súa propia orografía, composta por unha multitude de pequenas illas e illotes. Recentemente estes organismos foron criticados pola duplicidade de custos administrativos que xeran, o que levou ao goberno finlandés a reconsiderar o modelo.
- Francia supón o exemplo de reforma fracasada. Conta con máis de 36.000 municipios e intentou a súa redución en 1971 pero sen moito éxito, consecuencia do carácter voluntario, aínda que incentivado, da Lei, tal e como recolle a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. Porén reabriuse o debate no país veciño polas crecentes críticas a este sistema municipal tan fragmentado, propoñendo abrir o camiño cara as fusións, comezando polas rexións, que en dous meses e nun procedemento lóstrego pasaron de 22 a 14.

1.5.2 O caso español

En España podemos referenciar a orixe do municipalismo actual na Constitución de Cádiz de 1812, que configurou un réxime uniforme e xeral para todo o territorio nacional similar ao francés aínda que menos radical, xa que o artigo 310 estableceu que «*se pondrá Ayuntamiento en los pueblos que no lo tengan, y en que convenga le haya, no pudiendo dejar de haberlo en los que por sí o con su comarca lleguen a mil almas*». De aí naceron as dúas fórmulas existentes hoxe en día: a que liga o Concello coa existencia dun núcleo de poboación, sendo esta a máis estendida e xeral en todo o país, e a que o fai cun territorio, incluíndo baixo a súa xurisdición a todos os núcleos que estean dentro do mesmo, sendo os seus máximos expoñentes Galicia e Asturias.

Non se sabe a ciencia certa cantos Concellos xurdiron da Constitución de 1812, non realizándose o primeiro censo oficial que toma o municipio como unidade de información ata 1842, indicando a existencia entón de 11.271. Porén tres anos despois, como consecuencia da aplicación de Lei de Organización e Atribucións dos Concellos, de 8 de xaneiro de 1845, xa se extinguiron 1.916 municipios. E no Século XX, pola aplicación da Lei sobre Modificación Parcial do Réxime Local, de 23 de xullo de 1966, extinguíronse outros 1.247. En consecuencia, o número de municipios reduciuse en España desde mediados do século XIX ata mediados do XX en case un 30%, e mesmo se chegou ata os 8.022 en 1980, polo que está claro que as fusións non son alleas á nosa historia, todo o contrario, mesmo o proxecto de bases para a Lei Orgánica Municipal de 1906 incidía na obriga de acadar, xa entón, os 2.000 habitantes, establecendo a incorporación daqueles municipios que non tivesen esa poboación aos máis próximos e prohibindo a constitución de novas entidades locais por debaixo dese límite. E en 1960 a Dirección Xeral de Administración Local encomendou aos

Gobernadores Civís estudar posibles fusións e incorporacións. Porén é a partir da restauración democrática dos Concellos cando se invirte a tendencia, así a partir de 1980 prodúcese un progresivo aumento ata acadar a cifra dos 8.119 a día de hoxe, supoñendo un mapa municipal atomizado en palabras da propia Exposición de Motivos da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

1.6 Reflexión final sobre a fusión de Concellos

Este tema da fusión de Concellos non é novo agora, por mor da crise que estamos a padecer e das esixencias de Bruxelas de adelgazar o aparato da nosa Administración Pública. Xa en 1990 o Comité das Rexións da Unión Europea advertía nun informe, ao referirse á situación de España que: *"É responsabilidade primaria das Comunidades Autónomas a política de fomentar fusións ou agrupacións de municipios, ou mesmo reordenar coactivamente o mapa municipal; pero ata agora se limitaron a estimular timidamente a constitución de mancomunidades de asociación voluntaria"*.

Porén, como dixen ao principio, a nosa legislación viviu de costas á figura da fusión e séguese a facer malia a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, xa que, aínda que introduce incentivos porén o proceso segue a ser voluntario, o que decaerá loxicamente en ineficaz, por unha parte pola súa dilación no tempo e por outra porque as posibles unións que haxa serano por afinidade ou empatía e non por principios de ordenación e racionalización, sobre os cales tampouco introduce elemento ningún de fomento, senón que estes son tan só de carácter económico. Pero o colmo prodúcese precisamente con esta Lei, xa que durante 2013 deuse a primeira fusión nos últimos 32 anos, a dos Concellos de Cesuras e Oza dos Ríos, na provincia da Coruña, e porén non se vai ver beneficiada por ningunha das medidas contidas na nova norma porque ninguén se lembrou dela, cando, ao non atoparse definitivamente aprobada por estar recorridos os seus acordos de fusión ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, podería perfectamente terse previsto unha Disposición Transitoria que contemplase o dereito a obter eses beneficios a todas aquelas fusións de Concellos que, iniciadas, aínda non estivesen declaradas en firme, xa que só había unha.

2 Especial referencia a Galicia

Dun tempo a esta parte estamos asistindo á revitalización dun asunto antigo e latente como é a fusión de Concellos, e neste caso prodúcese como consecuencia da situación de crise económica que estamos a vivir e ante a necesidade imperiosa de aforro. E para iso estanse dando moitas ideas e acudindo a vellas fórmulas que, ao meu xuízo, xa foron superadas.

Baixo o paraugas que me dan os máis de 30 anos de experiencia como Secretario de Administración Local trato de achegar o meu grao de area a esta situación co que creo que podería ser o camiño que nos leve a esa fusión a través dun sistema non traumático, aínda que, evidentemente, tampouco voluntario, referido, no presente traballo, especificamente a Galicia.

A fusión de Concellos en Galicia pódese abordar desde dous puntos de vista. Un é o que se nos vén a todos á cabeza ao oír falar deste asunto como é a unión de dous ou máis

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Concellos para a formación dun novo de maior entidade pero hai outro punto de vista seguramente sorprendente e inadvertido como tal mesmo entre os políticos e profesionais da Administración Local como é a propia planta municipal galega onde desde cada Concello se administra unha pluralidade de entidades de poboación, funcionando na práctica como un Concello fusionado, pois disto e non doutra cousa é do que se trata.

Neste traballo voume referir a ambos os dous puntos de vista, comezando, precisamente, por este último.

2.1 Galicia, modelo de Concellos fusionados

En España hai dúas concepcións distintas de municipios: aquela máis estendida segundo a cal cada pobo ten o seu propio Concello, aínda que coas peculiaridades tamén correntes das chamadas pedanías, e aqueloutra propia de Galicia, e tamén de Asturias, na cal o que define o municipio é o seu territorio de forma que todas as unidades de poboación que entren dentro do mesmo termo municipal pertencerán a un único Concello.

Segundo o Instituto Nacional de Estadística, Galicia conta con 314 Concellos cunha media de poboación, quitando as 7 cidades para evitar as distorsións que xeran nos números finais, de 5.778 habitantes, moi por enriba dos 2.767 de media que ten España descontando as capitais de provincia e cidades de máis de 50.000 habitantes, mentres que a veciña Castela e León con 240.000 habitantes menos que Galicia conta con 2.249 Concellos cunha media, sen as cidades, de 627 habitantes cada un, precisamente por ser a maior expoñente do sistema dun pobo, un Concello, debendo salientar que non é en Galicia onde, por termo medio, se dan os Concellos máis pequenos, sendo a sexta Comunidade de España en habitantes por municipio.

Descendendo a cifras reais e non proporcionais, o 64% dos Concellos galegos non chegan a 5.000 habitantes, non existindo ningún a 31 de decembro de 2013 con máis de 40.000, agás as 7 cidades, sendo 19 os que se atopan entre os 18.000 e os 40.000 mentres que con menos de 1.000 hai 24. Das cidades a máis poboada é Vigo con 296.479 habitantes e a menos Ferrol con 71.232. A partir de aquí o seguinte Concello con maior número de habitantes é Narón (AC) xa con 39.450, seguido de Vilagarcía de Arousa (PO) con 37.741, mentres que os de menor poboación son Chandrexa de Queixa (OU) con 560, Larouco (OU) con 557, Beade (OU) con 465, A Teixeira (OU) con 406 e Negueira de Muñiz (LU) con 217.

En canto á distribución poboacional, segundo o Instituto Galego de Estadística, Galicia conta con 30.196 entidades singulares, sendo estas as constituídas polas edificacións ou vivendas que non poden incluírse no concepto de núcleo, que se recolle a continuación, o que supón case o 49% do total nacional, das cales 10.246 poden considerarse precisamente núcleos de poboación, definidos estes como o conxunto de polo menos dez edificacións que estean formando rúas, prazas e outras vías urbanas, podendo ser menos sempre que a poboación que habite as mesmas supere os 50 habitantes, supoñendo o 37,6% dos españois, organizados en 3.772 parroquias, que son unha división administrativa ou censal que existe en numerosos países e que ten a súa orixe nas parroquias eclesiásticas, estando recoñecidas en Galicia como entidades colectivas de poboación inferiores ao Concello. E non vou dicir, nin moito menos, que se as provincias galegas pertencesen a Castela e León todas as súas entidades singulares serían Concellos, nin sequera todos os seus núcleos de

poboación, pero o que si é seguro é que as que son perfectamente homologables con calquera municipio son precisamente as parroquias, que teñen un núcleo principal e outras entidades de poboación de forma moi similar ás capitais municipais e pedanías do resto do país. Pois ben, se se aplicasen aquí os criterios xerais da actual planta municipal española, especialmente os da Comunidade veciña, isto suporía multiplicar polo menos por 10 o actual número de Concellos galegos.

Se nos detemos nos núcleos de poboación efectivamente existentes veremos que 1 de cada 5 Concellos en Galicia ten entre 10 e 20 núcleos mentres que case 4 de cada 10 ten entre 20 e 40, organizados entre 5 e 10 parroquias, onde está encadrado case o 40%, sendo Vigo, con 292, o que conta co maior número de núcleos de poboación, seguido da Estrada (PO) con 154, Santiago de Compostela (AC) con 145 e Carballo (AC) con 140, mentres que Beade (OU), Ferrol (AC), Moeche (AC), Negueira de Muñiz (LU), Val do Dubra (AC) e O Valadouro (LU) con 2, e Burela (LU), A Illa de Arousa (PO), Meira (LU), Mondariz-Balneario (PO), Rábade (LU) e O Vicedo (LU) con 1 cada un son os que menos teñen.

En canto ao número de parroquias é Lugo con 54, seguido da Estrada (PO) con 51, Sarria (LU) con 49 e Lalín (PO) con 48 os Concellos que contan co maior número delas, mentres que Beade (OU), Corcubión (AC), O Grove (PO), Meira (LU), Melón (OU), Pontedeira (OU), Soutomaior (PO) e Vilar de Santos (OU) con 2, e A Arnoia (OU), A Illa de Arousa (PO), Burela (LU), Mondariz-Balneario (PO), Pontecesures (PO) e Rábade (LU) con 1 cada un son os que menos teñen.

En canto á extensión dos termos municipais en Galicia por regra xeral son pequenos nas provincias atlánticas, aumentando significativamente algúns deles de cara ao interior na de Pontevedra. Tamén son relativamente pequenos na de Ourense, crecendo máis cara ao este da mesma, sendo Lugo quen ten os Concellos máis extensos, sobre todo no interior, descendendo a súa extensión segundo máis cara la costa. A Comunidade ten unha superficie total de 29.574,8 km² o que nos daría unha media aritmética de 94,2 km² por Concello, aínda que en realidade o 57% ten menos de 90 km², tendo 1 de cada 4 entre 30 e 60, sendo o termo municipal máis extenso de Galicia A Fonsagrada (LU), nada menos que con 438,5 km², seguido de Vilalba (LU) con 379,4, Lugo con 329,8, Lalín (PO) con 326,8 e Quiroga (LU) con 317, mentres que os termos municipais máis pequenos son os de Pontedeira (OU) con 9,9, Burela (LU) con 7,8, a Illa de Arousa (PO) con 6,9, Pontecesures (PO) con 6,7, Corcubión (AC) con 6,5, Beade (OU) con 6,4, Rábade (LU) con 5,2 e Mondariz-Balneario (PO) con 2,3.

Sei que tantos datos non fan doada nin amable a súa comprensión pero son absolutamente imprescindibles para entender cal é o actual mapa de planta local galego e así poder asimilar e analizar máis doadamente cales son as solucións que se propoñen. Por iso, e para enfocar aínda máis esa foto fixa, vou detallar algúns deses aspectos por provincias:

- **A Coruña:** A media de poboación dos Concellos coruñeses, quitando as 3 cidades, ronda os 8.000 habitantes, un 39% por enriba da media galega, aínda que en realidade case o 40% están entre os 4.000 e os 8.000, polo que non pode dicirse que sexa unha provincia de Concellos grandes, xa que se ben non ten ningún con menos de 1.000 habitantes tampouco os hai entre 40.000 e 50.000, sendo o maior, despois das 3 cidades o de Narón con 39.450 habitantes, estando os 5 seguintes máis grandes arredor dos 30.000 e entre estes e o grupo dos 8.000 habitantes só hai 17 (18,3%

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

do total), mentres que con menos de 4.000 habitantes hai 29 (31,2% do total). É dicir, 7 de cada 10 concellos coruñeses teñen menos de 8.000 habitantes e só 8 de 90 (excluídas as 3 cidades) teñen máis de 20.000 habitantes.

En canto á distribución poboacional, A Coruña conta con 10.474 entidades singulares (o 35% do total da Comunidade), das cales 4.008 (o 39% do total galego) poden considerarse núcleos de poboación, polo que só 4 de cada 10 entidades desta provincia poden considerarse como tales núcleos, organizados en 926 parroquias, que supoñen 1 de cada 4 parroquias galegas, polo que a media por Concello daríanos 112 unidades de poboación (un 16,7% por enriba da media galega), das cales 43 serían consideradas núcleos (un 30% por enriba da media), organizadas nunhas 10 parroquias por municipio (2 menos da media). Se nos detemos nos núcleos de poboación como tales veremos que 1 de cada 3 Concellos coruñeses ten entre 20 e 40 núcleos de poboación organizados entre 5 e 10 parroquias, o que nos dá idea de que é unha das provincias con maior dispersión, sendo Santiago de Compostela o que conta co maior número de núcleos de poboación (145), seguido de Carballo con 140 e Laracha con 132, mentres que Ferrol, Moeche e Val do Dubra con 2 cada un son os que menos teñen. E polo que se refire ao número de parroquias volve ser Santiago de Compostela, con 27, o que conta co maior número delas, seguido de Melide con 26 e o novo de Oza-Cesuras con 25, mentres que Ares, A Capela, Cerdido e Dodro con 3 e Corcubión con 2 son os que menos teñen.

Por último, en canto aos termos municipais da Coruña, a provincia ten unha superficie total de 7.950,4 km², case o 27% do total da Comunidade, o que nos daría unha media aritmética de 85,5 km² por Concello, 8,7 km² menos da media galega, o cal non se axusta á realidade xa que a principal horquilla vai entre os 30 e os 105 km², onde están o 62,3% dos Concellos, pero isto non nos dá unha idea moi exacta, podendo comprobar que entre 30 e 60 km² hai 23 municipios (1 de cada 4) e entre 60 e 90 outros 22 (tamén 1 de cada 4), sendo o termo municipal máis extenso o das Pontes de García Rodríguez, con 249,4 km², seguido do de Santiago de Compostela con 220 e o de Ortigueira con 210, situándose no lado oposto Mugardos con 12,8 e Corcubión, con 6,5.

É dicir, o Concello medio coruñés tería entre 4.000 e 8.000 habitantes, sendo un dos máis grandes de Galicia aínda que tamén un dos de maior dispersión, distribuídos entre 20 e 40 núcleos de poboación que se organizan entre 5 e 10 parroquias, esparcidos entre 60 e 90 km² de termo municipal, aproximadamente.

- **Lugo:** É unha provincia de Concellos pequenos. Así a media, quitando a capital provincial, ronda os 3.750 habitantes, un 35% por debaixo da media galega. A realidade di que o 82% teñen menos de 5.000 habitantes, sendo o tramo máis poboado o comprendido entre os 1.000 e os 4.000 habitantes (67,2% do total), e precisamente 1 de cada 3 estaría entre os 2.000 e os 4.000, contando, a maiores, con 4 Concellos con menos de 800 habitantes: Triacastela (739), Muras (723), Ribeira de Piquín (609) e Negueira de Muñiz (217) e tan só con 2 entre os 15.000 e os 20.000 habitantes, sendo Monforte de Lemos o máis grande, despois da capital, con 19.426 habitantes, seguido de Viveiro con 16.016 e xa de Vilalba con 14.980.

En canto á distribución poboacional, Lugo conta con 9.784 entidades singulares (o 33% do total da Comunidade), das cales 1.334 (o 13% do total galego) poden considerarse núcleos de poboación, polo que unha característica fundamental desta provincia tamén é a dispersión da súa poboación, organizada en 1.264 parroquias, que supoñen 1 de cada 3 parroquias galegas, polo que a media por Concello daríanos 146 unidades de poboación, (un 52% por enriba da media galega), das cales 20 serían consideradas núcleos (un 40% por debaixo da media), organizadas nunhas 19 parroquias por municipio (7 por enriba da media). Se nos detemos nos núcleos de poboación como tales veremos que o 79% teñen entre 1 e 30 núcleos de poboación, sendo os máis correntes entre 1 e 20, organizados entre 5 e 15 parroquias, que é coas que contan o 35,8% dos Concellos lucenses, ou ben máis de 25, que son as que teñen tamén o 31,3%, sendo precisamente Lugo capital o que conta co maior número de núcleos de poboación (71), seguido de Vilalba con 68, mentres que Negueira de Muñiz e O Valadouro con 2, seguidos de Burela, Meira, Rábade e O Vicedo con 1, son os que menos teñen. E polo que se refire ao número de parroquias volve ser a capital provincial, con 54, o Concello que conta co maior número delas, seguido de Sarria con 49 e Palas de Rei con 43, mentres que Meira con 2, seguidos de Burela ou Rábade con só 1, son os que menos teñen.

Por último, en canto aos termos municipais de Lugo unha das súas características é que, por regra xeral, son grandes, aínda que van diminuíndo segundo se van aproximando á costa. A provincia ten unha superficie total de 9.856,6 km² o que nos daría unha media aritmética de 147,1 km² por Concello, sendo bastante aproximado coa realidade, xa que a terceira parte dos municipios lucenses ten unha superficie entre 105 e 150 Km², tendo o 61,2% do total unha extensión superior a 120 km², sendo o termo municipal máis extenso o da Fonsagrada, nada menos que con 438,5 km², seguido do de Vilalba, con 379,4, Lugo capital, con 329,8 ou Quiroga, con 317,4, situándose no lado oposto Rábade, con 5,2, Burela, con 7,8 ou xa o seguinte que é Meira, con 46,6.

É dicir, o Concello medio lucense tería entre 1.000 e 4.000 habitantes, distribuídos entre 1 e 30 núcleos de poboación que se organizan entre 5 e 15 parroquias, esparcidos nuns 120 km² de termo municipal, aproximadamente, sendo a provincia con maior dispersión poboacional.

- **Ourense:** É unha provincia de moitos Concellos e tamén pequenos. Así a media, quitando a capital provincial, ronda os 2.400 habitantes, un 58% por debaixo da media galega. A realidade di que, efectivamente, o 44,6% dos Concellos ourensáns ten entre 1.000 e 2.000 habitantes e outro tanto similar se atopa o tramo entre 2.000 e 4.000, co que o 87% teñen menos deses 4.000 habitantes e mesmo 1 de cada 5 nin sequera chega aos 1.000, non contando con ningún por enriba dos 15.000, agás a capital provincial, sendo Verín o máis grande, despois de Ourense, con 14.760 habitantes, seguido do Carballiño con 14.355 e do Barco de Valdeorras con 14.010. En canto aos menos poboados serían A Teixeira con 406, Beade con 465, Larouco con 557 ou Chandrexa de Queixa con 560.

En canto á distribución poboacional, Ourense conta con 3.690 entidades singulares (o 12% do total da Comunidade), das cales 2.599 poden considerarse núcleos de

REGAP



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

poboación (o 25% do total galego), o que supón o 70,4%, organizados en 916 parroquias, é dicir un 25% do total galego, polo que a media por Concello daríanos 40 unidades de poboación (un 58% por debaixo da media galega), das cales 28 serían consideradas núcleos (un 15% por debaixo da media), organizadas nunhas 10 parroquias por municipio (2 menos da media). Se nos detemos nos núcleos de poboación como tales veremos que o 76% teñen entre 10 e 40 núcleos de poboación, case a partes iguais entre os tramos de 10 a 20, de 20 a 30 e de 30 a 40, organizados entre 5 e 10 parroquias, que é coas que contan o 43,5% dos Concellos ourensáns, sendo Celanova con 79 e Ourense capital con 77 os que contan con maior número de núcleos de poboación, mentres que Beade con 2, A Rúa con 4 ou Larouco con 5 son os que menos teñen. E polo que se refire ao número de parroquias é Viana do Bolo con 35, seguido da Veiga con 29 ou Xinzo de Limia con 20 as que se atopan á cabeza, pechando esta clasificación A Arnoia con 1 ou Beade, Melón, Pontedevea e Vilar de Santos con 2 cada un.

Por último, en canto aos termos municipais de Ourense unha da súas características é que son máis grandes canto máis ao leste. Precisamente, a superficie provincial total é de 7.273,3 km² o que nos daría unha media aritmética de 79 km² por Concello, mentres que a realidade dinos que o 43,5% se atopan entre os 15 e os 60 km², sendo o termo municipal máis extenso o da Veiga, con 290,5 km², seguido do de Viana do Bolo con 270,4, Carballeda de Valdeorras con 222,7 ou Laza con 215,9, situándose no lado oposto Beade con 6,4 km², Pontedevea con 9,9 ou Punxín xa con 17,1.

É dicir, o Concello medio ourensán tería entre 1.000 e 4.000 habitantes, sendo xunto cos de Lugo os menos poboados de Galicia, distribuídos entre 1 e 40 núcleos de poboación que se organizan entre 5 e 10 parroquias, esparcidos nuns 60 km² de termo municipal, aproximadamente, o que o fai ser a provincia galega con menos dispersión poboacional.

- **Pontevedra:** Ten unha gran diversidade de Concellos, aínda que o 42% teñen entre 2.000 e 6.000 habitantes por debaixo hai 5 con menos de 2.000 e 1 deles, Mondariz-Balneario, con menos de 1.000 (656). A media de poboación, quitando as 2 cidades, ronda os 9.600 habitantes, un 66% por enriba da media galega, polo que é a provincia con Concellos máis poboados, aínda que hai moita diferenza entre as 2 cidades e o resto, así despois de Vigo e Pontevedra, o seguinte é Vilagarcía de Arousa con 37.741 habitantes e entre os 20.000 e os 30.000 só hai 6. Como resumo dicir que o 55% dos municipios pontevedreses teñen menos de 8.000 habitantes e só o 15% (excluídas as cidades) teñen máis de 18.000 habitantes.

En canto á distribución poboacional, Pontevedra conta con 6.248 entidades singulares (o 20% do total da Comunidade), das cales 2.305 poden considerarse núcleos de poboación (o 23% do total galego), organizados en 666 parroquias, é dicir un 18% do total galego, polo que a media por Concello daríanos 100 unidades de poboación, practicamente na media galega, das cales 37 serían consideradas núcleos (un 12% por enriba da media), organizadas nunhas 10 parroquias por municipio (2 menos da media comunitaria). Se nos detemos nos núcleos de poboación como tales veremos que máis da metade dos Concellos teñen menos de 30 núcleos organizados entre 5 e 10 parroquias, sendo Vigo, con 292, o que conta co maior número de núcleos de

poboación, seguido da Estrada con 154, Lalín con 126 e Pontevedra con 110, mentres que Vilaboia con 4, Vilanova de Arousa con 3 e A Illa de Arousa e Mondariz-Balneario con 1 cada un son os que menos teñen. E polo que se refire ao número de parroquias é A Estrada, con 51, o que conta co maior número delas, seguido de Lalín con 48 e Silleda con 33, mentres que O Grove e Soutomaior con 2 e A Illa de Arousa, Mondariz-Balneario e Pontecesures con 1 cada un son os que menos teñen.

Por último, en canto aos termos municipais de Pontevedra, estes son máis extensos canto máis ao interior e máis pequenos canto máis á costa. A provincia ten unha superficie total de 4.494,6 km² o que nos daría unha media aritmética de 72,5 km² por Concello, aínda que en realidade entre 60 e 90 km² están o 32% mentres que o 48% teñen unha superficie entre 15 e 60 km², sendo o termo municipal máis extenso o de Lalín, con 326,8 km², seguido da Estrada con 280,8, Forcarei con 168,4 e Silleda con 168, situándose no lado oposto A Illa de Arousa con 6,9, Pontecesures con 6,7 e Mondariz-Balneario con 2,3.

É dicir, o Concello medio pontevedrés tería entre 2.000 e 6.000 habitantes, distribuídos nuns 30 núcleos de poboación que se organizan entre 5 e 10 parroquias, esparcidos entre 15 e 60 km² de termo municipal, aproximadamente.

Como colofón de todo o exposto podemos concluir, en xeral, que se nos atemos á media aritmética a nivel autonómico o Concello medio galego tería unha superficie de 94,2 km² e unha poboación de 5.755 habitantes distribuídos en 96 unidades de poboación, das cales 33 serían consideradas núcleos, organizadas en 12 parroquias. Pois ben, estes números achéganse bastante á realidade, pois só 87 Concellos galegos, o 27,7% do total, estarían por debaixo de todas esas premisas simultaneamente. Aínda que se nos atemos ás cifras reais e non promediadas veremos que o Concello tipo galego ten menos de 5.000 habitantes, distribuídos entre 10 e 40 núcleos de poboación que se organizan entre 5 e 10 parroquias, esparcidos entre 30 e 90 km², aproximadamente.

Por iso dixen ao principio que Galicia é un modelo de funcionamento de Concellos fusionados pois desde 314 alcaldías se administran nada menos que 30.196 entidades de poboación das cales 10.246 poden catalogarse como poboos, vilas e, mesmo, cidades.

E aínda que Galicia é o maior expoñente en España deste sistema, moi similar ao existente noutros países como o veciño Portugal, porén non é exclusivo dela senón que tamén o atopamos, fundamentalmente, en Asturias, polo que non me resisto a facer unha moi breve referencia a esta Comunidade. Así, o Principado conta con 78 Concejos, que é a denominación coa que se coñecen alí aos Concellos, cunha media de poboación, quitando as cidades de máis de 50.000 habitantes, de 5.945 habitantes, moi por enriba dos 2.767 de España, sendo similar, aínda que algo superior, aos 5.778 de Galicia, distribuídos en 6.943 entidades singulares das cales 1.424 son núcleos de poboación, esparcidos por 10.603,57 km² de superficie total que ten esa Comunidade, o que nos dá unha media aritmética de 136 km² por Concejo, aínda que 1 de cada 4 ten unha superficie maior aos 200 km². E como digo todo iso adminístrase desde 78 alcaldías.

Por iso creo que sería moi interesante que as autoridades locais tanto de Galicia como de Asturias asumisen esa peculiaridade de estar á fronte de modelos de Concellos fusionados,

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

do que seguramente non son conscientes, e que isto se incorpore ás marcas de calidade de ambas as dúas Comunidades, que ademais de referirse a cuestións promocionais tamén ensinen outra forma de administrar os intereses máis próximos á poboación, desde outra concepción moito máis racional e sostenible que a actual planta municipal e que xeraría un gran beneficio ao resto do país se se fixese a pedagogía oportuna.

2.2 A fusión de Concellos en Galicia

2.2.1 Introducción

34 anos despois das primeiras eleccións municipais tras a restauración democrática dos Concellos parece tempo suficiente para formularse cara onde debe encamiñarse a nosa Administración Local, tendo en conta que é a máis próxima ao cidadán.

Hai fórmulas como poden ser as de colaboración intermunicipal, as de agrupación ou as mancomunidades que intentan resolver o problema, pero todas elas supoñen o mantemento das actuais estruturas organizativas e o aumento dunha nova organización intermedia. En Galicia existen, segundo a páxina da FEGAMP, un total de 35 mancomunidades que aglutinan 221 Concellos, é dicir, 7 de cada 10 municipios galegos pertencen a algunha mancomunidade, sen que ata a data deran o resultado agora pretendido e invocado. A proba diso é que o debate sobre a fusión de Concellos en Galicia está hoxe máis vivo que fai uns anos.

Outra opción pola que se decantaron algunhas Comunidades Autónomas é a comarcalización e outras figuras afíns, como en Cataluña ou en Castela e León, pero que non contemplan en ningún dos casos a redución de Concellos senón que supoñen, cunha estrutura aínda máis burocratizada que as mancomunidades, a interposición doutro nivel intermedio de Administración, e polo tanto, ao igual que estas, traen consigo maior nivel de gasto público.

Fronte a todas elas o camiño máis lóxico, e creo que inevitable, é a fusión de Concellos.

2.2.2 A proposta do Goberno

O Goberno, tras uns primeiros pasos titubeantes nos que deixara caer a posibilidade de fusionar Concellos, non quixo abrir este debate, que se me antolla inevitable, materializando a súa proposta a través da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local que contén unha regulación baseada fundamentalmente no voluntarismo a través de incentivos económicos que poden supoñer algún caso illado de fusión pero que non vai conseguir o obxecto que debería perseguirse e moito menos nun prazo razoable para ser efectivo, tal e como expuxen máis extensamente na primeira parte deste traballo.

O Goberno fai xirar a súa filosofía arredor de criterios económicos, levando a estabilidade orzamentaria e o equilibrio financeiro ata as súas últimas consecuencias, ata o punto de establecer unha especie de tutela para os Concellos de menos de 20.000 habitantes a favor das Deputacións Provinciais mediante un discutible sistema de coordinación. Pero é que en

Galicia hai 292 Concellos nesas condicións, o 93% do total, e nas provincias de Lugo e Ourense practicamente o 100% pois só as capitais provinciais superan eses 20.000 habitantes.

2.2.3 A miña proposta de fusión de Concellos

Eu formulo unha proposta que parte da fusión dos pequenos Concellos para convertelos nunhas novas organizacións arredor dos 5.000 habitantes, e mesmo superiores onde sexa posible aínda que excepcionalmente tamén inferiores cando a orografía, fundamentalmente, ou outras circunstancias así o aconsellen, mediante a agrupación baixo un mesmo Concello de todos aqueles que se atopan nunhas isócronas de tempo de entre 15 ou 20 minutos con respecto á capitalidade que se estableza. Para isto habería que tomar como base ás cabeceiras de comarca e, aplicando esa ratio de tempo, establecer o novo termo municipal. Unha vez feito isto quedarán algúns Concellos fóra destas novas delimitacións para os cales haberá que determinar a capitalidade municipal en función daquel ou aqueles de maior poboación ou do que xa conte con maior número de servizos en marcha. E se estudamos o mapa comarcal galego veremos que non é tan difícil establecer estes novos Concellos, pois aínda que puidese parecer que o máis espiñento sería determinar cales haberán de ser eses que non son cabeceira porén na actualidade moitos dos que se atopan afastados destes centros de poboación ou das súas respectivas capitalidades provinciais xa contan cun bo número de servizos públicos establecidos porque así llo veñen demandando os seus habitantes, precisamente por esa lonxanía, e dos que, ademais, se adoitan beneficiar os dos municipios limítrofes que, na súa maior parte, pasarían a formar parte deste novo Concello.

O primeiro que haberá que facer é elaborar un mapa no que consten os servizos que prestan todos e cada un dos Concellos e, simultaneamente, outro mapa de planta no que se delimiten os ámbitos territoriais para a prestación dos mesmos. Elaborados ambos os dous mapas debemos superpoñelos de forma que comprobaremos cantos servizos se están duplicando innecesaria e inxustificadamente dentro dun mesmo ámbito territorial, tendo en conta que na Administración Local as duplicidades danse en horizontal, duns Concellos con outros, e non en vertical, con outras Administracións Públicas, como erradamente considera a Lei 27/2013, de Racionalización e Sostenibilidade, e con iso establecer os mecanismos axeitados de corrección, de maneira que se concentren esforzos e se optimicen recursos para poder dotar a todos dun maior número de servizos sen aumento da presión fiscal.

Ao respecto resulta interesante traer a conto algunha das recomendacións do Tribunal de Contas incluídas no seu Informe 931/2011 e que veu reiterado en relación coa organización e configuración do sector público local:

«A racionalización e a evolución do sector local cara un modelo máis eficaz e eficiente para o desempeño das competencias que o ordenamento xurídico outorga ás entidades locais, pasa polo estudo e deseño dun mapa local acorde ás necesidades demográficas, económicas e sociais actuais e orientado a formas máis lóxicas de prestación de servizos aos cidadáns, eliminando e evitando, no posible, tanto a duplicidade de actuacións e solapamento de competencias non só entre distintas entidades locais senón entre distintas administracións públicas en especial, así como a persistente presenza de entidades que non prestan servizo ningún ou que carecen de actividade e promovendo, no seu caso, fórmulas de agrupación de entidades para unha maior economía, eficacia e eficiencia na prestación de servizos».

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

2.2.4 Marco legal

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local formula a posibilidade de impulsar procesos de fusión de municipios. Sobre este asunto o Consello de Estado, no seu Ditame 567/2013, de 26 de xuño, emitido sobre o anteproxecto da devandita Lei durante o seu proceso de tramitación, afirmou que *"se afirma que non cabe considerar que este mecanismo (a fusión de Concellos) sexa contrario á autonomía local, pois para que esta poida existir como tal faise imprescindible contar cunha planta municipal ben estruturada na que, respectando a súa diversidade, os municipios se asentan sobre bases poboacionais e económicas sólidas, de maneira que poidan atender con eficiencia ás necesidades veciñais e desempeñar a súa función como un dos factores básicos de cohesión social. A tal fin, cabe establecer unha regulación que determine os supostos en que procede acudir a esta vía como forma de garantir unha xestión axeitada e eficiente dos intereses municipais e os criterios que deben seguirse no proceso de fusión"*.

Mais cómpre formularse se a Constitución impón límites para o caso de que esas fusións sexan forzosas, ao contrario do principio xeral recollido na Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. E a resposta é que non, a garantía constitucional da autonomía local non constitúe en si mesma un obstáculo insalvable a este proceso.

En canto ao reparto de competencias, segundo o Tribunal Constitucional é ao Estado ao que lle corresponde regular as bases do réxime local en virtude do título competencial sobre as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas contido no artigo 149.1.18º da Constitución, debendo garantir a existencia dunha normativa básica común en todo o territorio nacional. Así, cabería que o Estado interviñese neste ámbito ditando un conxunto de normas básicas para fixar un mínimo común denominador nos criterios e procedementos de fusión de municipios co obxectivo de garantir un estándar esencial de garantía da autonomía local. Esa hipotética norma básica estatal debería ser compatible coas regras xerais de reparto competencial e, en consecuencia, permitir o suficiente desenvolvemento e concreción polo lexislador autonómico, que tamén sería competente para a súa execución. De feito sería aos Lexisladores autonómicos, en virtude dos diferentes títulos competenciais relacionados co réxime local recollidos nos respectivos Estatutos de Autonomía, aos que lles correspondería tanto o desenvolvemento normativo como a súa execución. Así o artigo 148.1.2º da Constitución inclúe as alteracións dos termos municipais comprendidos no seu territorio e, en xeral, as funcións que correspondan á Administración do Estado sobre as Corporacións locais e cuxa transferencia autorice a lexislación sobre Réxime Local entre as competencias asumibles por todas as Comunidades Autónomas.

Esta situación competencial, lonxe de supoñer un contratempo máis ben é unha vantaxe para a posta en práctica da proposta de fusión ordeada, e polo tanto forzosa. Así, correspondería ao Estado ditar as normas básicas que haberían de respectarse en todo o territorio nacional, como denominador común a un proceso que, evidentemente, non pode ser igual en todas as Comunidades pero que tampouco pode dar lugar a 17 sistemas locais distintos, mediante o establecemento dos estándares a cumprir, os procedementos a levar a cabo, etc. E pola súa parte corresponderíalle a cada Comunidade Autónoma a elaboración dos mapas de competencias e de planta así como aprobar os ámbitos xeográficos de actuación, toda vez que sería un procedemento que debería estar moi pegado á realidade para resultar exitoso e son estas Comunidades as que mellor coñecen as particularidades, idiosincrasia,

lazos comúns de unión, e nalgúns casos de separación, dos distintos pobos para a súa inclusión concreta nuns ámbitos ou noutros para que resulte pacífica a fusión na que, ao final, debe acabar todo este proceso.

2.2.5 Os ámbitos territoriais para a prestación de servizos en Galicia

Nunha primeira aproximación ao establecemento dos ámbitos territoriais para a prestación de servizos que, en definitiva, servirán para conformar o futuro novo Concello resultante do proceso de fusión, unha vez estudada a división comarcal de cada provincia galega a miña proposta dámos un resultado que considero absolutamente razoable e co que creo que estará todo o mundo de acordo, e é a desaparición dos municipios de menos de 3.000 habitantes, xa que ao aplicar excepcións á cifra dos 5.000 por razóns orográficas, fundamentalmente, fai que haxa algunhas zonas nas que non é razoable, polo menos nun primeiro paso, superar esa cifra de 3.000 habitantes. Pero aínda así pode comprobarse na Fig. 1 que só con isto se reducirá o número total de Concellos galegos nada menos que en 146, máis dun 46% sobre a cifra actual.

Concellos con menos de 3.000 habitantes existentes actualmente e que coa miña proposta de fusión deixarían de existir como tales:

< 250	250 a 500	501 a 1.000	1.001 a 3.000
0	3	21	122

Fig.1

Onde se aumenta considerablemente o número de Concellos é nos que superan os 5.000 habitantes, segundo se aprecia na Fig. 2, referida á actual configuración de Concellos galegos comparándoa coa Fig. 3, que recolle a hipotética distribución segundo a nova planta resultante da fusión. Así entre eses 5.000 e os 8.000 pasaríase dos 44 actuais a 95, é dicir, máis do dobre. Con todo o anterior pasaríamos de case un 64% que sobre o total da actual división municipal galega supón o peso dos Concellos de menos de 5.000 habitantes a un 17% sobre o resultante desta aproximación a cambio de aumentar o sector comprendido entre os 3.000 e os 8.000, de forma que se pasaría do actual 31% a un teórico 65%.

Actual reparto de Concellos galegos entre 3.000 e 8.000 habitantes:

3.001 a 4.000	4.001 a 5.000	5.001 a 6.000	6.001 a 7.000	7.001 a 8.000
30	24	25	10	9

Fig.2

Hipotética distribución segundo a nova planta resultante da miña proposta de fusión:

3.001 a 4.000	4.001 a 5.000	5.001 a 6.000	6.001 a 7.000	7.001 a 8.000
11	23	51	28	16

Fig.3

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Polo que respecta ao segmento dos de máis de 8.000 habitantes a miña proposta non supón variación ningunha, tal e como se recolle na Fig. 4, pois non se trata dunha proposta para a consecución de fusiões estratéxicas senón para a racionalización en xeral do mapa de planta municipal de Galicia. Polo tanto mantéñense os 70 Concellos que actualmente contan con máis de 8.000 habitantes, aínda que si hai un cambio substancial en canto ao peso que estos teñen sobre o total, pasando de supoñer o 22% a representar o 35%, aproximadamente.

Concellos con máis de 8.000 habitantes existentes actualmente e que se manterían coa miña proposta, agás fusiões estratéxicas que se puidesen dar entre algúns deles:

8.001 a 10.000	10.001 a 20.000	20.001 a 50.000	50.001 a 100.000	> 100.000
13	35	15	4	3

Fig. 4

Todo iso supón que nesta primeira aproximación á fusión de Concellos mediante o sinalamento duns ámbitos territoriais para a prestación de servizos, como primeiro paso para que non resulte traumática, pasaríamos dos actuais 314 consistorios que hai en Galicia a 199, dos que 114 non sufrirían variación ningunha con respecto aos actuais, aparecendo 85 de nova creación. É dicir, estaríamos ante unha redución de 36,6% con respecto ao actual mapa de planta municipal galego, pasando de ter unha media de poboación por Concello, sen contar as 7 cidades, dos 5.778 actuais a uns 7.211 posibles.

Baixando máis ao detalle, Galicia conta con 53 comarcas que foron obxecto de estudo e sobre as que se poden realizar as seguintes actuacións, referidas unicamente aos actuais Concellos de menos de 5.000 habitantes:

- **A Coruña:** Esta provincia conta con 18 comarcas das cales nunha delas, a da Coruña, non existe ningún municipio con menos de 5.000 habitantes. Segundo a proposta que eu formulo noutras 12 abundaría con que os Concellos de menos deses 5.000 se agrupen baixo a xurisdición do da súa respectiva cabeceira comarcal, e no resto habería que buscar esoutras capitalidades municipais dos novos Concellos, que serían 2 en catro comarcas, as de Arzúa, Fisterra, Ordes e Santiago e 3 nunha soa, na de Betanzos, de forma que ao final do proceso o total provincial pasaría de 93 a 74 Concellos, é dicir, un 20% menos, pasando de supoñer o 30% do total actual ao 37% do teórico novo mapa municipal galego, sendo 23 deles de nova creación, o que equivalería a que 7 de cada 10 seguirían como ata agora.
- **Lugo:** Aquí hai 13 comarcas das cales en só 5 abundaría con que os Concellos de menos de 5.000 habitantes se agrupen baixo a xurisdición do da súa respectiva cabeceira comarcal, no resto habería que buscar esoutras capitalidades municipais, nalgúns casos e por cuestións orográficas, con ata 3 novos Concellos como é o caso dos Ancares, Terra Chá, Terra de Lemos e, mesmo, da propia comarca na que se encadra Lugo capital, e con 2 nas catro restantes, sendo estas A Mariña Central e a Occidental, Sarria e Ulloa, de forma que ao final do proceso o total provincial pasaría de 67 a 37 Concellos, é dicir, un 45% menos, pasando de supoñer o 21% do total actual ao

19% do novo mapa, sendo 25 deles de nova creación, o que representaría o 67% da nova configuración.

- **Ourense:** É unha provincia moi parecida á de Lugo, con 12 comarcas das cales en só 2 poderían agruparse os Concellos de menos de 5.000 habitantes coa súa respectiva cabeceira comarcal, sendo estas as de Terra de Caldelas e Terra de Trives, mentres que noutras 8 habería que configurar outro municipio a maiores e nas outras 2 restantes habería 3 e 4 novos Concellos, como son as de Verín e Ourense, respectivamente, de forma que ao final do proceso o total provincial pasaría de 92 a 35 Concellos, un 62% menos, pasando de supoñer o 29% do total actual ao 18% do novo mapa de Galicia, sendo 25 deles de nova creación, o que suporía que 7 de cada 10 consistorios ourensáns serían froito do proceso de fusión.
- **Pontevedra:** Esta provincia conta con 10 comarcas con certa similitude ás da provincia da Coruña. De feito aquí tamén hai unha, a do Morrazo, que non conta con ningún municipio con menos de 5.000 habitantes, en 7 das restantes abondaría con que se agrupen baixo a súa respectiva cabeceira comarcal, e nas outras dúas habería que conformar 2 e 3 novos Concellos, sendo estas as de Pontevedra e Caldas, respectivamente, de forma que ao final do proceso o total provincial pasaría de 62 a 50 Concellos, un 19% menos, pasando de supoñer o 20% do total actual ao 25% do total do novo mapa municipal galego sendo tan só 12 deles de nova creación, o que representaría 1 de cada 4.

2.2.6 Reaccións aos procesos de fusión de Concellos

En Galicia temos aínda recente o proceso de fusión dos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras (AC) que quizais non foi todo o modélica que debese pero era a primeira desde que en 1968 Acevedo do Río se fusionou co Concello de Celanova (OU) e ademais cunha lexislación autonómica contraditoria coa estatal, pendente aínda do pronunciamento ao respecto por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que entendo que todos aqueles erros de procedemento que pudiesen terse cometido son absolutamente disculpables. En calquera caso o que si é verdade é que non hai unha vontade política decidida para acometer verdadeiramente o proceso de fusións de Concellos como entendo que deberían ser e deixo constancia no presente, é dicir, organizadas, programadas, estudadas, consensuadas, pero finalmente forzosas, porque calquera proceso voluntarista suporía, de darse, a aparición de fusións máis por cuestións de empatía que de racionalización e sostenibilidade, así como a incentivación económica resultou, tradicionalmente, un auténtico fracaso tanto no noso país como, por exemplo, en Francia, onde xa se intentou sen ningún éxito, a proba son os máis de 36.000 Concellos con que conta aínda o país veciño, de aí que na fusión de provincias actuaran tal e como eu propoño para os municipios, é dicir, de forma organizada e programada, pero forzosa, anunciando que ese camiño vano seguir co resto da súa Administración Local.

Porén esas reticencias dos nosos políticos non son compartidas polos veciños. Recentemente o diario A Voz de Galicia publicou os resultados dunha enquisa da empresa Sondaxe referida á provincia da Coruña na que queda claro que a maioría da poboación aceptaría a fusión do seu Concello con outro máis grande, o cal podería facerse extensivo perfectamente á totalidade da Comunidade Autónoma, pois isto non é novo, así o mesmo diario

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

fixo pública outra enquisa da mesma empresa en 2011, nesta ocasión referida a toda Galicia, na que o 75,8% dos galegos estarían de acordo con estas fusións mentres que só un 12,2% estarían en contra. Segundo esta enquisa os veciños dos municipios con menos de 5.000 habitantes, nos que se centra a miña proposta e este traballo, serían os máis reacios ás fusións, seguramente por falta de información suficiente, pero aínda así só se oporía un 18,1%. Un detalle moi revelador dese traballo é o dos resultados segundo os votantes dos distintos partidos políticos, así dos do PSdeG-PSOE estarían a favor das fusións un 83,4% fronte a un 11,1% que estarían en contra; dos do BNG un 77,5% apoiarían as fusións mentres que un 16,4% se amosarían contrarios; por último, dos do PP un 71,7% dirían que si ás fusións fronte a un 18% que dirían que non. Curiosamente ao contrario das posturas mantidas polos representantes destes partidos na fusión de Oza-Cesuras. Co que parecen bater as posturas oficiais mantidas desde os partidos políticos, as súas direccións, representantes e alcaldes coas preferencias e opinións dos veciños e dos seus propios votantes.

Outro dato, non representativo pero si significativo, é a opinión dos economistas da provincia da Coruña recollida no barómetro do 2º trimestre de 2013 publicado polo seu Colexio Oficial, segundo o cal o 92,67% dos economistas enquisados manifestáronse a favor da fusión de Concellos mentres que tan só un 6,33% indicaron que non serían relevantes nin para o crecemento económico nin para a cidadanía. Ademais, o 73,67% dos entrevistados indicaron que esas fusións deberían ser forzosas mentres que o 19% consideraron que deberían ser voluntarias.

Por outra parte, unha cuestión que se me presentou como obxección á miña proposta por parte dalgúns politólogos son as súas reservas sobre a posibilidade de que a fusión supoña unha minoración na representatividade dos membros das corporacións locais e polo tanto unha perda na calidade democrática dos novos Concellos, o cal creo que se cae polo seu propio peso. Por unha parte está demostrado que a proximidade excesiva dos representantes municipais non é directamente proporcional a unha maior eficiencia e calidade democrática, senón que pode chegar a ser todo o contrario, a presión á que se atopan sometidos por esa proximidade fai que non sempre se adopten correctamente as decisións que debesen, e por outra parte esa teoría suporía que a propia aplicación do artigo 179 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que establece a distribución do número de concelleiros segundo o número de residentes por municipio, faría que a maior poboación menor calidade democrática ao ser menos representativos per cápita os membros dos Concellos segundo van aumentado de poboación.

Por último gustaríame dar un dato final: actualmente en Galicia hai un total de 3.256 concelleiros. Pois ben, de aceptarse a miña proposta, dos datos que constan no presente traballo suporía que ese número de concelleiros pasase a 2.869, é dicir, 387 menos, ou se se quere ver en termos proporcionais, unha redución tan só do 12%, co cal parece que eses temores a unha infrarrepresentación municipal non teñen sentido, pois manteríase nuns termos moi similares. Entón, onde está o problema para que haxa tanta oposición ás fusións?, pois en que onde realmente hai redución é no número de alcaldes, pasando de 314 a 199, é dicir, 115 menos, de aí que os que realmente se opoñen son os partidos políticos, ao considerar que isto podería supoñerlles unha perda de poder político, pero é evidente que non de representación nin de calidade democrática, polo que queda claro que os intereses destes van en dirección contraria ás preferencias e opinións tanto dos veciños como dos seus propios votantes, porque as súas prioridades son outras distintas.

Ante o anterior alguén podería preguntarse onde está o aforro nas fusiões, se tan só se reduce un 12% o número de concelleiros. Pois precisamente en que os que supoñen maior gasto, que son os alcaldes, son os máis afectados, de forma que habería un 36% menos, así como se pecharían 115 Casas Consistoriais, cos custos que isto supón tanto en gasto corrente, como en duplicidade de servizos, soldos, asignacións, dietas, persoal, etc., etc., o cual, facendo unha previsión extremadamente conservadora ante a distinta casuística existente, podería rondar como mínimo os 6 millóns de euros anuais, que non necesariamente teñen que ser de aforro xa que non é o gasto público o problema dos nosos Concellos, senón que podería computarse como maior crédito dispoñible para a prestación desde os novos Concellos a toda a súa poboación dos servizos que xa viñan prestando os de maior entidade, así como para a mellora destes e para a implementación doutros novos. Todo iso sen aumentar a presión fiscal dos veciños. Pero a cousa non remata aquí. A actual Lei de Facendas Locais establece un 17% máis na participación nos ingresos do Estado para aqueles municipios que pasen de 5.000 habitantes con respecto aos de menor poboación e a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local outorga un 10% adicional a todos aqueles municipios que se fusionen, co que calquera novo Concello que supere eses 5.000 habitantes tería un 27% de incremento nos seus ingresos provenientes do Estado, o que, tamén baixo o mesmo prisma conservador, podería superar como mínimo os 9 millóns de euros. A isto habería que engadirlle o disposto no novo artigo 13 da citada Lei 27/2013, que no seu apartado 4.6 establece que durante, polo menos, os cinco primeiros anos desde a adopción do convenio de fusión, terán preferencia na asignación de plans de cooperación local, subvencións, convenios ou outros instrumentos baseados na concorrencia, prazo este que poderá prorrogarse pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Ademais do anterior hai que ter en conta que xa fai tempo que desde a Xunta de Galicia se dá prioridade nas súas ordes de convocatoria de subvencións aos Concellos que se fusionen, así como reservando para eles maiores créditos que para os que concorran individualmente. E por se todo iso fose pouco vaise crear un fondo especial para financiar fusiões de Concellos a incluír na futura reforma da Lei de Administración Local de Galicia, converténdose así na primeira Comunidade Autónoma en tomar medidas neste tema.

Como resumo de todo o anterior podería concluir, sen temor a equivocarme, que con todas estas medidas cada Concello resultante da fusión podería dispoñer, como mínimo, dunha cantidade superior ao millón de euros por lexislatura, o cal non é nada rexeitable. Todo iso debería ser suficiente para que algo se mova ao respecto, pero veremos se nun prazo de tempo razoable se dan as fusiões que son necesarias en Galicia para racionalizar o seu mapa de planta municipal e con iso unha maior prestación de servizos públicos e a mellora dos existentes co conseguinte aumento da calidade de vida dos seus veciños, ou se finalmente haberá que adoptar outro tipo de medidas menos amables pero cada vez máis necesarias e inaprazables.

3 Bibliografía

ALMEIDA CERREDA, MARCOS. 2014. "La planta local a pequeña escala: municipios y entidades locales menores". Cuadernos de Derecho Local n.º 35. Fundación Democracia y Gobierno Local.

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

- BANCO DE ESPAÑA. 2014. Deuda pública según el Protocolo de Déficit Excesivo. <http://www.bde.é>
- BARÓMETRO DE ECONOMÍA. 2013, Enquisa do Colexio de Economistas da Coruña aos seus colexiados. 2º. Trimestre 2013.
- CARBONELL PORRAS, ELOISA. 2013. "La planta del gobierno local". Relatorio ao VIII Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo. Alicante, 8 e 9 de febreiro de 2013.
- CARRILLO DONAIRE, JUAN ANTONIO e NAVARRO RODRÍGEZ, PILAR. 2014. Coordinadores do libro colectivo: "La reforma del régimen jurídico de la Administración Local". El Consultor. Grupo Wolters Kluwer.
- CONSEJO DE ESTADO. 2013. Dictamen Anteproyecto de Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local. Expediente 567/2013.
- CONSEJO DE EUROPA. 2013. Congreso de poderes locales y regionales. Estrasburgo, 19 a 21 de marzo de 2013.
- CONSEJO DE MUNICIPIOS Y REGIONES DE EUROPA. 2009. Los cambios en las estructuras locales de Europa.
- DE DIEGO GÓMEZ, ALEJANDRO. 2012. "Hacia la fusión no traumática de Ayuntamientos". <http://fusioneayuntamientos.blogspot.com.es>. E 2013, Relatorio ao II Congreso Internacional en Gobernanza y Asuntos Públicos. Madrid, 3 a 5 de xullo de 2013.
- DE DIEGO GÓMEZ, ALEJANDRO. 2014. "La planta municipal española. Los ámbitos territoriales para la prestación de servicios como paso previo a la fusión no traumática de Ayuntamientos". Relatorio ao V Congreso Internacional en Gobierno, Administración y Políticas Públicas. Madrid, 29 de setembro a 1 de outubro de 2014.
- DOCUMENTACIÓN PARA A UNIÓN VOLUNTARIA MEDIANTE FUSIÓN DOS CONCELLOS DE OZA DOS RIOS E CESURAS. 2012.
- EL CONSULTOR DE LOS AYUNTAMIENTOS Y DE LOS JUZGADOS. 2014. "Especial Reforma Local". Revista n.º 5, de 15 de marzo.
- FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS. 2014. <http://www.fegamp.org>
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. 2014. <http://www.ige.eu>
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. 2014. <http://www.ine.é>
- JIMÉNEZ ASENSIO, RAFAEL. 2014. "Vademécum sobre la Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local". Federació de Municipis de Catalunya.
- MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. 2014. Déficit de las AA. PP. 2013. <http://www.minhap.gob.é>.
- ROMERA JIMÉNEZ, OSCAR e RODRÍGUEZ MARQUEZ, JESÚS. 2014. "Medidas de la Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local dirigidas a mejorar la efi-

ciencia de la planta municipal española: el nivel óptimo de prestación de los servicios locales". Crónica Presupuestaria 2/2014. Instituto de Estudios Fiscales.

THE ECONOMY JOURNAL. 2014. "La reforma de la Administración" I (<http://www.theeconomyjournal.com/é/lareformadelaadministracion.php>) e II (<http://www.theeconomyjournal.com/é/lareformadelaadministracion2.php>)

TRIBUNAL DE CUENTAS. 2011. Informe de fiscalización 931/2011.

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

A contemporaneidade e os desafíos do réxime xurídico da organización da Administración pública local

La contemporaneidad y los desafíos del régimen jurídico de la organización de la Administración Pública Local *

The organization of Public Administration: its contemporaneity and its challenges

47
Regap

CIRO DI BENATTI GALVÃO

Avogado. Profesor de Dereito Constitucional e de Teoría do Estado do IPTAN

Profesor de dereito do consumidor na Facultade SENAC-Minas
Mestre en Ciencias Xurídico-Políticas pola Facultade de Dereito da Universidade de Lisboa (FDUL - Portugal)

Especialista en Ciencias Xurídico-Políticas pola Facultade de Dereito da Universidade de Lisboa (FDUL - Portugal)

Licenciado en Dereito pola UFJF (Brasil)

Membro da Academia Barbacenense de Ciencias Xurídicas (ABCX) e do Consello Editorial da *Revista da Procuraduría Xeral de Xustiza do Município de Juiz de Fora* - RPGMJF (Brasil)

dibenatti@yahoo.com.br

Recibido: 09/11/2014

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local e o debate

Resumo: *A dinámica da evolución político-social dos séculos XX e XXI impuxo ao contexto comprensivo da Administración pública local, principalmente, no que respecta á súa organización, certos desafíos pendentes de solución. Non hai como negar tal afirmación. A propia organización administrativa estatal necesita ser estudada sobre o enfoque de novos parámetros. O obxectivo deste artigo é, consecuentemente, facer corresponder á organización pública das localidades administrativas novos elementos comprensivos hábiles para facelas máis proactivas, eficientes e adecuadas á contemporaneidade da realidade vivida. Adoptándose a investigación teórica, apoiada no método dedutivo, chegouse á conclusión de que os elementos paradigmáticos novos deben ser engadidos á organización administrativa para que esta estea en conformidade coa realidade contextual actual determinada polo fenómeno da gobernanza pública.*

Palabras clave: *Administración pública; organización; desafíos; gobernanza pública.*

Resumen: *La dinámica de la evolución político-social de los siglos XX y XXI ha impuesto al contexto comprensivo de la Administración Pública local, principalmente, en lo que respecta a su organización, ciertos desafíos pendientes de solución. No hay como negar tal afirmación. La propia organización administrativa estatal necesita ser estudiada sobre el enfoque de nuevos parámetros. El objetivo de este artículo es, consecuentemente, hacer corresponder a la organiza-*

* Artigo baseado no estudio publicado orixinalmente por RPGMJF (Brasil).

ción pública de las localidades administrativas nuevos elementos comprensivos hábiles para hacerlas más proactivas, eficientes y adecuadas a la contemporaneidad de la realidad vivida. Adoptándose la investigación teórica, apoyada en el método deductivo, se llegó a la conclusión de que los elementos paradigmáticos nuevos deben ser añadidos a la organización administrativa para que ésta esté en conformidad con la realidad contextual actual determinada por el fenómeno de la gobernanza pública.

Palabras clave: *Administración Pública; organización; desafíos; gobernanza pública.*

Abstract: *The advent of reality determined by the changes of the XX and XXI centuries has imposed certain challenges that must be overcome related to understanding the context of local public administration, especially with regard to its organization. There is no denying that claim. Therefore, the local public administrative organization itself needs to be studied from the standpoint of new parameters. This is the challenge of this article: to make correspondence between local public administrative organization and new and skillful elements to make it more proactive, efficient and appropriate to the contemporary reality experienced. Adopting the theoretical research, based on the deductive method, came to the conclusion that new paradigmatic elements must be added to the administrative organization so that it is in affinity with the contextual reality determined by current public governance.*

Key words: *Public Administration; organization; challenges; public governance.*

Índice: *Introducción I) A organización administrativa: o contexto de cambios II) A abordaxe paradigmática da organización administrativa contemporánea III) A posición das estruturas administrativas diante do novo contexto IV) Conclusión V) Bibliografía citada*

Introdución

Que se pode agardar da estrutura organizativa local da Administración Pública (en sentido amplo) no recente contexto en que os cambios de mentalidade e de xestión en relación á eficiencia se presentan como desafíos cruciais para unha real conformación social positiva? Hai novos parámetros que poidan ser establecidos ou que merezan ser potenciados, facéndose responsables pola melloría da actuación administrativa a partir da perspectiva organizativa? Hai, por outro lado, parámetros que necesitan ser superados nos termos da organización administrativa? Cales serían? Como as municipalidades se comportaron diante dese novo contexto que se presenta?

Estes cuestionamentos foron obxecto de reflexión persoal, desde hai algún tempo, pois non se verifica que tiveran a debida e axeitada consideración por boa parte dos estudosos do Dereito Administrativo, tanto no ámbito internacional como no ámbito nacional brasileiro.

Porén, independentemente das fronteiras xeográficas, unha certeza debe sinalarse con carácter xeral: a necesidade de superación tanto das perspectivas comprensivas de encadramento do Dereito Administrativo como dos arquetipos ou modelos da súa actuación, ata ese entón tradicionais, reflexo da realidade do Dereito Administrativo do século XIX e que co tempo foron volvéndose obsoletos e insuficientes para responder concretamente ás necesidades, aos cambios e aos desafíos sociais verificados intensivamente a partir da segunda metade do século XX, perdurando continuamente ata os días actuais.

É neste contexto de cambios significativos, unidos, principalmente, ao fenómeno da mundialización, con reflexos tanto económicos como sociais, búscase concretar a noción de boa gobernanza pública, que a importante temática da organización administrativa do Estado se impón. Pouco se escribiu ao respecto e moito o que pode debaterse ao respecto. Veláí a proposta do presente artigo: partir de novas perspectivas xurídico-administrativas buscando

a súa sintonía co desafiante contexto contemporáneo dos Estados establecidos no contexto xurídico internacional.

Capítulo I. A organización administrativa e o contexto de cambios

A proactividade da Administración Pública dos Estados contemporáneos, (opoñéndose á inadecuación do regulamento xurídico-administrativo dos séculos XIX e inicio do século XX) referiuse ao imperativo da busca de novos tratamentos analíticos por parte da dogmática administrativista do século XXI, dirixíndolle o alcance de novos institutos e de novas categorías aptos para mellorar a resposta aos desafíos que lle son propios, desafíos que ofrecen un notable potencial de complexidade.

Sergio Guerra (2009, p. 32) desenvolve o seu pensamento neste sentido, observando que o dereito administrativo da actualidade debe acompañar ás características e aos riscos polos cales a sociedade contemporánea pasa e que, por iso, a necesidade de reescribir as categorías, fórmulas e institutos xurídicos remata séndolle imposta.

Non obstante, antes diso, merece destacarse o feito insuficientemente discutido ou posto en pauta de discusión, referente á delineación da propia estrutura administrativa, ou sexa, da súa organización. Tamén a mesma está condicionada, sendo fortemente influenciada pola disciplina dada ao Dereito Administrativo. Os cambios que se introduzan nesta rama do Dereito, certamente, acabarán derivando en cambios sociais, podéndose, entón, mencionar a necesidade de novos institutos, categorías ou ferramentas de Dereito Administrativo.

Absorbendo os influxos xurdidos dos cambios e das necesidades sociais máis urxentes e actuais, a ciencia do Dereito Administrativo, principalmente no que respecta ao establecemento do seu estudo, invariablemente ten que pasar por transformacións que irán desde unha perspectiva externa referida, principalmente, ao alcance de bos resultados na súa actuación concreta de conformación social (sempre con fundamento na persecución do interese público), ata unha perspectiva interna, igualmente importante, oportuna e significativa, relativa, basicamente, ao modo da súa organización. Percíbese, porén, que non son perspectivas dispares, senón complementarias, estando intrinsecamente relacionadas, visto que soamente a partir de cambios estruturais e significativos no ámbito interno, atentos ou en afinidade cos propósitos da complexidade social, resultado tamén de acordo coa realidade social circundante poden ser xerados ou acadados. Son as dúas caras dunha mesma moeda.

Dáse a razón, polo tanto, ao pensamento exposto polo xurista portugués Luís Filipe Colaço Antunes (2001, p. 42) para quen a Administración Pública debe ser vista, de maneira ampla, principalmente como un instrumento utilizado pola orde xurídica estatal para satisfacer intereses estimados, sensibles e ata vitais á comunidade, facéndose innegable que para atender a tal desiderata, debe haber unha estruturación ou unha organización axeitada en ámbito interno. Non se chega a bos resultados públicos, dedicados á melloría social, se non hai a correspondente adecuación organizativa en termos administrativos.

Mais, que se pretende dicir exactamente ao referirse á expresión 'organización administrativa'? Cal é a súa axeitada comprensión? En conformidade co pensamento do profesor Marcello Caetano (2010, p. 174), pódese dicir que a comprensión semántica da expresión

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

‘organización’ está relacionada coa disposición de certos elementos capaces ou hábiles de acadar un certo fin ou obxectivo, de acordo cunha orde estable que garanta a axeitada integración e coordinación de determinada actividade humana. Percíbese, entón, que a *inclinación teleolóxica* (con fundamento nunha orde que propicie o exercicio axeitado dunha actividade) *élle inherente e significativa*.

Traendo tal razoamento ao ámbito do Dereito Administrativo, obtense que no contexto propio da Administración Pública, a cuestión organizativa está, polo tanto, presuposta pola verificación da existencia de unidades funcionais (ou como se prefire denominar: ‘elementos-medio’) que deben harmonizarse¹, dalgunha maneira e con fundamento na xuridicidade administrativa, na conformación de determinada finalidade pública. Sustentando tal razonamento, tense a visión sempre lúcida do Profesor José Carlos Vieira de Andrade (2011, p. 74), ao alertar a debida captación do seu sentido ao expoñer que a expresión organización administrativa está relacionada co “conxunto estruturado de unidades organizativas que desempeñan, a título principal, a *función administrativa*”, acrecentándose a isto, especialmente, a súa vocación para o incremento da “actividade xurídica externa” da Administración Pública.

Ao referirse ao termo “unidades organizativas”, crese que o prestixioso autor pretendeu dar énfase, inicialmente, á existencia de entes dotados de personalidade xurídica pública, ás cales denomina de ‘persoas colectivas de dereito público’(2011, p. 74) que, necesariamente, ten como finalidade exclusiva a prosecución de intereses clasificados como públicos-administrativos, dispoñendo, en regra, de determinados poderes, estando, igualmente, sometidos a determinados deberes públicos.

Pois ben. Non hai que discordar do posicionamento presentado, ata entón, polo eminente Catedrático da Universidade de Coímbra. Porén, o propio autor complementa o seu raciocinio ao referirse, máis adiante, ás “tendencias actuais” (2011, p. 100) vividas pola organización administrativa estatal contemporánea. Inseridas na súa estrutura están os entes igualmente dotados de personalidade xurídica, non necesariamente con derivación xurídica de dereito público, senón que exercen ou están cada vez máis dedicados a exercer, de forma adecuada, e coa correspondente sumisión a algunha especie de control, funcións públicas hábiles para atender ao interese público ou a intereses de relevancia social.

Velaí a razón pola cal se cre que tamén eses entes (amparados na súa formación por parámetros de principios expostos abaixo) deben ser tipificados como “unidades organizativas” vinculadas á Administración Pública. Así, a cuestión organizativa da estrutura administrativa estatal como un todo debe abranguer novos actores aptos para potenciar e mellorar o exercicio e a correspondente xestión da función pública.

E non causa estrañeza que así sexa. Despois de todo, os desafíos relativos á perspectiva interna ou organizativa da estrutura da Administración Pública actual e que merecen ser sinalados, do que din ao respecto, basicamente, sobre a necesidade de alteración da *mentalidade sobre a xestión pública* (hoxe, fortemente influenciada pola noción de gobernanza pública) e ademais da *adopción doutros parámetros de principios (principiolóxicos)*

1 Aquí, a harmonización está relacionada tanto coa complementación de certa actividade administrativa centrada no axuizamento dalgún obxectivo vinculado ao interese público, como coa mera abstención de interferencia na actividade para ser exercida por outra de maneira que este mesmo fin sexa adecuadamente alcanzado.

e *institucionais* que poidan guiar esa mesma mentalidade, facéndose responsables, pola adopción de novos métodos e/ou institutos de actuación administrativa concreta. A cada un deses aspectos pasarase a texer algunhas significativas consideracións, e non obstante precisas.

Con relación ás formas comprensivas de xestión pública e á mentalidade a ela vinculada, cítase, por exemplo, a necesidade de ser superada a perspectiva de carácter excesivamente burocrática que facía ao Estado un todo inflexible, e ao mesmo tempo, inapto ou incompetente na solución da carga substancial de demandas sociais ou problemáticas de relevancia pública.

Bresser Pereira (2006, p. 241), lembrando o éxito traído polo tipo de administración pública de carácter burocrático e de base esencialmente weberiana no que se refire á superación dos males do anterior modelo patrimonialista de xestión pública, no cal se verificaba a nítida confusión entre o patrimonio (en sentido amplo) público co individual ou particular do rei (fonte de situacións de nepotismo e corrupción), sinala cara a súa insubsistencia, nunha escala evolutiva, a partir do século XX co advento do Estado Post-Social.

Diante do complexo crecemento das demandas e/ou esixencias sociais, o modelo burocrático volveuse lento, autorreferido e moi pouco orientado para o atendimento das necesidades colectivas de forma eficiente; inclusive, e principalmente, no que respecta ás máis esenciais ou básicas (BRESSER PEREIRA, 2006, pp. 241 e 242). O Estado e a súa pública administración pasaron a ter que enfrontar unha seria crise de eficiencia, no sentido de que as referidas demandas de cuño social tiñan un custo financeiro elevado, case que expoñencial a punto de non permitir que, ao mesmo tempo, se verificase a calidade adecuada dos servizos efectuados. Verificábase unha seria distorsión entre o binomio 'eficiencia - calidade técnica' do servizo para ser realizado socialmente polo Estado.

Igualmente importante, e fortemente comprometida polo desaxuste entre o referido binomio, tense a necesidade de satisfacción social vinculada, basicamente, ao que Diogo de Figueiredo Moreira Neto (2008, p. 105) denomina de "visión funcionalista do Dereito Administrativo". Presénciase a necesidade de atribuir un enfoque á capacidade do Dereito Administrativo de producir non calquera resultado, senón resultados lexítimos (que se xustifican mediante aceptabilidade social espontánea) e de utilidade comprobada para a colectividade.

Nese sentido, non se fai difícil visualizar que, a partir da realidade ou do contexto post-social, especificamente a partir da segunda metade do século XX, formas alternativas de composición das características da xestión pública na súa xeneralidade e en diversos niveis gobernativos pasaron a ter cada vez máis relevancia. Aproximándose a ese mesmo razoamento, tense a visión de Moreira Neto (2008, pp. 105-106) para quen mellor sería falar de "organizacións administrativas funcionalmente orientadas" que deben buscar unha medida adecuada de concentración para facerse eficientes.

Crese que con tal colocación o autor pretende dicir que as formas organizativas de cuño administrativo acaban por presupoñer métodos ou institucións moitas veces de agregación de esforzos, sexan eles cales for (públicos, privados ou mixtos) para facerse hábiles para producir bos e pertinentes resultados públicos.

REGAP



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Innegable e urxente presentouse, entón, o cambio de foco. A busca pola eficiencia administrativa, relacionada non só cos custos dos servizos efectuados, senón igualmente, cos resultados alcanzados e condicionados, obviamente, pola satisfacción dos intereses individuais e de relevancia social (comprobada, á súa vez, pola real utilidade que tales resultados poidan ter) pasou a ser un tónico crucial para a subsistencia ou preservación da idea de boa xestión pública.

Desa maneira, dise que a realidade actual da Administración Pública ven sendo pautada, esencialmente, pola noción da gobernanza pública, efusivamente tratada en ámbito externo, pero con tratamento refractario e con poucas referencias na realidade xurídica brasileira.

Trátase, obxectivamente falando, dun *fenómeno relativamente novo que*, vindo dos procesos de globalización iniciados na década de 90 do século XX, *coida basicamente ás cuestións de resolución* (en sentido amplo) ou *conformación de problemáticas de cuño político-administrativo*, gañando sobrelevada importancia en termos de procedementos decisorios no exercicio da función pública, e ademais, na realización ou concretización da actividade administrativa, *propiciando o brote dunha nova mentalidade analítica e resolutiva* (principalmente, no ámbito do Dereito Administrativo denominado “global” —expresión usada con pertinencia por Sabino Cassese—, pero que necesariamente, posúe reflexos administrativos internos nas realidades estatais).

Pódese dicir que tal pensamento en termos de *xestión* garda proximidade esencial coa noción de *boa administración pública* ao tratar, xeralmente, as necesidades de elaboración racional de decisións de cuño administrativo, especialmente, as relacionadas co atendimento e/ou a melloría dos intereses públicos ou socialmente relevantes.

Así, afirmase, indubidablemente, que eses mesmos intereses, actualmente, só poden desenvolverse de forma adecuada e partir da realidade administrativa de organización interna, mediante o reforzo e, tamén, a adopción de novos paradigmas ou vectores de principios (principiolóxicos) coherentes co contexto da gobernanza pública. Pásase, polo tanto, á indicación de tres deses paradigmas, considerados de fundamental importancia para o ámbito da estrutura organizativa dos Estados contemporáneos.

Capítulo II. A abordaxe paradigmática da organización administrativa contemporánea

Conforme se mencionou no apartado anterior, percíbese que a estrutura estatal en termos de organización e do establecemento de unidades elementais aptas e dirixidas ao establecemento e á melloría de resultados públicos, mediante actividades de relevancia social, presupón, dentro do contexto da gobernanza pública moderna, novos parámetros de principios (principiolóxicos), responsables da ‘vestimenta’ axeitada para ser dada á organización administrativa do Estado.

Priorízase a análise da descentralización, da subsidiariedade e do consenso administrativo, por entendelas como normas-principio que, relacionadas entre si, veñen proporcionando mellores resultados prácticos en termos de organización administrativa, con reflexos inmediatos sobre os procesos de boa gobernanza pública.

Con relación á descentralización administrativa, dise que se trata dun principio, *cuxa relevancia e pertinencia* en termos de aplicación *se revelou máis incisiva e necesaria no contexto público actual*. Entendida, inicialmente, como método de distribución de competencias políticas, lexislativas e administrativas con vistas ao combate ao centralismo ou á centralización decisoria. Porén, non é só iso. De conformidade coa contemporaneidade xurídica na cal incide, a descentralización debe ser comprendida como *elemento normativo de pluralidade da organización do poder estatal* (en sentido amplo) con vistas ao desenvolvemento máis axeitado do interese público, mediante “desconxestión ou fraccionamento de poderes entre diferentes entidades públicas”, podendo asumir “diferentes configuracións tipolóxicas” (OTERO, 2010, pp. 142 e 143).

Un pertinente exemplo pode ser verificado a partir da tipoloxía político-administrativa, na cal se verifica o fraccionamento tanto do poder administrativo como do propio poder político (como é constatado na realidade federativa brasileira), ou meramente, a tipoloxía administrativa, na cal é constatado o fraccionamento das simples atribucións integrantes da función administrativa a entes personalizados diversos do ente central (pénsase nas actividades das empresas públicas; das concesionarias de servizo público, etc.)

En calquera desas modalidades, o importante é que se está diante, principalmente, da *pulverización* ou da *pluralización do exercicio da función administrativa do Estado*, sexa este formalmente considerado unitario ou federal. Despois de todo, considerándose o significativo e coherente pensamento do Profesor Alexandre Santos de Aragão (2012, p. 106), sen a división interna de competencias coa respectiva atribución do exercicio de funcións administrativas, por entidades autónomas, pero detentoras de personalidade xurídica propia, “non sería posible á Administración Pública” como un todo “actuar adecuadamente na sociedade complexa e pluralista que posuímos”.

Dise que é para optimizar ou perfeccionar as actividades administrativas estatais, ben como para garantir que haxa, en forma concomitante, non só o alcance de maiores posibilidades de eficiencia dos servizos efectuados, senón tamén, á súa aproximación ás poboacións (fenómeno que se denomina de democratización da actividade administrativa), propiciándose, inclusive, maior participación social nos procedementos decisorios, que a descentralización administrativa en sentido amplo vén sendo adoptada como principio da organización administrativa estatal² de fundamental incidencia.

Fortemente unida os procesos descentralizadores en ámbito administrativo, tense a incidencia da noción da subsidiariedade administrativa. A expresión está relacionada coa capacidade e a eficiencia de determinada organización político-administrativa en exercer as súas funcións, competencias ou incumbencias de maneira autónoma sen a intervención doutro ente, debendo as estruturas mellor preparadas e/ou estruturadas asumilas, soamente, cando haxa a comprobación da súa ineficiencia ou insuficiencia en determinado ámbito governativo.

A subsidiariedade é moi ben analizada por Gomes Canotilho (2003, p. 363), ao aseverar que se trata, ao mesmo tempo, dun principio estruturalmente relacional, baseado en “esquemas de relación constituídos entre entidades diversas” e tamén, dun principio de

2 Neste sentido, hai que conferir a obra do Profesor Fernando Alves Correia (2001, pp. 24-25) en que ese papel atribuído á descentralización administrativa é sobrelevado.

preferencia, ao dispoñer que as decisións deban ser tomas polo ente que garda maior proximidade co ámbito social. Porén, como será visto, para que poida ser dada relevancia e aplicabilidade á preferencia de ámbito de actuación, moitas veces os entes deberán valerse doutro importante principio para resgardala, principalmente en contextos complexos como o actual. Refírese á forma consensual.

Unha vez fortalecidas as necesidades de diversificación e de intervención pluralizada de actores, así como a incidencia práctica da idea de subsidiariedade administrativa, preservándose e estimulando a proximidade da estrutura administrativa xunto cos desexos da sociedade civil para a adecuada marcha do interese público, con lucros en termos de externalidades positivas para o contexto social, falándose, pois, en organización administrativa plúrima, indágase como esa perspectiva pluralizada e con base na subsidiariedade poderá sustentarse e cal é a dinámica para ser concretizada para que poida subsistir. Certamente, o cuestionamento traído a reflexión busca algunha marxe de explicación na igualmente importante incidencia da noción de consensualidade administrativa.

Debe ser subliñado con relación a este punto, que o consenso ou o acordo administrativo aínda que sexa desexable para o perfeccionamento do acto administrativo, non pode substituír, de forma aleatoria, á actuación unilateral da Administración Pública. Debe ser incentivada, fomentada, facéndose un *concepto principiolóxico unido ao modo de exercicio da función e da actividade administrativa*; non se trata, polo tanto, dun concepto absoluto e substitutivo, sendo, en verdade, un concepto para ser sumado, acrecentado a outras formas de actuación administrativa.

Neste sentido, prudentemente é observado polos xuristas españois Eduardo Garcia de Enterría e Tomás-Ramón Fernández (1999, pp. 664-5) que o réxime de consenso debe ser realizado en virtude de autorización legal e en conformidade con determinadas circunstancias específicas que permitan que sexa tido como un réxime positivamente útil, e tamén, necesario.

Tal concepto aínda tratado de maneira incipiente (principalmente, en termos prácticos) é de suma importancia para a formulación e atribución de racionalidade ás decisións administrativas nun contexto de gobernanza pública. Quérese dicir con iso que mediante a súa previsión legal, así como mediante a súa utilización máis frecuente (e en hipóteses aconsellables) haberá maiores posibilidades de maduración tanto do procedemento administrativo decisorio como dos propios resultados que deben ser alcanzados.

A racionalidade presente no consenso está, xustamente, na posibilidade de (mediante intervención pluralizada, debatida e argumentada entre unha inmensidade de participantes no procedemento de elaboración decisoria) acadar acordos (aínda que sexan aproximados) respecto a determinadas temáticas e problemáticas ávidas ou que carecen de tratamento xurídico-administrativo pertinente, afastándose, polo tanto, do trazo marcante da unilateralidade da actuación administrativa e da dogmática decimonónica que a rexía no pasado.

Velaí, polo tanto, a relevancia da incidencia do consenso no ámbito organizativo ou estrutural das Administracións Públicas actuais. Dentro do escenario dogmático, e ata en termos prácticos, podemos sinalar situacións exitosas da súa concretización.

Pénsase, por exemplo, nas diversas manifestacións asociadas ou asociables, elaboradas, dentro do escenario brasileiro³, a partir da Lei Federal 11.107/05 entre os entes públicos (principalmente, en termos intermunicipais, resaltándose, e sobrelevándose, a noción de subsidiariedade administrativa) para a formalización dunha nova entidade xurídica que a todos aproveita co intuito ou a finalidade primordial de obter resultados mellores en moitos sectores básicos, esenciais e fundamentais para moitos dereitos dos que compoñen os parciais núcleos sociais directamente vinculados ao ente público-político. Igualmente merece unha valoración favorable, na realidade portuguesa, a incidencia do instituto das Asociacións de Municipios, constituídas e reguladas, máis recentemente, a partir da Lei 45, de agosto de 2008.

- Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios. A nova materia Policía local substitúe á relativa a seguridade en lugares públicos que encabezaba a lista do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local na súa redacción orixinal. En rigor, non se pode dicir que sexa o mesmo contar cun corpo de Policía local que exercer competencias en materia de seguridade en lugares públicos, pero non cabe dúbida de que sen Policía local mal se pode facer efectivas estas últimas competencias. Polo demais, a Policía local non só desenvolve funcións de seguridade cidadá,

34 Correlativamente, no artigo 26 da Lei de bases do réxime local o correspondente servizo mínimo obrigatorio pasa a denominarse tamén “abastecemento domiciliario de auga potable” e o artigo 86, segundo (antes terceiro), reserva ás entidades locais os servizos esenciais de “abastecemento domiciliario e depuración de augas”.

35 Para unha análise detallada desta disposición transitoria, véxase ALMEIDA CERREDA, “El incierto futuro de los servicios sociales municipales”, cit., páxs. 113 e segs.

senón tamén as demais que recolle o artigo 53, apartado primeiro, da Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade. En canto á protección civil, prevención e extinción de incendios, estaban recollidas na redacción orixinal da letra c) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases.

- Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, así como transporte colectivo urbano. Esta nova materia, que en realidade son dúas, abrangue a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas que mencionaba a redacción orixinal da letra b) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local, agora completada cunha referencia ao estacionamento de vehículos e outra xenérica á mobilidade, e o que na letra ll) do precepto se chamaba transporte público de viaxeiros. A denominación deste último coincide agora coa do servizo mínimo obrigatorio que deben prestar os municipios con poboación superior a cincuenta mil habitantes, de acordo coa letra d) do artigo 26, apartado primeiro, da propia Lei de bases.
- Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Con esta materia concrétese e detállase a máis xenérica referencia ao turismo que contiña a redacción orixinal da letra m) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local.
- Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante. A redacción orixinal da letra g) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases mencionaba como materias nas que a lexislación sectorial tería que atribuir competencias aos municipios abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de usuarios e consumidores. A eliminación dos matadoiros, que se substitúen polas lonxas, non é excesivamente relevante, dada a tendencia actual á liberalización do sector³⁶ (como se verá, a principal consecuencia é que se traspasa ás Comunidades autónomas a inspección e control sanitario dos mesmos), pero si o é a supresión da referencia á defensa dos usuarios e consumidores, materia na que os municipios viñan exercendo competencias de acordo coa lexislación sectorial correspondente, normalmente autonómica. Porén, a diferenza do que sucede coa prestación de servizos sociais, neste caso non se prevé a transferencia das correspondentes competencias e servizos ás Comunidades autónomas, agás no relativo ao control de alimentos e bebidas, do que se falará máis adiante. Así mesmo, engádese unha referencia expresa ao comercio ambulante, respecto do cal a normativa reguladora do comercio interior sempre atribuíu competencias aos municipios.
- Protección da salubridade pública. Esta materia, antes recollida na letra h) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local, mantense inalterada. Non obstante, hai que facer notar que se eliminou a mención ao control de alimentos e bebidas como servizo mínimo obrigatorio que tiñan que prestar todos os municipios con independencia da súa poboación, de acordo coa redacción orixinal da letra a) do artigo 26, apartado primeiro, da Lei de bases. En coherencia con esta previsión, a disposición transitoria terceira da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local establece que no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da mesma, as Comunidades autónomas pasarán a prestar os servizos relativos á inspección

³⁶ Hai que facer notar que a reforma suprimiu da lista de servizos esenciais que o artigo 86, apartado segundo (antes terceiro), da Lei de bases do réxime local reserva ás entidades locais non só os matadoiros, senón tamén os mercados e lonxas centrais, no marco das tendencias liberalizadoras mencionadas.

e control sanitario de matadoiros, de industrias alimentarias e bebidas que ata ese momento viñeran prestando os municipios.

- Cemiterios e actividades funerarias. Esta materia tamén se mantén, aínda que agora se fala de “actividades” no canto de “servizos” funerarios (redacción orixinal da letra j) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases), sen dúbida como consecuencia da liberalización dos mesmos polo Real Decreto-Lei 7/1996, ao que xa se fixo alusión neste traballo.
- Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Esta materia reformúlase lixeiramente con respecto a como aparecía recollida na redacción orixinal da letra m) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local, que dicía literalmente “actividades ou instalacións... deportivas: ocupación do tempo libre”.
- Promoción da cultura e equipamentos culturais. A cultura incluíase xunto co deporte e a ocupación do tempo libre na redacción orixinal da letra m) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases, polo que a materia se formulaba como “actividades ou instalacións culturais”. Como se pode observar, o cambio é pequeno.
- Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes, así como a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial. O ámbito da educación é, xunto co dos servizos sociais e a sanidade, outro dos característicos das “competencias impropias” municipais. Na redacción orixinal da letra n) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local considerábanse materias de interese municipal: a participación na programación da ensinanza, que se elimina radicalmente; a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, que se restrinxe á cooperación na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes e á conservación, mantemento e vixilancia só dos edificios educativos que sexan de titularidade municipal (e sempre que estean destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial); a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes públicos, que tamén se elimina; e, por último, a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria que é a única parte do precepto que se mantén inalterada.

Sorprendentemente, a disposición adicional décimo quinta da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local establece que as normas reguladoras do sistema de financiamento das Comunidades autónomas e das Facendas locais fixarán os termos nos que as Comunidades autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevén como propias do municipios en relación con estas materias que a propia reforma considera de interese municipal. Non pode tratarse máis que dun erro, porque é claro que tal previsión carece de sentido³⁷.

37 Así o destacou ALMEIDA CERREDA, que fala con toda precisión de que “se trata dun incontestable suposto de antinomia normativa” (“La redelimitación de las competencias de los Municipios en materia de educación, sanidad, salud y servicios sociales y su transferencia parcial a las Comunidades Autónomas”, cit., páx. 155).

- Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións. Esta é a única materia enteira nova que se inclúe na lista do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local e o seu sentido é difícil de apreender, porque non se trata de que se lle outorgue aos municipios competencias sobre as tecnoloxías da información e as comunicacións en xeral, senón só sobre algo tan limitado como a promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible daquelas.

A todo o anterior hai que engadir a supresión total da participación na xestión da atención primaria da saúde (redacción orixinal da letra i) do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local) como materia de interese municipal. De maneira similar ao que ocorría cos servizos sociais, unha disposición transitoria da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local, neste caso a primeira, regula a asunción destas competencias polas Comunidades autónomas. Porén, a redacción desta disposición está moito mellor perfilada que a relativa aos servizos sociais; distínguese entre a asunción polas Comunidades autónomas das competencias relativas á participación na xestión da atención primaria da saúde, que se produce inmediatamente tras a entrada en vigor da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e a asunción da xestión dos servizos asociados ás devanditas competencias sanitarias, que se producirá de forma progresiva, a razón dun vinte por cento anual, no prazo máximo de cinco anos desde a entrada en vigor da reforma, a cuxo efecto cada Comunidade autónoma elaborará un plan para a avaliación e reestruturación dos servizos. Finalmente, como no caso da transferencia dos servizos sociais, a sanción ás Comunidades autónomas que non executen este plan de asunción progresiva de servizos é que os mesmos seguirán prestándose polo municipio ou entidade local, pero con cargo á Comunidade autónoma, de sorte que se esta non transferise as contías precisas para iso aplicaríanse retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

4.3.b) As novas regras para a atribución aos municipios de competencias propias nas materias do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local

A Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local introduciu tamén novas regras para a atribución de competencias aos municipios na lista de materias do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local. Tras a reforma, o apartado terceiro do precepto, en lugar de realizar unha remisión aos criterios xerais do artigo 2 da Lei de bases, como facía na súa redacción orixinal, esixe que se avalíe a conveniencia da implantación de servizos locais conforme aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sostenibilidade financeira. Francamente, é difícil de entender por que se mencionan só estes principios e non os demais do artigo 2 (características da actividade pública de que se trate, a capacidade de xestión da entidade local, proximidade, eficacia). Ademais, a través do novo apartado quinto do artigo introdúcese un criterio de atribución competencial que non se recolle no artigo 2, a inexistencia de duplicidades, pois esíxese que a lei garanta que “non se produce unha atribución simultánea da mesma competencia a outra Administración Pública”.

Pero a novidade máis importante que traeu a Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local neste campo é a obriga de que as leis, sexan estatais ou autonómicas, que atribúan competencias aos municipios nas materias do artigo 25, apartado segundo,

da Lei de bases do réxime local prevexan a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais (é dicir, dos municipios, porque este precepto non é de aplicación a outras entidades locais), coa restrición engadida de que iso non pode levar consigo en ningún caso un maior gasto das Administracións públicas. Así o impón o novo apartado cuarto do artigo 25 da Lei de bases.

Para tratar de garantir que os anteriores criterios se cumpran, ese mesmo precepto dispón que esas leis vaian acompañadas dunha memoria económica que reflecta o impacto da atribución competencial sobre os recursos financeiros das Administracións públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sostenibilidade financeira e eficiencia do servizo ou a actividade. No caso das leis estatais, o proxecto ten que ir acompañado tamén dun informe do Ministerio de Facenda e Administracións públicas. Non fai falta engadir que en realidade todas estas previsións só vinculan ao lexislador autonómico como lexislación básica estatal, non ao propio lexislador estatal, nin sequera aínda que se tratase de vincularlas ao artigo 135 da Constitución, dado que non parece posible soste que sexan unha consecuencia necesaria do mesmo.

4.4 O novo papel das Deputacións provinciais

As competencias provinciais básicas que enuncia o artigo 36, apartado primeiro, da Lei de bases do réxime local foron obxecto de dous procesos de reforma con respecto á redacción orixinal da lei: un, de menor entidade, levado a cabo no seu día pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e outro, de moito maior alcance, operado agora pola Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local.

Así, a competencia relativa á coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o artigo 31, apartado segundo, letra a), da Lei de bases do réxime local vese fortemente reforzada en relación cos servizos mínimos dos municipios de poboación inferior a vinte mil habitantes, nos confusísimos termos establecidos pola nova redacción do artigo 26, apartado segundo, da propia Lei de bases.

Segundo este último precepto, difícil de comprender e interpretar, nos municipios mencionados a Deputación provincial ou entidade equivalente “coordinará” a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos, abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, limpeza viaria, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación de vías urbanas e alumeadado público; a cambio, elimínase a posibilidade de que os municipios solicitasen á correspondente Comunidade autónoma a “dispensa” da obriga de prestar os servizos mínimos cando, polas súas características peculiares, resultase de imposible ou moi difícil cumprimento o establecemento e prestación dos mesmos, prevista pola redacción orixinal do apartado segundo do artigo 26.

Pero o que a nova redacción do artigo 26, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local entende por “coordinar” non ten nada que ver co concepto de coordinación que emprega a propia Lei de bases en artigos como o 10 e o 59³⁸; aquí significa que a Deputación

38 Para unha síntese do concepto xenuino de coordinación aplicado ao ámbito local, véxase Fernando GARCÍA RUBIO, “La provincia como entidad local. Un análisis tras la Ley de Racionalización”, *La reforma de 2013 del régimen local español*, coordinador Juan Alfonso Santamaría Pastor, 2ª edición, Fundación Democracia y Gobierno Local, Madrid-Barcelona, 2014, páxs. 292 e segs., e Miguel Ángel GONZÁLEZ IGLESIAS, “Las provincias tras la modificación de la Ley de Bases de Régimen Local por la Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la

(ou entidade equivalente) propondrá ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas que eses servizos os prestará ela mesma ou que se implantarán fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou “outras fórmulas” (que non é doado imaxinar cales poderían ser), co cal non haberá coordinación ningunha, senón transferencia da xestión do servizo nun caso e xestión compartida no outro. O Ministerio decidirá sobre a proposta formulada previo informe preceptivo da Administración que exerza a tutela financeira dos municipios afectados (normalmente, a correspondente Comunidade autónoma), tendo en conta o obxectivo de reducir os custos efectivos dos servizos.

Agora ben, igualmente dise que a proposta da Deputación ou entidade equivalente deberá contar “coa conformidade dos municipios afectados”, de maneira que haberá que entender que, se estes non están de acordo, a indebidamente denominada coordinación verase frustrada. Pero, sendo isto así, non ten sentido que se requira autorización do Ministerio de Facenda e Administracións públicas, xa que, de existir conformidade dos municipios afectados, sempre sería posible delegar a xestión dos servizos á Deputación ou constituir voluntariamente unha mancomunidad ou consorcio sen ningunha intervención externa.

Así mesmo, tamén se di que, se o municipio xustifica ante a Deputación ou entidade equivalente que pode prestar os servizos cun custo efectivo menor que o derivado da forma de xestión proposta por aquela, aquel poderá asumir a prestación e coordinación dos servizos en cuestión, no caso de que a propia Deputación ou entidade equivalente o considere acreditado. Esta cláusula é igualmente incomprensible, porque ao municipio, para seguir prestando o servizo, en realidade abóndalle con non outorgar a súa conformidade á transferencia da xestión á Deputación ou á constitución da mancomunidad ou consorcio; tampouco se entende ben que sexa a Deputación ou entidade equivalente a que decida se está acreditado que o municipio poida prestar os servizos cun custo efectivo menor, cando é o Ministerio quen ha de decidir sobre a forma de xestión proposta pola Deputación ou entidade equivalente. Xa para rematar, hai que preguntarse que significa exactamente iso de que o municipio poderá asumir non só a prestación dos servizos, senón tamén “a coordinación dos mesmos”. A quen se supón que vai coordinar o municipio?³⁹.

Pola súa parte, a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal da letra c) do artigo 36, apartado primeiro, da Lei de bases do réxime local agora esténdese ao fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, obrígase ás Deputacións provinciais a asumir a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de cinco mil habitantes e de prevención e extinción de incendios nos

Administración Local”, *La reforma del régimen local. Comentario a la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local*, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2014, páxs. 279-280.

39 As incoherencias da nova redacción do apartado segundo do artigo 26 da Lei de bases do réxime local foron amplamente destacadas pola doutrina científica; véxanse, entre outros, VELASCO CABALLERO, “La ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local en el sistema de derecho local”, cit., páxs. 70 e segs., ALONSO MAS, “El nuevo régimen de las competencias municipales”, cit., páxs. 173 e segs., e José Antonio MORENO DE MOLINA e Antonio VILLANOVA CUEVAS, “El régimen de los servicios mínimos locales tras la reforma efectuada por la Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la administración local”, *Reforma del Régimen Local. La Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local: Veintitres Estudios*, Aranzadi, Cizur Menor, 2014, páxs. 198 e segs.). Tamén o Consello de Estado, no seu ditame de 22 de maio de 2014, expediente núm. 338/2014, emitido con carácter previo á formulación dun conflito en defensa da autonomía local contra a Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local por un conxunto de municipios, concluíu que “a desafortunada configuración técnica dos parágrafos segundo e terceiro do artigo 26.2 da LBRL fai perentoria unha reforma legislativa que aclare os termos da actual regulación e, en particular, o alcance da expresión «conformidade dos Municipios afectados»” (apartado V.B).⁸³, do Ditame).

de menos de vinte mil habitantes, cando estes non procedan á súa prestación (novo inciso final do artigo 36, apartado primeiro, letra c), da Lei de bases do réxime local), así como á prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a vinte mil habitantes (artigo 36, apartado primeiro, letra g), da Lei de bases).

En estreita relación con todo o anterior, encoméndase ás Deputacións o seguimento dos custos efectivos dos servizos prestados polos municipios da súa provincia, de tal maneira que cando unha Deputación detecte que estes custos son superiores aos dos servizos coordinados ou prestados por ela, ofrecerá aos municipios a súa colaboración para unha xestión coordinada máis eficiente dos servizos que permita reducir estes custos (artigo 36, apartado primeiro, letra h), da Lei de bases do réxime local). Esta previsión debería estar vinculada á nova redacción do apartado segundo do artigo 26 da Lei de bases, xa analizada, pero non se establece expresamente ningunha remisión ou concordancia entre ambos os dous preceptos.

Atribuíuse tamén ás Deputacións provinciais a coordinación mediante convenio coa Comunidade autónoma respectiva da prestación do servizo de mantemento e limpeza dos consultorios médicos nos municipios con poboación inferior a cinco mil habitantes (artigo 36, apartado primeiro, letra i), da Lei de bases do réxime local).

A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36, apartado primeiro, letra b), da Lei de bases do réxime local), dirixirse preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos, de acordo co novo apartado terceiro do artigo 26 da Lei de bases. Ademais, inclúe agora obrigas máis concretas para as Deputacións: a garantía en todo caso nos municipios de menos de mil habitantes da prestación dos servizos de secretaría e intervención (novo inciso final do artigo 36, apartado primeiro, letra b), da Lei de bases) e a asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a vinte mil habitantes (artigo 36, apartado primeiro, letra f), da Lei de bases).

En relación con esa asistencia e cooperación, debe sinalarse que se asigna ás Deputacións provinciais o exercicio de funcións de coordinación nos casos previstos no artigo 116 bis da Lei de bases (artigo 36, apartado primeiro, letra e). Segundo o apartado terceiro dese precepto, as Deputacións asistirán ao resto das Corporacións locais e colaborarán coa Administración que exerza a tutela financeira na elaboración e o seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros; en particular, proporán e coordinarán as medidas recollidas nos devanditos plans cando teñan carácter supramunicipal, que serán valoradas antes de aprobarse o plan económico-financeiro, así como outras medidas supramunicipais distintas que se tivesen previsto, incluído o seguimento da fusión de entidades locais que se tivese acordado⁴⁰.

Para rematar, xa a Lei de medidas para a modernización do goberno local engadira como nova competencia mínima das Deputacións provinciais a cooperación no fomento do des-

⁴⁰ Para unha análise detallada destas novas competencias das Deputacións provinciais, cabe remitirse ao estudo de Amparo KONINCKX FRASQUET e María José ALONSO MAS "Las nuevas competencias de las diputaciones provinciales", *Reforma del Régimen Local. La Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local: Veintitrés Estudios*, Aranzadi, Cizur Menor, 2014, páxs. 251 e segs.

envolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións públicas neste ámbito (artigo 36, apartado segundo, letra d), da Lei de bases do réxime local). A reforma levada a cabo a través da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local mantén esa competencia e potencia de facto ao eliminar a cláusula xeral de competencia provincial relativa ao fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia que se recollía na letra e) da redacción anterior do artigo 36, apartado primeiro, da Lei de bases⁴¹.

4.5 A nova regulación das competencias delegadas

A Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local revisou en profundidade o réxime xurídico da delegación de competencias ás entidades locais, co aparente obxectivo de potenciala como alternativa aos casos que se rexistraban de asunción de competencias propias por aquelas, especialmente os municipios, sen unha delimitación clara das tarefas encomendadas a cada nivel da organización territorial e sen financiamento axeitado. En definitiva, trátase doutra medida dirixida a combater as chamadas “competencias impropias” e as duplicidades competenciais⁴².

A reforma acada en primeiro lugar ao apartado terceiro do artigo 7 da Lei de bases do réxime local, que contén as disposicións xerais sobre as competencias atribuídas por delegación ás entidades locais. A este apartado engadíuselle a previsión expresa de que o Estado e as Comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas entidades locais o exercicio das súas competencias, pero, como noutros casos xa analizados neste traballo, atopámonos cunha disposición cuestionable desde o punto de vista técnico. Por unha parte, non só a Administración xeral do Estado e as Administracións das Comunidades autónomas poden delegar competencias nas entidades locais, senón tamén unhas entidades locais a outras de distinto nivel territorial, polo que non parece correcto que se mencione unicamente ás primeiras. Por outra parte, é evidente que calquera delegación de competencias faise no exercicio das competencias de quen delega, co que o inciso engadido é redundante, incluso desde o punto de vista gramatical, ao repetir na mesma frase que Estado e Comunidade autónoma poden delegar “no exercicio das súas... competencias” “o exercicio das súas competencias”.

Outra novidade é que a previsión nas delegacións de técnicas de dirección e control de oportunidade (ás que agora se suman as de control de eficiencia) convértese en obrigatoria, pois xa non se di que a delegación as “pode prever” senón que as “preverán”. Ao mesmo tempo, elimínase a referencia ao necesario respecto por parte de tales técnicas da potestade de autoorganización dos servizos da entidade local, supresión que é censurable porque a autonomía local esixe o respecto das facultades de autoorganización das entidades locais aínda cando estas exerzan competencias por delegación doutras Administracións públicas.

Con todo, os cambios máis importantes son os que se introduciron no artigo 27 da Lei de bases do réxime local. A cláusula xa estudada que di que “o Estado e as Comunidades Au-

41 Tal é a conclusión á que chegan KONINCKX FRASQUET e ALONSO MAS tras analizar detidamente a cuestión en “Las nuevas competencias de las diputaciones provinciales”, cit., páxs. 246 e segs. Polo demais, hai que lembrar que a nova redacción do artigo 7, apartado cuarto, da Lei de bases do réxime local supón a extensión da cláusula xeral de atribución competencial tamén ás provincias.

42 Sobre esta finalidade da reforma do artigo 27 da Lei de bases do réxime local, véxase ALONSO MAS, “El nuevo régimen de las competencias municipales”, cit., páx. 179.

tónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos Municipios o exercicio das súas competencias” pasa a encabezar o artigo, coa consecuencia de que as previsións deste agora son xa non son directamente aplicables ás delegacións aos municipios por parte doutras entidades locais. De feito, estas delegacións quedan sen regulación na Lei de bases do réxime local, o cal é chamativo, porque tampouco se prohíben expresamente. En cambio, como non se modificou a remisión do artigo 37, apartado terceiro, da Lei de bases, ao artigo 27, este segue a ser de aplicación ás delegacións do Estado e as Comunidades autónomas ás Deputacións provinciais.

Os orzamentos para que a delegación sexa posible deixan de ser que a mesma se faga en materias que afecten aos intereses propios da entidade local, que con ela se mellore a eficacia da xestión pública e que se alcance unha maior participación cidadá, pois agora o que se esixe é que a delegación mellore a eficiencia da xestión pública, contribúa a eliminar duplicidades administrativas e sexa acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Non se entende en absoluto esa substitución duns criterios por outros; ben podían terse engadido as novas esixencias sen eliminar as antigas, que eran axeitadas e razoables⁴³. Ademais, na realidade hai un orzamento máis, pero, como outra mostra da deficiente técnica lexislativa da reforma, non se enuncia cos demais no parágrafo segundo do apartado primeiro do artigo 27 da Lei de bases do réxime local, senón ao final dos parágrafos terceiro e cuarto: que a delegación non supoña ou leve consigo un maior gasto para as Administracións públicas. Para garantir o respecto de todos estes requisitos, a delegación deberá acompañarse dunha memoria económica onde se xustifique o seu cumprimento, así como o impacto da mesma no gasto das Administracións públicas afectadas.

O contido mínimo da disposición ou acordo de delegación mantense, con dúas pequenas correccións. A primeira consiste no establecemento dunha duración mínima da delegación, cinco anos, enténdese que sen prexuízo das previsións que o propio artigo contén sobre revogación das delegacións e a renuncia ás mesmas polos municipios. A segunda é a precisión de que o control que se reservará a Administración delegante é de eficiencia, malia que xa se viu que o artigo 7, apartado terceiro, da propia Lei de bases do réxime local fala ademais de control de oportunidade.

Introducíronse tamén dous novos apartados no artigo 27 da Lei de bases do réxime local, que pasan a ser o segundo e o terceiro. O segundo impón que cando o Estado ou as Comunidades autónomas deleguen en dous ou máis municipios da mesma provincia unha ou varias competencias comúns, a devandita delegación deberá realizarse seguindo criterios homoxéneos e engade que a Administración delegante poderá solicitar a asistencia das Deputacións provinciais ou entidades equivalentes para a coordinación e seguimento destas delegacións. Pero sen dúbida a novidade máis importante é o apartado terceiro, pois nel pódese atopar boa parte da explicación desta reforma do réxime xurídico da delegación de competencias nos municipios.

43 En particular, como sostén ALONSO MAS, “sorprende... que desaparecera do texto legal a esixencia... de que as competencias delegadas se refiran a materias que afecten aos intereses propios dos municipios” (“El nuevo régimen de las competencias municipales”, cit., páx. 180). A autora engade que “aínda que posiblemente debería entenderse que esta esixencia segue implícita —tampouco parece que teña sentido que un concello acepte a delegación se a mesma en absoluto concirne aos seus intereses— algúns dos supostos contidos na lista parecen apuntar noutra dirección”, e cita como exemplo a posibilidade de delegar nas entidades locais a recadación e liquidación de tributos estatais e autonómicos (ob. cit., páx. 180).

Este apartado prevé que a Administración do Estado e as das Comunidades autónomas poderán delegar (aquí non se di expresamente que aos municipios) unha serie de competencias concretas que se enuncian nunha lista exemplificativa (“entre outras”). Como xustificación desta previsión méncionanse unha serie de obxectivos que non coinciden exactamente cos requisitos que o apartado primeiro do propio artigo establece como orzamentos necesarios de toda delegación de competencias nos municipios: evitar duplicidades administrativas si está no apartado primeiro, pero non o están mellorar a transparencia dos servizos públicos e o servizo á cidadanía nin contribuir aos procesos de racionalización administrativa, xerando un aforro neto de recursos (no apartado primeiro fálase máis en xeral de mellorar a eficiencia da xestión pública e esíxese que a delegación non leve consigo un maior gasto das Administracións públicas, non que supoña un aforro).

Se se analizan as competencias da lista recollida no novo apartado terceiro do artigo 27 da Lei de bases do réxime local, atopámonos con que moitas delas están relacionadas con materias suprimidas do artigo 25, apartado segundo, ou coas do derogado artigo 28⁴⁴:

- A vixilancia e control da contaminación ambiental e a protección do medio natural relaciónase coa protección do medio ambiente que se mencionaba na redacción orixinal dos artigos 25, apartado segundo, letra f), 26, apartado primeiro, letra d), e 28.
- A prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller relaciónanse coa prestación dos servizos sociais da redacción orixinal dos artigos 25, apartado segundo, letra k), 26, apartado primeiro, letra c), e 28, e coa promoción da muller que mencionaba este último.
- A conservación ou mantemento de centros sanitarios asistenciais de titularidade da Comunidade autónoma ten que ver coa participación na xestión da atención primaria da saúde da redacción orixinal do artigo 25, apartado primeiro, letra i).
- A creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil (que non forma parte da educación obrigatoria) está vinculada á prestación de servizos sociais dos artigos 25, apartado segundo, letra k), 26, apartado primeiro, letra c), e 28, así como á educación que mencionaba este último.
- A realización de actividades complementarias nos centros docentes está igualmente vinculada á educación do artigo 28.
- A inspección e sanción de establecementos e actividades comerciais relaciónase coa defensa de usuarios e consumidores do artigo 25, apartado segundo, letra g), e co control de alimentos e bebidas do artigo 26, apartado primeiro, letra a).
- A cooperación coa Administración educativa a través dos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia volve relacionarse coa educación mencionada no derogado artigo 28.

44 Así o observa ALMEIDA CERREDA en relación coas competencias relacionadas cos ámbitos da educación, a saúde e sanidade e os servizos sociais en “La redelimitación de las competencias de los Municipios en materia de educación, sanidad, salud y servicios sociales y su transferencia parcial a las Comunidades Autónomas”, cit., páxs. 141-142.

Así pois, parece que se trata de conseguir que as competencias que os municipios veñen exercendo nestes ámbitos deixen de ser “impropias” (é dicir, propias sen delimitación clara de tarefas con outras Administracións nin financiamento axeitado) e pasen a ser expresamente delegadas polas Administracións competentes de ámbito territorial superior⁴⁵.

Na lista do novo apartado terceiro do artigo 27 inclúense tamén competencias sobre certas materias que seguen estando na lista do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local:

- A xestión de instalacións culturais de titularidade da Comunidade autónoma ou do Estado, con estrita suxeición ao alcance e condicións que derivan do artigo 149, apartado primeiro, vixésimo oitava, da Constitución, relaciónase coa promoción da cultura e equipamentos culturais da nova redacción do artigo 25, apartado segundo, letra m). Resulta un tanto difícil de entender a referencia á “estrita suxeición ao alcance e condicións que derivan do artigo 149.1.28ª da Constitución Española”, porque ese precepto o único que di é que é competencia do Estado a “defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a expoliación; museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das Comunidades Autónomas”.
- A xestión das instalacións deportivas de titularidade da Comunidade autónoma ou do Estado, incluíndo as situadas nos centros docentes cando se usen fóra do horario lectivo relaciónanse coa promoción da cultura e equipamentos culturais da nova redacción do artigo 25, apartado segundo, letra l).
- A promoción e xestión turística coincide amplamente coa información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local da nova redacción do artigo 25, apartado segundo, letra h).

Por último, non teñen cabida nin nas vellas nin nas novas listas de materias de interese municipal a liquidación e recadación de tributos propios da Comunidade autónoma ou do Estado, a comunicación, autorización, inspección e sanción dos espectáculos públicos, a inscrición de asociacións, empresas ou entidades nos rexistros administrativos da Comunidade autónoma ou da Administración do Estado e a xestión de oficinas unificadas de información e tramitación administrativa, aínda que son ámbitos sobre os que os municipios, en especial os de maior poboación, viñan reclamando tradicionalmente exercer competencias.

En calquera caso, a utilidade do novo apartado terceiro do artigo 27 da Lei de bases do réxime local é discutible. Dado que non obriga ás Administracións estatal e autonómica a delegar aos municipios as competencias que enuncia e non limita a estas a posibilidade de delegación, acaba sendo unha mera suxestión do lexislador. Polo demais, tampouco impide que esas mesmas competencias poidan ser atribuídas aos municipios como propias ben pola lexislación sectorial, estatal ou autonómica, ben pola lexislación autonómica de réxime local, co que a prioridade que o precepto parece querer outorgar á delegación de competencias non está en absoluto garantida.

45 ARENILLA SÁEZ fala de “fomentar unha segunda descentralización aos municipios” como obxectivo da reforma neste punto (“El nuevo sistema de competencias locales”, cit., páx. 39).

Debido ao engadido destes dous novos apartados segundo e terceiro ao artigo 27, o antigo apartado segundo, que contiña as facultades de tutela que ostenta a Administración delegante, converteuse no apartado cuarto, conservando a mesma redacción, agás un par de matices mínimos de redacción (elimínouse o “en todo caso” que encabezaba o apartado e cambiouse o verbo “emanar” por “ditar”).

Así mesmo, o antigo apartado terceiro, relativo á necesidade de aceptación do municipio interesado para a efectividade da delegación e da previa consulta e informe da Comunidade autónoma (agás que esta fose a Administración delegante), pasa a ser o novo apartado quinto, pero neste caso con modificacións substanciais. En efecto, o informe da Comunidade autónoma suprimíuse e a salvidade que se establecía ao cumprimento deses requisitos para os casos de imposición da delegación por norma con rango de lei tamén desaparece, de maneira que agora se establece simplemente que “a efectividade da delegación requirirá a súa aceptación polo Municipio interesado”. Así obviase a confusa modalidade de delegación de competencias por norma con rango de lei que aparecía na redacción orixinal do artigo 27 da Lei de bases do réxime local e que, como xa se dixo, encerraba o risco de que se confundisen as competencias delegadas por lei coas competencias propias, que tamén se atribúen ás entidades locais mediante ese instrumento normativo.

Pero sen dúbida a novidade máis relevante da reforma introducida no artigo 27 da Lei de bases do réxime local é o novo apartado sexto. A obrigatoriedade de que a delegación de competencias vaia acompañada dos medios económicos necesarios para o seu desempeño, que antes só se establecía para os casos de imposición daquela por norma con rango de lei, agora convértese nun requisito xeral das delegacións de competencias nos municipios por vía administrativa, so pena de nulidade. En concreto, dispónse que “a delegación haberá de ir acompañada en todo caso do correspondente financiamento, para o cal será necesaria a existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente nos orzamentos da Administración delegante para cada exercicio económico, sendo nula sen a devandita dotación”⁴⁶. Ademais, no caso das delegacións levadas a cabo polas Comunidades autónomas, fáctase aos municipios para compensar automaticamente o incumprimento polas mesmas das obrigas financeiras que asumiran con outras obrigas financeiras que os propios municipios teñan fronte a elas. A isto úneselle o sistema de retencións nas transferencias do Estado ás Comunidades autónomas que o novo artigo 57 bis da Lei de bases do réxime local obriga a prever neste tipo de delegacións en garantía do cumprimento das obrigacións financeiras ou compromisos de pagamento asumidos polas Administracións autonómicas.

A penúltima novidade que introduce a reforma no artigo 27 da Lei de bases do réxime local, a través do seu novo apartado sétimo, é a obriga de que a disposición ou acordo de delegación estableza as causas de revogación ou renuncia da delegación. Esta previsión está mal situada sistematicamente, porque debería aparecer no parágrafo terceiro do apartado primeiro, dentro do contido necesario da disposición ou acordo de delegación. Polo demais, é dubidoso que sexa preciso especificar as causas de revogación, xa que esta se atopa regulada directamente no apartado cuarto do artigo 27, xunto coas demais facultades de tutela da Administración delegante. En canto á renuncia, se se parte de que toda delegación de competencias ha de ser aceptada polo municipio interesado, parece que a

46 Sobre as dificultades interpretativas que formulan estas previsións e, en especial, a relativa á nulidade das delegacións que non vaian acompañadas da correspondente dotación orzamentaria, véxase ALONSO MAS, “El nuevo régimen de las competencias municipales”, cit., páxs. 183 e segs.

mesma debería ser igualmente libre. Porén, obrígase a precisar as causas de renuncia e a incluír entre elas o incumprimento das obrigas financeiras por parte da Administración delegante e a imposibilidade por circunstancias sobrevidas de que o municipio desempeñe a delegación sen menoscabo do exercicio das súas competencias propias, o cal deberase xustificar suficientemente.

Para rematar, no último apartado do artigo 27, agora o oitavo, mantense a previsión de que as competencias delegadas se exercen de acordo coa lexislación do Estado ou das Comunidades autónomas, pero suprímese o inciso que engadía “ou, no seu caso, a regulamentación aprobada pola Entidade local delegante”, en coherencia coa desaparición do artigo de toda referencia ás delegacións dunhas entidades locais a outras.

5 Crítica da reforma

Deixando a un lado as deficiencias concretas de técnica lexislativa que se foron sinalando nas páxinas anteriores, e que probablemente sexan produto do atormentado proceso de elaboración e aprobación polo que pasou a Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local, a principal crítica que se pode formular á reforma levada a cabo no sistema de competencias das entidades locais é a incongruencia dos obxectivos da mesma co resultado que se desprende da nova redacción dada á Lei de bases do réxime local. No caso dos municipios, tratábase fundamentalmente de consagrar como regra xeral a atribución específica de competencias con delimitación clara das tarefas encomendadas a estas entidades locais e garantías de financiamento suficiente, tanto se as competencias son atribuídas como propias mediante norma con rango de lei nas materias delimitadas pola lista do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local, como se se delegan a través dunha disposición ou acordo administrativo, preferentemente nas materias enunciadas polo artigo 27, apartado cuarto, da Lei de bases. Pola contra, a asunción “espontánea” de competencias sobre a base de cláusulas xerais quedaría sometida a fortes restricións. Porén, este deseño presenta evidentes problemas, que xa se adelantaron ao tratar os conceptos de “competencias impropias” e de duplicidades competenciais.

Polo que se refire ás competencias que os municipios viñan exercendo sobre a base da cláusula xeral do artigo 25, apartado primeiro, da Lei de bases do réxime local, o da iniciativa pública local na actividade económica, a reforma non regula coa claridade que sería desexable a aplicación dos novos criterios que se introducen ás actividades ou servizos xa implantados. Debería terse previsto, a través das correspondentes disposicións transitorias, un prazo para a revisión desas actividades ou servizos e as consecuencias dunha avaliación negativa das mesmas de acordo cos novos criterios. Ao non terse feito así, córrese o risco de que a reforma só teña eficacia para o desenvolvemento de novas actividades ou servizos, pero non afecte ás xa implantadas; a lexislación autonómica que se dite en desenvolvemento da reforma podería encher esta lagoa, aínda que non hai ningunha garantía de que o vaia facer⁴⁷. Só no caso das entidades locais que teñen que formular un plan económico-

⁴⁷ Así, no caso de Galicia, a disposición adicional primeira da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, sinala con toda claridade que “as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”.

financeiro por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto imponse como medida necesaria que hai que incluír no devandito plan a “supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación” (novo artigo 116 bis, apartado segundo, letra a), da Lei de bases do réxime local).

En canto ás competencias propias atribuídas especificamente por lei, tras a reforma a Lei de bases do réxime local sinala, como polo demais facía desde a súa primeira redacción, que determinadas materias son de interese municipal e que nas mesmas de maneira necesaria o lexislador sectorial debe atribuír competencias aos municipios, ao que agora se engadiron os requisitos e condicións que ha de cumprir a devandita atribución competencial (con eficacia para o lexislador autonómico, porque o lexislador estatal non pode vincularse a si mesmo). Porén, o que a reforma non fai, nin podería facer en caso ningún, é impedir que o lexislador sectorial, sexa estatal ou autonómico, ou o lexislador autonómico de réxime local identifique como de interese municipal outras materias non recollidas no artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local e atribúa nelas competencias propias aos municipios: o que Marcos ALMEIDA CERREDA denominou atinadamente “competencias propias suplementarias”, por oposición ás competencias propias necesarias, que serían as que recaen sobre as materias enunciadas polo artigo 25, apartado segundo da Lei de bases do réxime local⁴⁸.

A atribución das competencias propias suplementarias non se rexería polas regras do devandito artigo⁴⁹, co que nelas poderíamos volvernos atopar coas duplicidades competenciais, a falta de garantías de financiamento suficiente e todos os demais problemas que a reforma pretendía atallar. Para evitalo teríanse que ter establecido unhas regras xerais para a atribución por lei de competencias propias aos municipios que non se aplicasen só ás materias da lista do apartado segundo do artigo 25 da Lei de bases do réxime local. Sería posible discutir, *lege ferenda*, se iso está ao alcance do lexislador básico do réxime local, pero *lege lata* o único que se pode constatar é que non se fixo. E sendo isto así, non se lle ve moito futuro á pretensión da reforma de favorecer a delegación de competencias como alternativa á atribución de competencias propias aos municipios.

Pero as inconsistencias da reforma non rematan aquí. Non só é que non se consiga evitar que se reproduzan os problemas que se pretenden superar, senón que se afronta dunha maneira moi parcial a realidade de que as atribucións competenciais que non cumpren os requisitos de especificidade, delimitación clara de tarefas entre Administracións públicas e financiamento suficiente para o exercicio das competencias non se liquidan polo mero

48 Véxase ALMEIDA CERREDA, “El incierto futuro de los servicios sociales municipales”, cit., páxs. 102 e segs., e “La redelimitación de las competencias de los Municipios en materia de educación, sanidad, salud y servicios sociales y su transferencia parcial a las Comunidades Autónomas”, cit., páxs. 115 e segs.

49 Para a opinión contraria, fundada tanto na interpretación sistemática do artigo 25, apartados terceiro, cuarto e quinto, da Lei de bases do réxime local en relación co artigo 7 da mesma como no evidente dislate que supón a interpretación literal destes preceptos, véxase ALMEIDA CERREDA, “El incierto futuro de los servicios sociales municipales”, cit., páx. 103, e “La redelimitación de las competencias de los Municipios en materia de educación, sanidad, salud y servicios sociales y su transferencia parcial a las Comunidades Autónomas”, cit., páx. 117. Agora ben, dislate ou non dislate, a redacción do artigo 25, apartado terceiro, é clarísima e “*in claris non fit interpretatio*”: “as competencias municipais *nas materias enunciadas neste artigo...*”. Tampouco serve de nada que as Comunidades autónomas asuman o contido dos apartados terceiro, cuarto e quinto do artigo 25 da Lei de bases do réxime local a través da súa propia lexislación (como fixo no caso de Galicia a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local), porque é evidente que esas leis non poden imposer o seu criterio a outras leis autonómicas posteriores.

feito de prever *pro futuro* que as cousas terán que facerse doutra forma. En certas materias (xestión da atención primaria da saúde, prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, servizos relativos á inspección e control sanitario de matadoiros, de industrias alimentarias e bebidas) inténtase facer efectiva a reordenación competencial pola vía de traspasar as competencias, no seu caso cos correspondentes servizos, ás Comunidades autónomas, o que non deixa de ser moi discutible desde o punto de vista da orde constitucional de distribución de competencias⁵⁰.

En efecto, se nesas materias a competencia legislativa sectorial corresponde ao lexislador autonómico, non se entende sobre que base competencial o lexislador estatal pode obrigar ás Comunidades autónomas a que asuman as competencias e servizos que a lexislación sectorial autonómica atribuíra aos municipios. O lexislador estatal pode sen dúbida retirar as correspondentes materias da lista do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local, pero non intervir sobre a lexislación autonómica que concreta as competencias municipais sobre aquelas e que, por suposto, seguirá en vigor mentres non sexa modificada polo propio lexislador autonómico. Polo demais, aínda que prosperase a transferencia competencial, nada impediría que ao día seguinte o lexislador autonómico volvese atribuír as mesmas competencias aos municipios como propias⁵¹; téñase en conta que a atribución competencial nas materias concernidas, ao ter saído estas da lista do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases do réxime local, non se rexe polas previsións da mesma.

Noutras materias, a desaparición da lista do apartado segundo do artigo 25 da Lei de bases do réxime local non vai acompañada de ningunha previsión sobre as competencias, actividades e servizos que os municipios veñen desenvolvendo neses ámbitos (protección do medio ambiente, defensa de usuarios e consumidores e tamén educación, pois a disposición adicional décimo quinta, como xa se dixo, é un verdadeiro dislate). Parece novamente que o lexislador non se apercebíu de que se unha materia se retira sen máis da lista do artigo 25, apartado segundo, da Lei de bases, pero se mantén en vigor a lexislación sectorial ou autonómica de réxime local que outorga competencias nesa materia aos municipios, as devanditas competencias seguense ostentado como propias sen ningunha alteración do réxime existente antes da reforma. É máis, como xa se dixo, a partir de agora a atribución de competencias aos municipios nesas materias excluídas da lista non se rexerá nin sequera polos novos criterios introducidos polo artigo 25 da Lei de bases.

Por último, pouco hai que engadir ao xa expresado ao longo do texto sobre a reforma das competencias das Deputacións provinciais. É certo que se reforzan esas competencias, pero é dubidoso que iso altere substancialmente o papel que viñan desenvolvendo estas entidades⁵². A mal chamada “coordinación” de determinados servizos mínimos obrigatorios

50 Para unha análise en profundidade da cuestión cabe remitirse a VELASCO CABALLERO, “La ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local en el sistema de derecho local”, cit., páxs. 59 e segs., e ALMEIDA CERREDA, “La redelimitación de las competencias de los Municipios en materia de educación, sanidad, salud y servicios sociales y su transferencia parcial a las Comunidades Autónomas”, cit., páxs. 148 e segs.

51 Nun sentido moi similar pronúncianse VELASCO CABALLERO en “La ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración local en el sistema de derecho local”, cit., páxs. 57-58, e ALMEIDA CERREDA en “La redelimitación de las competencias de los Municipios en materia de educación, sanidad, salud y servicios sociales y su transferencia parcial a las Comunidades Autónomas”, cit., páxs. 147-148.

52 E se ese papel se alterase de verdade para converter ás Deputacións provinciais en prestadoras directas de servizos aos veciños, entón non quedaría outro remedio que revisar o actual modelo de representación indirecta que rexe nas mesmas, como advirte o Consello de Estado no seu Ditame de 26 de xuño de 2013 (núm. de expediente 567/2013), relativo ao anteproxecto de Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local (apartado V.a.3), e pon de manifesto Xavier FORCADELL ESTELLER en “Aproximación crítica a los principales cambios en la legislación de régimen local como consecuencia de la aprobación de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y

nos municipios de poboación inferior a vinte mil habitantes quedou na versión finalmente aprobada da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local tan desvirtuada que remata deixándose ao mero voluntarismo das Administracións implicadas.

6 Conclusións

Á vista de todo o exposto, cabe concluir que a modificación do sistema competencial das entidades locais introducida pola Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local é un sucedáneo, haberá que comprobar ata que punto efectivo, de dúas reformas longamente demandadas no ámbito local: o establecemento dun réxime de financiamento que garanta a suficiencia financeira das entidades locais, moi especialmente dos municipios, e a reformulación do mapa municipal para adaptar as dimensións xeográficas e poboacionais destas entidades ás esixencias dos nosos días. Ante a incapacidade que demostrou o lexislador español para abordar estas reformas, decidiuse actuar sobre as competencias para tratar de limitar as que viñan exercendo os municipios, coa escusa da actual crise de financiamento do sector público e da necesidade de garantir a sostenibilidade financeira destas entidades⁵³.

Dito doutra forma: como non hai vontade política para configurar uns municipios fortes e dotados de recursos financeiros suficientes para prestar un amplo elenco de servizos aos cidadáns, optouse por intentar limitar as competencias daqueles e os servizos que ofrecen, camiñando en sentido xustamente contrario ao dos “pactos locais” de anos atrás. Porén, as graves deficiencias técnicas da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local e as dúbidas de constitucionalidade que suscitan algunhas das súas previsións non auguran unha aplicación sinxela nin pacífica da mesma.

As sucesivas modificacións que experimentou o texto da lei ao longo da elaboración previa do proxecto e da súa tramitación parlamentaria en non poucas ocasións non só non serviu para melloralo, senón que deron lugar ao resultado inzado de erros conceptuais e incongruencias co que agora nos atopamos⁵⁴. Ademais, durante ese atormentado *iter* acabáronse desbotando ideas que non eran desatinadas e que, de haberse mantido, terían producido probablemente un sistema máis harmónico, coherente e eficaz das competencia locais.

Por exemplo, non estaba mal encamiñado supeditar o uso da cláusula xeral de competencia municipal e o exercicio da iniciativa pública local na actividade económica por parte dos municipios non só á sostenibilidade financeira da iniciativa e, no seu caso, á non xeración de duplicidades con outras Administracións, senón tamén ao requisito de que a entidade interesada tivese debidamente cubertos os servizos que a lei lle obriga a prestar. Tamén era acertado suxeitar a unhas regras comúns a atribución aos municipios de competencias

sostenibilidad de la Administración Local”, *La reforma de 2013 del régimen local español*, coordinador Juan Alfonso Santamaría Pastor, 2ª edición, Fundación Democracia y Gobierno Local, Madrid-Barcelona, 2014, pág. 65-66. Sobre o contido do Ditame mencionado en relación coa provincia, véxase tamén GARCÍA RUBIO, “La provincia como entidad local. Un análisis tras la Ley de Racionalización”, cit., páxs. 274 e segs.

53 En definitiva, é o que vén recoñecer ARENILLA SÁEZ en “El nuevo sistema de competencias locales”, cit., páxs. 24 e segs.

54 O cal conduce ao paradoxo de que un proceso de elaboración absolutamente transparente e participativo (véxase ARENILLA SÁEZ, “El nuevo sistema de competencias locales”, cit., páxs. 46-47) produciu un dos textos legais peor redactados e articulados tecnicamente dos que están en vigor no noso Ordenamento xurídico.

propias por norma con rango de lei, con independencia de se as materias concernidas fosen das recollidas no apartado segundo do artigo 25 da Lei de bases do réxime local ou non.

Polo demais, de pouco serve modificar o sistema competencial para o futuro se non se revisan ao mesmo tempo as competencias que na actualidade exercen os municipios e as actividades e servizos que realizan. E na Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local esa revisión prevese unicamente para casos contados e dunha maneira que suscita fundadas dúbidas de constitucionalidade, polo seu dificultoso encaixe coa orde constitucional de distribución de competencias entre Estado e Comunidades autónomas.

Para rematar, a regulación que resultou finalmente do papel das Deputacións provinciais ou entidades equivalentes para garantir a prestación dos servizos mínimos obrigatorios nos municipios de poboación inferior a vinte mil habitantes, reintroducida a última hora na tramitación parlamentaria da lei, é confusa e de difícil aplicación práctica. Todo iso por querer eludir a realidade de que as únicas solucións efectivas para os municipios que son incapaces de prestar debidamente os servizos mínimos obrigatorios que a lei lles impón son forzalos a fusionarse con outros municipios ou á intermunicipalidade, non suxerir que eses servizos sexan prestados polas Deputacións provinciais ou entidades equivalentes se estas están dispostas a iso e o municipio interesado consinte⁵⁵.

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

55 Conclúe SANTAMARÍA PASTOR que “o inmovilismo, unido ás múltiples condutas irresponsables no manexo dos recursos públicos, podería levar, a medio prazo, ao resultado —que permite o explosivo novo artigo 26.2 da Lei— de que preto do noventa por cento dos municipios queden case completamente privados de servizos a prestar; e de aí á súa supresión, por pura e simple inutilidade, resta só un paso” (“El régimen de competencias locales y el dilema de la esfinge”, cit., páx. 155).

A supervivencia das
mancomunidades na Lei 27/2013,
de racionalización e sostibilidade
da Administración local

La supervivencia de las mancomunidades en la Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local

The survival of the associations
in the Law 27/2013, of
rationalization and sustainability
of the local Administration»

47
Regap

MIGUEL ÁNGEL SANTIRSO FERNÁNDEZ

Tesoureiro da Deputación Provincial de Pontevedra (Galicia, España)
miquelangel.santirso@depo.es

Recibido: 17/11/2014

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Índice: 1 *Introdución: auxe e decadencia das mancomunidades.* 2 *As competencias das mancomunidades como obxecto de reforma.* 3 *Os Estatutos das mancomunidades, esixencia de adaptación.* 4 *Estrutura organizativa das mancomunidades e sostibilidade financeira.* 5 *Os recursos financeiros das mancomunidades. Especial referencia ás achegas dos concellos asociados.* 6 *Bibliografía.*

1 Introducción: auxe e decadencia das mancomunidades

Un dos puntos polémicos da debatida e contestada Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, (en adiante LRSAL), foi a pretensión dos seus redactores de suprimir as mancomunidades de municipios. Durante a longa tramitación da lei na que os proxectos se sucederon uns aos outros, o lexislador foi mudando paulatinamente de criterio, ata que na recta final se decidiu pola súa continuidade pero tratando de limitar as súas actuacións.

Independentemente de que o novo réxime das mancomunidades ofrezca un perfil máis ou menos axeitado para cumprir as súas finalidades e obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira que pretende a LRSAL, os diversos estudos que acompañan

ron o proxecto careceron dunha maior análise do funcionamento destas entidades locais, esenciais en boa parte do noso territorio no que conviven zonas urbanas con ámbitos rurais que se caracterizan pola súa baixa densidade de poboación, e nos que poden desenvolver a prestación de servizos básicos acordes cos niveis de calidade esixibles e a custos máis reducidos.

As mancomunidades foron a fórmula cooperativa municipal que maior desenvolvemento en número experimentaron. Aínda que a vontade de asociarse a través de Comunidades, Ligas e Irmandades de Concellos e Vilas se remonta á Idade Media, con fins fundamentalmente de seguridade e administración do patrimonio común, foi a Lei municipal de 20 de agosto de 1879 a que intentou regular sistematicamente as asociacións voluntarias de municipios para a atención de servizos da súa competencia. E é a partir desta disposición cando o asociacionismo voluntario entre municipios que encarnan vai estar presente no noso dereito local de forma ininterrompida.

As mancomunidades caracterízanse por ser voluntaria a súa constitución, pertencen ou non os municipios que se asocian a unha mesma provincia, o que se traduce nunha entidade local de ámbito superior con personalidade xurídica propia, na que os municipios asociados delegan parte das funcións ou competencias que a lei lles atribúe ao obxecto de que se preste un servizo conxuntamente para todos os seus membros. Poden existir temporalmente ou sen límite de tempo e ser creadas para a realización dunha ou máis actividades concretas.

O seu territorio é o dos municipios que a integran, non requiren que sexan limítrofes, podendo estes estar integrados en máis dunha, porén é necesario que se fixen con claridade os seus obxectivos, que dispoñan dun orzamento propio e duns órganos de xestión diferenciados.

A posibilidade de asociar municipios en sectores xeográficos distintos da provincia recóllese na nosa Constitución no artigo 141.3, pero adquire regulación positiva cando o artigo 44.1 da Lei 7/985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), reconece aos municipios o dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia.

Coa LRBRL, experimentan un crecemento case exponencial como consecuencia dos seguintes factores: relativa facilidade da súa constitución xa que só é necesario como sinalabamos anteriormente o acordo dos municipios interesados, motivacións políticas, a necesidade de recibir financiamento de administracións superiores, a prestación de servizos mínimos básicos e certo confucionismo competencial entre deputacións e municipios. Desde 1985, o seu número increméntase como podemos ver no cadro seguinte:

EVOLUCIÓN NÚMERO DE MANCOMUNIDADES	
ANO	NÚMERO
1975	67
1980	95
1985	161
1990	374
1995	558
2000	924
2005	937
2012	1014

Tanto o RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no seu artigo 44 como os artigos 31 a 39 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, conteñen disposicións que desenvolven o seu funcionamento, organización e réxime xurídico, pero remitindo as súas prescricións concretas a un estatuto para cuxa aprobación se esixe unha maioría capacitada do número de Concelleiros que integran os municipios que queren asociarse.

Fronte ás demais figuras asociativas como a comarca ou a área metropolitana, as mancomunidades non requiren un pronunciamiento legal previo para a súa constitución.

A Lei Orgánica 1/1981, de 6 dabrill que aprobou o Estatuto da Comunidade autónoma de Galicia non as menciona expresamente como si fai coas comarcas, parroquias rurais e implícitamente coas áreas metropolitanas, remitindo a unha posible lei o recoñecemento delas. A regulación galega destas entidades atopámola na Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, quen as conceptúa como un dereito asociativo dos municipios para a execución de obras e prestación de servizos, coa limitación de que non poidan asumir todas as competencias dos municipios asociados.

En Galicia no exercicio 2010 estaban rexistradas 41 mancomunidades no Rexistro de Entidades Locais do MAP, 13 na Coruña, 3 en Lugo, 13 en Ourense e 12 en Pontevedra, que afectaban a un total de 213 municipios de 315 existentes.

Mancomunidades (concellos e poboación asociados)

Comunidade autónoma	Provincia	N.º manc.	Pob. total	Pob. manc.	% Pob. manc.	Mun. total	Mun. manc.	% Mun. manc.
Galicia	Coruña, A	13	1.139.121	1.023.965	89,89	94	63	67,02
	Lugo	3	355.549	118.168	33,24	67	27	40,30
	Ourense	13	336.099	173.301	51,56	92	70	76,09
	Pontevedra	12	953.400	895.898	93,97	62	53	85,48
	Totais		41	2.784.169	2.211.332	79,43	315	213

Actualizado: 23/04/2009

O informe do Consello de Contas sobre estas entidades correspondentes ao exercicio 2010 conclúe que 6 delas estaban inactivas e os seus fins máis frecuentes son a recollida e tratamento de RSU, prevención e extinción de incendios, fomento do turismo e as actividades culturais.

Como consecuencia da escasa fortaleza financeira, a falta de implicación e compromiso dalgúns municipios que forman parte delas xunto coas dificultades propias da xestión interna fixeron que estas entidades entrasen en certa decadencia como instrumento solucionador dos problemas que formula a xestión local dos pequenos municipios, a favor doutras entidades locais asociativas como os consorcios que están integrados por administracións de distinto nivel, o que en teoría supón un reforzamento do sistema financeiro de ingresos e das estruturas organizativas.

Os motivos que levaron a debate a supresión das mancomunidades baseáronse tanto na profusión de competencias, que ás veces incorrían en duplicidades coas dos propios municipios integrados como na debilidade das estruturas financeiras que engadían novos déficits e custos, todo iso xunto á carencia de estruturas administrativas sólidas para cumprir tanto as obrigas formais como materiais que as diversas leis sectoriais impoñían, manifestándose este feito tamén coa falta ou serodia rendición das contas anuais aos órganos fiscalizadores de contas.

Todo iso finalmente presentaba un panorama de baixa actividade no que moitas delas eran inexistentes na práctica e que engadían novos custos aos municipios integrados sen resolver os problemas da prestación de servizos no minifundismo local.


2 As competencias das mancomunidades como obxecto de reforma da Lei 27/2013

O sistema competencial previo á reforma local, supoñía de feito un amplo abano de posibilidades que se caracterizaba pola súa definición imprecisa, amplo ámbito material e escaso condicionante para o recoñecemento e exercicio delas. O artigo 25.1 da LRBRL dispoñía unha cláusula xeral en virtude da cal o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias podía *promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribuísen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal*, a LRSAL suprime o *toda clase* e o *cantos* e os servizos deben axustarse ao marco dos preceptos legais reformados.

No marco das disposicións que rexían antes da LRSAL, as mancomunidades non se cinguían só á prestación de servizos mínimos ou obrigatorios para os distintos niveis de poboación, senón que xustificándose na atribución xenérica de competencias da expresión «en todo caso» do art. 25, atendían a un variado abano: Educación e cultura; turismo; servizos técnicos; urbanismo; tratamento de augas residuais; sanidade; fomento agrícola e forestal; mantemento xeral de servizos; conservatorio de música, recadación; informatización e mecanización administrativa; parque de maquinaria; fomento industrial; obras públicas; transporte de viaxeiros; maquinaria quitaneves; información ao consumidor; fomento da vivenda; loita contra o paro; recollida de cans vagabundos; fomento da cultura vasca; radio e televisión; desratización; limpeza de praias; mantemento de parques e xardíns; pompas fúnebres; elec-


trificación; servizo de lectura de contadores de auga; parque móbil; academia de persoal municipal; teléfonos; servizo de fontanería; caixa de cooperación; servizo de taxis; feiras e mercados, medioambiente etc.

Servizos prestados por máis de 150 mancomunidades



Fonte: Federación Española de Municipios y Provincias

Servizos prestados por máis de 50 e menos de 150 mancomunidades



Fonte: Federación Española de Municipios y Provincias

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / la debate

A LRSAL realizou un acoutamento no ámbito competencial municipal. Se ben a nova redacción do artigo 7 da LRBRL non altera a clasificación entre competencias propias e competencias delegadas, as primeiras seguen a ser as atribuídas pola Lei, en tanto as segundas se exercen nos termos da disposición ou acordo de delegación pero con observación dos requisitos establecidos no artigo 27 da LRBRL modificado polo artigo dez da LRSAL. As competencias delegadas na nova concepción móvanse na redución de custos fronte á extensión do poder local, que o criterio predominante das delegacións antes da reforma.

Xunto a competencias propias e delegadas aparece unha nova categoría, as denominadas impropias, cuxo ámbito non se concreta pero que só se poderán exercer cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

En canto ás mancomunidades, os proxectos de lei suprimían todas aquelas que non fosen sostibles en termos financeiros, apostando pola súa práctica desaparición, pero o texto final da LRSAL tratou de centrar finalmente o ámbito da súa reforma na definición e delimitación das súas competencias a través do parágrafo segundo da Disposición Transitoria undécima, dispoñendo que estarán orientadas exclusivamente á realización de obras e á prestación dos servizos públicos que sexan necesarios para que os municipios poidan exercer as competencias ou prestar os servizos enunciados nos artigos 25 e 26 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Pero posteriores reflexións sobre as limitacións deste precepto entenden que as restricións que parecen derivarse do seu mandato non son tan rotundas e cabería facer unha interpretación máis ampla do ámbito de servizos que estas institucións poden prestar.

Se ben non cabe dúbida de que poden exercer as competencias propias e os servizos do artigo 25, fórmase unha primeira dúbida consistente en dilucidar se só poden asumir as sinaladas para os seus tramos de poboación ou poden asumir competencias dos tramos superiores do artigo 26. Enténdese que en todo caso poden asumirse as actuacións comprendidas para os tramos de poboación dos municipios que a integran, como os servizos obrigatorios dunha franxa de poboación maior. (1).

O desempeño de competencias por delegación resulta máis controvertido, aínda que a confusa redacción do precepto parece decantar a opinión de que poden ser exercidas polo menos aquelas delegacións que se derivan dunha disposición legal. Ademais o artigo 7 posibilita o seu exercicio a todas as entidades locais. As competencias delegadas son as que con tal carácter lles atribúen o Estado e as Comunidades Autónomas mediante unha disposición normativa (non necesariamente con rango de Lei) ou un acordo e exércense nos termos establecidos nesa disposición ou acordo de delegación e con suxeición ás regras establecidas no artigo 27 da LRBRL, na redacción da LRSAL, e preverán técnicas de dirección e control de oportunidade e eficiencia. Os acordos ou convenios de delegación deberán formularse tendo en conta as garantías de pago establecidas no artigo 57 bis da LRBRL, na redacción da LRSAL. O citado artigo 27, entre outras cousas, condiciona a efectividade da delegación a que esta sexa aceptada pola entidade local e establece a nulidade das delegacións que non vaian acompañadas do correspondente financiamento. Ademais, no caso de que a Administración delegante sexa unha Comunidade autónoma, esíxese que se estableza unha cláusula de garantía do cumprimento das obrigas financeiras ou compromisos de pagamento que aquela asuma.

En apoio da interpretación exposta debe lembrarse que os dous principios orientadores da reforma operada pola LRSAL son evitar duplicidades administrativas e a sustentabilidade financeira entendida nos termos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Respecto ás denominadas competencias impropias resultaría factible xa que o seu exercicio parece estar aberto a todas as entidades locais, condición da que seguen a gozar as mancomunidades en virtude do apartado 2 do artigo 3 da LRBRL, se ben supeditadas á sustentabilidade financeira e á non duplicidade do seu exercicio por outras administracións. Tamén algúns informes posteriores á publicación da lei, entenden que cando a LRSAL emprega na Disposición Transitoria undécima a expresión “orientadas exclusivamente”, o que se pretende é posibilitar o exercicio das competencias atribuídas aos municipios asociados.

Por tanto podería deducirse que as mancomunidades tras a LRSAL, poden exercer:

- As competencias e servizos enumerados nos artigos 25 e 26 da LRBRL.
- As competencias propias definidas que lles atribúan as leis estatais e autonómicas aos municipios asociados tanto básicas como sectoriais.
- As competencias que lles atribúan como propias das mancomunidades as leis estatais e autonómicas tanto básicas como sectoriais, continuando no desempeño das sectoriais ata en tanto o lexislador non dite outra cousa.
- As competencias e servizos que lles deleguen a elas o Estado e as Comunidades autónomas con suxeición ás regras contidas no artigo 27, é dicir xustificación previa de maior eficiencia, xerar aforros e evitar duplicidades administrativas.
- En canto ás competencias impropias, poderíase argumentar que son asumibles polas mancomunidades sempre que se dean os requisitos e condicións esixidos polo artigo 7.4 é dicir que non se poña en risco a sustentabilidade financeira e non se incorra en supostos de execución simultánea dun servizo público. En calquera caso é necesario un informe previo e vinculante da Administración competente por razón da materia.

En materia competencial tamén en calquera caso debemos entender vixente a disposición contida entre outras no artigo 135 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia en virtude da cal non poden asumir todas as competencias dos municipios asociados.

3 Os Estatutos das mancomunidades, esixencia de adaptación

Ás cuestións anteriores resoltas con escasa claridade únese a adaptación vía reforma dos Estatutos polas que deberían eliminarse todas aquelas competencias e servizos que se están xa prestando. De forma un tanto apresurada, o primeiro parágrafo da Disposición Transitoria undécima da LRSAL estableceu que no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da Lei (que finalizou o 30 de xuño de 2014), deben (deberon) adaptar os seus Estatutos ao previsto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, para non incorrer en causa de disolución.

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

O artigo 44 ademais de recoñecer aos municipios o dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia esixe que os Estatutos regulen o ámbito territorial da entidade, o seu obxecto e competencia, órganos de goberno e recursos, prazo de duración e os extremos necesarios para o seu funcionamento. O contido deste precepto non foi modificado pola LRSAL polo que cabe preguntarse da súa finalidade real xa que todas as mancomunidades, agás as constituídas antes da entrada en vigor da LRBRRL deberon adaptar os seus Estatutos ao disposto no artigo 44 polo que formula bastantes dúbidas o seu alcance.

Certamente parece que o sentido da disposición é indicar o procedemento elixido para desprenderse de competencias cuxo exercicio se prohíbe e a conseguinte supresión de servizos distintos aos permitidos pola aplicación dos artigos 25 e 26 o que resulta unha tarefa complexa dado el número e requisitos dos actos administrativos que deben adoptarse e que necesitarían ademais para a súa validez, da emisión previa dos informes que esixen os artigos 7.4 e 27 da LRSAL.

Os actos que deben adoptarse en Galicia por aplicación do artigo 143 da Lei 5/1997 para a modificación estatutaria e de similar esixencia nas demais lexislacións autonómicas son os seguintes:

- Adopción do acordo por maioría simple no órgano plenario da mancomunidade.
- Información pública por prazo dun mes e, simultaneamente, remitirase á Deputación ou Deputacións Provinciais respectivas e á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, por prazo dun mes.
- Unha vez rematado o prazo de exposición pública e recibidos os informes a que se refire o apartado anterior ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen emitidos, someterase o acordo de modificación dos estatutos ou de disolución da mancomunidade aos plenos dos Concellos mancomunados.
- A adopción do devandito acordo, que resolverá tamén as alegacións, no caso de que estas fosen presentadas, requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das Corporacións.
- Aprobados por fin, os acordos de modificación dos estatutos da mancomunidade ou de disolución da mesma pola maioría dos Concellos, o Presidente da mancomunidade remitirá copia certificada dos mesmos á Consellería competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no «Diario Oficial de Galicia», e comunicaraos á Administración Central do Estado aos efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local.

Tampouco resulta pacífico o contido desta disposición se se aplica o principio de que as leis non teñen efecto retroactivo agás que dispoñan o contrario. A todo esta formulación parece darlle saída a favor da continuación das competencias mancomunadas e dos servizos establecidos a lei de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local; cando no réxime de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación do artigo 3, establécense para as entidades locais, sen distinción entre elas, sinalando que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuación de na prestación dos servizos xa establecidos

4 Estructura organizativa das mancomunidades e sostenibilidade financeira

Para clausurar a existencia destas institucións seculares xunto á difícil sostenibilidade financeira da maioría delas, tamén se incidía no aforro no gasto que tería lugar coa súa eliminación. Ademais sinalábase que as mancomunidades non remitían as contas aos órganos de control externo, así como a duplicidade de gasto en que incorrían.

O informe do Tribunal de Contas do Estado do exercicio 2012 cifrou as obrigas recoñecidas netas destas entidades en 386,69 millóns de euros, fronte os 46.388,22 que importa o total de obrigas recoñecidas netas das entidades locais. Conclúese ademais que as devanditas obrigas no período 2010-2012 experimentaron una redución do 20% e que supoñen en todo caso o 0,83 por cento das obrigas recoñecidas netas totais das entidades locais.

Se ben é certo que o Tribunal de Contas só analiza as obrigas recoñecidas netas das entidades que remitiron as contas, as cifras en termos porcentuais non deberían experimentar excesiva variación, ao non ter rendido as contas tampouco unha parte dos concellos e doutras entidades locais co total das cales se toman como referencia.. Tampouco o TC dispón ou facilita datos das obrigas pendentes de recoñecer, pero en calquera caso parecen pequenos os aforros orzamentarios a realizar comparativamente cos prexuízos que suporía a súa desaparición.

Débase ter en conta que moitos dos servizos que prestan estas entidades son do máis custosos, referímonos aos relacionados cos servizos sociais, o ciclo integral da auga e sobre todo a recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, xa que deberían ser asumidos polos concellos integrantes e/ ou as Deputacións.

Entidades locais		Obrigas recoñecidas netas						
Número	2010	2011	Variación interanual		2012	Variación interanual		
			Valores	%		Valores	%	
			Concellos	6.518	43.975,08	40.480,25	-3.494,83	-8
Máis de 50.000 hab.	120	24.380,85	23.019,58	-1.361,27	-6	22.102,95	-916,63	-4
De 5.001 a 50.000 hab.	905	13.667,61	12.331,53	-1.336,07	-10	11.218,26	-1.113,27	-9
De 1.001 a 5.000 hab.	1.561	4.150,34	3.567,17	-583,17	-14	3.201,79	-365,38	-10
De 1 a 1.000 hab.	3.932	1.776,28	1.561,96	-214,32	-12	1.354,84	-207,12	-13
Deputacións provinciais	38	5.758,70	6.138,89	380,19	7	5.571,97	-566,92	-9
Cabildo/Cabido insular	8	1.509,78	1.391,43	-118,35	-8	1.341,99	-49,45	-4
Comarca	73	745,22	675,41	-69,82	-9	567,08	-108,33	-16
Mancomunidade	544	477,69	482,84	5,15		386,69	-96,14	-20
Área metropolitana	3	71,88	644,95	573,06	797	642,37	-2,58	OU
Agrupación de municipios	1	0,10	0,19	0,09	87	0,29	0,10	53
Totais	7.185	52.538,45	49.813,95	-2.724,50	-5	46.388,22	-3.425,73	-7

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Menos aforros xerariáanse se se aplica a Transitoria Undécima que subroga ás entidades locais nas relacións do persoal das mancomunidades e nas obrigas dos contratos de servizos que estivesen en vigor.

Os importes das débedas non presentan uniformidade territorial. Mentres en Galicia o Consello de Contas cifra a non financeira en 9,5 millóns de euros no exercicio 2010, a Cámara de Contas de Andalucía sitúa as obrigas a satisfacer de carácter non financeiro en 115 millóns de euros.

Por outra parte a débeda financeira total desta entidade cífráa o informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en 204 millóns de euros para o exercicio 2012. En calquera caso estas cifras que por suposto haberá que vixiar e limitar, son tamén significativas do escaso aforro que suporía en termos relativos a supresión dos servizos que prestan estas entidades.

En canto á rendición de contas, certamente no mencionado informe do TC cífrase nun 30 por cento as mancomunidades que non renderon a conta nalgún exercicio comprendido entre os anos 2010 e 2012, aínda que debe considerarse que moitas mancomunidades carecen de actividade, outras están extinguidas pero pendentes de dar de baixa no rexistro de entidades locais, o que rebaixaría a cifra das que poden considerarse realmente as incumpridoras.

A rendición de contas é algo que ten que ver coa responsabilidade, pero tamén coa fortaleza da súa estrutura organizativa interna. Na regulación do persoal das mancomunidades, bótase en falta uns criterios máis amplos xunto cun maior desenvolvemento e concreción.

En canto aos postos de traballo do persoal que sustenta a organización e servizos das mancomunidades, o responsable do control económico financeiro está representado polos habilitados nacionais, aínda que non están claramente delimitados os supostos de exención, os conflitos de incompatibilidade que poden xurdir cando a mancomunidade actúa contra un concello do que este persoal forma tamén parte. Para os concernientes ao persoal laboral e funcionario que exerce labores auxiliares e de colaboración, debería estudarse a posibilidade de compatibilizalo co desempeño de tarefas a tempo parcial nestas entidades, pois esa é a realidade da inmensa maioría delas e unha forma de realizar aforros económicos na prestación dos servizos.

Contar con persoal directivo que desempeñe tarefas xerenciais tense que realizar por vía da aplicación subsidiaria coas dificultades que formula de todo tipo, dado que nada se previu sobre iso. Resulta esencial para avanzar cara a modernización dos servizos básicos con eficiencia e eficacia que estas entidades locais xunto a todas as de carácter supralocal, teñan un carácter exclusivamente xerencial e técnico na súa xestión, dentro dunhas liñas estratéxicas políticas.

En moitos casos tamén as medidas necesarias en materia de recursos materiais e tributarios necesarios así como a aprobación das contas que deben remitirse están atribuídas ao Pleno que nas mancomunidades adoita denominarse Asemblea ou Xunta Xeral e cuxa composición tende a ser numerosas en canto ao número de concelleiros de feito que a compoñen ao aplicar os criterios de proporcionalidade representativa que esixen tanto as eis autonómicas como dos propios estatutos. Nalgúns casos requírense que sexan todos os concelleiros.

A xenerosidade numérica dificulta o quórum das convocatorias, máxime cando o desempeño representativo na maioría é gratuito, descentra os debates e afasta as formulacións políticas dos aspectos técnicos.

En Galicia a Lei 5/1997 determina que a Xunta da mancomunidade ou asemblea estarán representados, na proporción que se estableza nos estatutos da mancomunidade, todos os municipios que a integren.

A Lei 5/2010, de 24 de xuño, de Autonomía Municipal de Castela a Mancha garante na Asemblea a presenza de membros electos de todos os municipios, sen que ningún poida ostentar a maioría absoluta.

En Estremadura que posúe unha Lei específica para mancomunidades, a Lei 17/2010 de 22 de decembro sinala que a Asemblea da mancomunidade estará integrada por todos os representantes designados polos municipios e entidades locais menores mancomunados e presidida polo Presidente da mancomunidade.

O Texto Refundido da Lei Municipal e de Réxime Local de Cataluña límitase a dicir que será representativa dos municipios mancomunados. En parecido sentido a Lei 2/2003, de 11 de marzo, da Administración Local da Comunidade de Madrid no seu artigo 61. No mesmo sentido exprésase a Lei foral 6/1990, de 2 de xullo, da administración local de Navarra.

A lei 7/1999, de 9 de abril da Administración Local de Aragón así como a Lei 1/2003, de 3 de marzo da Administración Local da Ríoxa dispoñen expresamente criterios que en número ou proporcionalidade deben gardar as asembleas; en igual sentido as leis de réxime local das Comunidades Autónomas como Castela A Mancha e Castela e León.

No funcionamento das mancomunidades e das entidades locais distintas ao municipio podería analizarse a conveniencia de trasladar cos matices e correccións precisas, certos criterios da lei 57/2003, de 16 de decembro de modernización do goberno local co fin de fortalecer considerablemente as atribucións da xunta de goberno e órganos executivos, xunto á implantación de impulsar dinámicas xerenciais de funcionamento. O lexislador transmite a idea de que os avances que se están a producir neste sentido son parcos e erráticos, malia que cada vez resulta máis inevitable e inaprazable a necesidade de profesionalizar a administración local. Canto máis se demore, máis acusadas se van a mostrar a heterodoxia das situacións xurídicas actuais derivadas das carencias de regulación e control, así como da ausencia de convicción de formulacións técnicas na xestión local.

5 Os recursos financeiros das mancomunidades. Especial referencia ás achegas dos concellos asociados

A estrutura financeira presenta debilidades acusadas que a duras penas foi corrixindo o lexislador segundo se lle presentaban os problemas. Sinalamos anteriormente que o exercicio da competencia entendido como a encomenda do coñecemento duns determinados asuntos públicos que para a súa viabilidade necesita tanto contar coas potestades para xestionar os distintos servizos como cos recursos financeiros necesarios para financiarlos. Neste sentido cabe sinalar que o desprazamento do exercicio de competencias supón o correlativo financiamento por parte dos concellos asociados.

REGAP



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Tanto a estrutura que conforman os seus ingresos como os procedementos de xestión e recadación determinan os problemas de solvencia financeira, sendo especialmente significativas as insuficiencias reguladoras nos procedementos da recadación e compensación de débedas sobre as achegas dos propios municipios asociados e con outras administracións públicas e a seguridade social.

Os ingresos das mancomunidades en Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aparecen dispersos en tres artigos distintos; comeza sinalando o artigo 150 que constitúen recursos das entidades supramunicipais os previstos nas súas respectivas normas de creación e os establecidos nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

As contribucións especiais, as taxas e os prezos públicos, cítanse nos artigos seguintes así como as achegas dos municipios que as integren. A nosa aínda vixente lei galega de Administración Local de 1997, fai un pequeno catálogo no artigo 148 e engade os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado, as subvencións, o produto de operacións de crédito e as multas e sancións no ámbito da súa competencia.

Pero malia o seu número, o catálogo destes ingresos caracterízase pola súa insuficiencia e marxinalidade dentro da estrutura dos recursos financeiros locais abocando a estas entidades a unha falta de autonomía financeira coa conseguinte dependencia das transferencias doutras entidades, que no caso das mancomunidades son na súa práctica totalidade as achegas dos municipios asociados.

Así o puxo de manifesto o Tribunal de Contas no seu informe das entidades locais correspondente ao exercicio 2012:

Indicadores do Orzamento de Ingresos das entidades locais

Entidades locais	Número	Autonomía % (1)	Autonomía fiscal % (2)	Dependencia das subvencións recibidas %
Concellos	6.518	73	53	11
Máis de 50.000 hab.	120	76	53	7
De 5.001 a 50.000 hab.	905	73	55	12
De 1.001 a 5.000 hab.	1.561	62	48	24
De 1 a 1.000 h.	3.932	58	42	33
Deputacións provinciais	38	79	16	17
Cabildo/Cabido insular	8	65	45	28
Comarca	73	17	15	83
Mancomunidade	544	32	18	68
Área metropolitana	3	57	54	43
Agrupación de municipios	1	100	0U	0U
Totais	7.185	73	48	14

Fonte: Tribunal de Cuentas del Estado. Informe sobre as Entidades Locais, exercicio 2012

A ratio de autonomía informa sobre a porcentaxe de ingresos do que poden dispoñer as entidades locais con plena autonomía para a cobertura das competencias locais. O resultado deste indicador para 2012 foi do 73%, o que indica que as entidades locais puideron dispoñer con plena autonomía do 73% dos ingresos. Esta ratio para as comarcas, mancomunidades e áreas metropolitanas foi moi inferior, o 17%, 32% e 57% respectivamente, o que implica unha maior dependencia dos ingresos destas entidades das subvencións recibidas.

O índice de dependencia das subvencións recibidas en 2012 foi dun 14% para o conxunto de entidades locais. Porén, a horquilla deste indicador era bastante ampla. Así, os concellos de maior tamaño dependían menos das subvencións, un 7%, mentras que para os de menos de 1.000 habitantes este indicador ascendeu ao 33%. Así mesmo, no resto de entidades o nivel de dependencia das subvencións era moi elevado, en comarcas e mancomunidades un 83% e 68%, respectivamente.

Nun breve repaso polas fontes que conforman os ingresos das mancomunidades, resaltan as taxas que deberían financiar os servizos que se prestan sobre todo os máis custosos como son os relativos aos servizos sociais, o ciclo integral da auga e a recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos. As taxas como fonte financeira dos servizos adoecen da limitación legal do artigo 24.2 do TRLRHL, en virtude da cal non poden superar o custo do servizo, que naqueles de elevado impacto orzamentario se traduce en continuados resultados orzamentarios negativos, que acumulados anualmente, xeran inestabilidades orzamentarias difíciles de cancelar.

Outra continxencia que presenta a imposición de taxas mancomunada é a derivada da interpretación do artigo 20.1 do TRLRHL, ao dispoñer que as entidades locais poden percibir taxas polos servizos que presten. Se a mancomunidade presta o servizo é esta entidade a que debería ostentar a titularidade das taxas que se perciban esixindo o cobro aos usuarios do servizo. Porén non son poucos os supostos de feito nos que o servizo é prestado pola mancomunidade mentres a taxa percíbea o concello que lle delegou o servizo. Desta forma vense abocadas a desenvolver as obrigas derivadas da súa prestación sen as potestades e os recursos financeiros que xera, negándose posteriormente o concello a ingresarlle o produto da recadación obtida, tendo que acudir a mecanismos de reclamación difíciles.

O Tribunal de Contas do Estado calcula que do importe total de dereitos recoñecidos netos das mancomunidades só un vinte e sete por cento corresponde a taxas polos servizos que prestan. Para Galicia o informe do Consello de Contas do exercicio 2010, detalla que para as entidades rendedoras de contas, os ingresos liquidados por imposición de taxas foi de 3.119.315,62 euros, correspondendo o 80% só a unha delas e de prezos públicos 15.891,57 euros dun total de ingresos de 27.465.734,59 de euros, dependendo o 84,51% daquela cantidade ás transferencias dos municipios asociados.

Cando a mancomunidade presta actividades culturais e deportivas, algunhas delas custosas pode percibir os prezos públicos establecidos, pero o resultado final depende ademais da contía fixada, da propia demanda do servizo, sendo a maioría das veces insuficiente a súa cobertura financeira e xerando desequilibrios orzamentarios que rematan finalmente no remanente de tesourería.

Os ingresos procedentes dos rendementos do patrimonio agás excepcións localizadas esencialmente en mancomunidades históricas cuxas finalidades consisten en obter rendementos

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

dos aproveitamentos forestais e doutros bens patrimoniais comúns, non ten incidencia relevante como recurso financeiro dentro da estrutura de ingresos das entidades locais para financiar servizos de importancia. Outro tanto cabe sinalar de multas e sancións.

As operacións financeiras consistentes en concertacións de préstamos a longo prazo só poden ser concertadas basicamente para financiar investimentos e as de curto prazo para necesidades transitorias da tesourería. Cando se trata de operacións de elevado importe é común a esixencia de acordos plenarios dos respectivos concellos partícipes na operación, o que acrecenta a súa complexidade como recurso financeiro.

Outra posibilidade de ingresos témolo nas contribucións especiais do art. 151 do TRLRHL, que regula o suposto concreto do establecemento de contribucións especiais polas Entidades supramunicipais con motivo da realización de obras ou do establecemento ou ampliación de servizos que afecten a un ou varios termos municipais, permitindo que o órgano superior de goberno de aquelas, ao determinar as zonas afectadas pola obra ou concretar o beneficio especial que representa para cada unha das devanditas zonas, poida distinguir entre o interese directo dos contribuíntes e o que sexa común nun termo municipal ou en varios.

Neste caso, os concellos afectados que estean integrados nas devanditas Entidades terán o carácter de contribuíntes ao obxecto do pagamento das cotas individuais correspondentes, que serán recadadas polos mesmos, de acordo coas normas reguladoras deste tributo municipal. As cotas sinaladas aos concellos, en calidade de contribuíntes, serán compatibles coas que os propios concellos poidan impoñer con motivo dos gastos ocasionados polas subvencións, auxilios ou calquera outra forma de cooperación que prestara ás obras públicas, instalacións ou servizos das Entidades a que pertencen.

A realidade é que as contribucións especiais é un recurso que na execución de obras resulta dificilmente aplicable o seu establecemento, polo menos en determinadas zonas xeográficas como Galicia e que en canto á súa recadación adoece de similares problemas que as achegas municipais.

As subvencións condicionadas cuxa finalidade está destinada a financiar gastos correntes adoitan ser ocasionais e con algunhas notables excepcións carecen de programas específicos para mancomunidades. Ademais adoita esixirse achega anticipada da propia entidade asociativa pola totalidade do gasto.

En canto á concesión de transferencias do Estado ou das Comunidades Autónomas incondicionadas predominan os criterios restritivos. En Galicia e malia que a Consellería competente en materia de réxime local ten a encomenda legal no artigo 136 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de consignar nos orzamentos unha partida destinada ao fomento e axuda das mancomunidades municipais estimulando o réxime asociativo, transcorridos varios anos de vixencia desta norma non temos constancia de que fose posto en práctica algún programa de transferencias incondicionadas minimamente significativo.

O recurso financeiro esencial destas entidades son as achegas que os propios municipios asociados se comprometen a realizar polas competencias que delegaron.

Normalmente dado que os motivos de constitución dunha mancomunidade adoita ser a de viabilizar servizos que os municipios deben prestar con aforro de custos, as achegas adoitan proceder de municipios débiles financeiramente, dentro dunha escasa fortaleza económica xeral da administración local española, polo que estas achegas se caracterizan pola súa contía limitada, son fixadas nos propios estatutos con referencia á poboación, orzamento e outras circunstancias. Determínanse finalmente para cada gasto a través do orzamento anual mediante acordo do órgano colexiado superior formado normalmente por un elevado número de concelleiros e que necesitan do posterior acordo do Pleno dos municipios respectivos a través da consignación orzamentaria axeitada. Os programas de gasto financiado con achegas poden afectar a todos os integrantes da mancomunidade ou só a unha parte deles.

Como pode apreciarse a súa fixación definitiva, que condiciona a esixibilidade do seu desembolso, non resulta sinxela. Un primeiro problema consiste en dilucidar se é requisito previo que o acordo de establecemento das cotas participativas teña previa consignación nos orzamentos dos concellos que a forman ou pola contra poden autorizarse gastos contra os créditos orzamentarios da mancomunidade se un dos concellos, o que ocorre frecuentemente na práctica, non consigna a súa achega.

Algunhas leis autonómicas como a 5/1997 galega trata de abordar esta cuestión cando establece no artigo 148.2 que os concellos mancomunados consignarán nos seus orzamentos as cantidades precisas para atender, nos sucesivos exercicios económicos, as obrigas derivadas dos compromisos contraídos coa mancomunidade a que pertencen. Neste mesmo sentido a Lei 2/2003, de 11 de marzo, da Administración Local da Comunidade de Madrid e a Lei 17/2010, de 22 de decembro, de mancomunidades e entidades locais menores de Extremadura

A dispoñibilidade dos gastos e investimentos aparece condicionada pola plena dispoñibilidade dos créditos que só poderían autorizarse cando todos os concellos mancomunados consignen as súas respectivas achegas.

Ademais das limitacións orzamentarias e de cuantificación das achegas como recurso financeiro externo, debe engadirse o da súa recadación efectiva. Os informes das cámaras de contas citadas, estimaron que o desembolso real das achegas municipais apenas sobrepasaba o 50-60 por cento das cantidades comprometidas, cando as mancomunidades dependen en máis dun 80 por cento das mesmas. É significativo neste sentido, a conclusión 85 do informe do exercicio 2011 da Cámara de Contas de Andalucía que se os concellos cumprisen as súas obrigas de pagamento respecto destas entidades das que forman parte, vinte e sete non só saldarían as súas débedas, senón que terían superávit.

No Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e normativa de desenvolvemento, non conta con ningunha disposición específica para a esixibilidade real das cotas municipais.

Ante a imposibilidade legal de deixar de prestar o servizo no municipio incumpridor ou de expulsión dos seus representantes dos órganos representativos, formulouse por parte das mancomunidades que puidesen esixir o pagamento das cotas adebedadas empregando a vía de apremio. A Lei de Bases de Réxime Local parecía eludir o uso desta vía cando no artigo 109 prevé que a extinción das débedas que as administracións públicas teñan coas enti-

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

dades locais ou viceversa poderá acordarse por vía de compensación. Nun principio tamén a xurisprudencia rexeitaba a posibilidade de que unha administración empregase a vía de apremio contra outra para o cobro dos seus tributos e demais débedas de dereito público co argumento de que, ao tratarse de reclamacións entre administracións, a aplicación do principio de autotutela administrativa do que trae a súa causa a potestade executiva non é posible e máis aínda cando non existe relación de subordinación dunha administración respecto doutra.

Porén pronunciamentos posteriores do Tribunal Supremo avalan a posibilidade de que as entidades locais empreguen a vía de apremio para o cobro das cantidades que lle adebedan outras entidades públicas. Nas Sentenzas de 29 de xaneiro de 1999, de 9 de febreiro de 2005 e de 18 de febreiro de 2005. Nesta última, que resume as formulacións das anteriores e cuxa cuestión de fondo é a existencia dun tributo por unha entidade local á Administración do Estado, toma como referencia o artigo 2.2. da Lei de Facendas Locais que determina que para a cobranza dos seus tributos e dos ingresos de dereito público, a Facenda Local ostentará as prerrogativas legalmente recoñecidas para a Facenda do Estado e nesas prerrogativas está contida tamén a utilización do procedemento de apremio e das medidas executivas que o devandito procedemento leva consigo.

Ademais, a sentenza tamén sinala que a idea da inembargabilidade dos bens das administracións públicas como obstáculo para o uso da vía de apremio xa foi rexeitada en sentenzas anteriores posto que, de acordo, coa doutrina constitucional só teñen carácter de inembargables os bens de dominio público ou aqueles que estean afectados a un uso ou servizo público.

Remata concluíndo esta doutrina que “non se pode privar ás entidades locais da posibilidade de empregar, cumprindo as prevencións legais, os procedementos de apremio e de practicar neles as dilixencias de execución precisas para a recadación dos seus créditos tributarios cando o suxeito obrigado sexa unha Administración, despois de terse observado as garantías, requirimentos de pago e notificacións legalmente establecidas; o contrario será limitar de modo considerable a capacidade de financiamento das entidades locais e descoñecer a doutrina do Tribunal Constitucional en punto á posibilidade de embargo de bens patrimoniais das Administracións Públicas nos procedementos de apremio abertos para o pagamento das obrigas por elas contraídas e, singularmente, de débedas tributarias e outras obrigas de Dereito Público”.

Esta conclusión á que chega esta sentenza, debe facerse extensiva a calquera Administración Pública. E neste caso concreto cabería concluir que as achegas que os municipios fan ás mancomunidades pola prestación dos servizos que reciben teñen o carácter de ingresos de dereito público.

Outra cuestión que se formula é se pode entenderse que unha mancomunidad conta entre as súas potestades coa executiva ao non ter o carácter de administración territorial. A resposta debe ser afirmativa pois conforme ao artigo 4 da Lei de Bases de Réxime Local, as mancomunidades terán de entre as potestades sinaladas no apartado un deste artigo, entre as que se atopa a de execución forzosa, aquelas que determinen os estatutos e, en defecto de previsión estatutaria, terán todas as enumeradas no devandito apartado.

Non obstante malia os pronunciamentos xudiciais sinalados que se ben avalan a legalidade do inicio desta vía para o cobro das achegas adebedadas, e das prerrogativas de que gozan en canto a entidades locais por disposición do artigo 4 da LRRL, chegando por fin á conclusión de que se ben a vía de apremio abre unha posibilidade de solución, non resollen enteiramente o problema da recadación e efectividade das cotas dos municipios asociados porque no procedemento de apremio supoñendo que haxa vontade de executalo, debemos lembrar que se ben parece pacífica a doutrina que atribúe ao tesoureiro o ditado dos actos que conforman o mesmo, non hai o mesmo acordo sobre a súa competencia para a resolución dos recursos que caben contra os actos que dita, así como a resolución de actos administrativos relacionados directa ou indirectamente coa recadación.

Por outra parte se ben conforme á doutrina do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional, plasmada posteriormente en reformas lexislativas, poden embargarse os bens patrimoniais das entidades locais, a súa localización, execución e realización non é tan sinxela.

O primeiro activo ao que normalmente se dirixe o procedemento de execución é aos saldos de contas bancarias. Se ben existe un recente e meritorio pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Castela a Mancha cun voto particular, continúa sendo máis que dubidosa o que sen máis poidan embargarse os saldos de contas das entidades públicas. Os vehículos e bens mobles, ademais da súa difícil localización, da necesidade de contar cunhas instalacións axeitadas para o seu depósito, etc., é realmente singular o ben moble da administración que non está afecto a un servizo público.

Das fincas e demais bens inmoebles que pertencen aos municipios cabe extraer as conclusións anteriores, se existe algún como patrimonial, que podería ser sobretodo nos municipios rurais que sobreviviron á desamortización de Mendizábal, tamén habería de ponderarse os problemas que formulan os principios de proporcionalidade da débeda co ben a embargar.

A mancomunidade tamén ten a posibilidade de impugnar o orzamento dos concellos que teñen achegas impagadas, cando non se consignen nos mesmos os créditos necesarios para facer fronte ao cumprimento destas obrigas. O artigo 170.2 do TRLHL autoriza aos interesados a presentar reclamacións (e, caso de non ser atendidas o correspondente recurso) por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo e iso é aplicable non só ás cantidades que debe achegar o municipio á mancomunidade durante o exercicio para o que se aproba o orzamento senón tamén para as cantidades pendentes de pago de exercicios anteriores. O contrario, segundo esta sentenza, é incumprir os principios de suficiencia financeira e integridade que impón a normativa.

O lexislador autonómico, intentou a través das leis reguladoras da administración local, resolver ou polo menos dotar de instrumentos legais de resolución a este problema, que é un dos motivos principias, ao meu xuízo, do raquitismo e insolvencia das mancomunidades que case as aboca á súa desaparición

A lei 5/1997 de administración local de Galicia no seu artigo 148.2 establece que transcorrido o prazo para o ingreso das achegas dos municipios que integran a mancomunidade, o seu Presidente poderá dirixirse á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos do municipio debedor e o seu ingreso na facenda da mancomunidade. Esta disposición loable

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

en si mesma adoece na práctica do problema de que a competencia para ordear a retención atribúeselle ao Presidente en vez de ao tesoureiro que é o órgano encargado da recadación. O resultado práctico é que este mecanismo non se puxo en funcionamento nunca.

A lei extremeña de mancomunidades considera as achegas pagos preferentes e obrigatorios que poden ser retidos, das achegas da Comunidade Autónoma e das Deputacións aos concellos integrantes.

A lei 2/2003, de 11 de marzo, da Administración Local da Comunidade de Madrid aínda vai máis lonxe cando posibilita requirir aos Concellos mancomunados un aval bancario a favor da Mancomunidade por un importe máximo de ata dúas anualidades da achega de cada municipio, para garantir os desembolsos comprometidos polos concellos integrantes.

Outra posibilidade é que partindo da base de que o municipio ou municipios debedores teñan vontade de aboar as cantidades pendentes pero que a súa situación financeira o dificulta, tamén podería buscarse a posibilidade de establecer mediante acordos entre as entidades afectadas, fórmulas que permitan que o importe da recadación da taxa pase a disposición da Mancomunidade unha vez recadada, porque aínda que non estean afectados os importes desta taxa ao pagamento das cantidades adebedadas, tampouco, obviamente, hai nada que impida que se dediquen a elas unha vez recadadas.

Podemos concluir sinalando que máis do 75 por cento das mancomunidades existentes en España aglutinan municipios menores de 5.000 habitantes e nalgúns Comunidades Autónomas, debido á existencia de municipios con pouca e dispersa poboación, a súa existencia para a prestación de servizos básicos pode ser necesaria. As mancomunidades, ao igual que o municipio, posúen a cualidade representada pola proximidade dos servizos aos usuarios. Aínda que tampouco son fonte significativa de aforros negativos, o desenvolvemento de servizos mancomunados de acordo con criterios de eficiencia e eficacia, necesita dunha reforma sosegada que defina un réxime de funcionamento específico que teña en conta as especificidades territoriais, vaia máis alá do procedemento de constitución e analice que estruturas representativas financeiras e organizativas son necesarias para prestar os servizos acorde cos niveis de demanda actual dos usuarios.

E tamén deben atender aos principios de sustentabilidade financeira, evitando ademais as duplicidades no exercicio de competencias.

6 Bibliografía

D'ANJOU GONZÁLEZ, Juan. Las mancomunidades intermunicipales en el régimen local español. Ministerio de Administraciones Públicas, 2004.

SANCHEZ-CERVERA DE LOS SANTOS, Luis. Financiación de las mancomunidades intermunicipales, principios informadores, recursos aplicados y propuestas de mejora. Ed. Thomson Reuters, Civitas, 2009.

BARRERO RODRÍGUEZ, María Concepción. Una nueva aproximación a las entidades supramunicipales ante la posible reforma del régimen local, Revista de estudios locales. CUNAL, N.º Extra 152, 2012.

ORTEGA SANCHEZ, Pilar. Organización del sector público instrumental, Revista de estudios locales. CUNAL, N.º Extra 152, 2012.

CASES Y PALLARES, Jordi. La reordenación de las competencias locales. Revista de estudios locales. CUNAL, N.º Extra, 2014.

ARENILLA SANCHEZ, Manuel. El pequeño municipio: núcleo democrático vs prestación de servicios. Fundación Democracia y Gobierno Local, xuño 2012.

Informe sobre la determinación del ámbito competencial de las Mancomunidades de Municipios, al amparo de lo dispuesto en la Ley 27/2013 de 30 de diciembre. (2014) Asesoría Jurídica Gobierno de Vizcaya.

Informe das Entidades Locais de Galicia (2010) Consello de Contas de Galicia.

Informe de las Mancomunidades de Municipios (2011) Cámara de Cuentas de Andalucía.

Informe de las Entidades Locales (2012) Tribunal de Cuentas.

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

Competencias da Administración local sobre transportes urbanos: situación actual e perspectivas de futuro ante a reforma do réxime local da Lei 27/2013, do 27 de decembro

Competencias de la Administración local sobre transportes urbanos: situación actual y perspectivas de futuro ante la reforma del régimen local de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre

Competences of the local Administration on urban transports: current location and perspectives of future in front of to reform of the local regime of the Law 27/2013, of the 27th of December

MANUEL J. SARMIENTO ACOSTA

Profesor titular de Dereito Administrativo
Universidade de As Palmas de Gran Canaria (España)
msarmiento@ddp.ulpgc.es

Recibido: 02/11/2014

Resumo: Foi tradicional conferir funcións sobre transporte público de viaxeiros á Administración municipal, xa que hai unha estreita relación entre Administración Local e transporte público. Na actualidade, a lexislación das Comunidades Autónomas atribúe aos municipios competencias sobre ordenación, xestión e disciplina sobre o sector, aínda que se formulan novas esixencias derivadas da forte crise económica que tratan de ser abordados pola nova Lei 27/2013, de racionalización e sostinibilidade da Administración Local.

Palabras clave: Administración Local, competencias sobre transporte público de viaxeiros, reforma da Administración Local.

Resumen: Ha sido tradicional conferir funciones sobre transporte público de viajeros a la Administración municipal, ya que hay una estrecha relación entre Administración Local y transporte público. En la actualidad, la legislación de las Comunidades Autónomas atribuye a los municipios competencias sobre ordenación, gestión y disciplina sobre el sector, aunque se plantean nuevas exigencias derivadas de la fuerte crisis económica que tratan de ser abordadas por la nueva Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local.

Palabras clave: Administración Local, competencias sobre transporte público de viajeros, reforma de la Administración Local.

Abstract: *It has been traditional to confer functions on public passenger transport to the city administration, as there is a close connection between local administration and public transport. At present, the legislation of the Autonomous Communities attributed to municipalities competences on management skills, management and discipline on this sector, although there are new requirements arising from the severe economic crisis, which attempt to be addressed by new Law 27/2013, of rationalization and sustainability of Local Administration.*

Key words: *Local Authority, responsibilities for public passenger transport. Local Administration reform.*

Índice: 1. Administración local e transportes urbanos: unha relación indispensable 2. O transporte como sector do ordenamento xurídico-administrativo 3. As competencias das entidades locais: encadramento xeral 3.1 Réxime legal das competencias propias 3.2 As competencias delegadas 3.3 As competencias encomendadas 4. As competencias locais sobre o transporte urbano 4.1 Evolución histórica: a insignificancia das competencias nesta materia 4.2 As competencias municipais a partir da LRBRL 4.2.1 Formulación xeral anterior á Lei 27/2013 4.2.2 A posición do lexislador sectorial; en particular, do lexislador autonómico: STC 118/1996, de 27 de xuño e STS de 17 de abril de 2000 4.2.3 Aproximación xeral sobre a situación na lexislación autonómica 4.2.3.1 Andalucía 4.2.3.2 Aragón 4.2.3.3 Canarias 4.2.3.4 Castela-A Mancha 4.2.3.5 Castela-León 4.2.3.6 Cataluña 4.2.3.7 Galicia 4.2.3.8 Madrid 4.2.3.9 A Rioxa 4.2.3.10 Navarra 4.2.3.11 País Vasco 4.2.3.12 Comunidade Valenciana 4.2.4 Algunhas conclusións sobre esta indagación xurídica 5. Unha cuestión complementaria: a coordinación e a proliferación das denominadas “autoridades do transporte público” 6. Novas perspectivas normativas: acerca da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local 6.1 Reforma da Administración local, crise económica e realidade política 6.2 Cambio de rumbo no ámbito competencial: artigos 7, 25 e 26, LRBRL 6.3 A reforma dos artigos 84 bis e 86.2, LRBRL: Publicatio ou xestión privada? 7. Conclusións

Abreviaturas empregadas

APL	Anteproxecto de Lei
Art.	Artigo
ATP	Autoridade do Transporte Público
BOE	Boletín Oficial do Estado
CCAA	Comunidades Autónomas
CE	Constitución Española de 1978
CNC	Comisión Nacional da Competencia
EAC	Estatuto de Autonomía de Cataluña
FX	Fundamento Xurídico
LOCE	Lei Orgánica do Consello de Estado
LOFAXE	Lei de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado
LOREX	Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral
LOTC	Lei Orgánica do Tribunal Constitucional
LOTT	Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres
LPA	Lei de Procedemento Administrativo de 17 de xullo de 1958
LRBRL	Lei Reguladora das Bases do Réxime Local de 2 de abril de 1985
LRXAP e PAC	Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común de 26 de novembro de 1992
RAE	Real Academia Española
REALA	Revista de Estudos da Administración Local e Autonómica
ROTT	Regulamento de Ordenación dos Transportes Terrestres
S	Sentenza
STC	Sentenza do Tribunal Constitucional
STS	Sentenza do Tribunal Supremo
STSX	Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza

1 Administración local e transportes urbanos: unha relación indispensable

É evidente que a Administración Local e, en particular, os Concellos, adquiriron a partir da Constitución Española de 27 de decembro de 1978 unha importancia fundamental para a xestión dos servizos públicos e, en xeral, para a articulación dun poder local descentralizado e participativo. Non por casualidade no Reino Unido se considerou que a Administración local é escola de democracia e unha canle moi efectiva de participación para os cidadáns¹. E é claro que o obxectivo de participación democrática e a vertebración eficaz e efectiva da descentralización foi unha preocupación nunha primeira etapa, máis ou menos dilatada no tempo, despois de aprobarse a Carta Magna; algo completamente explicable despois dun longo período histórico no cal os Concellos e outras Corporacións locais, como as Deputacións provinciais, desempeñaran un papel moi modesto no exercicio do poder público administrativo, debido ao centralismo inherente ao réxime do Xeneral Franco. Froito desta primeira etapa democrática foron as Leis 2/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que, con independencia das limitacións, lagoas ou contradicións que se detectaron para a consecución dese obxectivo, comportaron un avance moi significativo para a Administración local en España.

Pero na actualidade atravesamos outra etapa na que as prioridades, en parte, se modificaron, xa que preocupa sobremanera a xestión axeitada e eficaz dos servizos públicos que presta a Administración local, sobre todo pola intensa crise económica que sufrimos a partir da última parte do ano 2007, porque xa a Administración local non pode xustificarse só ou exclusivamente coa invocación retórica da participación, senón que, preservando e mesmo potenciando esta, debe ocuparse de forma eficaz, eficiente e económica da prestación duns servizos de calidade, actualizados, sostibles en termos económicos, e ben xestionados e avaliados para que as necesidades e aspiracións dos cidadáns poidan satisfacerse de maneira correcta, en coherencia co artigo 1.1 da Norma Suprema, é dicir, de acordo cun Estado social e democrático de Dereito.

Dentro dos servizos públicos cuxa competencia está atribuída aos Entes locais, por resultar indispensables para o cidadán, está sen dúbida o transporte público. É obvio que o particular necesita trasladarse ao seu traballo, ao colexio, á universidade ou ben para gozar do seu lecer, e para iso é imprescindible o transporte. Ben é verdade que ata hoxe o que predominou é un uso exclusivo —e abusivo— do transporte privado, por intereses políticos e económicos que non é posible dilucidar aquí, pero cuxo resultado está á vista de todos: cidades masificadas de coches privados, dificultades para aparcamento, contaminación non só acústica senón de todo tipo, obstáculos e perigos para peóns, gastos, etc. Non cómpre realizar un detallado estudo empírico para chegar á conclusión de que o transporte se converteu nun problema con múltiples ramificacións que derivan cara o medio ambiente, a economía ou a calidade de vida dos cidadáns, e por iso a transcendencia do transporte público é palmaria. Hai, pois, unha relación indispensable entre Administración local e transporte público, xa que é esta Administración a que ordinariamente dispón das competencias para actuar sobre este sector e a que coñece mellor a problemática que este ofrece.

¹ O artigo 1.1. LRBRL indica tamén con toda precisión: “*Os Municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado e canles inmediatas de participación cidadá nos asuntos públicos (...)*”.

Foi tradicional que a competencia administrativa sobre o transporte se atribúa á Administración local, se ben é verdade que na evolución do réxime local se observa que outras Administracións, e, singularmente, a Administración do Estado, socavaron e absorberon gran parte das competencias administrativas sobre esta materia, impondo a tutela de intereses estatais en detrimento da autonomía local. Tamén convén advertir que a regulación dos transportes na etapa moderna² foi da man do trazado de grandes obras públicas como o establecemento de liñas de ferrocarrís (cfr. Lei xeral de ferrocarrís e tranvías, de 23 de novembro de 1877), a implantación de grandes infraestruturas, estradas, etc. Que serviron de cobertura para que o lexislador amosara unha palmaria deferencia cara a Administración do Estado³. Iso, polo demais, tampouco é ningunha singularidade do sector dos transportes, senón que seguiu a tendencia ordinaria de reducir competencias locais e atribuír, polo tanto, as funcións administrativas máis relevantes ao Estado, en congruencia cos postulados centralistas que serviron de fundamento e inspiración á maior parte da lexislación durante unha etapa histórica bastante dilatada no tempo. A proba máis elocuente atopámola no celeberrimo Estatuto Municipal de CALVO SOTELO, de 8 de marzo de 1924, cuxo artigo 150 é o que ten o mérito de ocuparse por primeira vez dalgúns transportes urbanos como os tranvías e o metropolitano, e establecía algo tan revelador como o que segue:

“É da exclusiva competencia dos Concellos, subordinada tan só á observancia das leis xerais do Reino⁴, e ao que esta lei dispoña, o goberno e dirección dos intereses peculiares dos pobos, na totalidade do seu territorio, e en particular canto garde relación cos obxectos seguintes: (...) 8º Construción ou concesión de vías férreas, e de liñas telefónicas, calquera que sexa o medio de tracción, con tal que non superen, pola superficie ou polo subsolo, o límite do termo municipal”.

E a mesma dirección tomou a Lei municipal, de 31 de outubro de 1935, ao recoñecer aos Concellos (art. 102) a competencia para a *“execución de obras e servizos, nos seus aspectos fundamentais de administración, concesión, contratación e municipalización, comprendéndose os de (...) d) Transportes terrestres, marítimos, fluviais, subterráneos e aéreos”.*

Pero estas disposicións non tiveron ningún resultado práctico e tanxible, e non só pola etapa histórica convulsa na que se ditaron, e que supuxo de feito que as disposicións do Estatuto Municipal de 1924 fosen en realidade moi pouco aplicadas, e que a Lei municipal republicana estaría chamada a ter moi pouco percorrido histórico pola inminente guerra civil (1936-1939), senón porque o que primou foi a tutela dos intereses estatais como se regulaban nas distintas leis sobre os diversos medios de transportes. Prevaleceu, entón, o que dispoñía a normativa sectorial sobre o que establecía a lexislación local (art. 101 do Texto articulado e refundido das Leis de Bases de Réxime Local, aprobado por Decreto de 24 de xuño de 1955⁵).

2 Póde consultarse, E. CARBONELL PORRAS, “Análisis histórico de la intervención pública en el transporte terrestre como punto de referencia de la actual ordenación del sector”, *REALA*, núm. 263, 1994, pp. 449-486.

3 Vid. E. GARCÍA DE ENTERRÍA, “El servicio público de los transportes urbanos”, *Revista de Administración Pública*, núm. 10, 1953, p. 68.

4 Con independencia de que este Estatuto non tivo apenas repercusión práctica, é claro que a apostila de *“subordinada tan só á observancia das leis xerais do Reino”* desactivaba automaticamente as posibilidades que aniñaban no devandito precepto; en realidade este artigo tiña unha declaración formal que estaba chamada a non ter ningunha consecuencia práctica polo que dicían as leis sectoriais sobre os distintos transportes (ferrocarrís, tranvías, etc.).

5 O cal dispoña: “1. É da competencia municipal o goberno e a administración dos intereses peculiares dos pobos. 2. A actividade municipal dirixirase principalmente á consecución dos seguintes fins (...), e) transportes terrestres, marítimos, fluviais, subterráneos e aéreos, estacións, portos e aeroportos”.

Por conseguinte, aínda que o transporte urbano era unha competencia que se lle confería aos municipios, o certo é que na realidade política e administrativa isto non foi así. Seguindo unha tendencia observable noutros moitos sectores, o Estado absorbeu e, dalgunha maneira, anulou, todas as potencialidades que tiñan estas normas. Como din E. CARBONELL e T. CANO CAMPOS⁶: “*O exemplo dos transportes, en realidade, só constitúe un dos numerosos exemplos da pugna de atribucións entre a Administración central e a Administración local, tan frecuente nestes anos. Unha pugna na que subxace un dos problemas máis graves da organización administrativa española da época, cal é a ausencia dunha delimitación clara e inequívoca da competencia municipal, e na que sempre saíu vencedor o Estado, probablemente, como sinalou SALAS, como consecuencia da “forza expansiva e da absorción que a burocracia da Administración estatal ten fronte á das entidades locais debido ás forzas socioeconómicas que sustentan unha e outra”.*”

Coa aprobación da Constitución, é evidente que o que é unha relación teórica indispensable por razóns lóxicas⁷ —o transporte urbano e a Administración local— debe ser unha realidade práctica constatable, e neste sentido é obrigado recoñecer o xiro copernicano que o recoñecemento da autonomía local comporta (cfr. arts. 137, 140 e 141 CE), xa que é sinxelamente inadmisíbel en termos constitucionais que os Concellos no dispoñan de competencias propias e efectivas sobre o transporte público. Por este motivo é necesario, en primeiro termo, delinear os contornos do sector, e, en segundo lugar, proceder ao exame das competencias que os Concellos teñen. Delimitación material e delimitación competencial son inescindibles, toda vez que o manexo dos conceptos e categorías xurídicas resulta necesario para saber o alcance e o contido das competencias municipais sobre o transporte urbano.

2 Transporte como sector do ordenamento xurídico-administrativo

Prima facie, aludir ao transporte é referirse a un sector dunha extraordinaria importancia económica e social; o transporte move miles de millóns de euros, constitúe un ámbito no cal desenvolven a súa actividade centos de empresas e executan o seu traballo milleiros de persoas. É, pois, un sector importante para a economía española e comunitaria⁸, pero, ademais, ten un papel crucial para a vida das persoas. Nun mundo globalizado e intercomu-

6 Vid. Capítulo XXXI, “Los transportes urbanos”, no *Tratado de Derecho Municipal II*, dir. por S. MUÑOZ MACHADO, Civitas, Madrid, 2ª ed. 2003, p.1689.

7 Xa hai máis de sesenta anos destacouno un autor tan emblemático como E. GARCÍA DE ENTERRÍA, se hai un sector que “*xorde única e exclusivamente das condicións da vida urbana e que trate de atender precisamente as necesidades que esta orde de vida colectiva manifesta, é o dos transportes urbanos. Polo que a conclusión é que debe estar atribuído á entidade administrativa organizada precisamente para as esixencias peculiares deste modo de vida colectivo, o Municipio*” (“El servicio público de los transportes urbanos”, cit., p. 83).

8 O que se constata na regulación que os Tratados Comunitarios fan deste sector. Recentemente reformáronse xustamente a Lei de Ordenación dos transportes terrestres (Lei 16/1987, de 30 de xullo), e a Lei de Seguridade Aérea (Lei 21/2003, de 7 de xullo), por virtude da Lei 8/2013, de 4 de xullo, para adaptar a normativa española ás esixencias da Unión Europea (Regulamento n.º (CE) 1071/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro de 2009, polo que se establecen normas comúns relativas ás condicións que se han de cumprir para o exercicio da profesión de transportista por estrada; Regulamentos (CE) n.º 1072/2009 e CE n.º 1073/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, ambos os dous de 21 de outubro de 2009, polo que se establecen normas comúns de acceso ao mercado do transporte internacional de mercadorías por estrada e ao mercado internacional dos servizos de autocares e autobuses; Regulamento (CE) n.º 1370/2007, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2007, sobre réxime de xestión dos transportes públicos regulares de viaxeiros).

Así mesmo, a Lei Orgánica 5/2013, de 4 de xullo, modificou a tamén Lei Orgánica 5/1987, de 30 de xullo, de Delegación de Facultades do Estado nas Comunidades Autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable.

nicado como nunca, que erixiu a mobilidade nunha das súas sinais de identidade (turismo de distinto tipo, mobilidade laboral, mobilidade estudiantil e do profesorado, mobilidade de empresas, etc.) non é posible relegar ao transporte, xa que a vida actual sinxelamente se desbarataría sen uns medios de transportes eficaces e áxiles.

O transporte é, segundo a canónica definición do Dicionario da RAE, o “*sistema de medios para conducir persoas e cousas dun lugar a outro*”⁹. Hai moitos tipos de transporte, e o Dereito, así mesmo, enfócaos desde moi distintas perspectivas. Así podemos falar de “transporte marítimo”, “transporte aéreo”, “transporte internacional”, “transporte terrestre”, “transporte por cable” “transporte por ferrocarril”, etc. Algúns teñen o seu encadramento natural no Dereito Mercantil e, mesmo, no Dereito Internacional Privado¹⁰. Pero outros, como o transporte terrestre, teñen o seu encaixe propio no Dereito Administrativo¹¹ e é só a el ao que nos referiremos neste estudo¹². Máis en concreto, ao transporte urbano, que depende da Administración local (Concello). Quedan fóra, polo tanto, outros enfoques sobre este sector, xa que desbordarían o sentido e fin do presente traballo.

Agora ben, non por iso resulta curta esta perspectiva, porque nela hai que contar coa distribución de competencias entre o Estado, as Comunidades Autónomas e os Entes locais, e cos mecanismos e técnicas de intervención reservadas á Administración Pública en orde ao cumprimento das súas funcións constitucionais (art. 103.1 CE).

Estado e Comunidades Autónomas dispoñen, como é ben sabido, de potestades legislativas que permiten aprobar Leis formais que afectan sen dúbida ás competencias dos entes municipais. Así, na Constitución Española, o artigo 148.1.5^a, establece que as Comunidades Autónomas poden asumir a través dos seus respectivos Estatutos de Autonomía, “*os ferrocarrís e as estradas cuxo itinerario se desenvolva integramente no termo da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte desenvolvido por estes medios e por cable*”. O que permite que as Comunidades poidan exercer as competencias de lexislación e execución dos transportes autonómicos, que son os que se realizan integramente no seu territorio. Pero, ademais, o artigo 149.1.21^a atribúe ao Estado a competencia sobre “*Ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha Comunidade Autónoma; réxime xeral de comunicacións; tráfico e circulación de vehículos a motor; correos e telecomunicacións; cables aéreos, submariños e radiocomunicación*”¹³; e, así mesmo, o artigo 149.1.24^a confírelle a competencia sobre “*Obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte a máis dunha Comunidade Autónoma*”, que ten particular relevancia en

9 É a segunda acepción, que é a que conecta co tema que tratamos: o transporte público.

10 Unha das características deste sector é a convivencia forzosa entre normas de Dereito Público e normas de Dereito Privado; cuestións relativas a contratación, etc. encádranse no Dereito privado, pero ligadas a disposicións de carácter xurídico-público como sucede coas tarifas, declaracións de portes e outros documentos análogos. Para algúns autores esta situación ofrece “*máis inconvenientes que vantaxes, porque desnaturaliza as institucións xurídicas ou fórzaas a operar en terreo alleo*” (cfr. J. BERMEJO VERA e Á. GARCÉS SANAGUSTÍN, “Introducción al Derecho de los transportes terrestres”, no volume colectivo, dir. por J. BERMEJO VERA, *El Derecho de los Transportes Terrestres*, Cedecs Editorial, Barcelona, 1999, p. 29).

11 Vid L. MARTÍN RETORTILLO, voz “Transporte” (Dereito Administrativo), na *Enciclopedia Jurídica* Básica. *Volume IV*, Ed. Civitas, Madrid, 1^a ed. 1995, pp. 6642-6647.

12 Constitúen técnicas de grande arraigamento desde o punto de vista xurídico-administrativo a utilización do *dominio público* e a *concesión administrativa*. Véxase, por exemplo, J. L. VILLAR EZCURRA, *Derecho Administrativo Especial. Administraciones Públicas y actividad de los particulares*, Civitas, Madrid, 1^a ed. 1999, p. 340.

13 Cfr. STC 86/1988, de 3 de maio: “*O marco de distribución de competencias normativas e executivas en relación ao transporte (...) pon de manifesto que corresponde en exclusiva ao Estado as competencias de orde normativa na medida en que o itinerario do transporte exceda do ámbito territorial da Comunidade Foral (...)*”.

materia de establecemento de infraestruturas para o transporte. Iso supón que o criterio, claro e concluínte, é o da territorialidade, o que comporta que os transportes intracomunitarios están atribuídos plenamente ás Comunidades Autónomas, e os que teñan un alcance extra ou intercomunitario son do Estado, estritamente considerado¹⁴.

Non obstante, a cuestión non é tan sinxela. É coñecido que o Título VIII da Constitución non é un modelo de perfección técnica¹⁵, pois obriga a realizar un labor, case de alquimista, para determinar con precisión o alcance e o contido das competencias do Estado e das Comunidades Autónomas. A redacción dos Estatutos de Autonomía, así mesmo, tampouco é moito mellor¹⁶, cun uso inapropiado de conceptos e mencións a materias que enlean aínda máis as disposicións constitucionais —é o caso das chamadas “competencias exclusivas”—. Polo tanto, cómpre para determinar con seguridade o réxime competencial ter en conta outros títulos competenciais que inciden de forma directa ou indirecta no correcto exercicio das competencias sobre o transporte terrestre (urbanismo, medio ambiente, sanidade, etc.). Así, a célebre e importante STC 118/1996, de 27 de xuño¹⁷, que resolveu distintos recursos de inconstitucionalidade en relación co transporte terrestre, subliñou que o transporte é un feito económico da maior importancia que pode lexitimamente disciplinarse polo Estado para levar a cabo unha política económica común (cfr. arts. 149.1.1ª e 13ª CE). Pero tamén cómpre ponderar a eficacia do artigo 149.1.6ª (lexislación mercantil), 21ª (tráfico e circulación de vehículos a motor), 18ª (réxime xurídico das Administracións Públicas, procedemento administrativo común expropiación, responsabilidade, contratos e concesións administrativas), 4ª (coordinación coa defensa nacional), 16ª (sanidade, como referimos), 29ª, (protección civil e seguridade pública xeral). Isto bota un panorama complicado que desde logo se afasta da simplicidade que a lectura dos artigos 148.1.5ª e 149.1.21ª CE puideran facer crer nunha primeira aproximación.

14 O concepto de “Estado” é, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional anfíbolóxico, pois en ocasións designa a totalidade da organización xurídico-política, e outras só ao conxunto das institucións xerais e centrais e os seus órganos periféricos (STC 32/1981, de 26 de xuño. Vid tamén A. GALLEGO ANABITARTE, *Constitución y personalidad jurídica del Estado*, Tecnos, Madrid, 1992, p. 41).

15 S. MUÑOZ MACHADO, *Informe sobre España. Repensar el Estado o destruirlo*, Crítica, Barcelona, 1ª ed. 2012, p. 102, afirma que o Título VIII da Constitución é “de principio a fin, incorrectísimo técnicamente”, e critica severamente a mala técnica dos artigos 148 e 149, fonte de múltiples conflitos e de inseguridade permanente nos operadores xurídicos.

16 Vid. E. CARBONELL PORRAS “6. Transportes. Régimen general. Autonomías. Competencias del Estado”, no volume colectivo, dir. por A. JIMÉNEZ-BLANCO e J. MARTÍNEZ-SIMANCAS, *El Estado de las Autonomías. Los sectores productivos y la ordenación territorial del Estado. Tomo II*, Ed. Centro de Estudios Ramón Areces, S.A. - Central Hispano, Madrid, 1ª ed. 1997, pp. 1345 e 1346. Neste traballo analízanse as distintas expresións que usan os Estatutos, as súas inconsistencias e a dificultade de interpretar algunhas disposicións. Pola súa parte, o Tribunal Constitucional, na súa posición de intérprete supremo da Constitución (art. 1.1, LOTC), afirmou tamén, en relación coa modificación do Estatuto de Cataluña (Lei Orgánica 6/2006, de 19 de xullo), que o artigo 160.1 EAC “ao recoñecer á Comunidade Autónoma as competencias examinadas en “exclusividade”, o fai de maneira impropia e non impide que sobre as devanditas competencias autonómicas poidan operar plenamente as bases estatais (...)” (STC 31/2010, de 28 de xuño, FJ. 100); algo que volve reiterar con ocasión da resolución do recurso de inconstitucionalidade formulado contra a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (STC 103/2013, de 25 de abril, FJ.4). Exemplo desta confusión atópase na propia Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local; na disposición adicional terceira dise algo tan elocuente como: “1. As disposicións desta lei son de aplicación a todas as Comunidades Autónomas, sen prexulzo das súas competencias exclusivas en materia de réxime local asumidas nos seus Estatutos de Autonomía, no marco da normativa básica estatal (...)”.

Pode tamén consultarse o traballo de A. BLASCO “Sobre el concepto de competencias exclusivas”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, núm. 29, 1981, pp. 307-317; así mesmo como mostra do esforzo doutrinal por esclarecer este intrincado panorama competencial o estudo de M. CARRILLO, “La noción de “materia” y el reparto competencial en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional”, *Revista vasca de Administración Pública*, núm. 36 (II), 1993, pp. 101-116.

17 Vid. E. GARCÍA DE ENTERRÍA, “La Sentencia constitucional 118/1996, de 27 de junio, sobre la Ley de Ordenación de los Transportes Terrestres de 1987 y sus implicaciones de futuro”, *Revista Española de Derecho Constitucional*, núm. 55, 1999, pp. 253-262.

O Tribunal Constitucional (SSTC 245/2012, de 18 de decembro, e, reiterando a súa doutrina, 83/2013, de 11 de abril), declarou —respecto do transporte ferroviario, pero que é aplicable a outros— o seguinte:

“(i) que como consecuencia do criterio territorial, o Estado non pode incidir sobre a ordenación dos transportes intracomunitarios, agás cando se atope habilitado para facelo por títulos distintos; (ii) que o Estado ten competencia exclusiva sobre as actividades de transporte que actúen integradas nunha rede de alcance nacional; independentemente do lugar de carga e descarga, sempre que se trate de percorridos discretos pois a competencia non pode atribuírse con base en percorridos concretos que se ignoran, senón conforme ao carácter supracomunitario da rede; (iii) que o Estado ten competencia exclusiva sobre os servizos parciais comprendidos en liñas regulares de viaxeiros cuxo itinerario discorra polo territorio de máis dunha Comunidade Autónoma, e, (iv) que aínda que o criterio territorial debe aplicarse con rigor cando se trata de competencias normativas, as competencias de execución da lexislación estatal quedan, en certo modo, desconectadas do devandito criterio, para permitir a súa efectiva titularidade autonómica, aínda cando o transporte non discorra integramente polo territorio da Comunidade Autónoma, abondando con que teña orixe e remate no territorio desta (...)” (STC 245/2012, FX. 16).

Dentro deste contexto, cómpre salientar que o Estado, por virtude da Lei Orgánica 5/1987, de 30 de xuño¹⁸, aprobada con base no artigo 150.2 CE¹⁹, delegou facultades do Estado en materia de transporte por estrada e por cable, e hoxe pódese dicir que todas as Comunidades Autónomas teñen competencias de execución da lexislación estatal en materia de transporte de mercadorías e viaxeiros, cando teñen o seu orixe e destino no territorio autonómico; e, no plano práctico, non se pode subvalorar as competencias de execución, posto que permiten outorgar licenzas e concesións, habilitar aos axentes de transporte, exercer poderes de policía —inspección e sanción— etc. Por iso afirman José BERMEJO e Ángel GARCÉS²⁰ *“que parece obrigado sinalar que resulta moito máis importante a execución que a lexislación, e que o modo ou as formas de execución da ordenación legxlativa estatal pode realizarse de moi diferente maneira, segundo as Comunidades Autónomas, por razóns de conveniencia política, social ou económica, todo o cal pode poñer en cuestión*

18 Modificada, como xa se advertiu, pola Lei Orgánica 5/2013, de 4 de xullo, que cambia a redacción do artigo 10. Recálcase que non son obxecto de delegación *“as facultades relativas à inspección e control en fronteira dos transportes internacionais, nin a tramitación e, no seu caso imposición de sancións polas infraccións detectadas na realización de tales funcións”*. Ademais, dise no artigo 10.3 que *“As facultades delegadas a que se refiren os apartados anteriores non obstarán para que a Administración Xeral do Estado acorde realizar directamente as inspeccións que estime necesarias. Neste caso, se as referidas actuacións inspectoras xustificasen a iniciación do correspondente procedemento sancionador, corresponderán, así mesmo, ao Estado as facultades para a incoación, tramitación e resolución do devandito procedemento.*

As funcións de vixilancia do transporte atribuídas à Garda Civil non son obxecto de delegación”.

19 Este artigo da Constitución dispón: *“O Estado poderá transferir ou delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A Lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que se reserve o Estado”*. Este precepto, por tanto, admite unha ampliación extraestaturaria de competencias autonómicas; o cal se fixo coa Lei Orgánica 8/1987, de 30 de xuño, xa citada. É unha forma de ampliación referida a unha materia concreta, e non supón unha ampliación xeral de competencias (Vid sobre este extremo, E. GARCÍA DE ENTERRÍA, *La revisión del sistema de Autonomías Territoriales: reforma de Estatutos, leyes de transferencia y delegación, federalismo*, Cuadernos Cívitas, Madrid, 1ª ed. 1988, pp. 59 e 60).

20 Op. cit., p. 37.

a funcionalidade deste sistema de reparto competencial e poñer en risco a igualdade do tratamento dos cidadáns en todo o territorio estatal (art. 139.1 da CE)”²¹.

Cinguíndonos ao obxecto deste estudo —os transportes urbanos—, cómpre salientar que estes caen dentro da competencia intracomunitaria, e son, polo tanto, as Comunidades Autónomas as que dispoñen da competencia para regulalos, respectando a normativa básica que dite o Estado co apoio nos distintos títulos constitucionais que lle permiten aprobar este tipo de normas²². Esta competencia autonómica, á parte da xustificación estritamente xurídica, ten a súa razón de ser no coñecemento pormenorizado dos factores e condicións que existen en cada Comunidade, que poden variar e sufrir transformacións derivadas da evolución económica e social inherente a toda colectividade (colonización interior, inmigración, etc.). *De maneira que son as Comunidades as que teñen a función de determinar as competencias municipais en relación co transporte público urbano*²³, e, no seu defecto, serán as normas locais e a normativa xeral de transportes que permaneza en vigor. Neste punto hai que salientar, ademais, que as Leis autonómicas sobre o transporte²⁴ non regulan ordinariamente de forma completa o transporte urbano, con previsión de principios e criterios xerais, e toman a opción lexislativa de disciplinar unha modalidade específica de transporte, polo que é aplicable supletoriamente²⁵ a lexislación estatal, é dicir, a Lei 16/1987, de 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado por Real Decreto 1211/1990, de 28 de setembro, e modificado en varias ocasións.

3 As competencias das entidades locais: encadramento xeral

En materia de transportes, como noutros sectores, as entidades locais viron enriquecido o seu elenco de competencias. Non é posible, despois da Constitución (arts. 137, 140 e 141 CE), e a aprobación da LRBRL, así como de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, conformar un tipo de Administración local completamente supeditado ás Administracións superiores —do Estado e das Comunidades Autónomas—, como aconteceu na etapa do Réxime de Franco, segundo xa advertimos. Por este motivo a LRBRL²⁶ establece un modelo de competencias das entidades locais que se pode sintetizar en: a) competencias propias, b) competencias delegadas, e c) competencias encomendadas (arts. 7 e 8, 27 e 37, LRBRL). A primeira redacción da LRBRL previu as chamadas *competencias complementarias*

21 Este é un dos problemas que, xustamente, se critican con ocasión da forte crise económica que sufrimos; a disparidade de criterios e de requisitos para outorgar permisos ou licenzas, o que contribúe a crear inseguridade xurídica, con vulneración do artigo 9.3 CE, e, por tanto, a desmotivar a empresarios á hora de realizar os seus investimentos.

22 Neste sentido, J. BERMEJO e Á. GARCÉS, cit., p. 44: “*En calquera caso, parece claro que, a partir desta Sentenza, a regulación do “transporte urbano”, por tratarse en todo caso de transporte intraautonómico, compete ás Comunidades Autónomas, respectando, claro está, a normativa básica que procede do Estado nos títulos ou materias da súa competencia*”.

23 Vid. E. CARBONELL PORRAS e T. CANO CAMPOS, cit., p. 1695.

24 Vid. infra IV.4.2).

25 Cfr. E. CARBONELL PORRAS e T. CANO CAMPOS, cit., p. 1696.

26 En xeral, sobre as competencias da Administración local, pode consultarse, L. ORTEGA ÁLVAREZ, *El régimen constitucional de las competencias locales*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 1988; F. SOSA WAGNER e P. DE MIGUEL GARCÍA, *Las competencias de las Corporaciones Locales*, Instituto de Estudios de la Administración Local, Madrid, 1985, e J. MIR I BAGO, *El sistema constitucional de competencias locales*, Marcial Pons, Madrid, 1991.

Tamén, os meus libros *Las competencias de los Cabildos Insulares*, Cabildo Insular de Gran Canaria, Las Palmas, 1993, e *Régimen Jurídico de los Cabildos Insulares*, Instituto Canario de Administración Pública, Santa Cruz de Tenerife, 2005.

(art. 28)²⁷, pero a Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local eliminounas, como se analizará máis adiante.

3.1 Réxime legal das competencias propias

As competencias propias exércense en réxime de autonomía e baixo a enteira responsabilidade da entidade local, e non admiten controis xenéricos, senón específicos e de legalidade²⁸. Estas competencias atribúense, fundamentalmente, pola lexislación sectorial que dite o Estado ou as Comunidades Autónomas dentro dos seus respectivos ámbitos de competencias determinados polo chamado “bloque de constitucionalidade” (art. 2.1 LRBRL)²⁹. Constitúen o núcleo duro da autonomía, xa que son as que de verdade confiren poder e capacidade para intervir nas distintas áreas da acción pública³⁰ (seguridade cidadá, ordenación do tráfico, protección civil, urbanismo, patrimonio histórico-artístico, medio ambiente, sanidade, defensa de consumidores e usuarios, subministro de auga, transporte público de viaxeiros, etc.)³¹. Son competencias que constitúen o “arquetipo” de competencia local, xa que comprenden unha capacidade de intervención máis forte (en canto que os controis son menores e circunscríbense á legalidade), e máis autónoma que a que se ten por unha competencia delegada ou xa non digamos unha competencia encomendada (arts. 7 e 8, LRBRL). Por esa razón o artigo 7.2, LRBRL dispón: “As competencias propias dos Municipios, as Provincias, as Illas e demais Entidades locais territoriais só poderán ser determinadas por Lei e exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas”³². Por conseguinte, do ata aquí afirmado podemos extraer os seguintes caracteres das competencias propias:

-
- 27 O artigo 28 LRBRL dicía: “Os Municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións públicas e, en particular, as relativas á educación, á cultura, á promoción da muller, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente”. Véxase, así mesmo, a disposición transitoria 2ª do LRBRL, prevista para aclarar o ámbito deste artigo 28.
- 28 É tradicional no Dereito Administrativo diferenciar entre o control de legalidade e o control de oportunidade. O de legalidade, como o seu propio nome revela, xira arredor de determinar se se cumpriu ou non co Ordenamento xurídico, e explícitase fundamentalmente a través dos recursos administrativos e xurisdiccionais; en cambio, o control de oportunidade ten un ámbito e alcance moito maior, porque trata de verificar a oportunidade ou conveniencia política e administrativa. Por este motivo coa aprobación da Carta Magna de 1978 o control de oportunidade reduciuse de forma drástica, se ben procede nas competencias delegadas e nas encomendadas, que teñen un réxime xurídico claramente distinto do das competencias propias.
- 29 En efecto, o artigo 2.1, LRBRL dispón textualmente: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, ás Provincias e ás Illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira”. A xurisprudencia do Tribunal Constitucional, así mesmo, destacou que é a lexislación sectorial —como a relativa aos transportes terrestres— a que efectivamente atribúe competencias aos entes locais, e, en particular, aos municipios (STC 214/1989, de 21 de decembro, entre outras).
- 30 L. PAREJO ALFONSO afirmou nun estudo de hai algún tempo que a competencia propia se refire ao “arquetipo mesmo de competencia local”; arquetipo que alude por definición a dous elementos: a) a índole do asunto, xa que ha de tratarse de asuntos que se esgotan no interese local ou nos que calquera outro interese máis amplo ou superior sexa secundario ou accidental, e b) o alcance da habilitación legal da actuación ha de tratarse dunha atribución legal de ciclo enteiro, comprensiva, pois, da decisión final no devandito asunto (cfr. “Relaciones interadministrativas y de conflicto en la ley básica de régimen local”, *Revista de Estudios de la Administración Local*, núm. 238, 1988, pp. 1056 e 1057).
- 31 Unha sucinta referencia á lexislación sectorial que atribúe competencias á Administración local pode atoparse na monografía de J. MIR I BAGO, *El sistema español de competencias locales*, op. cit., pp. 337-364, que, aínda que xa ten algúns anos, é aínda o suficientemente explicativa sobre o modo de atribución destas competencias.
- 32 J. MIR I BAGO (cit., p. 320) asevera: “En definitiva, o máis característico das competencias propias é que se exercen en réxime de autonomía, baixo a responsabilidade da entidade que é titular das mesmas, e que son, ademais, as competencias locais por excelencia. Esta última nota significa que toda competencia local é, en principio, propia, a non ser que a lei que a define dispoña expresamente o contrario”.

- 1º Teñen reserva material de Lei³³. Con iso salientase a relevancia da orde de prelación de fontes na cal a Lei como expresión da vontade popular³⁴ é a que goza da habilitación para conferir a competencia; supérase, pois, unha etapa na cal por meros Regula-mentos, ditados pola Administración en exercicio da súa potestade regulamentaria, atribuíanse á Administración do Estado competencias que debían ser locais de acordo co artigo 101 da Lei de Réxime Local de 1955³⁵.
- 2º Exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, e constitúen o modelo máis acabado de competencia local.
- 3º Poden ser obxecto de controis específicos, pero non xenéricos³⁶. Non cabe o control de oportunidade, que si se admite para as competencias delegadas (art. 7.3, LRBRL). O Tribunal Constitucional (S de 27 de febreiro de 1987), declarou que deben evitarse os controis xenéricos e indeterminados, pero admite os concretos “que haberán de referirse normalmente a supostos nos que o exercicio das competencias incida en intereses xerais concorrentes cos daquelas”.
- 4º Poden ser obxecto de coordinación cando incidan ou condicionen relevantemente intereses xerais do Estado ou os intereses prevalentes das Comunidades Autónomas (art. 10.2, LRBRL). A coordinación é unha técnica de relación entre Administracións que implica certo poder directivo, como salientou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional (STC 214/1989, de 21 de decembro), pero que non pode supoñer en ningún caso a mingua ou o baleiramento das competencias propias das entidades locais. No caso do transporte urbano, como despois se verá, ten un papel de relevo, ao estar afectados intereses da Comunidade Autónoma en determinados transportes. O xurdimiento e desenvolvemento das denominadas “Autoridades do Transporte Público” trata de responder con eficacia á necesidade de colaboración e coordinación.

Regap


 MONOGRÁFICO
 A reforma local / a debate

-
- 33 Cfr., L. ORTEGA ÁLVAREZ, *El régimen constitucional...*, cit., p. 98, e J. MIR I BAGO, *El sistema español de competencias locales*, op. cit., pp. 237 e 238.
- 34 Así se di, en concreto, no Preámbulo da Constitución española de 1978. (“*Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular*”). É obvio que se trata dunha afirmación un tanto mítica, xa que desde hai moito tempo se cuestiona que a Lei sexa expresión da vontade popular. O tema desborda o obxecto e sentido deste estudo. Abonda para detese nalgunhas reflexións de interese sobre este importante tema coa lectura do interesante libro epistolar de A. NIETO GARCÍA e T. RAMÓN FERNÁNDEZ, *El Derecho y el revés. Diálogo epistolar sobre leyes, abogados y jueces*, Ariel, Barcelona, 1ª ed. 1998, pp. 64 e ss.
- 35 Cfr. L. ORTEGA ÁLVAREZ e F. PUERTA SEGUIDO, “Comentarios al artículo 7”, na obra colectiva dir. por M. REBOLLO PUIG, *Comentarios a la Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local Tomo I (Artículos 1 a 45)*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2007, p. 180.
- Polo que respecta ao transporte, son destacables, entre outras, as Leis 1/1991, de 14 de febreiro, de ordenación do transporte metropolitano de Valencia, 14/1998, de 30 de decembro, do transporte urbano en Aragón, 7/1998, de 1 de xuño, do transporte público urbano por estrada en Navarra, 20/1998, de 27 de novembro, de ordenación e coordinación do transporte urbano de Madrid; 2/2000, de 29 de xuño, do transporte público urbano e interurbano de viaxeiros en automóviles de turismo no País Vasco, etc.
- 36 A STC de 2 de febreiro de 1981 (FJ. 12 A), afirmou que o goberno e a administración autónomos dos entes locais non exclúe que en determinadas materias poida outorgarlle (á Administración do Estado) poderes puntuais de dirección por razón da incidencia do exercicio dunha competencia noutros intereses xerais alleos aos propios da entidade local. Véxase, así mesmo, L. PAREJO ALFONSO, “Relaciones interadministrativas y régimen local”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, números 40-41, 1984, p. 220, quen entende que a ponderación de intereses públicos aconsella que non deban excluírse a priori técnicas de control máis axustadas ás competencias propias que a mera supervisión da observancia da legalidade. Non obstante, esta afirmación debe interpretarse mesuradamente, e, en calquera caso, non é posible aceptar conforme á mesma un control de oportunidade. Cabe, quizais, concibila nun caso de coordinación, que menciona o mesmo artigo 7.2, a cal, ademais, debe desenvolverse cos límites que establece a mesma Lei.

3.2 As competencias delegadas

É o segundo tipo de competencia local que sinala o referido artigo 7, LRBRL. Trátase dunha competencia que ten un réxime xurídico claramente distinto, xa que se desenvolve no marco dunha relación entre dúas Administracións perfectamente diferenciadas na cal unha ten a posición de delegante e outra a de delegada³⁷. Isto xa marca unha orixe completamente diferente ao das competencias propias, porque se ben é verdade que a Lei pode prever a delegación, tamén esta se pode producir por acordo entre ambas as dúas Administracións³⁸ (cfr. arts. 27 e 37. LRBRL). Por outra parte, trátase dunha delegación interadministrativa —é dicir, desenvólvese entre dúas Administracións Públicas distintas cunha posición e ámbitos competenciais diferentes e non dunha delegación interorgánica— que é a que se desenvolve entre órganos administrativos dunha mesma Administración (art. 13, LRJAP e PAC)^{39,40}. Por outra parte, resulta obvio que en modo ningún ten nada que ver cunha delegación legislativa (arts. 82-85, CE.). Ten, pois, un perfil xurídico propio, que ten a súa xustificación na necesidade de conferir o exercicio dalgúns competencias a outra Administración, pero mantendo a súa titularidade a Administración delegante. Na esfera do transporte urbano, como máis adiante se observará con detención, varias son as Leis autonómicas que prevén a delegación e, mesmo, na *Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*, inténtase potenciar esta técnica, se ben é verdade que condicionada polo principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (art. 27), en aplicación do artigo 135 CE e da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

Desde un punto de vista estritamente dogmático⁴¹, a característica máis relevante en orde á distinción con outras técnicas é a existencia dunha maior dependencia ou subordinación do ente delegado ao delegante, o que implica que os poderes de supervisión e control son moito máis potentes e determinantes⁴² que os que se exercen con respecto ás competencias transferidas e, evidentemente, con relación ao control que se realiza sobre as competencias propias, as cales se exercen, como xa se comprobou, en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade (art. 7.2, LRBRL).

A Lei do Proceso Autonómico, de 14 de outubro de 1983, ao permitir a transferencia ou delegación de competencias propias das Comunidades Autónomas ás Deputacións Provinciais

37 Nun plano máis xeral debe indicarse que a previsión das delegacións a favor dos municipios xa se establecía no artigo 49 do Decreto da Asemblea Constituínte de 14 de decembro de 1789, de organización municipal (Sobre este antecedente transcendente, véxase a investigación de E. GARCÍA DE ENTERRÍA, “La configuración del régimen municipal francés de la Revolución a la Restauración”, incluído no volume *Revolución Francesa y Administración contemporánea*, Civitas, Madrid, 4ª ed. 1994, pp. 117 e 118).

38 Cfr., así mesmo, J. MIR I BAGO, cit., p. 322.

39 Sobre a delegación interorgánica, véxase M. J. SARMIENTO ACOSTA, voz “Delegación interorgánica”, no *Diccionario de Derecho Administrativo Tomo I A-G*, dir. por S. MUÑOZ MACHADO, Iustel, Madrid, 1ª ed. 2005, pp. 806-811.

40 Esta Lei, como se sabe, veu substituír á benemérita Lei de Procedemento Administrativo de 1958.

41 É claro que o Dereito, e, en particular, o Dereito Administrativo, se configura de acordo coas categorías e técnicas dogmáticas, que se poden empregar logo para distintos fins. Late aquí a diferenciación entre “pensar dogmático” e “pensar investigador”, estudada, por exemplo, por A. GALLEGU ANABITARTE (Vid. “El discurso sobre el método en Derecho Público durante la República de Weimar (Ciencias del espíritu y método jurídico)”, *Revista Española de Derecho Constitucional*, núm. 46 (Xaneiro-Abril 1996), pp. 11 e ss.), autor que afirma que nas “*Facultades de Dereito son “asignaturas investigadoras”: a Filosofía do Dereito, a Historia e a Socioloxía do Dereito; a maior parte, pois, son asignaturas dogmáticas porque loxicamente así debe ser*” (p. 14). O tema desborda o obxecto deste estudo, pero serve para destacar unha das características da configuración institucional do Dereito Público, aínda que iso tampouco pode servir de excusa para eludir a crítica sociolóxica, económica e política, xa que as normas non son algo illado, senón responden aos orzamentos ideolóxicos dun determinado momento e lugar. O que se intenta dicir é que a configuración dogmática é necesaria para poder operar con seguridade e criterio en Dereito, que é algo distinto.

42 S. MUÑOZ MACHADO, *Derecho Público de las Comunidades Autónomas II*, Civitas, Madrid, 1ª ed. 1984; 1ª reimpresión, 1987, p. 230.

deseña as liñas mestras do réxime xurídico das competencias delegadas, que con algúns matices, pasa á LRBRL e a outras Leis autonómicas que empregaron esta técnica traslativa de competencias. Así, o artigo 7.3, LRBRL na súa nova redacción debida á Lei 27/2013, de 27 de decembro, dispón:

“O Estado e as Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas Entidades Locais o exercicio das súas competencias.

As competencias delegadas exércense nos termos establecidos na disposición ou acordo de delegación, segundo corresponda, con suxeición ás regras establecidas no artigo 27, e preverán técnicas de dirección e control de oportunidade e eficiencia”

Pola súa parte, o artigo 27 LRBRL quedou así despois da reforma da Lei 27/2013:

“1. O Estado e as Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos Municipios o exercicio das súas competencias.

A delegación haberá de mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuir a eliminar duplicidades administrativas e ser acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

A delegación deberá determinar o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser inferior a cinco anos, así como o control de eficiencia que se reserve a Administración delegante e os medios persoais, materiais e económicos, que esta asigne sen que poida supoñer un maior gasto das Administracións Públicas.

A delegación deberá acompañarse dunha memoria económica onde se xustifiquen os principios a que se refire o parágrafo segundo deste apartado e se valore o impacto no gasto das Administracións Públicas afectadas sen que, en caso ningún, poida levar consigo un maior gasto das mesmas.

2. *Cando o Estado ou as Comunidades Autónomas deleguen en dous ou máis municipios da mesma provincia unha ou varias competencias comúns, a devandita delegación deberá realizarse seguindo criterios homoxéneos.*

A Administración delegante poderá solicitar a asistencia das Deputacións provinciais ou entidades equivalentes para a coordinación e seguimento das delegacións previstas neste apartado.

3. *Co obxecto de evitar duplicidades administrativas, mellorar a transparencia dos servizos públicos e o servizo á cidadanía e, en xeral, contribuir aos procesos de racionalización administrativa, xerando un aforro neto de recursos, a Administración do Estado e as das Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:*

- a) *Vixilancia e control da contaminación ambiental.*
- b) *Protección do medio natural.*
- c) *Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.*

REGAP



MONOGRÁFICO
A reforma local: a debate

- d) *Conservación ou mantemento de centros sanitarios asistenciais de titularidade da Comunidade Autónoma.*
 - e) *Creación, mantemento e xestión de escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil.*
 - f) *Realización de actividades complementarias nos centros docentes.*
 - g) *Xestión de instalacións culturais de titularidade da Comunidade Autónoma ou do Estado, con estrita suxeición ao alcance e condicións que derivan do artigo 149.1.28ª da Constitución Española.*
 - h) *Xestión das instalacións deportivas de titularidade da Comunidade Autónoma ou do Estado, incluíndo as situadas nos centros docentes cando se usen fóra do horario lectivo.*
 - i) *Inspección e sanción de establecementos e actividades comerciais.*
 - j) *Promoción e xestión turística.*
 - k) *Comunicación, autorización, inspección e sanción dos espectáculos públicos.*
 - l) *Liquidación e recadación de tributos propios da Comunidade Autónoma ou do Estado.*
 - m) *Inscripción de asociacións, empresas ou entidades nos rexistros administrativos da Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado.*
 - n) *Xestión de oficinas unificadas de información e tramitación administrativa.*
 - o) *Cooperación coa Administración educativa a través dos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia.*
4. *A Administración delegante poderá, para dirixir e controlar o exercicio dos servizos delegados, ditar instrucións técnicas de carácter xeral e solicitar, en calquera momento, información sobre a xestión municipal, así como enviar comisionados e formular os requirimentos pertinentes para a emenda das deficiencias observadas. No caso de incumprimento das directrices, denegación das informacións solicitadas, ou inobservancia dos requirimentos formulados, a Administración delegante poderá revogar a delegación ou executar por si mesma a competencia delegada en substitución do Municipio. Os actos do Municipio poderán ser recorridos ante os órganos competentes da Administración delegante.*
5. *A efectividade da delegación requirirá a súa aceptación polo Municipio interesado.*
6. *A delegación haberá de ir acompañada en todo caso do correspondente financiamento, para o cal será necesario a existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente nos orzamentos da Administración delegante para cada exercicio económico, sendo nula sen a devandita dotación.*

O incumprimento das obrigas financeiras por parte da Administración autonómica delegante facultará á Entidade Local delegada para compensalas automaticamente con outras obrigas financeiras que esta teña con aquela.

7. *A disposición ou acordo de delegación establecerá as causas de revogación ou renuncia da delegación. Entre as causas de renuncia estará o incumprimento das obrigas financeiras por parte da Administración delegante ou cando, por circunstancias sobrevidas, se xustifique suficientemente a imposibilidade do seu desempeño pola Administración na que foron delegadas sen menoscabo do exercicio das súas competencias propias. O acordo de renuncia adoptarase polo Pleno da respectiva Entidade Local.*
8. *As competencias delegadas exércense de acordo á lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas⁴³.*

Así mesmo, o artigo 37 LRRL, para as Deputacións provinciais, e en coherencia co que establece a Lei do Proceso Autonómico, seguindo o criterio da Comisión de Expertos sobre autonomías de 1981⁴⁴, establece:

1. *As Comunidades Autónomas poderán delegar competencias nas Deputacións, así como encomendar a estas a xestión ordinaria de servizos propios nos termos previstos nos Estatutos correspondentes. Neste último suposto as Deputacións actuarán con suxeición plena ás instrucións xerais e particulares das Comunidades.*
2. *O Estado poderá, así mesmo, previa consulta e informe da Comunidade Autónoma interesada, delegar nas Deputacións competencias de mera execución cando o ámbito provincial sexa o máis idóneo para a prestación dos correspondentes servizos.*
3. *O exercicio polas Deputacións das facultades delegadas acomodarse ao disposto no artigo 27”.*

Dos preceptos transcritos é posible colixir cal é o réxime específico desta técnica que pode ampliar a esfera competencial das entidades locais:

- 1º É unha delegación intersubxectiva porque se realiza entre dous suxeitos de Dereito Público con personalidade xurídica propia: Administración do Estado, Comunidade Autónoma, e, no seu caso, entidades locais.
- 2º A operación traslativa de competencias necesita un título xurídico válido e eficaz, que pode ser unha disposición ou un acordo (cfr. art. 27.7, LRRL, que alude a “*disposición ou a acordo*”), que deberá especificar o alcance, o contido, as condicións e a duración da delegación.
- 3º A delegación non supón unha alteración da orde normativa delimitadora de competencias, se ben por medio desta técnica se lle confire un título ao ente delegado

43 A redacción deste precepto é moito máis minuciosa que a que se atopaba na primeira redacción; iso é debido á intención de potenciar máis esta técnica traslativa de competencias: a delegación interadministrativa.

44 O Informe da Comisión de Expertos sobre autonomías é de 19 de maio de 1981, e tívose como referente para os Pactos autonómicos de 31 de xullo de 1981. Vid. S. MUÑOZ MACHADO, *Derecho Público de las Comunidades Autónomas I*, Civitas, Madrid, 1982, pp. 143 e ss.; tamén, cunha visión máis crítica, J. L. MEILÁN GIL, *La ordenación jurídica de las Autonomías*, Tecnos, Madrid, 1988, p. 77.

(municipio, no caso do transporte, se ben tamén pode ser a provincia) para que poida realizar unhas actividades ou cometidos de xestión que non poden circunscribirse unicamente á mera execución material, senón que permite certa capacidade de decisión⁴⁵.

4º As competencias delegadas exercenrse baixo a propia responsabilidade da Administración delegada (Concello, Deputación Provincial), posto que unha vez efectuada a operación pasan a integrarse na esfera de actuación propia do mesmo⁴⁶.

5º A delegación debe levar aparellada a dotación de medios persoais, materiais e económicos (art. 27.6, LRBRL), o que se coñece como principio de cobertura financeira suficiente, que é tradicional no noso Dereito de organización administrativa⁴⁷, e a súa xustificación é bastante lóxica, xa que a operación de delegación competencial se convertería en pura ficción se xunto co establecemento das condicións, contido e alcance da mesma non se realiza un paralelo desprazamento económico que faga operativa e eficaz a delegación. A cobertura financeira é dunha importancia capital na delegación, se ben a fixación concreta da dotación a realizarán as partes implicadas no proceso previo ao acordo⁴⁸.

6º A delegación de competencias pode efectuarse a favor dos Concellos ou das Deputacións (arts. 27 e 37, LRBRL).

7º A delegación pola súa propia natureza e función comporta un control máis amplo e rigoroso que o que se aplica a outras técnicas, como a transferencia de competencias, por iso a lexislación básica de réxime local pormenoriza sobre os modos e as formas que pode revestir ese control: instrucións, requirimentos, comisionados, recurso dealzada, posibilidade de revogación, etc. (art. 27.4, LRBRL). Cabe, como xa se advertiu, un auténtico control de oportunidade (art.7.3, LRBRL), que transcende o mero control de legalidade. O que se explica e xustifica polo feito de que *a titularidade sempre se mantén na Administración delegante*, e só o exercicio da competencia (art. 27.1, LRBRL) se traslada ao delegado.

É palmario que, en caso de incumprimento do delegado, ou cando a xestión que desenvolve é ineficaz ou inadecuada, a xuízo da Administración delegante, esta pode revogar a delegación.

8º A delegación está suxeita a unha duración. Así se infire do previsto no tan citado artigo 27.1, LRBRL, que dispón que *"non poderá ser inferior a cinco anos"*. Cabe, como xa se dixo, tamén que finalice por incumprimento das condicións e requisitos que se estableceron para o exercicio da competencia delegada.

45 Vid. J. SALAS HERNÁNDEZ, "El tema de las competencias: instrumentación de las relaciones entre el Estado y la Administración Local desde la perspectiva de la descentralización territorial", no volume colectivo *Descentralización administrativa y organización política. Tomo II. La centralización española vigente*, Alfabuara, Madrid, 1973, pp. 630-631. "*No delegado* —diciu este autor, xa falecido— *existe unha certa capacidade decisoria en orde á actividade delegada que ha de levar a cabo, só limitada polas directrices que o delegante poida impartir tanto no momento de producirse a delegación, como durante a vixencia da mesma*".

46 S. MUÑOZ MACHADO, *Derecho Público de las Comunidades Autónomas II*, op. cit., p. 229; tamén F. SOSA WAGNER e P. DE MIGUEL GARCÍA, *Las competencias...*, cit., p. 79.

47 F. SOSA WAGNER e P. DE MIGUEL GARCÍA, *Las competencias...*, cit., p. 82.

48 F. SOSA WAGNER e P. DE MIGUEL GARCÍA, *Las competencias...*, cit., p. 82, afirman que a dotación de medios aparece como un negocio xurídico accesorio á delegación.

9º O obxecto das competencias delegadas vén determinado fundamentalmente polas materias que desbordan ou transcenden os intereses puramente locais, pero que admiten unha xestión pola Administración delegada por razón de eficacia ou para propiciar unha participación cidadá (art. 27.1, LRBRL). Por iso SOSA WAGNER e DE MIGUEL GARCIA consideran que *“non parece que sexa o medio máis indicado para transmitir competencias sobre materias de interese estritamente supralocal, máxime cando tal obxectivo pode acadarse por medio doutras figuras máis idóneas⁴⁹”*.

Non obstante, isto tampouco aclara moito as cousas, pois non deixa de ser unha afirmación convencional. O Dereito de organización español está pouco maduro, como se pode observar no deficiente Título VIII da Constitución, e dos distintos conceptos e categorías que se usan (confúndese moitísimas veces entidade local con Corporación local, competencias exclusivas, etc.), polo que haberá que estar á materia concreta para saber se é ou non posible a delegación; á parte que a decisión de delegar é fundamentalmente política, e non xurídica. É a Administración delegante a que, en función dos factores políticos, económicos e administrativos concretos, decide ou non delegar, e, ademais, esta delegación non pode ser nunca unha decisión unilateral que descoñeza a auténtica realidade do ente delegado (as súas carencias, a súa capacidade económica, a súa eficacia na xestión, etc.), senón que necesita a aceptación do municipio; así a nova redacción do artigo 27.5 LRBRL dispón que *“a efectividade da delegación requirirá a aceptación polo Municipio interesado”* (cfr., así mesmo, o art. 22.2.g), LRBRL, que atribúe ao Pleno *“a aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas”*).

Por outro lado, se desde o punto de vista dogmático —que é basicamente o que interesa ao Dereito— as cousas están relativamente definidas, pois permite identificar a técnica de delegación, desde o punto de vista político e administrativo hai que notar que a súa aplicación práctica foi problemática, e desde logo ata o momento actual non tivo éxito precisamente. O Informe da Comisión de Expertos sobre Autonomías de 1981 propúxo a como unha fórmula organizativa en orde a reducir o gasto público e para evitar o engrandecemento das novas Administracións Públicas dependentes das Comunidades Autónomas. A Lei do Proceso Autonómico, de 14 de outubro de 1983, é unha boa proba diso. Pero despois de máis de trinta anos, os resultados son decepcionantes, por non dicir que son de puro fracaso, posto que sempre a Administración inferior —que pode estar en mans doutro partido ou coalición política— ve con certo receo unha competencia que permite tan amplos controis; pero é que, desde a outra perspectiva, a da Administración delegante, tamén é observable a reticencia en perder “poder”, polo que o que se materializou na práctica é que as Comunidades Autónomas optaron por establecer e desenvolver unha Administración propia —central e periférica— a través da cal exercen todas as súas competencias. O caso de Andalucía é, neste punto, moi elocuente.

De todas formas a lexislación autonómica sobre transportes tamén reconece a posibilidade de delegar competencias. Así sucede, como logo veremos, coa Lei 14/2005, de 29 de decembro, de ordenación do transporte de persoas de Castela-A Mancha —vixente ata o 2 de decembro de 2012 [(art. 7.a)], coa Lei 15/2002, de 28 de novembro, de transporte urbano metropolitano de Castela e León (art. 2.1.a) ou coa Lei 13/2007, de 17 de maio, de ordenación do transporte por estrada de Canarias (arts. 7 e 8)—.

49 *Las competencias...*, cit., p. 80.

3.3 Competencias encomendadas

A LRBRL tamén prevé no artigo 8 a posibilidade de encomendar a xestión ordinaria de servizos. Este artigo establece:

“Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, as Provincias e as Illas poderán realizar a xestión ordinaria de servizos propios da Administración autonómica, de conformidade cos Estatutos de Autonomía e a lexislación das Comunidades Autónomas”.

A Lei do Proceso Autonómico xa previu a encomenda da xestión ordinaria dos servizos ás provincias e illas (art. 5.1), e seguindo este criterio os artigos 8 e 37 LRBRL establecen, así mesmo, esta técnica.

No noso Dereito vixente a encomenda⁵⁰ da xestión ordinaria dos servizos propios da Comunidade Autónoma ás Entidades locais (municipios, provincias e illas) ten a súa orixe directa no disposto no artigo 118 da Constitución italiana, de 27 de decembro de 1947⁵¹; artigo que foi punto de referencia —como se deduce do Informe da Comisión de Expertos sobre Autonomías de 1981—, do artigo 5.1 da citada Lei do Proceso Autonómico, o cal establece: *“As Deputacións Provinciais poderán asumir a xestión ordinaria dos servizos propios da Administración autonómica no territorio da provincia nos termos que os Estatutos e as devanditas leis establezan”.* Disposición que trataba de evitar o perigo de duplicación burocrática que puidese producirse pola constitución dos novos entes autonómicos, e perseguía, ademais, aproveitar a experiencia administrativa das Deputacións, co fin de reducir o gasto público. Seguindo este ronsel, distintos Estatutos de Autonomía de Comunidades pluriprovinciais (arts. 20.2 do Estatuto de Castela-León, 4.4 do Estatuto de Andalucía, etc.) consignan a encomenda da xestión ordinaria de servizos como posibilidade de actuación de cometidos polas instancias locais, e, en particular, polas provincias. A LRBRL, como xa notamos, mantén esta formulación organizativa, co obxectivo de abrir ás Entidades locais unha participación en asuntos autonómicos para evitar o aumento do organigrama administrativo —idea que xa vimos que tamén subxace na delegación interadministrativa de competencias—. E precisamente por tratarse destes asuntos, o réxime xurídico específico que disciplina a referida técnica dependerá en gran parte do que dispoñan as Leis autonómicas⁵². Non obstante, o perfil dogmático ten que concentrarse nas seguintes notas características que poden extraerse dos artigos 5.1 da Lei do Proceso Autonómico e 37, LRBRL, e que son:

- 1º Na xestión ordinaria de servizos propios das Comunidade Autónomas as Entidades locais actúan como simples órganos da Comunidade, co que iso implica de sometemento á instancia autonómica (disposición adicional segunda da Lei do Proceso Autonómico).

50 Aínda que a terminoloxía e os conceptos xurídicos teñen un alcance e contido técnicos, e esa é a razón pola cal o lexislador en moitas ocasións establece un apartado destinado ás definicións, o que implica que non é o mesmo o termo ou concepto técnico-xurídico que o coloquial, non está de máis lembrar que no Dicionario RAE se considera que “encomendar” (primeira acepción) é “*Encargar a alguén que faga algo ou que coide de algo ou de alguén*”, sen ningún matiz formal, e cun alcance modesto; modestia que tamén se aprecia no réxime xurídico das encomendas de xestión, que admiten unha intervención moi potente e uns controis moi extensos do encomendante sobre o encomendado.

51 Cfr. S. MUÑOZ MACHADO, *Derecho Público de las Comunidades Autónomas II*, op. cit., p. 282.

52 S. MUÑOZ MACHADO, *Derecho Público de las Comunidades Autónomas II*, cit., p. 233.

- 2º As Entidades locais están sometidas a verdadeiros poderes xerárquicos. A relación que se establece entre ambas as dúas instancias non é de igualdade senón de desigualdade, porque os poderes de supervisión e control da Comunidade Autónoma desvirtúan calquera noción de exercicio autónomo dos cometidos encomendados
- 3º Como consecuencia do anterior, o ente que xestiona o servizo autonómico non ostenta ningunha titularidade sobre as competencias e, polo tanto, a imputación das decisións faise á Comunidade Autónoma, e a responsabilidade da xestión dos servizos é tamén do ente autonómico.
- 4º A xestión é, pois, “un mero préstamo de órganos”⁵³ en virtude do cal a Entidade local é un instrumento para a realización de determinadas actividades ou a prestación de servizos, sen posibilidade de decisión nin responsabilidade propia.
- 5º A noción de préstamo de órganos non debe inducir a confusión, toda vez que a imposición da encomenda debe realizarse por unha disposición de rango axeitado. Non se trata, pois, dun convenio ou contrato de préstamo no sentido iusprivatista do termo.

Trátase dunha posibilidade que se atopa en poder das Administracións superiores para “encomendar” a realización de actividades materiais aos entes locais (arts. 8 e 37.1, LRBRL), se ben pode ter outro sentido, como se reflicte da redacción do artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común⁵⁴, que regula a encomenda entre órganos ou Entidades de Dereito Público, e remite á lexislación local (art. 15.4) os supostos de “*xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabidos ou Consellos Insulares*”.

En resumo, é outra vía máis para enriquecer a posición das Entidades locais na xestión dos asuntos públicos, aínda que na práctica pode comportar algúns problemas debido á garantía que a autonomía local ten no noso Ordenamento xurídico. Na esfera dos transportes urbanos, como logo se verá, hai Leis que establecen a posibilidade de encomendar competencias; así sucede, por exemplo, coas Leis de Castela-A Mancha (art. 7) e de Castela e León (art. 2).

53 Esta expresión de “préstamo de órganos” é usada no noso Dereito (cfr., por exemplo, un Ditame do Consello Consultivo de Canarias 1/1985, de 31 de outubro de 1985). F. SOSA WAGNER e P. DE MIGUEL GARCÍA (*Las competencias de las Corporaciones locales*, cit., p. 95), aluden, así mesmo, a que a Lei de 8 de xuño de 1984 do Servizo Militar consideraba aos Concellos como “órganos” de recrutamento aos que se encomenda a realización de certas operacións, como o alistamento, etc. Porén, hai autores que entenden que a encomenda de xestión é unha noción distinta á de “préstamo de órganos”; matización que recollen do Dereito alemán, por virtude do cal o Estado encarga a determinado órgano doutra persoa xurídica que xestione determinadas competencias propias do Estado ou da rexión, e din que no caso da encomenda “*hai algo máis que un préstamo de órganos, posto que a Comunidade Autónoma intervéen profundamente na organización da Entidade Local facilitándolles ademais medios materiais e persoais, xustamente o que se quere evitar é a técnica de “préstamo de órganos”*” (A. GALLEGU ANABITARTE, xunto con J. A. CHINCHILLA, A. DE MARCOS e B. RODRÍGUEZ-CHAVES, *Conceptos y principios fundamentales del Derecho de Organización*, Marcial Pons, Madrid-Barcelona, 2001, p. 132).

54 Cfr. J. MESEGUER YEBRA, *La competencia administrativa y sus modulaciones. Manual para la desconcentración, delegación, avocación, encomienda de gestión, delegación de firma y suplencia*, Bosch, Barcelona, 2005, pp. 127-144.

4 As competencias locais sobre o transporte urbano

4.1 Evolución histórica: a insignificancia das competencias nesta materia⁵⁵

Despois desta exposición xeral das competencias locais, absolutamente necesaria para comprender con todos os seus matices o alcance e contido das competencias locais⁵⁶, convén detese nas competencias sobre transporte urbano. Para iso cómpre examinar, aínda que sexa sinteticamente, a evolución que esta materia tivo ata chegar á regulación das LRBRL e LOTT. Así, podemos dicir que a amplísima relación de competencias sobre transportes que sinalaba o xa derogado artigo 101.1.e) da Lei de Réxime Local de 1955, que mencionaba “*transportes terrestres, marítimos, fluviais e aéreos; estacións, portos e aeroportos*”, era moi enganosa, non só polo modelo de Estado que desde o punto de vista da organización territorial existía —claramente centralista—, senón porque tecnicamente se podía traducir nunha mera “*declaración de capacidade*”⁵⁷, e aínda que a referida LRL contiña previsións, como a do artigo 121.d), que deixaban entrever certa consistencia sobre a competencia en transportes urbanos⁵⁸, o certo é que o que prevaleceu foi o que dispuxo a anterior Lei de 27 de decembro de 1947 (arts. 1 e 6.1) de transportes mecánicos por estrada, que conferiu a competencia á Administración do Estado, salvo cando se trataba de servizo prestado en “*zona urbana*”. Neste contexto xurídico formuláronse discusións sobre a base de principios estritamente técnicos que xiraban arredor das dicotomías Lei xeral-Lei especial⁵⁹, e Lei anterior-Lei posterior⁶⁰. É sabido que estes principios técnicos e asépticos tratan de resolver conflitos para determinar que Lei é a que debe aplicarse; parecen técnicas que axudan á substantivación científica do Dereito e lle confiren unha pátina obxectiva, neutra e seria. Non obstante, isto é pura aparencia, xa que ao final o que primou foi outro factor de índole política e de oportunidade, salientando a politicidade inherente a un Dereito como é o Dereito Administrativo; de sorte que o que prevaleceu foi o criterio contido na Lei de 27 de decembro de 1947. Javier SALAS⁶¹, seguindo a explicación de GARCÍA DE ENTERRÍA relatábao así:

55 Vid. E. CARBONELL PORRAS e T. CANO CAMPOS, *Los transportes urbanos*, Iustel, Madrid, 2006.

56 Un dos aspectos máis importantes en toda a regulación sobre as distintas materias ou sectores da acción pública, como o é o transporte urbano, é determinar o réxime competencial. O Ordenamento xurídico non só é relativamente recente —xa que a Constitución Española, o Estado autonómico e o recoñecemento e a garantía das Entidades locais marcan un antes e un despois— senón que ten moitísimas antinomias, contradicións e lagoas. Resulta realmente difícil, mesmo para os técnicos máis capaces, adentrarse no intrincado réxime de competencias que supuxo o Estado autonómico, que ameaza a seguridade e a certeza xurídicas, en contra do que impón o artigo 9.3 CE, e crea máis conflitos que os que se puidesen imaxinar. A clara delimitación competencial é unha das preocupacións do mesmo Lexislador (cfr. *Preambulo* da Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, de 27 de decembro de 2013).

57 Vid. J. SALAS HERNÁNDEZ, “El tema de las competencias...”, cit., p. 543.

58 O artigo 121.d) LRL de 1955, atribuíao ao Pleno do Concello a contratación ou concesión de obras e servizos, mesmo os de transportes, dentro do termo municipal.

59 É coñecida a regra de “*Leges generales non debent extendi ad leges, quae habent suam particularem provisionem*” (A leis xerais non prevalecen contra as disposicións especiais), así como a de que “*Posteriora derogant prioribus*”, Digesto, lib. I, título IV, lei 4ª (A lei posterior derroga a anterior); regras obxectivas e asépticas que pretenden determinar con rigor a norma aplicable, e evitar así a inseguridade xurídica.

60 Pode verse a argumentación de M. BAENA DE ALCÁZAR, *Los transportes mecánicos por carretera en el Derecho Administrativo Español*, Ed. Montecorvo, Madrid, 1970, pp. 99 e 100, que recolle unha STS de 24 de maio de 1960 que declaraba que o artigo 6 da Lei de Ordenación, que atribúe competencia ao Ministerio de Obras Públicas, non foi derogado pola Lei de Réxime Local, xa que as “*Leis especiais non quedan anuladas por unha Lei xeral posterior a non ser que expresamente se invoquen por esta*”.

61 Cit., pp. 546 e 547.

“A única explicación da prevalencia, na práctica, do criterio do desapoderamento das Corporacións locais, en materia de transportes urbanos —salvo na área da zona urbano—, ha de acharse sobre bases extraxurídicas: concretamente na forza expansiva e de absorción que a burocracia da Administración estatal ten fronte á das entidades locais debido ás forzas socioeconómicas que sustentan unha e outras”.

Por conseguinte, o determinante era saber que era, desde o punto de vista técnico-xurídico, “zona urbana” para aclarar cal era o alcance da intervención —competencia— dos Concellos nesta materia, e así o artigo 1.2 do Regulamento de 9 de decembro de 1949 establecía:

“A estes efectos, e como norma xeral, entenderase por zona urbana o conxunto da poboación agrupada, sen que existan na súa edificación solucións de continuidade que excedan de cincocentos metros. En casos de dúbida sobre o que, a efectos de transporte, debe entenderse por zona urbana, e sobre todo nos casos de poboacións diseminadas nun mesmo termo municipal, o Ministerio de Obras Públicas, oído o Concello respectivo, sinalará os límites a que ha de estenderse a aplicación deste Regulamento e os da zona de actuación municipal”.

En conclusión, a Lei galega que analizamos parte da base do concepto de solo urbano e urbanizable, e regula con certo detalle a coordinación do transporte urbano co interurbano, o que é explicable nunha Comunidade Autónoma como a galega, na que o predominio de pequenos municipios é evidente, co que o papel da Xunta de Galicia debe ser esencial para satisfacer as necesidades de transporte colectivo de viaxeiros dos cidadáns galegos.

4.2.3.8 A Rioxa

Nesta rexión aprobáronse dúas Leis. A Lei 8/2005, de 30 de xuño, reguladora do transporte urbano por estrada da Rioxa, e a Lei 8/2006, de 18 de outubro, de transporte interurbano

⁸⁸ Di textualmente que se “preferiu, seguindo o disposto no artigo 114.2 (...), a coordinación a través dun único procedemento dentro do cal exercen competencias, mediante proposta, informe ou resolución, tanto da Xunta como os distintos concellos, dando cabida neste procedemento, tamén, aos órganos estatais con competencias concorrentes sobre a mesma materia”. E iso fai no invocando a eficacia administrativa. Por iso descarta outras fórmulas de colaboración —que, como xa se indicou, é dogmáticamente distinta á coordinación, algo que a Lei non aclara suficientemente— de natureza convencional, “polas súas probadas dificultades para a esixibilidade do seu cumprimento”, así como os consorcios ou as entidades metropolitanas, para evitar o incremento da burocracia.

por estrada. A *Exposición de Motivos* da primeira Lei di que é preciso aprobar esta norma para facer fronte ás lagoas existentes sobre o sector, e que se “*estende as competencias municipais sobre os transportes públicos de pasaxeiros que transcorran integramente polos respectivos termos municipais eliminando as limitacións existentes na anterior lexislación*”; o que quere dicir que non se emprega o criterio de zona urbana senón o de termo municipal para establecer o alcance da competencia dos municipios. Por outra parte, a mesma *Exposición* destaca que “*a competencia municipal se estende tanto ás diversas clases de transporte regulares como aos discrecionais aínda que é evidente que no ámbito municipal teñen unha importancia secundaria determinados servizos regulares, como os especiais ou os de carácter temporal, e os transportes discrecionais en vehículos de máis de nove prazas son case inexistentes*”. O artigo 4 reflicte estes propósitos, xa que dispón:

“1 Os municipios son competentes para a ordenación normativa, xestión, inspección e sanción do transporte público de viaxeiros que se leve a cabo integramente dentro dos seus respectivos termos municipais.

2. O transporte público de viaxeiros comprende as seguintes modalidades:

a) O transporte público regular, permanente e temporal, de uso xeral e especial.

b) O transporte público discrecional de viaxeiros en vehículos de dez ou máis prazas.

c) O transporte público en vehículos autotaxis.

3. Nos termos establecidos na lexislación estatal e autonómica, os municipios poderán establecer e xestionar Estacións de viaxeiros, destinadas a concentrar as saídas e chegadas ao núcleo de poboación dos vehículos de transporte público (...).”

Por tanto, trátase dunha competencia que se manifesta en distintas funcións, como acontece noutras Leis: ordenación normativa, xestión, inspección e sanción⁸⁹. E así mesmo, como se establece noutras normas autonómicas sobre o sector regúlase con algún detalle tanto a cooperación entre Administracións (art. 5) como a coordinación (art. 6), con previsión expresa da posibilidade de crear entidades públicas nas que participen os distintos municipios ou entidades afectadas, ou a necesaria coordinación por parte da Comunidade Autónoma “*cando os servizos de transporte municipal afecten a intereses que transcendan os puramente municipais*”. Neste sentido, a Lei 8/2006, xa referida, recolle tamén a coordinación entre a Administración autonómica e a local (art. 5), e prevé os Plans de Mobilidade para organizar o conxunto de servizos en áreas urbanas e zonas nas que se considere necesario garantir unha oferta axeitada de transporte mediante a integración e coordinación de servizos de transporte; estes plans teñen un contido —cfr. art. 7, Lei 8/2006⁹⁰—, que, en substancia, responde ao que prevé todo instrumento de planificación, isto é, un diagnóstico da situación, un pronóstico, uns obxectivos e orde de prioridades, e unhas medidas para acadar —ou tratar de acadar— eses obxectivos. Prevé esta Lei rioxana os Plans de Mobilidade de ámbito intermunicipal, que se aproban definitivamente polo Consello de Goberno da

89 Noutros apartados da Lei, en coherencia con esta atribución competencial, desenvólvese máis como actúan estas funcións; así no artigo 32 para o exercicio da inspección, no artigo 42, para determinar a competencia sancionadora, etc.

90 Sinala este precepto que deben conter, entre outras cousas, o ámbito territorial, a análise da demanda e da oferta, as medidas para mellorar e garantir a coordinación, etc.

Rioxa (art. 8), e os Planes de Mobilidade de ámbito intramunicipal, que se aprobarán polos Plenos das Corporacións (art. 8.2).

Importante resulta tamén a estes efectos o que dispón o artigo 8 (“Órganos de xestión”), que permite que a Comunidade Autónoma da Rioxa exerza as súas competencias sobre transporte interurbano de forma exclusiva ou ben doutras formas, mediante as entidades e fórmulas de colaboración previstas na lexislación vixente en materia de réxime xurídico e procedemento administrativo. Tamén se recoñecen as chamadas “concesións zonais” (art. 33) que comprenderán todos os servizos regulares permanentes ou temporais e de usos xeral ou especial que haxan de prestarse nunha determinada zona. Estas concesións deberán axustarse a un plan de explotación (art. 34).

En consecuencia, trátase dunha normativa que segue os criterios xa vistos noutras Leis autonómicas nas que se trata de conxugar harmonicamente as competencias sobre o transporte urbano e o interurbano a través dos instrumentos e mecanismos de cooperación e coordinación.

4.2.3.9 Madrid

Esta Comunidade ditou a Lei 20/1998, de 27 de novembro, de Ordenación e Coordinación dos Transportes Urbanos da Comunidade de Madrid, a cal se presenta como unha norma que pretende completar o baleiro normativo que orixinou a STC 118/1996, de 27 de xuño e conferir seguridade xurídica aos distintos actores que interveñen no transporte. Debe destacarse, por outro lado, que nesta Autonomía a cooperación e a participación se articula a través do Consorcio Rexional de Transportes Públicos Regulares de Madrid; organismo de gran relevancia para este sector.

En canto á competencia municipal dispónse no artigo 4 (“Órganos competentes”), que:

1. *Os municipios son competentes, con carácter xeral, para a ordenación, xestión, inspección e sanción dos servizos urbanos de transporte público de viaxeiros que se leven a cabo dentro dos seus respectivos termos municipais. A estes efectos considéranse servizos urbanos aqueles que discorran integramente por solo urbano, definido pola lexislación urbanística, así como os que estean exclusivamente dedicados a comunicar entre si núcleos urbanos diferentes situados dentro dun mesmo termo municipal.*
2. *Non obstante a regra xeral exposta no apartado anterior, a Comunidade de Madrid poderá estender a consideración de transporte urbano a servizos distintos aos expresados no punto anterior, sempre que os mesmos se presten integramente dentro do correspondente termo municipal.*
3. *Cando os servizos aos que se refire o apartado 1 do presente artigo afecten a intereses que transcendan os puramente municipais, as competencias dos correspondentes Concellos exerceranse de forma coordinada coas das entidades de ámbito superior, segundo o que, no seu caso, establezan as correspondentes normas da Comunidade de Madrid.*
4. *As competencias municipais sobre os transportes de viaxeiros exerceranse con suxeición ao disposto nas normas da Comunidade de Madrid e do Estado que regulan os devanditos transportes”.*

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Este precepto é parecido a outros que regulan noutras Comunidades Autónomas este sector, pero obsérvase que circunscribe o ámbito ao “solo urbano” definido na lexislación urbanística. Non alude, por conseguinte, ao solo urbanizable. Ademais, a competencia do municipio esténdese á ordenación, xestión, inspección e sanción, con funcións relativas á aprobación de Ordenanzas (cfr. art. 6.1), o outorgamento de autorizacións habilitantes (art. 8.3, e 9), a fixación de tarifas (art. 13.1), e o exercicio das potestades de inspección e, no seu caso, de sanción (art. 17).

É salientable a necesidade de coordinación cando se afecte a intereses supramunicipais, en coherencia co que di a LRRL (art. 10); coordinación que atopa canle a través do Consorcio Rexional de Transportes, ao igual que acontece noutras Comunidades Autónomas.

4.2.3.10 Navarra

A Lei Foral 7/1998, de 1 de xuño, reguladora do Transporte Público Urbano por Estrada, comeza por resaltar na súa *Exposición de Motivos* o respecto que ten o concepto de transporte urbano con relación ás competencias das entidades locais, “*aínda que con iso —di—, se aparte doutros antecedentes normativos*”. O artigo 2 pronúnciase en termos parecidos aos que usan outras Leis autonómicas cando establece. “*Os municipios son competentes con carácter xeral para a ordenación, xestión, inspección e sanción dos servizos urbanos de transporte público de viaxeiros. A estes efectos considéranse servizos urbanos aqueles que discorran integramente dentro do respectivo termo municipal*”⁹¹. Por conseguinte, teñen funcións para ditar Ordenanzas sobre este tipo de transporte, outorgar licenzas (art. 20, por exemplo) ou impoñer sancións (art. 31)⁹². É salientable que o artigo 3 lles atribúe a función de propoñer⁹³ o réxime tarifario aplicable ao órgano competente en materia de prezos da Administración da Comunidade Foral. Polo demais, para aquel transporte que sobrepase o ámbito do termo municipal, a Administración autonómica poderá establecer un réxime específico que asegure a existencia dun sistema harmónico de transporte, que pode supoñer mesmo a creación dunha entidade pública (é o termo que usa a Lei Foral, art. 5), algo que como se verá máis adiante se converteu en regra común para articular a cooperación e a coordinación interadministrativa.

Neste contexto dise no artigo 21 que nas zonas nas que exista interacción ou influencia recíproca entre os servizos de transporte de varios municipios, de forma tal que a axeitada ordenación de tales servizos transcenda o interese de cada un dos mesmos, a Administración da Comunidade Foral poderá establecer *Áreas Territoriais de Prestación Conxunta* nas que os vehículos debidamente autorizados estarán facultados para a prestación de calquera servizo, xa teña carácter urbano ou interurbano, que se realice integramente dentro das devanditas áreas. Para o establecemento de *Áreas Territoriais de Prestación Conxunta* pre-

91 O artigo 7.1 da Lei Foral establece: “*Os transportes públicos regulares permanentes de uso xeral de viaxeiros teñen o carácter de servizos públicos de titularidade municipal, tendo igual dereito á súa utilización todos os cidadáns que reúnan os requisitos que en cada caso se establezan*”.

92 O artigo 31.2, último inciso, desta Lei, dispón: “*As competencias municipais en relación co transporte de mercadorías e o privado complementario de viaxeiros circunscribíranse aos aspectos relativos á súa repercusión na circulación e tráfico urbano*”.

93 Obsérvase que alude a propoñer, que non establecer. O alcance desta función é, pois, moi limitado. Artigo 3.1: “*O réxime tarifario aplicable aos servizos de transporte público urbano de viaxeiros proporase polos municipios, previa audiencia das asociacións representativas dos titulares das autorizacións e dos consumidores e usuarios, ao órgano competente en materia de prezos da Administración da Comunidade Foral*”.

quisarase do informe favorable de, polo menos, as dúas terceiras partes dos municipios que se propoña incluír nas mesmas.

En resumo, xunto á atribución aos municipios das competencias sobre o transporte urbano estrito artículase a coordinación do que supere o ámbito do termo municipal.

4.2.3.11 País Vasco

Nesta Comunidade aprobouse a Lei 4/2004, de 18 de marzo, de Transporte de Viaxeiros por estrada (“BOE, núm. 279, de 19 de novembro de 2011), a cal concibe ao transporte público de viaxeiros como un *“sector estratéxico e básico para o desenvolvemento e cohesión social, económica e territorial da Comunidade Autónoma e destinado a satisfacer as necesidades globais de mobilidade da poboación, todo iso baixo o prisma do desenvolvemento sostible”* (cfr. *Exposición de Motivos* da Lei). O obxecto da Lei é a regulación do transporte de viaxeiros urbano e do interurbano (art. 1.1), e define ao transporte urbano en función do seu radio de acción nos seguintes termos: *“Son urbanos os que transcorren integramente dentro do mesmo termo municipal, tendo o resto dos transportes a consideración de transporte interurbano”* (art. 2.2).

O artigo 4 relativo ao “réxime competencial”, despois de establecer que son as Deputacións Forais as que outorgarán as autorizacións administrativas para o transporte interurbano, así como a súa inspección directa, dispón polo que concirne aos Concellos:

“3. Os concellos son competentes, dentro do ámbito do transporte urbano, para a ordenación, xestión, inspección e sanción dos servizos de transporte público de viaxeiros, outorgamento dos correspondentes títulos habilitantes e fixación do réxime tarifario con suxeición ao disposto na lexislación aplicable ao respecto. Igualmente, ostentarán as competencias que se establecen no capítulo IX, en relación coas estacións de viaxeiros”.

Ademais, o artigo 41 que está dedicado ao réxime xurídico do transporte urbano prevé, como ocorre con outras normas doutras Comunidades Autónomas, a necesidade de coordinación *“Cando os servizos urbanos de transporte de viaxeiros afecten a intereses que transcendan os puramente municipais, as competencias dos correspondentes concellos exerceranse de forma coordinada coas das entidades de ámbito superior”* (art. 41.2).

E o artigo 45 prevé a iniciativa para o establecemento das estacións dos concellos, que a exercerá ben de oficio ou a instancia de parte⁹⁴.

En suma, varios son as conclusións que se extraen da regulación da Lei vasca. En primeiro lugar, e de forma singular, entende como transporte público urbano a todo o que discorre polo termo municipal. Obsérvase que non circunscribe o devandito transporte ao solo urbano e urbanizable, ou solo exclusivamente urbano. En segundo termo, a competencia comprende un conxunto de funcións sobre ordenación (ordenanzas) xestión (outorgamento de títulos administrativos), fixación de tarifas (art. 48.2), inspección (art. 50.1), e sanción (art. 60), coa referida mención para o establecemento das estacións (art. 45).

⁹⁴ O artigo 45.2 desta Lei vasca establece, así mesmo: *“A construción e explotación das estacións realizarase normalmente polos concellos a través de xestión indirecta mediante concesión administrativa outorgada por concurso a entidades ou empresas interesadas na mesma, seguindo criterios e regras que se determinarán regulamentariamente (...)”.*



É un réxime con notas características propias⁹⁵ que prescinde, por tanto, da clasificación do solo —urbano, urbanizable e non urbanizable— que establece ordinariamente a lexislación urbanística doutras Comunidades Autónomas; isto, estritamente considerado, é un exceso, pois é ben sabido que dentro dun termo municipal non todo o solo é urbano. Non hai, entón, unha identificación entre transporte “urbano” e solo “urbano”.

4.2.3.12 Comunidade Valenciana

Nesta rexión aprobáronse varias normas de relevancia para o transporte urbano⁹⁶ que trataron de canalizar a coordinación e a colaboración dos transportes. Emblemática resulta a Lei 1/1991, de 14 de febreiro, de ordenación do transporte metropolitano de Valencia, que estableceu o chamado “Plan de Transporte Metropolitano” que *organizou os transportes públicos de viaxeiros* (art. 1.2)⁹⁷. Máis recentemente, debe destacarse a Lei 6/2011, de 1 de abril, da Generalitat, de Mobilidade da Comunidade Valenciana, cuxo artigo 3, referido á competencia administrativa, prevé que de acordo co establecido na propia Lei, e na lexislación aplicable en materia de réxime local, corresponde á Administración local:

- a) a promoción de patróns equilibrados de mobilidade urbana, en especial con relación aos desprazamentos a pé e noutros medios non motorizados;
- b) a planificación, execución e mantemento das infraestruturas de transporte urbano, de acordo co previsto ao respecto na mesma Lei e na lexislación urbanística e de réxime local, e
- c) a provisión dos servizos de transporte público dentro dos núcleos urbanos⁹⁸.

Agora ben, logo o artigo 22 desta Lei acolle, como outras Leis autonómicas sobre este sector, o concepto de termo municipal, posto que dispón que os Concellos son as autoridades de transporte competentes na provisión de servizos público de transportes “dentro dos seus termos municipais”, de acordo co establecido na lexislación de réxime local, o previsto na mesma Lei valenciana, a normativa que a desenvolva e os instrumentos de coordinación que de acordo coa devandita normativa se establezan para asegurar a integración do transporte. Por iso na Lei establécese que os Concellos teñen competencia para formular os Plans Municipais de Mobilidade (art. 10), exercer funcións en materia do servizo de taxis, cando os municipios teñan unha poboación de máis de 20.000 habitantes non integrados

95 O País Vasco ten singularidades moi marcadas en materia de réxime local que funden as súas raíces na mesma historia desa Comunidade. Véxase, por exemplo, a disposición adicional primeira da CE, así como a disposición adicional segunda da LRBRL. Para unha análise teórica destas singularidades pode consultarse, entre outros, S. MUÑOZ MACHADO, *El problema de la vertebración del Estado en España (Del siglo XVIII al siglo XXI)*, Lustel, Madrid, 1ª ed. 2006, pp. 238 e ss. Tamén, T. R. FERNÁNDEZ, “Los derechos históricos y la Ley de Régimen Local”, *Revista Vasca de Administración Pública*, núm. 12, 1985, pp. 59-79.

96 Así, por exemplo, a Lei 1/1991, de 14 de febreiro, de ordenación do transporte metropolitano de Valencia, ou a máis próxima no tempo Lei 9/2000, de 23 de novembro, de constitución da Entidade Pública do Transporte Metropolitano de Valencia —vixente ata o 24 de maio de 2013—. a Lei 1/2013, de 21 de maio, da Generalitat de medidas de restructuración e racionalización do sector público empresarial e fundacional suprimiu a “Axencia Valenciana de Mobilidade Metropolitana” como consecuencia da posta en práctica de políticas de reaxuste e restrición do gasto público.

97 No *Preámbulo* desta Lei de 1991 xa se facía referencia ás múltiples estruturas administrativas, e evitouse a “*creación dunha nova Administración Pública de tipo consorcial, xa que en definitiva a imaxe de autoridade unitaria que este modelo persegue pode verse alcanzada igualmente mediante o encontro das Administracións titulares dos servizos nunha Comisión “ad hoc”, na que a actuación mancomunada das mesmas dá lugar ao “Plan de Transporte Metropolitano”*.”

98 Obsérvase como a Lei desta Comunidade usa o concepto de “núcleos urbanos”, distinto do de termo municipal ou a clasificación entre solo urbano e urbanizable, que é tradicional no noso Dereito Urbanístico.

en áreas de prestación conxunta (art. 44.4), para inspeccionar (art. 93) ou para impoñer sancións despois do correspondente procedemento sancionador (art. 107.3, que a atribúe, mesmo, a un concreto órgano do Concello: o Alcalde). Trátase dunhas competencias municipais que se desenvolven nun marco no cal a coordinación imponse pola súa propia natureza (art. 73, que prevé distintos informes), xa que a Comunidade Autónoma asume unha posición moi relevante en todo o sector do transporte e a mobilidade⁹⁹, proba do cal é que un servizo que tradicionalmente estivo residenciado nos Concellos, como o do taxi, agora ten un alcance autonómico¹⁰⁰ (art. 44).

É destacable, en congruencia coa crecente preocupación pola contaminación atmosférica, as aglomeracións e outros problemas que leva consigo o uso maioritario do automóbil privado, a opción por potenciar a mobilidade a pé e por medio da bicicleta¹⁰¹. E neste novo escenario insírense os chamados “Plans de Mobilidade”, entre os cales deben mencionarse os Plans Municipais de Mobilidade, que, como todo instrumento de planificación, deberá proceder ao diagnóstico da situación, o pronóstico da evolución da materia, a fixación duns obxectivos e a implantación das medidas axeitadas para acadar tales obxectivos.

O artigo 10 da Lei valenciana di:

- “1. Os plans municipais de mobilidade incluírán unha análise dos parámetros esenciais que definan a mobilidade no momento en que se formulen, os obxectivos en relación coa súa evolución a medio e longo prazo e aquelas determinacións necesarias para acadar os devanditos obxectivos.
2. A definición de parámetros e obxectivos sinalados no punto anterior acompañarase dos indicadores que se estimen pertinentes en relación co volume total de desprazamento e o seu reparto modal, e os niveis asociados de consumos enerxéticos, ocupación do espazo público, ruído e emisións atmosféricas, particularizando as de efecto invernoiro. A evolución destes últimos parámetros tenderá á súa redución progresiva de acordo cos ritmos e límites que regulamentariamente se establezan en relación co desenvolvemento das políticas enerxéticas e ambientais.

99 O artigo 3.1 desta Lei é elocuente: “Corresponde á Generalitat:

- a) A potestade normativa en relación coa mobilidade das persoas, dos servizos de transporte público e das súas infraestruturas dentro da Comunitat Valenciana.
- b) A planificación, execución e mantemento das infraestruturas de transporte interurbano, agás aquelas que sexan de interese xeral do Estado.
- c) A provisión dos servizos de transporte público interurbano de viaxeiros dentro da Comunitat Valenciana.
- d) A potestade inspectora e sancionadora en relación coas súas competencias”.

100 Así dise textualmente no Preámbulo da Lei 6/ 011, de 1 de abril: “(...) hoxe en día a operación do servizo de taxi non se comprende se se cingue a un só termo, xa sexa metropolitano ou rural. Convén polo tanto regular tal servizo como autonómico, con independencia das excepcións que se formulan de cara a articular unha axeitada transición desde a situación actual (...)”.

101 Tanto no Preámbulo da Lei como no seu mesmo articulado destácase especificamente esta opción en virtude da que a mobilidade a pé e en bicicleta teña un papel relevante. “En poucas palabras —refíre o devandito Preámbulo—, trátase de avanzar cara un patrón máis equilibrado de mobilidade no que os desprazamentos a pé e en bicicleta e o transporte público teñan un papel cada vez máis relevante tanto no corazón dos espazos metropolitanos como nos ámbitos cada vez máis amplos aos que se estende a mobilidade cotiá” Os artigos 5 (desprazamentos a pé e en bicicleta), 6 (fomento dos desprazamentos peonís), 7 (actuacións específicas en relación co uso da bicicleta) e 8 (estacionamentos de bicicletas) son reveladores da transcendencia que ten esta opción para o lexislador.

En concreto, non só se alude á necesidade de promover a creación de sistemas públicos de aluguer de bicicletas (art. 7.4), senón que os edificios de uso residencial de nova creación deberán contemplar localizacións específicas, seguras e resgardadas, para un número de bicicletas ao menos igual ao dobre do número de vivendas, nunha situación que permita o acceso cómodo e fácil desde a rede viaria (art. 8.1).

3. *As determinacións dos plans de mobilidade estenderanse ao deseño e dimensionamento das redes viarias e de transporte público, ás infraestruturas específicas para peóns e ciclistas, ás condicións de seguridade e eficacia para a circulación peonil e ciclista, ao sistema de estacionamento e aos aspectos da ordenación urbana relevantes á hora de determinar aspectos cuantitativos e cualitativos da demanda de transporte, tales como as densidades urbanísticas, a integración de usos, a localización de servizos e outros usos atractores de transporte, e outros semellantes.*
4. *Os municipios de máis de 20.000 habitantes ou aqueles que teñan unha capacidade residencial equivalente formularán un plan municipal de mobilidade no prazo de catro anos a partir da entada en vigor desta lei.*
5. *Procederá igualmente nos devanditos municipios a redacción dun plan municipal de mobilidade ou a revisión do existente con motivo da formulación ou revisión do Plan Xeral, ou cando se introduzan nel modificacións relevantes en relación coa demanda de desprazamentos nos termos que regulamentariamente se establezan. A devandita obriga estenderase igualmente aos municipios de poboación inferior aos 20.000 habitantes naqueles casos en que o instrumento urbanístico correspondente prevexa acadar a devandita capacidade residencial ou crecementos superiores ao 50% das unidades residenciais, ou do solo para actividades produtivas.*
6. *No suposto previsto no punto anterior, os plans de mobilidade formularanse conxuntamente co instrumento urbanístico ao que acompañen, correspondendo a súa aprobación definitiva ao órgano competente en relación co devandito instrumento, previo informe favorable da Consellería competente en materia de transportes.*
7. *Os plans municipais de mobilidade serán sometidos a información pública nos termos que regulamentariamente se establezan, de conformidade, en calquera caso, co establecido na Lei 11/2008, de 3 de xullo, da Generalitat, de Participación Cidadá da Comunidade Valenciana, e na súa normativa de desenvolvemento. Tras a súa aprobación serán públicos e a administración que os promova asegurará a súa publicidade mediante procedementos telemáticos. Igualmente establecerá un sistema de seguimento dos seus indicadores, procedendo á revisión do plan no caso de que se advirtan desviacións significativas sobre tales previsións, cando proceda reformular os obxectivos iniciais ou con motivo de calquera outra circunstancia que altere significativamente o patrón de mobilidade.*
8. *Os concellos terán a obriga de redactar plans de mobilidade naqueles ámbitos concretos do seu termo municipal cunha problemática de mobilidade específica tales como centros históricos, zonas de concentración terciaria, estadios deportivos, zonas comerciais, de turismo e de ocio nocturno, zonas de elevados fluxos de compradores ou visitantes, zonas acusticamente saturadas e outras zonas con usos determinados como transporte, carga e descarga de mercadorías.*
9. *As accións municipais en relación tanto coa mobilidade como cos restantes elementos que a condicionen cinguiranse á estratexia marcada nos correspondentes plans. Anualmente o concello elaborará e fará público un informe sobre o grao de avance das actuacións nel previstas e sobre a programación para o seguinte exercicio”*

Obsérvase pois o detalle de carácter case regulamentario co que se regula este tipo de plan e a súa relación coa planificación urbanística. Todo iso supón o realce das funcións dos municipios nunha materia particularmente complexa por concitarse na mesma varios títulos competenciais (urbanismo, transportes, etc.).

d) algunhas conclusións sobre esta indagación xurídica:

Do establecido polas distintas leis autonómicas analizadas, sen ánimo exhaustivo, pódense extraer algunhas conclusións como:

- i) aínda que nunha etapa inicial, e probablemente por influencia do establecido na LOTT, acolleuse polo lexislador sectorial autonómico o punto de referencia do solo urbano e urbanizable para determinar a competencia sobre o transporte urbano, logo se escolleron outros conceptos máis extensos como o de termo municipal; isto sen dúbida estende o alcance da materia, xa que o termo municipal é o territorio de todo o municipio (art. 12, LRBRL), e como é lóxico pode estar clasificado non só como solo urbano e urbanizable, senón tamén como solo rústico. Este cambio, por conseguinte, non é inocuo, senón que ten repercusións evidentes;
- ii) debido ao anterior, pódese tamén inferir que non hai un criterio uniforme para determinar o concepto, e, por ende, para sinalar o alcance da competencia;
- iii) obsérvase unha preocupación do lexislador autonómico pola coordinación e a colaboración, se ben é verdade que debido á natureza do sector do transporte, que ten a súa xustificación en satisfacer as necesidades e aspiracións dos colectivos locais e rexionais, a coordinación ten unha maior relevancia en orde a asegurar a correcta prestación dos servizos de transporte urbano e interurbano. Neste extremo son destacables os distintos informes que se impoñen, así como os diferentes plans que se regulan para articular a coordinación e acadar, por tanto, unha axeitada prestación do servizo, e
- iv) o sector do transporte está asediado e condicionado por outros sectores, que se foron substantivando co tempo como consecuencia non só das novas circunstancias das aglomeracións urbanas, senón tamén da decidida tutela por parte do Ordenamento xurídico de determinados valores como o medio ambiente, a eliminación das barreiras arquitectónicas ou a protección da calidade de vida. Neste apartado é de inexcusable cita a política impulsada pola Unión Europea en orde a procurar cidades máis habitables onde os automóviles privados non sexan os únicos que condicionen o devir do transporte. Hoxe preocupa —e moito— a mobilidade, e foméntase o uso da bicicleta e a protección do camiñante como alternativa a unha situación que require unha enérxica rectificación (a masificación absolutamente irracional e insá do automóbil privado). Neste aspecto a lexislación valenciana ten un papel relevante.

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

5 Unha cuestión complementaria: a coordinación¹⁰² e a proliferación das denominadas “autoridades do transporte público”

Unha cuestión particularmente importante para o adecuado exercicio das competencias públicas sobre transporte, e, en especial, das que desenvolven os Concellos sobre o transporte público de viaxeiros é a coordinación e conexión entre transporte urbano e transporte interurbano. O artigo 10.2, LRBRL permite a aplicación desta técnica organizativa respecto das actividades o servizos locais “*que transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios destas*”. Trátase dunha materia complexa determinada por múltiples factores; uns de natureza institucional, organizativa e competencial, e outros de carácter conxuntural, e variable, por tanto, no tempo e no espazo, como sucede cos procedementos de colonización interior, a maior ou menor importancia de determinados sectores económicos (turismo, etc.), os fluxos migratorios, etc. Centrándonos no problema da coordinación administrativa, advertimos como a lexislación autonómica emprega distintas fórmulas, unhas de carácter orgánico (creación de consorcios, entidades de distintos tipo, etc.) e outras de índole formal ou funcional (convenios, plans, programas)¹⁰³. Todas elas tratan de responder ao problema da prestación axeitada, eficiente e eficaz deste importante servizo; pero todas elas, así mesmo, con importantes inconsistencia debido a unha regulación non moi clara, así como a unha tensión permanente como resultado do intrincado marco competencial no cal tanto as Comunidades Autónomas como as Entidades locais exercen as súas competencias, en ocasións, de forma inadecuada por excesivamente unidireccional, isto é, entendendo que as súas competencias son “súas” e “só súas” e eludindo a proximidade, a colaboración e o necesario respecto ás fórmulas de coordinación apuntadas e incumprindo, por tanto, o principio de lealdade institucional e as súas lóxicas consecuencias, previstas no artigo 4, LRJAP e PAC.

Por suposto que este non é o lugar para tratar extensamente as distintas fórmulas de coordinación (cfr. arts. 10.2 e 57, LRBRL), que ofrecen sen dúbida moito interese xurídico. Abonda con resaltar que unha cousa é a cooperación —que se desenvolve nun plano de voluntariedade e igualdade— e outra é a coordinación, que se ben non é equiparable á xerarquía administrativa, desenvólvese noutro plano no que o ente coordinador ten certos poderes directivos (STC 214/1989, entre outras). Agora ben, nun sector económico da importancia do transporte, que move, como xa dixemos, miles de millóns de euros ao ano, a cuestión é aínda máis complicada, porque é necesario dar intervención á iniciativa privada, que non soamente achega unha perspectiva propia, complementaria e distinta á estritamente pública que ofrecen as Administracións, senón que xestiona un gran número de

102 Véxase, J.J. SUAY RINCÓN, “La competencia de coordinación”, no vol. colectivo, *La provincia en el sistema constitucional*, Deputación de Barcelona - Civitas, Madrid, 1991, pp. 169-197. Neste traballo pódense atopar as distintas posicións doutrinais e as respostas do Dereito Positivo sobre esta técnica administrativa.

103 Prevense así mesmo as Áreas de prestación *conxunta* (cfr., por exemplo, art. 27 da Lei 8/2005, de 30 de xuño, reguladora do transporte urbano por estrada da Rioxa) e as *concesións zonais* (art. 33 da Lei 8/2006, de 18 de outubro, de transporte interurbano por estrada da Rioxa), que son aquelas que dá a Administración autonómica co obxectivo de explotar a xeneralidade dos transportes de viaxeiros nunha área dun territorio mediante unha rede suxeita a un plan.

medios de transporte. Por iso tanto no ámbito internacional¹⁰⁴ —e, en particular, no europeo (Berlín, Ámsterdam, Atenas, Glasgow, Leeds, Liverpool, etc.)¹⁰⁵— como no ámbito nacional vaise impondo a noción de “Autoridade do Transporte Público” como un concepto novo de gobernanza do sector que se afasta un tanto dos vellos canons formalistas de relación vertical e xerarquica¹⁰⁶. Nesta dirección os profesores Pablo MARTÍN URBANO, Aurora RUIZ RÚA e Juan Ignacio SÁNCHEZ GUTIÉRREZ, no seu traballo “El sistema de transporte público en España: una perspectiva interregional”¹⁰⁷, afirman que “o propósito de actuación das ATP é xestionar a mobilidade metropolitana a partir doutras bases: mediante a negociación e o diálogo entre institucións públicas non xerarquizadas e interdependentes, a integración funcional das diferentes actuacións e servizos, e coa vontade política de concertación institucional, todo o cal constitúe a única garantía para o éxito”. Agora ben, non todas as Autoridades desempeñan as mesmas funcións. Mentres unhas exercen un gran número de cometidos (planificación territorial, programación financeira, ordenación tarifaria, construción de infraestruturas, prestación de servizos e avaliación), outras só exercen algunhas, como planificación ou ordenación tarifaria.

O concepto de Autoridade Pública de Transporte é amplo, e nel pódense inserir distintas modalidades xurídicas que responden á idea básica da cooperación e a negociación, desbotando, pois, as solucións baseadas na xerarquía e a imposición. Non é este o lugar nin o momento para analizar a súa eficacia, pero si cómpre sinalar que a práctica fixo que se empreguen:

- a) A fórmula das “Mancomunidades de Municipios”, de base asociativa na medida que é o resultado do exercicio do dereito a asociarse que teñen todos os municipios (art. 44, LRBRL). Exemplo: a Mancomunidad Área Intermunicipal de Vigo;
- b) As Entidades Metropolitanas nos municipios de grandes aglomeracións urbanas con vinculacións económicas e sociais que fan necesario planificar e coordinar determinados servizos (art. 43, LRBRL). Exemplo: Área Metropolitana de Barcelona¹⁰⁸;
- c) Consorcios interadministrativos, que teñen moito éxito e un potencial evidente para a xestión do transporte. É a estrutura organizativa máis usada, que asume funcións como a coordinación e o control, a planificación, a prestación de servizos, o marco tarifario, determina as compensacións e subvencións para os distintos modos de transportes e informa sobre todos os servizos. Considérase que ten máis axilidade e eficacia que as mancomunidades e as Áreas Metropolitanas¹⁰⁹. Ademais, de acordo co artigo 87.1, LRBRL permítense que no consorcio poidan participar non só Administracións Públicas senón “entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese

104 Vid. S. LECLER, “Organización del transporte público en las áreas metropolitanas europeas”, *Carreteras: Revista Técnica de la Asociación Española de la carretera*, núm. 126, 2003, pp. 12-26.

105 Cfr. o documento “Calidad y corresponsabilidad en el transporte público de viajeros por carretera”, Fundación CETMO, 2008.

106 Neste sentido é emblemática, como xa advertimos, a Lei valenciana 1/1991, de 14 de febreiro, que articula a coordinación a través do *Plan de Transporte Metropolitano* e da *Comisión do Plan de Servizos do Transporte Metropolitano*.

107 *Cuadernos de Economía*. vol. 31, núm. 58, Bogotá July/Dec. 2012.

108 Lei 7/1987, de 4 de abril. É destacable, así mesmo, o Decreto 48/1997, de 18 de febreiro, polo que se crea o Consorcio Autoridade do transporte Metropolitano de Barcelona.

109 Cfr. o documento, xa citado, “Calidad y corresponsabilidad en el transporte público por carretera”.

público, concurrentes cos das Administracións públicas". Exemplo: o Consorcio de Transportes de Mallorca¹¹⁰ ou a Autoridade Única do Transporte de Gran Canaria;

- d) Entidades públicas empresariais, que son organismos públicos previstos na LOFAXE (arts. 53 a 60) e na LRBRL (art. 85.2, LRBRL), e que se caracterizan por someterse tanto ao Dereito Público —nalgúns extremos—, como ao Dereito Privado, sobre todo no que concirne á realización de actividades e servizos suxeitos a contraprestación económica. Exemplo: a entidade pública empresarial de Murcia (suprimida pola Lei de medidas tributarias, administrativas e de reordenación do sector público rexional a partir de 2013);
- e) Entidades atípicas respecto das cales o Ordenamento non se acolle a unha das figuras xa ben configuradas dogmáticamente (consorcios, mancomunidades de municipios, entidades públicas empresariais, etc.), senón que opta por establecer un réxime xurídico particular non encadrable nas figuras ou modelos máis coñecidos e utilizados. Así sucede, por exemplo, co que dispón a Lei Foral 8/1998, de 1 de xuño, que recolle a Mancomunidad da Comarca de Pamplona, que se define como unha entidade con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar na cal se integran os municipios por un prazo mínimo de nove anos; pero esta "Mancomunidad" non parece ser consecuencia do dereito de asociación dos municipios (art. 44, LRBRL), polo que é evidente que a súa natureza xurídica é pouco clara¹¹¹. O mesmo sucede coa entidade creada pola Lei 9/2000, de 23 de novembro, de Valencia, que é unha Entidade de Dereito Público pero que actúa sometida ao Dereito privado á que se encomenda que faga efectiva a cooperación entre as Administracións Públicas nos servizos de transportes públicos regulares de viaxeiros aos que se refire a Lei 1/1991, de 14 de febreiro, de transporte metropolitano da área de Valencia¹¹²; este control logo pasará á *Axencia Valenciana de Mobilidade Metropolitana*, que como xa sinalamos, foi suprimida pola Lei 1/2013, de 21 de maio, de medidas de reestruturación e racionalización do sector público empresarial e fundacional da Generalitat Valenciana.

Caben, mesmo, outras formas funcionais para garantir esa xestión participada, negociada e que implique a todas as Administracións con competencias, pero é claro que son as máis empregadas as que se referiron. Todas teñen as súas vantaxes e inconvenientes, pero a idea de colaboración é manifiesta en todas.

110 Tamén son destacables os Consorcios Rexional do Transporte de Madrid, creado pola Lei 5/1985, de 16 de maio, que exerce todas as competencias propias e delegadas da Comunidade de Madrid e dos Concellos que se adheriran voluntariamente ao mesmo, de Asturias (Lei 1/2002, de 11 de marzo, de creación do Consorcio de Transportes de Asturias), e de Bilbao (Lei 44/1975, de 30 de decembro). Sobre o de Madrid, véxase J. J. SUAY RINCÓN, "Coordinación del transporte en las áreas metropolitanas: la fórmula del Consorcio Regional de Transportes de Madrid", *Documentación Administrativa* números 230-231 (abril-setembro 1992), pp. 321-332.

111 Vid. E. CARBONELL PORRAS e T. CANPO CAMPOS, cit., p. 1732.

112 Vid. E. CARBONELL PORRAS e T. CANO CAMPOS, cit., pp. 1732 e 1733.

6 Novas perspectivas normativas: acerca da Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local¹¹³

6.1 Reforma da administración local, crise económica e realidade política

Despois dunha etapa positiva do réxime local no Estado autonómico na cal se asentaron as bases dunha Administración local democrática e coautonomía, sen prexuízo de notorias inconsistencias relativas ao financiamento e ao exercicio de moitas competencias (o problema das chamadas “competencias impropias”, as dificultades de moitos Concellos, etc.), e que foron postas de manifesto polas Federacións de municipios e provincias, e en parte paliadas polo lexislador en leis que se aprobaron dentro do marco do denominado Pacto Local, é o certo que a partir do ano 2007¹¹⁴ o panorama mudou substancialmente. O discurso que xira arredor da descentralización, o incremento de competencias e o aumento de financiamento xa non é suficiente, e a reforma da Administración local, que é unha asignatura pendente da vixente democracia española, debe desenvolverse nun escenario moi diferente do que existía na primeira metade da década de 2000-2010. Por un lado, hai deficiencias e inconsistencias, como xa se dixo, moi claras que se agudizaron coa crise (quebra técnica de moitos municipios, problemas gravísimos de corrupción, que irritan sobremanera á opinión pública nun momento no cal se lle piden sacrificios descomunais á poboación, dilución de responsabilidade por unha distribución competencial claramente mellorable, exceso de municipios e de organismos públicos sen unha contrastada utilidade para o cidadán, verdadeiro dono da cousa pública, etc.). Por outro, a devandita crise económico-financeira golpea ao sector público de maneira intensa, de forma que xa se formulan abertamente propostas de gran calado como a fusión ou eliminación de municipios, a supresión de determinadas organizacións que non teñen unha xustificación obxectiva e razoable, a avaliación dos servizos públicos prestados, a redución do número de concelleiros, a mesma supresión das Deputacións provinciais¹¹⁵ ou das Mancomunidades de Municipios, a redución drástica do persoal eventual, etc. Son todas propostas de groso calibre que de plasmarse en Dereito positivo implicarían unha transformación importante da Administración local.

É verdade que moitas críticas son completamente certas, pois baséanse en datos e feitos reais, contrastados por informes e sentenzas xudiciais firmes (Informes do Tribunal de Con-

113 Esta Lei 27/2013, de 27 de decembro, leva un significativo título “*de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*” (“BOE” núm. 312, de 30 de decembro de 2013), e supón o intento dunha modificación de gran calado da Administración local. Tivo varias versións, se ben os elementos basilares son os mesmos desde o principio: redimensionamento da autonomía local cunha “rebaixa” das competencias locais; fomento da fusión de municipios, aplicación do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, avaliación de servizos, énfase no papel do interventor, propósito de reducir entidades locais menores e mancomunidades, limitación do persoal eventual ou, en fin, reforzamento das Administracións locais intermedias como as Deputacións provinciais, Cabidos Insulares ou Consellos das Illas Baleares.

114 Aínda que por motivos políticos se discutiu o ano concreto do comezo da crise, parece ser que foi 2007 o ano clave do inicio. Vid. R. TAMAMES, *¿Cuándo y cómo acabará la crisis. Tractatus logicus economicus*, Turpial, Madrid, 1ª ed. 2011, p. 18

115 Neste sentido, desde unha formulación económica, R. TAMAMES, *¿Cuándo y cómo acabará la crisis?...*, cit., pp. 133 e 134: “(...) os déficits e endebedamentos das CC.AA expresan un desbordamento por duplicación das accións públicas, o que existe unha reforma profunda da LOFCA (Lei Orgánica de Financiamento das CC.AA) e do propio gasto que realizan as Comunidades e a Administración Xeral do Estado, sen esquecer os Concellos. Finalmente, a reforma administrativa debe acabar coa redundancia de 42 Deputacións Xerais nas CC.AA con máis dunha provincia, e debe facerse un programa de concentración dos 8.100 municipios españois, para que non sexan máis dun milleiro”. Pola súa parte, o que fora Ministro das rexións na transición política, en concreto, no primeiro Goberno democrático, prof. Manuel CLAVERO ARÉVALO sinala, así mesmo, que se pode producir un adelgazamento “*se se suprimisen as deputacións —respectando a singularidade das do País Vasco— e se as súas funcións pasaran á Administración periférica das Comunidades Autónomas*” (Vid. *El Mundo* de 16 de xuño de 2013, p. 15).

tas, Informe do Valedor do Pobo, sentenzas xudiciais firmes en múltiples casos de corrupción, etc.), pero tamén é moi claro que hai outras que pasan de contrabando e non poden admitirse como válidas, xa que confunden a parte co todo e a causa coa consecuencia; ou, simplemente, son denuncias e críticas ideolóxicas que parten da base dunha satanización do sector público, cun desprezo a todo empregado público, e dunha concepción parcial, nesgada, e, por tanto, falsa da realidade dos problemas que se formulan. Por tanto, para unha axeitada regulación da Administración local o primeiro que procede é detectar ben o problema, diagnosticalo sen prexuízos nin dogmatismos, e, por conseguinte, non deformalo, desprazalo ou caricaturizarlo. Desde un punto de vista constitucional hai datos inexcusables que supoñen: a) o recoñecemento da Administración local, ademais coa autonomía e suficiencia financeira (arts. 137, 140, 141 e 142, CE); b) a articulación da Administración local coa autonómica e coa estatal¹¹⁶; c) a existencia dun estatuto funcional, baseado no mérito e a capacidade (arts. 103.3 e 149.1.18ª CE), e d) a configuración dunha Administración local democrática, representativa (STC 103/2013, de 25 de abril), e participativa¹¹⁷, que teña no servizo ao cidadán o seu alfa e omega. Estas bases son, pois, irrenunciáveis. A partir de aquí as alternativas son moitísimas, pero é obvio que a súa plasmación en Dereito positivo debe estar xustificada, razoada e avalada por datos e feitos obxectivos, non por prexuízos ideolóxicos, nin polo exclusivo mantemento da regra de evitar o déficit público, que, aínda que relevante, non é a única.

Neste contexto, o Goberno da nación saído das eleccións de 20 de novembro de 2011, presentou un plan nacional de reforma, feito público en abril de 2012, que persegue, entre outras cousas, a reordenación municipal, a eliminación de duplicidades e a redución do gasto público¹¹⁸. Por conseguinte, entre os obxectivos destacan tres: 1) delimitar axeitadamente as competencias dos municipios e eliminar as chamadas “competencias impropias”, 2) eliminar duplicidades e solapamentos de competencias, para o cal inténtase dispoñer un marco no cal as Deputacións Provinciais, os Cabidos ou os Consellos Insulares, así como as Comunidades Autónomas asuman competencias municipais cando os municipios non as desenvolvan de forma eficaz, e 3) establecer un financiamento sostible das entidades locais, en liña co establecido no artigo 135 CE¹¹⁹ e a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de es-

116 Debe terse presente que de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional, o réxime local ten unha configuración “bifronte” (vid. J. L. MEILÁN GIL, “La articulación de los ordenamientos local y autonómico”, no vol. recopilatorio *Administración Pública en perspectiva*. Universidade da Coruña - Universidade de Santiago de Compostela - Escola Galega de Administración Pública, A Coruña, 1996, p. 464), e iso permite que non se poida calificar como “intracomunitario” ou “extracomunitario” (cfr. STC 214/1989, de 21 de decembro, FX. 29. Tamén a máis recente, e polémica, STC 31/2010, de 28 de xuño, sobre o Estatuto catalán, FFX 36-41), polo que como di esta mesma Sentenza, nada impide que o Estado poida entaboar relacións directas coas Entidades locais. Esta concepción do Tribunal Constitucional non é compartida, porén, por expertos cualificados, como S. MUÑOZ MACHADO (*Informe sobre España. Repensar el Estado o destruirlo*, Crítica, Barcelona, 2012, p. 178. “*Parece bastante razonable —di este profesor— que se a organización administrativa interior de cada Comunidad Autónoma, incluida a das Administracións locais, debe depender basicamente do que a lexislación autonómica estableza (...)*”; polo que considera que o réxime local é “intracomunitario” (p. 180).

117 Cfr. SSTC 132/2012, de 19 de xuño, e 103/2013, de 25 de abril, que precisamente para realzar o principio representativo declarou a inconstitucionalidade do precepto legal que permitía nomear como membros da xunta de goberno local a persoas distintas dos concelleiros. O “principio representativo constitúe o fundamento da autonomía local e por tanto é predicable de todas as entidades locais constitucionalmente garantidas”, e ese principio “foi consagrado para os municipios cunha intensidade especial” (FX 6).

118 Que é o dogma importante nos últimos anos, e que orixinou uns cambios dun calado inimaxinable ata hai pouco máis dun lustro. Importante resulta destacar que se reformou a Constitución Española polo procedemento de urxencia, conforme ao artigo 167 CE, o 27 de setembro de 2011, cunha nova redacción do artigo 135, cuxo punto primeiro dispón que “*Todas as Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria*”, e a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria, segue os mesmos criterios.

119 Dentro do contexto de estabilidade e crecemento (o pacto é de 1997), cómpre salientar o *Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza da Unión Europea e Monetaria*, Bruxelas, 2 de marzo de 2012 (Vid. “BOE”, núm. 29, de 2 de febreiro de 2013), que ten como obxectivo “*reforzar o piaer económico da Unión Económica e Monetaria mediante a adopción dun conxunto de normas destinadas a promover a dis-*

tabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, para desta forma conseguir o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financeira e eficiencia¹²⁰.

Como é obvio, o Goberno da nación trata de levar a cabo esta grande operación tendo en conta un panorama político, xurídico, económico e social farto complexo, no cal non só interveñen axentes internos senón externos, estes últimos, en ocasións, con moito máis poder e forza que os internos. Por tanto, non abonda o consenso ou o achegamento político dos partidos máis significativos no ámbito nacional, senón que é preciso a intervención das Comunidades Autónomas e o cumprimento das esixencias da Unión Europea. Xunto a iso é palmario que debe respectarse a autonomía local, polo que hai que ponderar a aplicación axeitada dos artigos 135¹²¹, 149.1.13^a, 14^a e 18^a, e tamén, dos artigos 148.1.2^a e 137, 140, 141 e 142 CE.

Isto comporta que nin o Estado pode obrigar mediante Lei aos municipios a fusionarse ou agruparse, nin tampouco pode establecer mecanismos que de forma sutil ou subrepticia reduzan a autonomía local. Así mesmo, tampouco poden o Estado ou as Comunidades Autónomas vulnerar o previsto na Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985¹²², ratificada por España por instrumento de 20 de xaneiro de 1988. Iso significa que a regulación sobre Administración local que dite o Estado está desde o comezo moi limitada, se ben é verdade que o artigo 135 CE e a nova Lei Orgánica 2/2012, xa citada, abren novas posibilidades coas que hai que contar. En calquera caso, é evidente que o contexto xurídico existente impón un xogo de equilibrios moi difícil, e de non acadarse o mesmo sempre existe a posibilidade dun recurso ante o Tribunal Constitucional (art. 162 CE)¹²³.

Dentro deste escenario é salientable como a Lei 27/2013¹²⁴ quere articular un poder supra-municipal máis eficaz no que o papel e as funcións das Deputacións Provinciais, os Cabidos Insulares de Canarias, e os Consellos Insulares das Illas Baleares sexan máis relevantes. Así, na Exposición de Motivos deste Proxecto dise textualmente: "*Outra das medidas adoptadas na Lei é a de reforzar o papel das Deputacións Provinciais, Cabidos, Consellos Insulares ou entidades equivalentes. Isto lévase a cabo mediante a coordinación polas Deputacións de*

ciplina orzamentaria a través dun pacto orzamentario, a reforzar a coordinación das súas políticas económicas e a mellorar a gobernanza da zona euro, avalando así a consecución dos obxectivos da Unión Europea en materia de crecemento sostible, emprego, competitividade e cohesión social" (art. 1.1); e ese Pacto Orzamentario obriga aos Estados, entre outras cousas, a que a situación orzamentaria das Administracións públicas de cada parte contratante "*será de equilibrio ou de superávit"* (art. 3.1.a). Como é obvio, acadar ese obxectivo é moi complicado e difícil coa estrutura organizativa que se definiu nos últimos trinta e cinco anos en España.

- 120 Neste punto, pois, o Anteproxecto de Lei para a racionalización e sostenibilidade da Administración Local, versión de 22 de decembro de 2012, é reiterativo, pois a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa mencionada (art. 2), impón reformas e adaptacións obrigadas, tanto na estrutura como no funcionamento da Administración local. L. MELLADO RUIZ, "Notas críticas sobre el Anteproyecto de Ley para la racionalización y sostenibilidad de la Administración Local: entre la reforma y la intervención", *Revista CEMCI*, núm. 17 (out-dec 2012), p. 6, destaca que a adición deses principios á LRRL ten máis de recordatorio ou "intencionalidade política", que de efectividade e claridade normativas.
- 121 Este precepto, regulado despois da reforma da Constitución do ano 2011, é o que constitúe un título constitucional para a Lei Orgánica 2/2012, e non o artigo 149.1.13^a CE, como destacou o Tribunal Constitucional (STC 157/2011, de 18 de outubro) e lembra, así mesmo, o Ditame do Consello de Estado, de 26 de xuño de 2013, emitido con ocasión do Anteproxecto de Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- 122 Son moitas as análises técnicas que se fixeron sobre esta Carta; pode consultarse, por exemplo, o realizado por L. ORTEGA, "La Carta Europea de la Autonomía Local y el ordenamiento local español", *REALA*, núm. 259, 1993, pp. 475-497.
- 123 Lémbrese que tamén pode formularse o conflito en defensa da autonomía local (arts. 75 bis e seguintes da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, redactados conforme á Lei Orgánica 7/1999, de 21 de abril, dentro do marco do Pacto Local).
- 124 Esta Lei non é calquera reforma. É unha modificación de bastante importancia; así o recoñeceu o mesmo Consello de Estado no seu importante Ditame de 26 de xuño de 2013: "*Trátase, en definitiva, dunha reforma substancial que alcanza aos principais aspectos do réxime de organización e funcionamento das entidades locais e que, como tal, pode chegar a comportar un verdadeiro cambio do modelo institucional da Administración Local española"*.

regap

MONOGRÁFICO
A reforma local e o debate

determinados servizos mínimos nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes ou a atribución a estas de novas funcións como a prestación de servizos de recadación tributaria, administración electrónica ou contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes, a súa participación activa na elaboración e seguimento nos plans económico-financeiros ou os labores de coordinación e supervisión, en colaboración coas Comunidades Autónomas dos procesos de fusión de municipios”.

Indubidablemente este novo escenario normativo afecta a todos os sectores, incluído o transporte urbano, que deberá xestionarse de maneira eficaz, eficiente e sostible; obxectivos que se enfatizan de maneira intensa nas reformas que se están a levar a cabo. Ademais, o papel das organizacións supramunicipais cobra especial transcendencia, como xa notamos ao analizar a lexislación sobre o sector de distintas Comunidades Autónomas no que afecta ao transporte interurbano.

6.2 Cambio de rumbo no ámbito competencial: artigos 7, 25 e 26, LRBRL

Da redacción desta Lei pódese deducir unha idea clara: hai un cambio importante sobre o alcance das competencias locais, e un “recorte” das chamadas competencias propias. Así, aínda que o artigo 7 segue mantendo a clasificación entre competencias propias e delegadas, o certo é que logo se trata de evitar ou reducir as denominadas sen demasiado rigor como “competencias impropias”¹²⁵, e todas están baixo a *espada de Damocles* da estabilidade orzamentaria e a sostenibilidade financeira, en coherencia coa nova redacción do artigo 135 CE e a Lei Orgánica 2/2012, xa mencionada. Neste extremo o disposto no artigo 25 é revelador, porque se elimina no apartado 1 o sintagma “toda clase” ao aludir ás actividades e servizos que poden prestar os Concellos, e ademais agora suprímense algunhas materias sobre as cales o lexislación sectorial pode conferir competencias propias; así sucede, por exemplo, coa conservación de camiños e vías rurais, a defensa dos consumidores e usuarios, a programación da ensinanza uo a participación na xestión da atención primaria da saúde, entre outras¹²⁶. Ademais, en relación coas competencias delegadas, imponse que estas operacións traslativas de competencias sexan conformes coa lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, sendo nula a delegación que se faga sen

125 O mesmo Ditame do Consello de Estado, emitido con ocasión do Anteproxecto de Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, de 26 de xuño de 2013, sinala que é preciso depurar o concepto de competencias impropias. Di o supremo órgano consultivo: “(...) procede en primeiro lugar obxectar que se consagre legalmente como expresión para denominar unha categoría formal de competencias a de “competencias impropias”. Trátase, certamente, dun *tertium genus* distinto das competencias propias e das delegadas – de feito non se atopan definidas como tales, senón só pola súa exclusión das outras clases de competencias – e, precisamente por iso e porque o anteproxecto incorpora diversas normas substantivas en relación con tales competencias, non parece apropiado acudir á devandita expresión para referirse a elas. *Suxírese por iso asignarlles outra denominación (por exemplo, competencias atribuídas ou competencias por atribución) ou simplemente identificalas como “competencias distintas das propias e das delegadas” (...)*”. A redacción do Proxecto de 26 de xullo de 2013 parece acoller esta recomendación, que logo se plasmou na redacción final da Lei 27/2013.

126 Véxase neste punto o destacado polo Ditame do Consello de Estado, de 26 de xuño de 2013. Non obstante a redacción experimentou algúns cambios ao longo das distintas versións do Anteproxecto. No documento inicial elaborado no seo do Instituto Nacional de Administración Pública dispoñíase que o municipio ten competencias en materia de “transporte de mercadorías e transporte público de persoas” (art. 25), e no artigo 26 dicíase que os municipios de máis de 50.000 habitantes debían prestar o servizo de transporte colectivo de viaxeiros. O artigo 86 tamén, ao referirse á reserva a favor das entidades locais, dicía “transporte público de viaxeiros”. Na versión de 22 de decembro de 2012 mantívose, pero na versión de 18 de febreiro de 2013 muda, xa que se fala no artigo 25.2.g) do Anteproxecto de “transporte colectivo urbano”, continuando as mesmas expresións no artigo 26 e no 86, LRBRL. Na última versión xusto antes da súa remisión ao Consello de Estado, a de 24 de maio de 2013, mantense o artigo 25.2.g) “transporte colectivo urbano” e o mesmo ocorre coa redacción dos artigos 26 e 86. Na redacción do Proxecto de 26 de xullo de 2013 mantense esta terminoloxía. Logo, é claro que a redacción inicial do Anteproxecto era máis ampla e omnicompreensiva que a que se plasma na versión de 24 de maio de 2013; e hai que notar que o Informe da Comisión Nacional da Competencia de 13 de marzo de 2013, como logo se verá, suxire reformar algúns aspectos desta materia.

respectar este criterio; por outra parte, elimínanse as competencias complementarias que recollía o artigo 28, LRBRL. Se a isto se lle engade que, mesmo, no Anteproxecto se incluía con carácter novidoso o concepto de “custo estándar”, que podía servir de detonante para que determinadas competencias fosen asumidas polas Deputacións provinciais, Consellos e Cabidos Insulares (art. 26)¹²⁷, e que a lista do artigo 25.2 ten carácter limitativo¹²⁸, infírese que as prioridades que antes se citaron mudaron. O discurso agora non enfatiza tanto a descentralización e o incremento de competencias, senón sobre todo o aforro, a sostenibilidade, a eliminación de duplicidades e o recorte, tamén, de funcións locais.

Como afecta isto ao transporte público? Pois ben, desas modificacións de gran calado parece que se salvou o transporte colectivo urbano de viaxeiros (arts. 25.2.g), 26.1.d) e 26.4.f). Hai un matiz que convén, porén, destacar. Mentres que na LRBRL anterior á Lei 27/2013 (art. 25.2.ii) e 86.3) se aludía expresamente a “transporte público de viaxeiros”; a redacción da Lei de 2013 refírese exclusivamente a “transporte colectivo urbano” [(art 25.2. g)]¹²⁹. O que significa que o carácter “público” non se subliña tanto como na redacción anterior. Por outra parte, o criterio para establecer os servizos obrigatorios non muda: son os municipios con poboación de máis de 50.000 habitantes os que deben prestar estes servizos.

Hai que distinguir, pois, o que é a *esixencia de atribución de competencia* (art. 25.2)¹³⁰ para que o municipio interveña na xestión dos seus intereses, en coherencia coa autonomía que constitucionalmente ten garantida, *do que é o deber de prestar servizos obrigatorios* (art. 26)¹³¹ que se circunscribe ao “transporte colectivo urbano de viaxeiros” e para os municipios con máis de 50.000 habitantes¹³². Distinto —aínda que conectado de forma directa— é a *reserva para as entidades locais* “do transporte público de viaxeiros” (art. 86.2, LRBRL)¹³³. Son tres ámbitos xurídicos distintos: a atribución de competencias, a obriga de prestar un servizo de transporte público determinado para algúns municipios, e a reserva a

127 Logo a redacción final que aparece na Lei 27/2013 non alude ao custo estándar.

128 Así o afirma, así mesmo, a interpretación que fizo o Consello de Estado no Ditame de 26 de xuño de 2013: “(...) o anteproxecto introduce unha importante novidade a través da modificación do artigo 25 da LRBRL, que pasa de establecer un listado aberto de competencias susceptibles de ser legalmente recoñecidas aos Municipios e a enunciar tales competencias de forma exhaustiva e aparentemente pechada”.

129 Certamente, a redacción anterior a 2013 do artigo 26.1.d) falaba de “transporte colectivo urbano de viaxeiros”, pero é obvio que esta denominación había de interpretala de forma conxunta e sistemática cos artigos 25.2.ii) e 86.3, que establecían sen reservas a denominación de “transporte público de viaxeiros”.

130 Unha cosa é a competencia, e outra é a obrigatoriedade de prestación do servizo; aínda que en ocasións se confunden, son conceptual e xuridicamente distintas. A competencia precede á obriga de prestar o servizo, porque é anterior e xenérica, e, como é natural, sen ter a competencia é imposible xuridicamente falando esixir a prestación do servizo. Polo demais, a competencia, como xa comprobamos, maniféstase nun conxunto de funcións —normativas, de inspección, etc.—; mentres que o servizo se desenvolve na esfera da xestión. Confundir, pois, competencia e servizo non é de recibo.

131 Como xa se anticipou, é coherente con este servizo obrigatorio o dereito a esixir por parte dos veciños a prestación, e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio, como é o caso. T. QUINTANA LÓPEZ entendeu que máis que un verdadeiro dereito subxectivo trátase do exercicio dunha acción pública veciñal (“El derecho de los vecinos a la prestación y establecimiento de los servicios públicos municipales en la jurisprudencia”, *Cuadernos de Derecho Local*, núm. 16, 2008, pp. 7-13). Pero a xurisprudencia e a doutrina maioritaria consideran que se trata dun dereito legalmente esixible, (STS de 12 de abril de 2011, e STSX de Castela e León, de 22 de febreiro de 2012) cunha eficacia limitada por razóns orzamentarias. Non obstante, o artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, permite impugnar a aprobación provisional dos orzamentos municipais coa finalidade de solicitar a incorporación das partidas necesarias para garantir o establecemento e a efectiva prestación do servizo.

132 É dicir, non para todos os municipios, nin se trata de calquera transporte público, senón do “colectivo”, “urbano” (quedando fóra o “interurbano”), e de “viaxeiros”; non, por exemplo, o de mercadorías.

133 A reserva que recolle o artigo 86.2, LRBRL conecta, como é natural, co que dispón o artigo 128.2 CE, segundo o cal “Se recoñece a iniciativa pública na actividade económica. Mediante lei poderase reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais, especialmente en caso de monopolio e así mesmo acordar a intervención de empresas cando así o esixir o interese xeral”. Por tanto esta reserva ten os seus límites: lei formal e que se trate de servizos esenciais.

favor das entidades locais do transporte público de viaxeiros. Os tres ámbitos poden cambiar en máis ou en menos, por exemplo, elevar ou rebaixar o albor dos 50.000 habitantes, modular a reserva a favor das entidades locais¹³⁴ ou, se se quere tamén polo lexislador, conferir máis ou menos competencias, considerando, ademais, que o único que fai o artigo 25.2 é sinalar materias ou sectores respecto dos cales logo o lexislador sectorial ten que atribuír competencias.

Por conseguinte, o transporte colectivo urbano de viaxeiros segue a ter un papel moi relevante en orde a establecer os servizos esenciais de determinados municipios —en concreto, como xa nos consta, de máis de 50.000 habitantes—, e iso permite colixir que para o lexislador, mesmo nun contexto de restricións orzamentarias pola estabilidade orzamentaria e a sostenibilidade, o transporte colectivo urbano é de indubidable interese público.

6.3 A reforma dos artigos 84 bis e 86.2, LRBRL: Publicatio ou xestión privada?

Un extremo que afecta de maneira particular ao sector que analizamos é o que se refire ao intento de favorecemento da iniciativa económica privada, como se observa na redacción dos artigos 84 bis. 1 ("*Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo*"), e do artigo 86, que dispón:

"1. As Entidades locais poderán exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas, sempre que estea garantido o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sostenibilidade financeira do exercicio das súas competencias. No expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da medida haberá que xustificarse que a iniciativa non xera risco para a sostenibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal debendo conter unha análise do mercado, relativo á oferta e á demanda existente, á rendibilidade e aos posibles efectos da actividade local sobre a concorrencia empresarial.

Corresponde ao pleno da respectiva Corporación local a aprobación do expediente, que determinará a forma concreta de xestión do servizo.

2. Declárase a reserva en favor das entidades locais das seguintes actividades ou servizos esenciais: abastecemento domiciliario e depuración de augas; recollida, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros, de conformidade co previsto na lexislación sectorial aplicable. O Estado e as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer, mediante Lei, idéntica reserva para outras actividades e servizos (...)".

Debe advertirse que, respecto da redacción establecida no anterior artigo 86.3 (previo, por tanto, á redacción da Lei 27/2013), se reduce o ámbito da reserva, xa que no artigo 86.2

134 Pénsese que en relación precisamente co artigo 86.2, LRBRL, o artigo 22 do Real Decreto-lei 7/1996, de 7 de xuño, liberalizou os servizos mortuorios, e o inciso "*subministro de gas*" foi derogado da primitiva redacción pola disposición derogatoria da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos, que suprime a consideración de servizo público no sector do gas. Pola contra, tamén poden incluírse novos servizos se se cumpren os requisitos constitucionais (lei formal-servizos esenciais). A clave, pois, está en determinar o concepto e o contido de tales servizos esenciais. O mesmo Tribunal Constitucional declarou que "*a cualificación da televisión como un servizo público esencial atópase dentro das potestades do lexislador na súa liberdade de configuración normativa converténdose nunha de entre as varias opcións constitucionalmente posibles*" (STC 127/1994, de 5 de maio, FX, 6).

novo se elimina a reserva legal de actividade para as entidades locais en subministro de calefacción e de matadoiros, mercados e lonxas centrais, pero mantense, en cambio, para o abastecemento domiciliario e depuración de augas; recollida, tratamento e aproveitamento de residuos, e, polo que aquí interesa, o *transporte público de viaxeiros*, que para o lexislador, pois, deben asegurarse de forma efectiva polas entidades locais. Neste punto non é ocioso aludir ao que declarou o Informe (IPN 88/13) do Consello da Comisión Nacional da Competencia de 13 de marzo de 2013, sobre o “Anteproxecto de Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración Local”, que se ben valora de forma axeitada a eliminación da reserva dos sectores referidos, en cambio, afirma, no apartado referido a “Observacións”, o seguinte:

“Mantense, en cambio, a reserva legal a favor das entidades locais nos servizos de abastecemento domiciliario e depuración de augas, recollida, tratamento e aproveitamento de residuos, e o transporte público de viaxeiros. A reserva destes servizos a favor das entidades locais debería compatibilizarse no APL co fomento da competencia efectiva como se indica nos seguintes apartados. Por outro lado, atendendo á posible evolución tecnolóxica na prestación destes servizos de rede e ao grao de interese público que pode subxacer nos mesmos, sería recomendable que o APL establecese a obriga de valorar periodicamente, atendendo aos principios de necesidade e proporcionalidade, a conveniencia de manter a devandita reserva legal.

A CNC considera necesario destacar que o presente APL é unha oportunidade dificilmente repetible para potenciar a racionalidade e diversos elementos favorecedores da competencia efectiva nas decisións económicas das entidades locais. Con base no dito, a CNC considera que diversos aspectos da norma resultan susceptibles de profundización, mellora ou precisión para que o proxecto resulte favorecedor da competencia (...).”

Como é lóxico, este informe enfoca a reforma desde a perspectiva que lle é propia —a competencia no marco da liberdade de empresa nunha economía de mercado—, pero achega sen dúbida unha idea moi interesante relativa ao exame da evolución tecnolóxica, así como a necesidade e a proporcionalidade do transporte público de viaxeiros; é salientable, ademais, a necesidade de considerar a idoneidade das fórmulas de xestión indirecta do servizo referido para dar entrada á iniciativa privada. Pero con todo, é claro que o lexislador segue destacando a transcendencia social na prestación do servizo de transporte de viaxeiros, e esa é a razón pola cal mantén a reserva

7 Conclusións

PRIMEIRA. O recoñecemento e a garantía da autonomía local e a subseguinte aprobación da LRBRL e LOREX comportaron un decidido avance para a organización institucional da Administración local (conformación democrática e aumento do seu nivel de competencias). Non obstante, na actualidade as prioridades mudaron de forma substancial, e o que prima é sobre todo a xestión dos servizos públicos de forma axeitada, eficaz e sostible, debido en gran medida á reforma do artigo 135 CE e á aprobación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

SEGUNDA. Hai unha relación indispensable entre Administración Local —e, en particular, entre o Concello— e transporte público urbano. Porén, durante unha dilatada etapa histórica foi a Administración do Estado a que asumiu as competencias máis relevantes sobre este sector; algo que, polo demais, foi común, xa que noutras áreas ou sectores da acción pública o papel da Administración local foi moi modesto.

TERCEIRA. O transporte é un sector do Ordenamento xurídico de gran relevancia, que implica tanto ao Dereito Privado como ao Dereito Público. Pero o “transporte público urbano” ten o seu encaixe natural no Dereito Público, e, en especial, no Dereito Administrativo, no cal se abordan e tratan de resolverse cuestións de indubidable interese xurídico como as competencias da Administración, o exercicio de potestades administrativas —inspección, sanción, etc.— ou as técnicas de intervención —autorizacións e concesións—, así como o réxime dos bens integrantes do dominio público. Tamén compete ao Dereito Administrativo os mecanismos e instrumentos de cooperación e coordinación, de crecente importancia para os transportes urbanos pola necesidade dunha Autoridade única (v.gr.: Consorcios, Mancomunidades, Entidades atípicas, etc.).

CUARTA. O chamado transporte “intracomunitario” está atribuído ás Comunidades Autónomas (arts. 148.1.5ª e 149.1.21ª, CE), e a partir da Lei Orgánica 5/1987, modificada pola Lei Orgánica 5/2013, de delegación de facultades do Estado en materia de transporte por estrada e por cable, todas as Comunidades Autónomas teñen competencias executivas de indubidable transcendencia práctica, se ben a nova redacción do artigo 10 deixa clara a posible intervención do Estado nalgúns extremos.

QUINTA. Os transportes urbanos son transportes “intracomunitarios”, polo que son as Comunidades Autónomas as competentes para regulalo, e, por conseguinte, son as que atribúen en concreto as competencias municipais en relación co transporte urbano, en congruencia co que dispoñen, polo demais, os artigos 2 e 25.2, LRBRL. De acordo con esta premisa xurídica, absolutamente clara sobre todo despois da STC 118/1996, de 27 de xuño, as Comunidades aprobaron diversas Leis sobre este transporte, as cales confiren funcións de distinto alcance sobre a materia. Pódese extraer, en cambio, unha noción xeral, e é que o normal é que se atribúan competencias sobre ordenación, xestión, inspección e sanción, con distintas modulacións que están en función das diferentes características coas que se configurou o sector polas devanditas Leis autonómicas. Estas competencias, ademais, comprenden un conxunto de potestades (cfr. art. 4, LRBRL), como a sancionadora ou a tarifaria.

SEXTA. Dentro do elenco de competencias que ten a Administración local, tanto na redacción inicial da LRBRL (art. 7) como na Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local —que mantén a dicotomía competencias propias/competencias delegadas—, son as competencias propias as que constitúen o arquetipo de competencia local por antonomasia. Por tanto, dado a relación inescindible entre Administración local (Concello) e transporte urbano de viaxeiros (respecto do cal é evidente o *interese local*, ex art. 2, LRBRL), as Leis autonómicas deben atribuír “competencias propias” aos entes locais sobre transporte urbano. Esas competencias poden modularse, ampliarse ou restrinxirse, xa que o Tribunal Constitucional declarou que a autonomía local non garante un determinado nivel de competencias (STC 32/1981, de 28 de xullo, entre outras), nin este debe quedar petrificado para sempre, ou interpretado en sentido ascendente de forma continua. Por tanto, é constitucionalmente admisible que o lexislador ordinario —sexa estatal ou autonómico,

segundo a distribución constitucional de competencias— poida restrinxir as competencias (así, o Ditame do Consello de Estado de 26 de xuño de 2013). Por outra parte, as competencias propias son susceptibles de coordinación (arts. 7.10, etc. LRBRL).

SÉTIMA. Centrándonos nas competencias sobre transporte urbano, pódese aseverar que foron realmente insignificantes durante un período de tempo dilatado, xa que o que prevía a LRL de 1955 *era unha declaración de capacidade*, non unha competencia estrita. A competencia dos Concellos centrábase no transporte que se desenvolvía na “zona urbana”; concepto que, ademais, se interpretou con gran xenerosidade pola xurisprudencia do Tribunal Supremo para incrementar a posición da Administración do Estado.

OITAVA. A CE de 1978 implicou, como en tantos outros sectores e materias, un cambio radical: os artigos 137, 140, 141 e 142, recoñecen e garanten a autonomía dos municipios e demais entes locais para a xestión dos seus respectivos intereses. A devandita autonomía esixe a atribución de competencias en materia de transporte urbano, conforme aos artigos 2.25.2 e 26, LRBRL, xa que este sector se atopa dentro do círculo de intereses dos municipios polos motivos xa apuntados.

NOVENA. Da xurisprudencia do Tribunal Supremo extráese así mesmo a conclusión de que os municipios non só interveñen no transporte urbano a través dunha serie de competencias que abranguen a ordenación, xestión, inspección, control ou sanción, senón —e isto é tamén moi significativo—, que deben intervir noutras formas de transporte que inciden no territorio municipal para dar cumprimento ao mandato do artigo 2.2, LRBRL (cfr. STS de 17 de abril de 2000). A devandita intervención, aínda que de menor intensidade que a que se recoñece sobre o transporte urbano, debe ter a suficiente entidade para que o Concello, que asume o goberno e a administración do municipio (art. 19.1, LRBRL), poida pronunciar-se sobre asuntos que afecten directamente ao círculo dos seus intereses.

DÉCIMA. Da análise da lexislación autonómica sobre transporte urbano dedúcese que non hai un criterio unívoco, e xeralmente aceptado, para determinar al é o alcance de “transporte urbano”. Algunhas leis toman como punto de referencia o termo municipal (Andalucía, Aragón, Castela-A Mancha, Navarra, País Vasco); outras escolleron o de “núcleos consolidados de poboación” (Canarias), e outras aluden como criterio determinante o que distingue entre solo urbano e urbanizable (Castela-León, Galicia), ou ben optan por establecer que é transporte urbano o que circula por solo exclusivamente urbano (Madrid).

UNDÉCIMA. Sexa cal for o criterio que adopte a lei autonómica, é común establecer mecanismos ou fórmulas de coordinación e cooperación. Neste contexto xurdiu o concepto de Autoridade Pública de Transporte, que asume un modelo de gobernanza novo inspirado na colaboración e a negociación, e, por tanto, afastado dos clásicos patróns de xerarquía e imposición. A esixencia de coordinación inténtase resolver con distintas fórmulas, unhas de carácter orgánico (Consortios, Mancomunidades, entidades públicas empresariais, etc.), outras de carácter funcional (Convenios, informes de distinto alcance, plans, etc.). Non obstante, a experiencia ata o momento presente fixo que sexa o Consorcio a figura con máis potencialidades en orde á planificación, a xestión, o control e a avaliación dos servizos de transportes e a súa correcta inserción cos transportes interurbanos.

DUODÉCIMA. A situación da Administración local e a prestación dos seus servizos pretende cambiarse de forma significativa, de maneira que, como destacou o mesmo Consello de

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Estado no seu Ditame de 26 de xuño de 2013, pode alterarse substancialmente a configuración institucional da Administración local en España. Iso parece que intenta traducirse nun minoramento das competencias propias, e nun fortalecemento das organizacións intermedias como as Deputacións provinciais, Consellos ou Cabidos Insulares, que asumirán as competencias dos municipios se non cumpren con determinados requisitos. Polo que se refire ao transporte urbano, é significativo que: i) se manteña como materia sobre a cal o lexislador sectorial estatal ou autonómico debe conferir competencias; ii) se estableza como servizo obrigatorio para os municipios que contan cunha poboación de dereito de máis de 50.000 habitantes; e iii) mantense así mesmo a reserva —*publicatio*— no artigo 86.2 LRBRL. Non obstante, non pode pasarse por alto que agora se fala non de transporte público urbano, senón de “transporte colectivo de viaxeiros”, concepto que non é idéntico, e é máis reducido que o de transporte urbano, que revela unha nova perspectiva sobre este sector caracterizada pola súa posible privatización, e pola redución do seu ámbito operativo.

Unha aproximación histórica
ao réxime local en España

Una aproximación histórica al régimen local en España

A historical approach to the
local regime in Spain

47
Regap

PABLO TRILLO-FIGUEROA Y MARTÍNEZ CONDE

Exdirector Xeral de Administración Local do Goberno de (Valladolid,
España)

trimarpa@jeyl.es

Recibido: 03/12/2014

Regap



MONOGRÁFICO
A reforma local a debate

É difícil entender o noso Dereito Local vixente sen considerar os seus precedentes normativos. Por iso, resulta necesaria unha breve referencia á historia do noso Réxime local.

Constitúe o Municipio unha convivencia de persoas, peculiarmente de familias, asentadas nun mesmo territorio para, con plena conciencia da súa unidade, realizar en común os fins da vida. Trátase, por tanto, dunha comunidade de orixe natural, derivada directamente da natureza. Como sinala Tocqueville, no seu libro «La democracia en América», se o home crea os reinos e as repúblicas, o Municipio sae das mans de Deus. En definitiva, segundo García Oviedo, é o espírito de sociabilidade humana e as limitacións das nosas facultades as que imponen a existencia do Municipio.

A orixe do municipio español remóntase á época do Imperio Romano, consistindo nun título concedido a certas cidades conquistadas por Roma. Era o Municipio unha concesión graciosa e un privilexio. O municipio posuía entón unha organización popular, xa que era o pobo, congregado en asemblea, quen designaba os seus representantes e xestores. A Lex Julia municipalis regulou a organización municipal romana, que constaba dos seguintes órganos:

- A Curia, configurada como o órgano deliberante municipal, cuxos membros eran designados polo pobo.

- Os órganos directivos ou executivos, clasificados en duumviros, edís, cuestores, censores e o defensor civitatis. Esta última figura recréase en certo modo na Lei de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa previsión da denominada Comisión de Suxestións e Reclamacións.

Coa invasión dos bárbaros e a instauración do Imperio Visigótico non se conseguiu destruír totalmente a institución municipal romana. Royo Villanova sinala que entre os hispano-romanos posiblemente se conservase a tradición das antigas curias, que sobreviviran á invasión árabe e que se engrandecesen durante as loitas da Reconquista. A necesidade de incentivar á poboación nos territorios arrincados aos musulmáns impulsou aos reis a outorgar e recoñecer privilexios e cartas *pueblas*, prerrogativas e liberdades a certos pobos; e así, engade o devandito autor, o Municipio clásico da Idade Media non é unha institución puramente administrativa, como en Roma, senón un verdadeiro organismo político con leis propias (foros), que aplicaban as autoridades con independencia e ata con forza militar (Milicias). O único límite á soberanía daquelas Repúblicas federais era o recoñecemento da autoridade do Rei.

No Século XIV advírtese a decadencia dos Municipios, cando os nobles loitan para apoderarse dos cargos concelleirís, levando aos pobos a división de bandos. Isto provocou a intervención do Rei que enviou oficiais seus para corrixir aqueles problemas (correxidores), que á par lle serviron para ensanchar a autoridade real e elevala por riba de todos os elementos político-sociais. Ao acentuarse incesantemente o poder do monarca, os Municipios non fixeron máis que decaer, pois aquelas clásicas liberdades municipais eran incompatibles coa unidade política do réxime absoluto.

O moderno municipio español xorde a partir da Constitución de 1812. Esta estruturou o territorio español en Municipios e Provincias. Se ben os primeiros aparecen como auténticos entes territoriais, as segundas constitúense como meras circunscricións para a realización de servizos estatais. Xeneralízanse os Concellos, en toda a extensión da Monarquía, baixo regras fixas e uniformes. As Deputacións son órganos consultivos dos delegados do Goberno.

A disposición máis importante nesta época é o Decreto de Javier de Burgos, de 30 de novembro de 1833, que efectuou a división provincial practicamente a hoxe existente para a prestación dos servizos estatais, sentando as bases para que no futuro a provincia fose considerada un ente local.

Os vaivens políticos propios do século XIX van influir nos principios de democraticidade e de centralización. A tendencia xeral será dun constante crecemento de mecanismos de tutela e control en mans do Estado.

A reforma do noso Réxime local foi levada a cabo polos Estatutos Municipal e Provincial de Calvo Sotelo, de 1924 e 1925, respectivamente. Conságrase, dunha maneira formal, a autonomía dos Entes locais, e introdúcense importantes innovacións técnicas. O Municipio concíbese como ente natural, con numerosas competencias que han de exercer en réxime de autonomía. A Provincia configúrase xa como unha verdadeira Entidade local, e non como simple circunscrición estatal, e atribúeselle unha ampla esfera de competencias e de medios económicos para sostela.

Durante a Segunda República aprobouse a Lei Municipal, de 31 de outubro de 1935, que trataba de adaptar o réxime vixente ao espírito da Constitución Republicana. As novidades introducidas nesta Lei foron case nulas e ademais, pola data da súa promulgación, apenas tivo efectividade. Mantivo vixentes algúns textos da Ditadura, aínda que en materia de función pública local constituíense Corpos de carácter nacional para os funcionarios de maior relevancia, os Secretarios, Interventores e Depositarios.

A finalización da Guerra de España abre un novo período na historia do noso Réxime local. As normas reguladoras da Administración local nesta época caracterízanse, segundo Entrena Cuesta, pola súa extensión e minuciosidade, o seu centralismo e uniformismo, a estruturación dos órganos locais conforme ao sistema da democracia orgánica, e a potenciación da Provincia como ente local.

A lexislación sobre Réxime local deste período está composta fundamentalmente pola Lei de Bases de 17 de xullo de 1945, desenvolvida pola de 16 de decembro de 1950; esta Lei foi modificada pola outra Lei de Bases de 3 de decembro de 1953, e articulada e refundida por Decreto de 24 de xuño de 1955. Ao mesmo tempo fóronse promulgando unha serie de oito Regulamentos sobre materia local.

Este conxunto normativo foi obxecto, nos anos 1972 e 1974, de varios intentos de reforma. O último destes proxectos materializouse na Lei de Bases do Estatuto de Réxime Local de 19 de novembro de 1975. O certo é que esta Lei non alteraba os postulados fundamentais do réxime. Por iso, desde o inicio do proceso constituínte quedou claro que era preciso rachar co réxime anterior.

A Lei para a Reforma Política de 4 de xaneiro de 1977 comezou a sentar as bases dun novo sistema. En desenvolvemento dos seus principios ditouse a Lei 47/1978, de 7 de outubro, a cal derogaba a Lei de 1975, e habilitaba ao Goberno para deixar sen efecto os procedementos de fiscalización, control e tutela do Estado sobre as Corporacións Locais, propios do réxime anterior, o cal levouse a efecto a través dun Real Decreto de 1979.

A partir deste momento aparecen unha serie de disposicións que tenden á conformación dun novo sistema de Dereito Local baseado nunhas eleccións democráticas dos membros das Corporacións Locais (Lei 39/1978, de 17 de xullo, de Eleccións Locais) e nun alixeramento de tutelas, especialmente mediante a substitución das técnicas de control administrativo por un sistema de control xurisdiccional dos actos e acordos locais (Lei 40/1981, de 28 de outubro, pola que se aproban medidas sobre o réxime xurídico das Corporacións Locais).

Malia iso, como di Rivero Ysern, a entrada en vigor da Constitución Española de 1978, facía necesaria unha sistematización da normativa existente e un labor de discriminación do derogado e o vixente e, sobre todo, reclamaba a promulgación dunhas «Bases de Réxime Local».

As ferramentas para a sistematización e clasificación deste conglomerado normativo foron: dun lado, o Real Decreto 3183/1981, de 29 de decembro, que aprobaba unha táboa de vixencia dos preceptos afectados pola citada Lei 40/1981 e, doutro, a Xurisprudencia do Tribunal Constitucional, especialmente a través da Sentenza de 2 de febreiro de 1981, que sentaba os criterios básicos para entender a vixencia da lexislación preconstitucional sobre Réxime Local tras a entrada en vigor da Constitución.

regap



MONOGRÁFICO
A reforma local / a debate

Un dos aspectos máis novidosos da Constitución de 1978 foi sen dúbida a configuración territorial do Estado que perfila. España, crisol de culturas, linguas e tradicións ao longo de toda a súa Historia, requiría dunha solución estable e definitiva para integrar as devanditas culturas, linguas, tradicións e institucións nun Estado amplamente descentralizado.

As principais novidades consisten na creación dun terceiro nivel de Administración, de carácter dispositivo, como son as Comunidades Autónomas, que se engade á Provincia e ao Municipio para organizar territorialmente o Estado, e na consagración do principio de autonomía, como principio reitor da constitución, actividade e relacións destes entes.

A nosa Constitución rompe co centralismo propio do Antigo Réxime. Porén, non é equiparable a opción descentralizadora que instaura para as Comunidades Autónomas coa dos Entes locais. Así, mentres que ás primeiras lles reconece autonomía política, aos Municipios e Provincias recoñécelles unha autonomía meramente administrativa, regulamentaria.

Ademais, a autonomía recoñecida ás Entidades locais non vén desenvolvida na súa totalidade pola Constitución senón que queda diferida para que sexa enchida de contido polo lexislador estatal ou autonómico, dependendo de onde resida a competencia específica sobre a materia de que se trate. A Constitución o único que asegura en relación cos Entes locais é, como dixo o Tribunal Constitucional, a garantía institucional, é dicir, que é necesaria a existencia destes entes, en palabras do devandito Tribunal: «a preservación da institución en termos recognoscibles para a imaxe que da mesma ten a conciencia social en cada tempo e lugar». Pero non asegura un contido concreto ou un ámbito competencial determinado, deixando a súa concreción ás leis ordinarias cada momento histórico.

Este principio constitucional de autonomía é incompatible coas relacións de tutela e xerarquía que con anterioridade existían entre as Administracións territoriais.

Sete anos despois da promulgación da Constitución, aprobase a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL). Esta Lei, ditada en exercicio da competencia exclusiva atribuída ao Estado polo artigo 149.1.18ª da Constitución, constitúe a lexislación básica estatal en materia de Réxime Xurídico das Administracións Públicas Locais.

O artigo 1 da LRBRL declara que “Os Municipios son Entidades básicas da organización territorial do Estado e canles inmediatas de participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade”. A continuación sinala que “A Provincia e, no seu caso, a Illa gozan así mesmo de idéntica autonomía para a xestión dos intereses respectivos”.

En materia competencial, a LRBRL establece no seu artigo 2.1 o principio xeral do sistema, ao declarar que: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, ás Provincias e ás Illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización e de máxima proximidade da xestión administrativa aos cidadáns”. Posteriormente, nos

seus artigos 25 e seguintes sinala uns ámbitos materiais nos que as Entidades Locais terán necesariamente algunha competencia.

Determinados preceptos da LRBRL foron recorridos ante o Tribunal Constitucional mediante recurso de inconstitucionalidade promovido polas Comunidades Autónomas de Cataluña e Galicia. Con motivo destes recursos, o citado Tribunal en Sentenza STC 214/989, de 21 de decembro, sentou a doutrina cuxos contidos máis relevantes se expoñen a continuación:

